

# ESTUDOS MIGRATORIOS

## Revista Galega de Análise das Migracións

Nova xeira

Vol. III, Núm. 1 (2010). ISSN 1889-9609

### 5 **MISCELÁNEA**

- 7-43 MARCELINO IRIANNI  
Construíndo unha pequena Euskal Herria na pampa húmida, Tandil,  
Arxentina
- 45-70 ESMERALDA BROULLÓN ACUÑA  
Poboación e culturas haliéuticas. A diáspora da mariñeiría de altura  
galega ao litoral noroesteafriano no século XX
- 71-97 HERNÁN OTERO  
O crisol a proba. A comunidade francesa da Arxentina perante a  
Primeira Guerra Mundial
- 99-114 LUIS ALBERTO ROMERO  
Bos Aires en 1956: a capital dun país vital e dividido

### 115 **TEXTOS E DOCUMENTOS**

- 117-137 JERÓNIMO E. BORAGINA  
Mulleres arxentinas na Guerra Civil española
- 139-165 XAIME VARELA SIEIRO  
Creación escrita da emigración galega en París

### 167 **RECENSIÓNS**

- 169-171 PRUDENCIO VIVEIRO MOGO  
*Catro historias de emigrantes*. Manuel Losa
- 173-175 JULIO HERNÁNDEZ BORGE  
*Migración de retorno desde Europa: su incidencia en la modernización de  
la región de Murcia (1975-2005)*. Juan B. Vilar, Josefa Gómez Fayrén,  
Pedro M.<sup>a</sup> Egea Bruno e M.<sup>a</sup> José Vilar

### 177 **Relación de autores deste volume**



**ESTUDOS MIGRATORIOS**  
Revista Galega de Análise das Migracións  
Nova xeira  
Vol. III, Núm. 1 (2010). ISSN 1889-9609

**5 MISCELLANEOUS**

- 7-43 MARCELINO IRIANNI  
Building a little Euskal Herria in the wet pampa, Tandil, Argentina
- 45-70 ESMERALDA BROULLÓN  
Population and fishing cultures. The diaspora of Galician offshore fishermen towards North African coasts in the 20th century
- 71-97 HERNÁN OTERO  
The melting pot under test. The French community in Argentina in the face of World War I
- 99-114 LUIS ALBERTO ROMERO  
Buenos Aires in 1956: the capital of a vital, divided country

**115 TEXTS AND DOCUMENTS**

- 117-137 JERÓNIMO E. BORAGINA  
Argentine women in the Spanish Civil War
- 139-165 XAIME VARELA SIEIRO  
Written production of the Galician immigrant community in Paris

**167 REVIEWS**

- 169-171 PRUDENCIO VIVEIRO MOGO  
*Catro historias de emigrantes*. Manuel Losa
- 173-175 JULIO HERNÁNDEZ BORGE  
*Migración de retorno desde Europa: su incidencia en la modernización de la región de Murcia (1975-2005)*. Juan B. Vilar, Josefa Gómez Fayrén, Pedro M.<sup>a</sup> Egea Bruno e M.<sup>a</sup> José Vilar

**177 Notes on contributors**



# MISCELÁNEA



## CONSTRUÍNDO UNHA PEQUENA EUSKAL HERRIA NA PAMPA HÚMIDA, TANDIL, ARXENTINA<sup>1</sup>

*Marcelino Irianni*

### RESUMO

A mediados do século xx, un grupo de exiliados vascos arriba á provincia de Bos Aires e atomízase en distintas cidades, varias delas cunha forte comunidade euskalduna arraigada social e economicamente dende 1850. Ese milleiro de vascos que *construíran* unha pequena Euskal Herria toponímica e comercial nun sector determinado da cidade acollen os acabados de chegar e con eles toman o impulso necesario para fundar a primeira institución euskalduna da cidade. Por que non o fixeron antes? Acaso porque existían os espazos de sociabilidade étnica suficientes en hoteis, almacéns e romarías, aínda que abertos, presentábanse como reservas dos costumes do vello pobo pirenaico. A decadencia dos hoteis étnicos, da man do corte do fluxo migratorio, foi decisiva para que intentasen ter unha casa propia; os sucesos da Península, afogados portas a dentro e ocultos ao público, fixeron o resto. O Gure Etxea, nacido en 1949, funde as súas raíces no século XIX, pero medra co coidado dunha presada de exiliados.

*Palabras clave:* exilio, comunidade, identidade, minoría, representación.

### ABSTRACT

In the mid-twentieth century, a group of exiled Basque arrive at Buenos Aires and is atomized in different cities of the province, several of them with a social and economically deeply-rooted euskalduna community, since 1850. That thousands of Basques who had built a small toponymic and commercial Euskal Herria in a particular area of the city, welcome newcomers and next to them take the initiative for founding the first Euskalduna institution in the city. Why did they not do it before? Perhaps because there were enough spaces of etÚic sociability, in hotels, stores and celebrations, which, although open to everybody, appeared as keeping old Pyrenean village's customs. Worsening of etÚic hotels, joined to the end of migratory flows was crucial for basques to try to have their own house; the events at the peninsula, drowned to the

Recibido: 7-5-2009 Aceptado: 8-9-2009

1. Esta investigación foi posible grazas ao Proyecto I+D, HAR2009-10929, a cargo da Dra. Concepción Navarro Azcue, Universidad Complutense de Madrid.

inside and hidden to the public, did the rest. The Gure Etxea, born in 1949, has its roots in the nineteenth century, but grows up with the help of a handful of exiles.

Keywords: exile, community, identity, minority, representative.

## INTRODUCCIÓN

Dende fins de 1930 e ata ben entrada a década seguinte, centos de vasos chegan ás costas do Río da Prata como botellas lanzadas por un pobo que naufragaba institucionalmente e pedía axuda aos catro ventos. Á súa chegada, algúns atoparán o acubillo de familiares, amigos e ata compatriotas solidarios previamente instalados en Bos Aires; outros seguirán a viaxe cara ao interior da pampa, nun calvario xeográfico e ata cultural que facía máis penoso o exilio. Posiblemente ignoraban aínda que se converterían en protagonistas principais do nacemento de varios espazos formais de sociabilidade euscaldún na provincia bonaerense, entre eles un situado na cidade de Tandil. Esa presada de aranistas chegados ás serras de Tandil asentouse sobre unha comunidade vasca preexistente<sup>2</sup> (fundamento e motivo dun pronto arraigamento e crecemento), pero cuxa identidade non se afastaba —salvo excepción— dun rexionalismo peninsular ou francés. Estamos convencidos de que o Centro Vasco

2. Véxase, principalmente, Marcelino Irianni Zalacain: *Hacer América. Los vascos en la pampa húmeda, Argentina (1840-1920*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 2001; «Los vascos y la inmigración temprana en la provincia de Buenos Aires. Inserción en su estructura productiva, 1840/1880», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 20 (agosto de 1992) e «Aporte vasco en la conformación del espacio bonaerense, Argentina (1840-1900). Una especie de balance», *Boletín Americanista*, Universidad de Barcelona, Barcelona, n.º 48, ano XXXVIII (1998). Resulta ineludible, tamén, o clásico traballo de W. Douglass e J. Bilbao: *Amerikanuak. Los vascos en el Nuevo Mundo*, UPV, 1986, pioneiro indiscutido. Os traballos de J. M. Azcona Pastor e outros: *Historia de la emigración vasca a Argentina en el s. pp*, Vitoria, UPV, 1992; M. J. Caviglia e D. Villar: *Inmigración vasca en Argentina. Vete a América*, Departamento de Cultura del Gobierno Vasco, 1994; Nora Siegrist de Gentile: *Inmigración vasca en la ciudad de Buenos Aires, 1830/1850*, Vitoria, Gobierno Vasco, 1992; Alberto Sarramone: *Los abuelos vascos en el Río de la Plata*, Azul, Edit. Biblos, 1995, viñeron a cubrir tamén outros aspectos da inmigración. Algúns autores tamén toman os vascos dentro de estudos maiores ou como modelos para comparar. Traballos como o de Hernán Otero: «Una visión crítica de la endogamia: reflexiones a partir de una reconstrucción de familias francesas (Tandil, 1850-1914)», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 15 e 16 (1990); B. Zeberio e N. Álvarez: «Los inmigrantes y la tierra. Labradores europeos en la región sur de la campaña bonaerense a principios del siglo xx», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 17 (1991); Liliana Da Orden: «Una fiesta popular y la consolidación de una dirigencia étnica: las Romerías españolas de Mar del Plata, 1897-1930», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 19 (1991), e o de José Moya: *Cousins and strangers. Spanish immigrants in Buenos Aires, 1850/193*, University of California Press, 1998, son representantes deste tipo de achegamento aos vascos.



Argentino Gure Etxea<sup>3</sup> non trouxo consigo grandes cambios respecto ás experiencias de sociabilidade que eran cotiáns en varios dos hoteis de propietarios vascos da cidade.<sup>4</sup> O Gure Etxea, máis alá de conformar un ámbito formal de encontro étnico nun marco institucional e xurídico, non innovou demasiado nas prácticas habituais dos vascos e descendentes da zona. Se antes se bailaban xotas soltas nas romarías, agora existía un corpo de bailes coas súas coreografías, e as romarías eran máis frecuentes; se outrora se facían comidas especiais para San Fermín nos salóns dalgunha fonda ou hotel que reunían varios seareiros, agora xuntábanse multitudinariamente nalgún salón alugado polo Gure Etxea; que, por esas cousas, máis dunha vez foi o hotel Kaiku.<sup>5</sup>

Aquela comunidade euscalduna espaxada entre serras e vales de Tandil experimentou transformacións sociais máis cuantitativas que cualitativas.<sup>6</sup> Observando o acontecido noutras localidades arxentinas, era esperable atopar un cambio máis profundo que ancho respecto ao anterior, e que aquel se situase no nivel político. Os poucos inmigrantes vascos que chegaron na década de 1940 ben puideron (como aconteceu no Laurak Bat porteño ou o Zazpirak Bat de Rosario) inxectar unha cota de nacionalismo vasco que se reflectise na proliferación de manifestos ou actos contra os acontecementos da Península. Pero iso non aconteceu, polo menos segundo reflecten as actas de reunións,<sup>7</sup> as memorias, a correspondencia que se garda no Gure Etxea e mais nos xornais locais. Ata ben entrada a década de 1980, a actividade do Centro Vasco cubriu un amplo abano cultural pero sempre lonxe —polo menos no que se

3. O Centro Vasco Argentino Gure Etxea, logo de moitos anos de intencións que se relaxaban na comodidade dun hotel e ambientes étnicos, como varios dos hoteis cuxos donos eran vascos ou descendentes, fúndase un 24 de novembro de 1949.

4. Véxanse algúns adiantos preliminares en Marcelino Iriani: «Como en nuestra casa... Fondas y hoteles vascos en Tandil», *Siglo PAP*, México, n.º 16 (1994), pp. 54-77, e «¿Casas chicas y razones grandes? Inmigrantes vascos y vivienda en espacios nuevos pampeanos, 1850/1880», *Migraciones & Exilios*, n.º 2 (2001), pp. 39/64.

5. Un dos lugares onde se reunían anteriormente os vascos era o Hotel Maritorea, propiedade de Bernardo Lazarte.

6. Un aspecto que si experimentou cambios importantes, sobre todo no nivel de organización, foi o cultural. Referímonos, por exemplo, á creación dun coro (ata entón non deberon faltar vascos que cantasen na mesa dunha fonda compartindo unha copa). Igual acontece coa invitación de oradores ou de grupos de música e bailes típicos que agora veñen a Tandil invitados por unha institución.

7. As conversas cos distintos entrevistados permítenme comprobar, unha e outra vez, que a política e os sucesos de Euskal Herria se circunscribían ao círculo íntimo dalgúns membros da Comisión Directiva.

refire a deixar pegadas para os historiadores— do político, tanto local, nacional como internacional.<sup>8</sup>

Agora ben, foi a comunidade vasca previamente asentada a que afo-gou as intencións de manifestación antifranquista dos acabados de chegar? Estes eran tan poucos que se fundiron rapidamente na comunidade previa? Ou acaso non tiñan outras intencións que a de conformaren unha trincheira cultural que mantivese vivos os costumes dos vascos ata que rematase a dita-dura madrileña? Tamén puido suceder que as distintas intervencións milita-res arxentinas que transcorren paralelas ao desenvolvemento do Gure Etxea *intimidasen* a manifestarse polos sucesos de España en lugares pequenos e con forte presenza conservadora como Tandil, situación distinta ás grandes urbes como Capital Federal ou Rosario, onde os centros vascos tiveron activa partici-pación política afiliados ao Partido Nacionalista Vasco. Como fose, o Gure Etxea preséntase, a primeira vista, como un espazo máis de sociabilidade eus-calduna. É certo que agora máis formal, que soubo canalizar no seu favor aos seareiros dos distintos hotéis e vellos almacéns de vascos que comezaban a devalar. Referímonos a esa vella, arraigada, pero sempre atomizada, colectivi-dade vasca que converte ao Gure Etxea na punta dun grande iceberg.<sup>9</sup>

Existen actualmente ao redor dun cento de centros vascos en Arxentina; nacidos en distintas conxunturas e seguramente con peculiaridades propias segundo a rexión, a economía en que se insiren e a inmigración recibida. É probable que as interpretacións que aquí se arrisquen non sexan comprobadas no estudo doutros casos; tamén pode acontecer o contrario e mesmo que o Gure Etxea de Tandil teña (como o intúo) certo paralelismo con aqueles centros do interior que se fundaron na faixa sueste da provincia en vilas que contaban cunha forte presenza de vascos previa e mesmo unha clara tendencia a inserirse na campaña.

Polo anteposto, a delimitación espacial e cronolóxica desta investiga-ción non pode ser extremadamente rixida. Aínda que Tandil —acaso unha microzona da cidade—<sup>10</sup> é o escenario principal onde se moven os protago-

8. Cómpre salientar que, cando ao longo do traballo se faga referencia ao perfil «apolítico» do Centro, non se fará pensando en que non se participaba ou discutía sobre cuestións nacionais (respecto ao peronismo, radicalismo ou golpes militares), senón á falta de información, discu-sión e, por suposto, de actos relacionados cos sucesos polos que atravesaba Euskal Herria, que non se irradiaban dende os directivos á masa de asociados.

9. Metáfora utilizada nunha publicación anterior. Véxase Marcelino Irianni: *Centro Vasco Ar-gentino Gure Etxea de Tandil. ¿La punta de un gran iceberg?*, Vitoria-Gasteiz, Gobierno Vasco, 2001.

10. A recorrencia ao microenfoque nunha zona da cidade, que dalgún modo nos inclinou a in-corporar o termo pequena Euskal Herria no título do artigo, ten algúns puntos en común —pou-

nistas, foi ineludible que en distintos momentos aquel taboado adquira unha dimensión máis zonal ou rexional, e mesmo demande comparacións con centros vascos que escapan a estes límites. Respecto ao período de estudo, o breve repaso da historia de Tandil, que se xustifica coas hipóteses vertidas para explicar algúns fenómenos do Gure Etxea, non quitan luz á verdadeira etapa de estudo que se encerra entre 1940 e a década de 1960. A pesar de que o Gure Etxea aínda se mantén en pé, interésanos centrarnos na conformación e os seus primeiros pasos como institución étnica, unha etapa de ouro, se se compara coas que viñeron logo.<sup>11</sup>

Intentaremos recuperar o proceso dun espazo de sociabilidade claramente euscaldún, aínda que aberto ao resto da comunidade, que transcribimos audazmente co nome de pequena Euskal Herria. O de construción alude aos esforzos daqueles personaxes para reuniren o rabaño nunha especie de corsé tradicionalmente incómodo para os vascos como son os papeis, as reunións e a burocracia

cos— coa tradición instalada na historiografía arxentina, principalmente a través dos traballos comparados de Baily sobre os italianos en Nova York e Bos Aires, o traballo de José Moya sobre os españois, entre outros. Aquelas ideas, que arremeteron fundamentadas con novas fontes documentais contra o crisol de razas, permitiron avanzar os nosos coñecementos sobre a integración, as redes amistosas/de parentes e mesmo as tendencias de asentamento e certa resistencia étnica á case inexorable aculturación por parte do Estado e a nación que acolleu a inmigración. Esas pequenas reconstrucións dos seus lugares —máis instintivas que planificadas— de orixe no estranxeiro, especies de cápsulas que intentaban manter ligados aos paisanos dunha vila, unha aldea ou un val específico, resultaron febles ao embate do tempo, ás novas xeracións, ás diferenciacións socio-económicas dos seus membros, etc. Iguualmente, como ferramentas teóricas, permiten recordar momentos e espazos, axudando á comprensión de certos fenómenos como o da hostalaría étnica ou a proximidade de vivendas e cuartos de paisanos. Nese sentido e coa idea dunha construción a metade de camiño dos seus facedores e os teóricos que ganduxamos os datos, é que falamos dunha pequena Euskal Herria, tan clara como fugaz nun momento e da que aínda quedan delimitados algúns carteis ou indicadores arquitectónicos. Para ampliar sobre o tema recomendo, véxase: Samuel Baily: «Patrones de residencia de los italianos en Buenos Aires y Nueva York: 1880-1914», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 1 (1985); José Moya: *Primos y extranjeros. La inmigración española en Buenos Aires, 1850-1930*, Bos Aires, Emece, 2004; Hilda Sábato: «El pluralismo cultural en la Argentina: Un balance crítico» *Historiografía Argentina, 1958-1988. Una evaluación crítica de la producción histórica nacional*, Bos Aires, Palabra Gráfica editora, 1990 e Hernán Otero (director): *El mosaico argentino. Modelos y representaciones del espacio y de la población, siglos PAP y PP*, Bos Aires, S. XXI, 2004, especialmente pp. 35 e ss.

11. A pesar de que a etapa 1979-1990 tamén é de efervescencia, é imposible non atopar diferenzas co resplandor propio do período inicial, dado que o posterior á conformación do Estatuto Autonómico mantivo o seu crecemento con base nas inxeccións de subsidios e axudas dende Euskadi. Se a primeira etapa pode sintetizarse como un refuxio cultural onde os euscaldúns intentaron manter a lingua e costumes que lles negaba o franquismo na Península, a partir dos 80 a consigna foi claramente distinta: apuntalar a Euskadi fomentando relacións comerciais con individuos e empresas ligadas ás cidades onde había centros vascos, para fortalecer a súa entrada e apertura á Europa unificada.

en xeral, que demanda unha institución. O esforzo duns poucos non foi menor en momentos que buscaron paliar conxunturas sociais, económicas e políticas desfavorables, que igual que un maremoto espaxían a súa masa de sociedade e poñían en perigo a institución como se se tratase dun barco á deriva, acaso ao bordo do afundimento en máis dunha ocasión. Quédanos claro, tan claro, que non intentaremos tan sequera o exercicio de formular unha hipótese probada antes de comezar a análise, como o coello que ineludiblemente sairá dunha chistera. O Gure Etxea non resultou nin un molde que mantivo dentro do seus límites a *paisanada* nin un elemento que fortaleceu a identidade. Polo menos, se se toma como exemplo para comparar o acontecido cos daneses.

## FONTES E METODOLOXÍA

Xa adiantamos noutra publicación as particularidades do estudo desta colectividade en Arxentina e as fontes coas que contamos para iso.<sup>12</sup> Repasemos brevemente con que datos contamos para comprobar ou desbotar localmente esas ideas que nos van guiar. En Arxentina, a documentación para estudar os vascos é escasa ou non segundo o que se intente reconstruír. Ninguén dubida de que é sempre problemática, dado que os vascos se presentan como españois e franceses, pero aqueles que escollan temáticas descifrables a partir das cédulas censuais, libros de Rexistro Civil ou libros de actas de institucións étnicas terán menos inconvenientes que os que o fagan en terreos tematicamente máis áridos como a política ou a identidade. A isto debemos sumarlle que as fontes de información foron confeccionadas por persoas, o que significa que contar cun documento non foi sinónimo de atopar a totalidade dos datos que necesitamos para reconstruír a nosa historia.

No Centro Vasco Gure Etxea, e sen perder de vista a súa época «nómade» —sen sede propia e os sucesivos cambios na súa dirección—, consérvanse os seguintes rexistros principais. Dous libros de actas, lexibles case na súa totalidade, pero que non abarcan todo o historial da institución. O primeiro iníciase en xaneiro de 1962, trece anos despois de que nacera o Centro e péchase en 1985. O segundo abarca o resto do período e está aínda sen completar. As actas dos primeiros dez anos conteñen un elemento interesante que logo tende a desaparecer: as memorias das asembleas. Alí refírense acontecementos que puideron escaparlle ao secretario de actas durante unha reunión, pero, sobre todo, brindannos (aínda que non sempre) cifras de socios que permiten debuxar a curva seguida por este elemento fundamental de calquera institución ao

12. Véxase Marcelino Irianni: *Hacer América...*, op. cit.

longo do período. Os libros en cuestión non se presentan como unha panacea para o investigador; son máis ben áridos e ingratos no momento de responder as nosas preguntas. Preséntanse cunha tendencia a fórmula ritual; polo xeral, o contido de cada acta non vai máis alá de describir a correspondencia recibida e enviada; delegar responsabilidades nos membros directivos a propósito dalgún acto e discutir a aceptación ou non da invitación de quenda para que a delegación actúe nunha institución local, zonal ou o que fose. O ámbito do descrito alí é fundamentalmente local e mesmo de portas a dentro da propia institución; excepcionalmente, adóitase facer mención a unha conxuntura económica desfavorable a nivel do país para xustificar un inesperado número de baixas ou o fracaso dalgún acto celebrado.

Volvendo ao tema dos asociados, deberíamos, en realidade, delinear a curva debuxada pola súa participación nas distintas épocas sobre a base dos catro libros de socios que se conservan. Lamentablemente, presentan moitas lagoas de información que o fan case imposible. Os dous libros máis antigos, que se dividen por sexo e van ata 1961, son os máis completos, pero difiren substancialmente entre eles. É recorrente que as mulleres non completen o campo ocupación (posiblemente porque se trataba de amas de casa na súa gran maioría); tampouco a idade, por razóns obvias; e poucas veces a cidade de orixe, aínda que resulta claro que hai máis inmigrantes homes que mulleres. En canto aos homes, os baleiros non se sitúan precisamente na liña ocupación, senón noutro dato fundamental que é a provincia e cidade de orixe dos que declaran ser españois ou franceses. Como era de esperar, os máis achegados ao Centro, tanto homes como mulleres, cobren os requisitos nominais mínimos e os seus enderezos pero omiten os datos de cidade de orixe así como quen os presentou ao Centro. Un dato interesante para a nosa análise é o ano de ingreso, posiblemente o máis completo nos catro libros; elemento fundamental, xa que os socios non se anotaban e continuaban nesa condición de por vida, senón que frecuentemente renunciaban aos poucos anos e mesmo volvían asociarse. Isto permitíranos formarnos, dado que, como dixemos, non atopamos Memorias nin actas ata a década dos 60, unha idea do modo en que foi variando a masa de sociedades do Centro. Pero como adiantabamos ao principio, as persoas que confeccionan os documentos son distintas entre elas e non traballaban concienciadamente para os historiadores do futuro. Un escribente prolixo e dedicado como, por exemplo, don Jacinto Urrestarazu, tivo a delicadeza de anotar a lapis en moitas ocasións o ano de renuncia ou falecemento dos asociados; no entanto, os seus sucesores foron menos favorables para as nosas intencións.

Os outros dous libros de socios en cuestión, que se inician arredor do ano 63, están máis incompletos, pero teñen ao seu favor que nos permiten

observar a xente que renunciou na década de 1960 e que volve nos setenta, nalgúns casos recoñéceselle a antigüidade. Cómpre aclarar que, dado que non é unha intención deste traballo recuperar o nome de todos os asociados nin dos membros das distintas comisións directivas do Gure Etxea, ten pouco sentido construír unha base de datos coa totalidade dos socios dos catro libros. En primeiro lugar, porque comprobamos nos dos últimos libros unha ausencia maior de datos fundamentais (como os de orixe e outros) que nos permitirían estimar unha porcentaxe étnica no seu interior. En segundo lugar, porque observamos infinidade de casos de persoas que se inscriben e renuncian en lapsos curtos, o que se traduce como asociación ineludible por compromiso con algún membro do Centro Vasco ou culpabilidade existencial ante a memoria latente dalgún avó euscaldún. Coñecendo persoalmente moitos membros do Centro, é evidente que as campañas de recrutamento de socios comezaban no seo da familia e o barrio, claramente en relacións de compromiso, fenómeno que daba un resultado positivo inmediato pero de pouca duración no tempo. Por todo iso, optamos por analizar con maior dedicación os datos totais dos dous primeiros libros de socios. Alí non só atopamos naturalmente un maior número de vascos recoñecibles, senón que nos permite soste a nosa hipótese de que foi o Centro Vasco o que veu inserirse na comunidade preexistente e non ao revés. Tamén que foron os que acababan de chegar os que dinamizaron a fundación.

O repaso dos principais xornais da cidade de Tandil para o lapso de historia do Gure Etxea serviunos tamén para comprobar distintas cousas. Por un lado, e medindo en espazos destinados a iso, a importancia (recoñecemento social) que tiña e ten a colectividade euscalduna respecto doutras etnias. O meu parecer é que aquela imaxe positiva do vasco na pampa se forxou por distintas razóns, entre as que destacan a súa achega laboral en oficios desestimados por outros grupos étnicos e nativos, ademais da súa achega real ao mercado de traballo non só nun momento de escaseza crónica de traballadores nativos, senón en sitios altamente perigosos, como a fronteira co indio.<sup>13</sup>

13. Para ampliar, véxase Marcelino Irianni: «Los vascos y la inmigración temprana en la provincia de Buenos Aires. Inserción en su estructura productiva, 1840/1880», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.º 20 (agosto de 1992); «Indios e inmigrantes, ¿Actores de un mismo drama? La movilidad de españoles, franceses y vascos desde el puerto hasta Tandil», *Anuario IEHS*, n.º 12 (1997), pp. 327-346; pero nomeadamente «Trabajadores vascos en el recuerdo popular rioplatense», *Revista de Indias*, n.º 210 (maio-agosto de 1997), pp. 399-420, e «Aporte vasco en la conformación del espacio bonaerense, Argentina (1840-1900). Una especie de balance», *Boletín Americanista*, n.º 48, ano XXXVIII (1998), pp. 93-116.

Por outro lado, resulta rechamante que a colectividade vasca de comezos de 1900 era o suficientemente forte como para poder concretar a conformación dun centro vasco, pero, por algunha razón, non o fixo. Falta de líderes? A presenza aínda forte de moitos espazos de sociabilidade vasca, como hoteis e almacéns, que os atomizaban? Sentimento rexionalista de pertenza a España que no interior do país perdurou durante máis tempo que en Bos Aires ou nas grandes urbes arxentinas? Intentaremos dilucidalo ao longo das seguintes páxinas.

Respecto á historia oral, realizamos unha serie de entrevistas a persoas vinculadas co Centro para cada unha das seis décadas de vida. Queda claro que resulta máis difícil, aínda que non imposible, achar os pioneiros; tamén que algunha delas pode falarnos sobre distintas épocas. Vale a pena aclarar que, para contar con testemuños e enfoques variados, entrevistamos membros de comisións directivas e *dantzaris*, pero tamén a socios comúns que nunca ocuparon cargos na institución ou que o fixeron en postos irrelevantes.<sup>14</sup> Ese abano de voces, que como un prisma nos permiten ver a institución dende distintos ángulos, foron recuperadas cun criterio case arqueolóxico. Logo de procurar, a xeito de prospección, cales eran as persoas potencialmente máis relevantes para o traballo, comezamos a escavar as súas memorias, ata os niveis que cada depósito nos permitiu. Despois, cunha peneira imaxinaria, houbo que clasificar aquela información relevante, separándoa de anécdotas ou lembranzas subxectivas, en ocasións animadas pola fantasía do vivido, adornadas con accesorios que confundían ou contradicían, dende un punto de vista holístico, o nivel que se analizaba ao cotexalo con outras fontes.

Un centenar de fotos correspondentes ao arquivo do Centro Vasco Gure Etxea, ás que se sumaron outras tantas facilitadas por entrevistados e socios do Centro, permitíronme observar tamén varias das cuestións formuladas ao longo da investigación. Somos conscientes de que ninguén fotografía os momentos de decadencia dun grupo social, unha institución ou tan sequera unha familia, de aí que o que puidemos ver relaciónanos maiormente cos momentos de esplendor e con actos máis ou menos solemnes que pouco din de conxunturas. Non escaparon á nosa mirada, de todos os xeitos, detalles como a enerxía que poñían aqueles directivos e *dantzaris* na realización de estampas típicas ou escenografías; tampouco a presenza imponente do coro en distintas actuacións, a solidariedade dos grupos das delegacións en fotos informais, o ambiente social predominante nalgúns banquetes realizados, a concorrencia multitudinaria aos

14. Os entrevistados son Cora Tellechea de Márquez, Diana Márquez de Castagno, Juan Bequiristain, Eduardo Auzmendi, Roberto Lejarreta, Santos Conforti, Miguel A. Cabanas, José María Etchegoin, José Berrozpe, Jorge Gilabert, Hugo Lavayén e Pablo Barberena.

actos ofrecidos en espazos abertos da cidade, etcétera. Como estamos convencidos de que a historia das institucións ten menos de cotián que de momentos de reunión social (eventos e festexos), cremos que as fotos que analizamos nos din, oportunamente, moito máis que unha morea de documentos.

Por último, un repaso visual da arquitectura da cidade e o campo, así como tamén a toponimia da zona, permítenos inferir aspectos ligados á nosa investigación. Unha marcada presenza de topónimos na zona rural —por exemplo, lugar La Vasconia ou estación Egaña— lémbra-nos a presenza euscalduna e oriéntanos na resposta dunha lembranza maioritaria sobre os vascos ligados a ese ámbito. Non temos dúbidas de que isto influíu fortemente no atraso da aparición dunha Euskal Etxea<sup>15</sup> local. A delimitación xeográfica e histórica dunha pequena Euskal Herria,<sup>16</sup> que se estende ao longo de non máis de 10 *mazás* na zona norte da cidade de Tandil, foi posible grazas aos car-teis aínda impresos en vellos edificios que se conservan, aos xornais da época e mesmo a algúns relatos dos que a habitaron. Non é casualidade que o Gure Etxea escollese o terreo para erixir a súa sede social nesa zona da cidade en dúas oportunidades e que tamén alí se atope actualmente.

Vistos os datos, e lembrado o escenario, vexamos algunhas ideas que guiarán a colaxe. Ao analizar os asentamentos vascos na provincia de Bos Aires mediante unha aproximación ao estudo de comunidade, propuxémonos afondar sobre algúns temas principais. En primeiro lugar, ás continuidades e as rupturas dos comportamentos económicos, culturais e sociais dos inmigrantes e ao modo en que se relacionan a sociedade de orixe e a de adopción. En segundo lugar, a súa inserción no espazo e a súa adaptación á nova realidade, tendo en conta o rol que desempeñan neste proceso as redes<sup>17</sup> de contacto interpersoal, a familia e a propia comunidade a través de institucións ou espazos de sociabilidade. Por último, a cuestión da identidade é, en particular, un problema tan discutido como o é o da identidade étnica<sup>18</sup> —por certo complexo no caso vasco. Así, aínda que aboquemos as nosas enerxías a un espa-

15. *Euskal* refire a etnia e *Etxea* significa casa. Como *Gure* refire a nosa, *Gure Etxea* significa *A nosa casa*.

16. Para ampliar sobre este estudo da situación preferente dos vascos en Tandil, véxase unha publicación anterior. Marcelino Irianni: «Como en nuestra casa... Fondas y hoteles vascos en Tandil», art. cit.

17. Un texto sempre interesante sobre iso é o de M. Bjerg e H. Otero (compil.): *Inmigración y redes sociales en la Argentina modern*, Bos Aires, IEHS, CEMLA, 1995.

18. Sobre invención dunha etnicidade, véxase a síntese en Fernando Devoto: «¿Inventando a los italianos? Imágenes de los primeros inmigrantes en Buenos Aires (1810-1880)», *Anuario IEHS*, Tandil, IEHS, n.º 7 (1992).



zo acoutado como Tandil, excepcionalmente transgredido por contactos da Euskal Etxea con outras localidades, a nosa delimitación, como a dun xardineiro que observa detidamente unha planta que a priori semella distinta, faise dende unha perspectiva maior que provén do coñecemento marco que abarca dende os motivos da partida dos vascos das súas aldeas, a viaxe e a chegada, as tendencias a nivel nacional e provincial unha vez no Río da Prata, e mesmo o compoñente xeral dese fluxo variable pero sostido que culmina na planta que observamos fixamente, cun fondo temporal ás veces colorido e cheo de aromas, outras desaborido e tapado de follas como o faría ese mesmo xardineiro nun frío outono da serra. Aínda que non é este o momento nin o lugar para dedicarnos á cantidade de liñas de investigación que se desprenden dunha visión como a antedita nin un tema como o do campo social inmigratorio, será ineludible recaer perifericamente, por unha banda, na problemática da participación dos inmigrantes no plano político<sup>19</sup> e, pola outra, no fenómeno de «invención» dunha identidade,<sup>20</sup> iniciada por actitudes dos propios suxeitos involucrados, pero reforzada polo resto do espectro social contemporáneo; esta podería presentarse como unha alternativa á dualidade de formas frecuentemente formuladas; isto é, realizada polos propios suxeitos sociais ou creación externa a eles, formulada polos intelectuais ou os científicos sociais.<sup>21</sup>

Como se pelásenos unha cebola, existe máis dunha forma de acceder ao seu corazón e mesmo receitas caseiras para evitar que as nosas bágoas —causada pola ausencia de datos a medida que avanzamos cara ao profundo— non se derramen sobre o papel, inxustificadamente. Un deses camiños iníciase na análise das primeiras festas éuscaras en Tandil, 1919/1922/1937, xerme incuestionable do Gure Etxea, dado que os vasos se visualizan como algo distintivo dentro do universo peninsular. Logo deterémonos brevemente nun punto obrigado de calquera estudo étnico: o soño da casa propia, desvelo dos dirixentes de todas as épocas. Ao mesmo tempo, prestaremos atención a unha das tantas etapas que atravesamos o Gure Etxea de Tandil e que demos en chamar nacemento e idade de ouro do Centro Vasco, 1949-1960. Non a escollemos por ser época de esplendor en todos os niveis, senón porque nos permite ver a efervescencia dunha colectividade nun momento en que a masa da socie-

19. Para o que aquí se discute resulta interesante a achega de Míguez, ao descubrir que a apatía de participación que perdurou moito tempo na historiografía riopratense podería matizarse observando momentos, escenarios e conxunturas distintivas. Eduardo Míguez: «Política, participación y poder. Los inmigrantes en las tierras nuevas de la provincia de Buenos Aires en la segunda mitad del s. XIX», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, CEMLA, n.º 6/7 (1987).

20. Fernando Devoto: «¿Inventando a los italianos?...», art. cit.

21. *Ibidem*.

dade contaba aínda cunha forte porcentaxe euscalduna, o que logo decrecerá tras do que nuclea a descendentes e simpatizantes. Pero tamén a escollemos porque coincide co fluxo do exilio vasco e a aparición dun fenómeno político transcendente como é o peronismo no país. Por último, detivemos a marcha nun acontecemento que resumimos no título de *Etxekojuan, kalekuak, herrikuak...* Os rústicos fronte aos do pobo? Trátase dunha escisión dun grupo de socios e agocha, sen ningunha dúbida, diferenzas económicas e ideolóxicas máis profundas, ligadas ás traxectorias individuais e familiares dos actores, pero tamén aos seus puntos de vista diferentes sobre os sucesos da Península.

### FESTAS ÉUSCARAS EN TANDIL, 1919/1922/1937

Ao mesmo tempo que os hoteis, almacéns e frontóns de propietarios vascos reunían acotío unha ducia de seareiros, tamén houbo en Tandil distintos eventos que excederon os ámbitos particulares para converterse en verdadeiras festas onde concorrián euscaldúns tanto da colectividade local como da zona. Rastrexamos, para detectar eses momentos, os xornais *El Eco de Tandil* e *Nueva Era*.<sup>22</sup> Unha nota editorial que deixa translucir claramente cal foi a actitude dos inmigrantes vascos durante o século XIX expresa que «desde 1882, al *Eco* le cupo la suerte de publicar los programas de las romerías españolas, fiestas consideradas ya como algo que no debe faltar al finalizar el año. Como grata reminiscencia publicamos los nombres de los vecinos que actuaron en la comisión que las organizó en el año 1882. Entre algunos españoles como Santamarina<sup>23</sup> y Suárez Buyo, aparecen los vascos Juan Jaca, J. Berazategui, Antonio Usandizaga, Pedro Goyarán, D. Lizarralde y M. Maritorea».<sup>24</sup> Os apelidos pertencen a persoas poderosas; queda por ver se se erixían como organizadores na procura do status que os catapultase a postos políticos ou sitios sociais apetecibles, e mesmo se o seu obxectivo último era manipular esa base de paisanos para facer presión sobre os grupos de poder nativos. A priori, podemos supoñer que aqueles inmigrantes, moi coñecidos entre os seus paisanos, desbordan as súas colectividades cara á veciñanza de Tandil e non é casual que logo se vexan elevados na política local ou en comisións de clubs e institucións non étnicas. Se ese era o obxectivo, alcanzárono; de todos os xeitos, non formaron parte activa na xénese do Gure Etxea, aínda que boa parte deles se ato-

22. O primeiro deles fúndase en 1882, mentres que o segundo aparece en 1919.

23. Véxase A. Reguera: *Patrón de estancias: Ramón Santamariana: Una biografía de fortuna y poder en la pampa*, Bos Aires, Eudeba, 2006.

24. *El Eco de Tandil*, 25/12/1919.

paba en idades avanzadas ou morrera a finais da década de 1940. Algo queda claro, as súas presenza foron parte importante do alicerce para que a institución se asentase, varios continuarán na figura dos seus descendentes.

Pero volvamos aos encontros dos euscaldúns antes de institucionalizar a colectividade, nunha etapa que —malia o milleiro de vascos— nada facía prever que avanzaban cara a ese resultado. A primeira referencia a esas romarías, dado que ata alí os vascos participaran indistintamente nas romarías españolas que se facían dende 1875, datan de 1919. Seguindo os acontecementos a través de *El Eco de Tandil*, pódese ter non só unha dimensión das festas, senón da colectividade pirenaica que debía albergar Tandil para que aquilo fose posible. Nos exemplares do 3 e do 6 de abril daquel ano, na primeira folla do xornal transcribíase a lista dos adquirentes de rifas para colaborar coas festas eúscaras, nomes que son solicitados por Antonio Beraza. Trátase de centos de apelidos, cun notable predominio euscaldún pero non na súa totalidade e onde poden verse os apelidos que viñamos rastrexando nas primeiras páxinas deste libro, aos que se suman os hoteleiros, homes de almacén e demais comerciantes de renome da cidade.

Seguindo *El Eco de Tandil*, o 24 de abril e baixo o título de primeira plana *LAS FIESTAS EUSKARAS* poden lerse as seguintes liñas: «El tiempo, que más pésimo no ha podido ser, ha impedido que el vasto programa de las Fiestas Euskaras se llevara a cabo en toda su amplitud malogrando el programa particular que se habían trazado numerosos visitantes de la campaña y partidos limítrofes. El presidente de la comisión Martín Eder, el señor Fermín Goñi (delegado en Tandil del Colegio Asilo Euskal Etxea de Llavallol<sup>25</sup> y la comisión de damas decidieron oportunamente que los números al aire libre se realizarán en el Teatro Cervantes; el Teatro Unione; en la cancha de Irigoyen, el Hotel Francés y en cuanto salón ofrezca comodidad para el NUMEROSO PUBLICO asisten-

25. O colexio Asilo Euskal Etxea de Llavallol foi —e é— acaso a manifestación pública máis transcendente da comunidade euscalduna en Arxentina, en mans principalmente daqueles membros que progresaran notablemente, como Luro, Jaca e outros. Así, animados pola idea de agradecer simbólicamente e materialmente a acollida que dera esta terra aos inmigrantes euscaldúns, pero tamén preocupados pola probable deterioración da imaxe pública vasca como consecuencia de actos ou circunstancias sociais que presentaban algúns membros da comunidade, deciden realizar a monumental obra en Llavallol. Ao mesmo tempo, e acorde cun fenómeno da época, xorde unha gran mobilización de cadros altos e medios da comunidade vasca para canalizar, mediante visitas e actos de beneficencia, a aqueles vascos que se atopaban na indixencia e abandono ou afastados da tradicional devoción relixiosa que caracterizara o estereotipo vasco construído durante boa parte do s. XIX. Véxase Oscar Álvarez Gila e Marcelino Irianni: *Euskal Etxea. La génesis de un sueño (1889-1950) Llavallol*, Vitoria, Gobierno Vasco, 2003.

te. En todos esos espacios ha sido tan crecida la concurrencia que VECINOS ANTIGUOS NO RECUERDAN HAYA ACONTECIDO ALGO IGUAL ANTERIORMENTE».

Cales eran aqueles vascos que organizaban as primeiras romarías desprendidos do conxunto español? Os seus nomes permitennos, unha vez máis, reafirmar que os comerciantes eran os personaxes que por razóns naturais tiñan maiores posibilidades de converterse en protagonistas. Contaban cunha posición máis ou menos folgada que lles brindaba o tempo que estes actos demandan; recibían nos seus salóns acotío ducias de vascos que acudirían gustosos a eses eventos; as romarías eran, en certa forma, unha catapulta a un recoñecemento social maior e que, por que non, podería desembocar no aumento da clientela de seareiros aos seus comercios. O vicepresidente era Joaquín Belauzarán (almacén El Bilbaíno); e, entre os vogais, atopábanse dous hoteleiros: Espel e Maritorea; na comisión de damas aparecen as súas respectivas esposas xunto con outros apelidos ligados ao comercio como Chapar, Díez, etcétera.

Non resulta curioso que a institución Euskal Etxea enviase un delegado a Tandil e probablemente aos outros sitios onde existise unha colectividade vasca forte, para motivar a organización de macroeventos como o que aconteceu aquel ano de 1919. Ese feito fálanos de potencialidades latentes que non eran estrañas mesmo aos vascos residentes na capital do país. Algúns datos que aparecen tempo despois no mesmo diario permítennos sospeitar o papel de Goñi en todo iso. *Euskal Etxea* nacera para albergar a aqueles inmigrantes que non lograron progresar ou que o fixeron pero remataron igualmente os seus días en soidade ou con lesións. Isto permitíalle solicitar ás distintas colectividades de vascos diseminadas pola provincia bonaerense a realización de eventos para recadar fondos para as obras que realizaba tanto no asilo como na escola. Á fin e ao cabo, todos aqueles eran potenciais pais de alumnos do Euskal Etxea, como tamén potenciais clientes cando entrasen nos setenta outonos.

O mal tempo que reinou durante os tres días das festas éuscaras, lemos nun novo apartado publicado o 27 de abril, foi motivo para que a comisión organizadora determinase prolongalas por dous días máis. «Aunque ya llevan tres días de farranga (sic), no por eso dejó de haber notable concurrencia, sobre todo por la noche, resultando pequeño el espacioso local por la gran afluencia de personas. La comisión de las Fiestas Euskaras ha hecho saber, por otra parte, que el sorteo de la rifa del auto, piano y desnatadora a beneficio de aquellas, tendrá lugar durante el próximo mes».<sup>26</sup> É evidente que Tandil contaba cunha colectividade vasca forte e que camiñou sempre pola cornixa da fundación dunha Euskal Etxea propia. Dende comezos de *El Eco de Tandil* ata

26. *El Eco de Tandil*, 27/04/1919. Arquivo de El Eco de Tandil.

a época que comezan as festas éuscaras, é común atopar avisos de partidos de pa que ían levarse a cabo na Plaza Euskara de Bos Aires ou de distintos eventos da capital. Estes avisos non se cortan en ningún momento, o que fala non só de que había un público receptor, senón que tamén debeu existir un grupo numeroso interesado e con cartos para concorrer a eses actos. En maio de 1919, baixo o título de EUSKAL ETXEA, anúnciase, por exemplo, que «esta asociación celebrará hoy en Buenos Aires una función religiosa en memoria de las personas que más abajo se nombran», entre as que hai algunhas de Tandil.<sup>27</sup>

Nos primeiros días do mes de xullo, «el señor Fermín Goñi, delegado en Tandil y otros pueblos limítrofes de la sociedad Euskal Etxea, hace saber que ultima la recopilación de numerosos datos y detalles para la confección del folleto en el cual se dará cuenta del resultado de las fiestas vaskongadas (sic) celebradas en Tandil hace unos pocos meses, así como de la inversión de los fondos colectados con aquél propósito. La comisión local de las fiestas está interesada en que se conozca el destino dado a las donaciones y contribuciones».<sup>28</sup> Tres anos máis tarde, repítense os mesmos actos no local das Ferias Francas.<sup>29</sup> Antes de pechar este apartado, queremos transcribir unha pequena nota editorial que saíra publicada o 6 de xullo de 1937 na primeira folla do xornal *El Eco de Tandil* e que está acompañada dunha foto en que se ve un vasco maior de idade rodeado de catro nenos. O título da nota é DICEN LOS VASCOS.

No pueden ser vascos quienes organizan misas para celebrar la caída de Bilbao.  
No pueden ser vascos quienes festejan que el pueblo vasco ha caído en poder de los extranjeros después de ser arrasado y de haber muerto millares de sus hijos.  
No pueden ser vascos quienes se regocijan con la prohibición de hablar el idioma vasco y la abolición de los viejos fueros.

Quen o escribiu e achegou ao diario? Acaso é un editorial do director ou dalgún xornalista? A quen ía dirixido? Nada diso é posible de aclarar. É probable que a indignación internacional contra os sucesos que acontecían no norte de España e o crecente achegamento entre Franco, Mussolini e Hitler provocasen a reacción dun xornalista fose ou non simpatizante do euscaldún. Tamén é probable que se dirixise a aqueles peninsulares locais que, vascos ou non, festexaban pública ou intimamente o desenlace da Guerra Civil españo-

27. *El Eco de Tandil*, 4/5/1919.

28. Ese folleto imprimírase finalmente nos obradoiros gráficos Vitullo en setembro do mesmo mes, lamentamos non poder achar un exemplar que amose polo miúdo aquelas festas de abril.

29. Para ampliar sobre os acontecementos das romarías vascas de 1919/1922, pode consultarse *Nueva Era. Bodas de Oro. 1919/1969*, Tandil, 1919, pp. 131 a 133.

la. Non quedan dúbidas, se se analiza un acontecemento illado do Gure Etxea na década de 1970, de que había en Tandil vascos e navarros (ou descendentes) que expresaban o seu encanto cos sucesos da Península; os que, por outra parte, estaban moito máis a ton co que acontecía na Arxentina da década infame. Non obstante, nalgún recanto dos mesmos espazos historicamente recoñecidos como vascos, outros (poucos ou non) seguirían coa mesma atención o que acontecía cos seus compatriotas en tan duro contratempo socio-político.

## O SOÑO DA CASA PROPIA

O primeiro enunciado que as páxinas precedentes avalan indica que «no bastó que hubiese vascos en un pueblo durante más de 100 años para que se conformase un Centro Vasco». De feito existen localidades cheas de sangue pirenaico, como Ayacucho, Azul e tantas outras, que non contan cun centro euscaldún. Unha primeira explicación aparece como moi sinxela e xa a tratamos: os vascos non foron nunca moi amigos de se agruparen ou participaren institucionalmente. Outra, complementaria e tamén adiantada, é que o hotel ou a fonda doutro vasco lles abundaba para se xuntaren para comer e beber, xogar ao mus ou á pa, discutir sobre problemas comunais e practicar un pouco o éuscaro. En realidade, ata onde sabemos a través dos pioneiros, o Gure Etxea debería cumprir ao finalizar o milenio ao redor de 80 anos e mesmo máis. Moita da xente que se reúne formalmente dende 1949 xa o facía en hoteis como o Maritorea e o Euskalduna dende 1920 e mesmo organizaba verdadeiras festas vascas a comezos de 1940.<sup>30</sup> Facendo verdadeiro honor á organización foral dos seus antepasados, os vascos nunca foron partidarios de levar escritura e formalidade nos seus actos, fosen estes transcendentais ou non. Podemos concluír, sen temor, que nas localidades que viñemos mencionando coexistiron durante as primeiras décadas do século xx varios «centros vascos» informais e que, ao facer a media, os seus asistentes se reagruparon nunha soa institución. Queda por saber se a concorrencia diaria a distintos hoteis ou almacéns de paisanos obedecía a forzas rexionais ou simplemente a razóns culinarias ou de proximidade en cada caso. A grandes trazos e para o só efecto de analizar máis profundamente o Gure Etxea, pódese dividir a súa historia en seis grandes etapas.

1. Nacemento e primeira idade de ouro do Centro Vasco, 1949-1960
2. Despois do esplendor, 1960-1971

30. Josetxu Berrozpe, unha das persoas entrevistadas para este traballo e que estivo en todas as épocas, lembra que durante a década dos 40 adoitaba haber festas ou encontros de vascos nos hoteis que mencionamos.

3. O gromo da árbore de Gernika, 1972-1981
4. A idade prateada do Centro Vasco, 1982-1992
5. Internacionalización e decadencia social interna, 1992-2000
6. Desmobilización e «derrubamento societario». A época da «gran pirámide»<sup>31</sup>

Os lectores poderán discutir con criterios válidos os inicios ou peches de cada unha delas. Trátase dun proceso indivisible e non caben dúbidas de que moitos dos acontecementos ou tendencias de cada etapa afunden as súas raíces na anterior ou moldean dalgunha maneira a inmediatamente posterior. É tan só unha división analítica da que só tomaremos a primeira, dado que —máis alá do espazo de que dispoñemos— é a máis *étnica* e acaso a máis rica dende o punto de vista da potencialidade dunha colectividade. As outras, non menos interesantes, non só ven diminuír o seu potencial euscaldún ao concluír a última onda migratoria, senón que se volven máis complexas por factores externos propios da política e economías argentinas.

### **NACEMENTO E IDADE DE OURO DO CENTRO VASCO, 1949-1960**

Pola súa procedencia rexional de España e Francia, os vascos (agás os que se asentaron na cidade de Bos Aires) participaron indistintamente ata entrado este século en institucións españolas e francesas (sociedades de socorros mutuos e bancos). É abondo con percorrer o sector do cemiterio de Tandil destinado á Sociedad de S. M. Española para constatar a presenza de apelidos vascos. Isto axudou, en parte, a que non necesitasen imperiosamente constituír unha institución propia. Pero, como nalgún momento dixemos, os centros vascos do interior dificilmente nacerían sen unha matriz euscalduna en que apoiarse. Tamén é necesario remarcar que outro elemento esencial para que aparecesen os centros vascos nos distintos puntos foi contar ou non coa chegada de vascos na década de 1940, fixéseno a Tandil ou a outros lugares. De feito, a maioría dos centros que hoxe continúan conformáronse entón, incorporando ao fervor e as ganas de preservar o idioma dos preexistentes o ideario político dos acabados de chegar. A chegada en condicións de exiliados e o feito de que os hoteis fosen nese momento máis cosmopolitas e abertos —máis turísticos no caso tandilense— obrigounos a pensar en novos ámbitos

31. O alcume da última etapa alude, con ironía, á presenza actual da sede soñada, un edificio espléndido que ocupou o esforzo de centos de asociados (como traballadores exipcios que morrían sen vela concluída) para que se presente hoxe como unha gran pirámide, espléndida, pero baleira, destinada a converterse nunha tumba simbólica do seu presidente facedor, como un rei deus exipcio.

de reunión. Algo diso aconteceu no Gure Etxea. Esta idea apuntala a nosa hipótese de que moitos dos centros vascos conformados entón no interior (dado que o elemento político foi absorbido e moldeado ao perfil conservador dos locais) non agregaron elementos cualitativamente diferentes aos espazos de reunión euscaldúns preexistentes. Pero tamén permitiría supoñer, ata que poidamos analizar máis casos, que esa comunidade vasca previa, xeralmente espaxada e sen unha institución propia que se apagaba cara á década de 1940, non podería conformar por si soa institucións sen a chegada do novo fluxo migratorio do exilio.<sup>32</sup> Como dixemos, nin eses exiliados chegarían a Tandil se non houbera nela unha comunidade vasca previa, nin poderían conformar o Centro Vasco sobre un baleiro étnico. Agora ben, por que non facer xogar unha terceira posibilidade? Imaxinemos que moitos deses vascos e descendentes que comezaban a perder a intimidade étnica cando se abren os hotéis a un público amplo sentían a necesidade de atopar un novo espazo. Imaxinemos tamén que, como sempre aconteceu, a maioría da xente descansa na iniciativa duns poucos para logo seguilos. Pensemos, por último, que entre os que chegaron dende 1940 ata 1949 e algúns dos que deambulaban nostáxicos pola cidade houbo un encontro que culminou na necesidade de reagrupar os vascos. Isto, que seguramente é o que máis se achega á realidade histórica, quítanos do compromiso inxusto de poñer o mérito da creación só nos que estaban ou nos que chegaron.

O certo é que, ao redor do ano 1940 e fuxindo do réxime franquista, chega á provincia de Bos Aires unha nova achega inmigratoria euscalduna proveniente da Península. Don Gumersindo Berra, natural de San Sebastián, e máis tarde Isidro Legarreta, de Hernani, e Cruz Ormaechea, de Gernika, foron algúns dos que seguiron viaxe ata Tandil. Sangue novo e animoso que vai colaborar no nucleamento da colectividade nunha realización que se concreta en 1949. Xa vimos que, como antecedente inmediato (xunto cos cen anos de presenza no pagamento), tiñan as sobranceiras festas vascas que se realizaran en 1919, 1936 e 1937, estas últimas no local que hoxe ocupa a moblaría Ostende (9 de Julio e San Martín), ás cales concorrera Aldasoro, representante do Goberno vasco no exilio.

Pero, como moitas das cousas que acontecen na vida dos homes, os grandes éxitos comezan con pequenos actos. Actos que na súa proxección probablemente ignoran o futuro que lles depara. Josetxu Berrozpe, na súa lembranza de como ingresou no Gure Etxea, dános a posibilidade de coñecer un deses actos, que por certo non tivo un lugar na documentación do aínda inexistente Centro Vasco.

32. No caso de Tandil, e tendo en conta o feixe de exiliados que chega, as posibilidades non son tan sequera cuantitativas.



Estaba en mi trabajo cuando ingresó una persona alta con que claramente podría haber caracterizado como dinamarqués. Me saludó, ante mi asombro, en idioma vasco. Le retribuí el saludo en euskera y luego, ya hablando castellano, me dijo que sabía que había llegado hacía poco tiempo y que tocaba el acordeón. También que él y otros vascos estaban programando una estampa euskalduna a llevarse en el Cine Súper el 24 de setiembre de 1949. Era Juaristi, del Hotel Euskalduna, y por supuesto acepté.<sup>33</sup>

Así, as vontades foron uníndose e créase o Gure Etxea un 24 de novembro de 1949, precisamente logo dunhas festas que se levaron a cabo no Club Independiente coa colaboración do Euzko Etxea de Necochea. Aquela participación dos vascos necochenses na primeira festa configura un elemento forte e decisivo para a iniciación do Gure Etxea. Queda claro que foron convidados con bastante anticipación, como tamén é evidente que eran coñecidos e existía unha confianza para facelo. As fundacións do Denak Bat de Mar del Plata en 1943, do Euzko Etxea de La Plata en 1944 e do Euzko Etxea de Necochea un ano máis tarde deberon xerar rumores e entusiasmo entre a comunidade vasco-arxentina radicada en Tandil.

Como fose, o espírito aberto daqueles vascos foi posto de manifesto ao escoller o nome que levaría o seu centro de reunión. «A nosa casa» é a tradución de Gure Etxea, pois era arela dos seus fundadores que a entidade que creaban fose o fogar de todos os vascos de Tandil e da zona. O seu primeiro presidente foi don Gumersindo Berra, que ocupou o cargo durante nove anos, período en que o Centro medrou rapidamente.<sup>34</sup> A carta máis antiga dirixida a alguén do Centro Vasco que se atopa no seu arquivo data do 27 de novembro de 1949 e provén dunha persoa de Necochea, Diego Zubillaga Iturralde. Nela dáselle os parabéns ao flamante presidente, Gumersindo Berra, e demais membros da C. D. pola fundación do Centro. Un mes despois, o 26 de decembro, chega outra carta en iguais termos, asinada polo secretario e polo presidente do Centro Vasco Euzko Etxea. Todo semella indicar que un puñado de vascos estaba organizando eventos que guiaban indefectiblemente cara á conformación dun centro como o Gure Etxea. Tampouco hai dúbidas de que aquel grupo de euscaldúns, seguramente moi pequeno, que chegou a Tandil a principios dos corenta se mesturou ben axiña cos seus paisanos xa residentes e descendentes da zona. En menos dunha década animáronse non só a formar

33. Josetxu Berrozpe, conversa persoal, 23 de abril de 2001.

34. Juaristi e Loustau eran vellos representantes do gremio hoteleiro. Isto proba, dalgún xeito, que a aparición do Centro Vasco xa non era unha competencia para os seus establecementos, que tiñan unha clientela cada vez máis diversificada.

unha institución, senón a organizaren eventos que esperaban contar con grande afluencia de simpatizantes. Cinco meses despois da conformación do Centro, envíase unha misiva a José María Arregui na que se pode ler: «Tenemos el agrado de dirigirnos a Ud. con el objeto de invitarlo a participar en las grandes fiestas vascas que organiza nuestra entidad para los días 29 y 30 del cte. Ud. vendría en las mismas condiciones que va a Necochea y Mar del Plata, si fuera posible el día 28 a fin de hacer una Kalejira de propaganda».<sup>35</sup>

Arregui concorre, dende Santa Fe, ás festas citadas, e nunha carta de xuño agradéceselle profundamente a súa colaboración. O ano seguinte é novamente convidado, pero algúns inconvenientes laborais fan que non poida concorrer. A carta que envía dende Ricardone, Santa Fe, é, pola súa franqueza e sinxeleza, digna de transcribirse.

Acabo de recibir vuestra carta en la que solicitan mi colaboración para dichas fiestas. Lamento mucho por esta vez no poder complaserlos pues me pasa lo sigiente aquí conmigo tengo un yerno socio y un tiempo se a enfermado y no puede trabajar y no se consigue jente para trabajar en el tambo. Asi que por ahora tengo que rechazar todo pedido que me llege. Mis buenos amigos espero que sepan comprender mi situación que les aseguro que lo siento mucho pero no hay solución.<sup>36</sup>

Non pasaran sete meses da inauguración do Centro Vasco e os seus directivos estaban en desesperada campaña para conseguiren alguén da zona que puidese conformar un corpo de bailes e ensinar as primeiras coreografías. Unha carta de xullo de 1950 confirmanolo.

Estimado Berra: empezaré por pedirle disculpas por no haberle escrito antes, pues en busca de alguna solución para el asunto de enseñanza de bailes vascos en Tandil se me han pasado demasiados días sin cumplir con Uds. escribiéndoles. Como lo esperaba, me toca trabajar en el Casino Mayo, Junio y Julio y por lo tanto me es imposible cumplir con mis deseos de ir a esa. Aquí hice todo lo posible para que hubiera ido alguno pero no hay quien pueda hacerlo ya sea por condiciones o falta de tiempo.<sup>37</sup>

Catro meses despois, o secretario do Centro, Juan Luis Calvo, e o seu presidente asinaban unha carta de agradecemento dirixida a Isidro Legarreta, aínda residente en Necochea, pola mesma causa.

35. Carta do 13 de abril de 1950. Arquivo do Centro Vasco Gure Etxea. En diante ACVGE.

36. Carta do 5 de abril de 1951. ACVGE. Respectouse a ortografía orixinal.

37. Carta do 10 de xullo de 1950, datada en Mar del Plata e asinada por Isidro Vicente Galderaz.

Distinguido amigo y compatriota:

Tenemos el agrado de dirigirnos a Usted con el objeto de testimoniarle nuestra simpatía y nuestro sincero agradecimiento por la voluntad y entusiasmo puesta al servicio de la juventud vasca de esta ciudad, que pudo, gracias a vuestros buenos oficios, iniciarse en las danzas tradicionales que han hecho de nuestra raza un pueblo que hace del canto y de la danza el complemento indispensable del trabajo.<sup>38</sup>

Nesa mesma carta, un parágrafo apuntala a nosa idea de que a xente do Centro Vasco era tan só a punta dun iceberg comunitario. Iceberg que non só descoñecía rematadamente a súa base, senón que poucas veces puido concentrar agás para un evento extraordinario. Os vascos non ían á institución masivamente, xa pola súa residencia rural, xa polos seus horarios de traballo ou porque, no seu quefacer cotián, ir ao Gure Etxea era unha especie de reprodución daquela baixada do casarío á vila, con toda a antelación e preparativos que aquela demandaba. Por iso, sempre se desbordaron os seus salóns para San Fermín, pero xamais para unha asemblea. No día a día, moitos vascos seguían xogando ao mus no bar ou hotel que quedaba próximo aos seus domicilios. No entanto, os dirixentes tiñan unha percepción idílica, ensanchada por sentimentalismos e nostalxias dos exiliados na Comisión Directiva, de que Tandil, ou polo menos un sector da cidade, era unha pequena Euskal Herria, adormecida, pero atenta á chamada. Estamos tentados de dicir que, nalgúns aspectos, esa construción dunha pequena Euskal Herria toponímica, ao redor do Centro Vasco, converte a sede nunha especie de acrópole, situada no alto da polis, dominando a contorna, pero onde residen uns poucos, os únicos que alcanzan o status de cidadáns. A polis domina a contorna urbana e rural dende a acrópole, onde residen os gobernantes e a clase podente. Así debeu funcionar, dous mil cincocentos anos despois da Atenas clásica, o Centro Vasco Gure Etxea. «Como Ud. creemos... que alrededor de nuestros txikis llegaremos aún más pronto a colocar al Gure Etxea en el lugar que le corresponde por la importancia de la colonia vasca de la zona».<sup>39</sup>

O 8 de marzo de 1952, outra misiva dirixida ao presidente de Acción Vasca expresaba a mesma preocupación por aprender os bailes típicos do pobo euscaldún para revertelos nos asociados: «Este centro quisiera enseñar a un grupo de niñas y jóvenes el Espata-danza, como así mismo otros bailes de las regiones vascas, pero tenemos el grave inconveniente que aquí no tenemos

38. Correspondencia do 27 de novembro de 1950. ACVGE.

39. Ibidem.

una persona para ese fin. Le pedimos a Ud. si entre vuestros asociados o amistades, hubiera alguno que quisiera hacerlo...».

Os membros da Comisión Directiva, atendendo a que as distancias e os medios da época, como tamén as ocupacións dos que podían facelo, eran obstáculos insalvables, seguen escribindo misivas aos catro ventos. Solicitan partituras de *txistu*, cintas gravadas ou o que estivese ao alcance de cada centro. En maio de 1952 viaxan tres persoas dende Mar del Plata, entre os que se encontran un tal Isidro, José Oreja e Ozarlosa (sic). Juan José Aranoa escribe dende Olivos que viaxará en decembro do mesmo ano para ensinar algúns bailes. Como se pode observar no nó da tormenta peninsular, os esforzos dos vascos locais apuntaban a manter aspectos só culturais. Os acabados de chegar foron absorbidos por un ideario vascófilo que, sen sentirse españois, pouco ou nada facía por diferenciarse máis alá do rexional. O Gure Etxea era unha familia extensiva, onde os pais traballaban arreo para manter a casa e tomaban as decisións en nome de todos, un pouco pola súa natureza de dirixentes, pero maiormente pola apatía das bases.

Inicialmente, como dixemos, o Centro Vasco non tiña sede e a correspondencia recibíase tanto en 9 de Julio 414,<sup>40</sup> como en Alem 840, sempre dentro das *mazás* do nordeste tandilense que denominamos como pequena Euskal Herria. As reunións ás que facemos referencia levábanse a cabo en distintos sitios da cidade. Os carteis de comercios alusivos ao euscaldún demarcaban tanto o corazón como os seus límites, beiras asimétricas onde comezaban a aparecer carteis claramente italianos, españois ou crioulos. As reunións correspondentes ao programa organizado en honor a San Xoán do 24 de xuño de 1951 realizáronse no Cine Teatro Súper, cuxa sala se atopaba no interior da pequena Euskal Herria. Os lugares cedidos ou alugados para aquelas reunións abundaban e non eran difíciles de conseguir; pero a Comisión Directiva tiña necesidade de contar cun espazo físico para as súas reunións e comezou axiña a buscalo. Un mes despois das festas de San Xoán, don Gumersindo Berra envía unha carta ao presidente do Centro Federativo Tandilense de Estudiantes e ex-alumnos, que era, nin máis nin menos, que don Osvaldo M. Zarini,<sup>41</sup> que di o seguinte: «Llegado a su término las conversaciones para la transferencia total del salón, muebles y útiles que Uds. poseían en el local de la calle 9 de Julio 894, por la suma de \$ 14.000.- en forma global y que les fue entrega-

40. Este era o enderezo da empresa do presidente do Centro Vasco Gumersindo Berra, chamada Casa Alonso.

41. Fundador da Universidade de Tandil.

da a Ud. el pasado sábado, ha sido para nosotros una satisfacción observar la buena disposición de todos Uds. para llevar a cabo la misma».

No entanto, malia a apatía e o aparente desacordo entre a elite e a masa da sociedade, había canles de encontro, corredores dentro dese labirinto tan micénico como borxiano propio dunha sociedade en formación. Na mesma carta pódese ler máis abaixo que o Centro Vasco reitera que os ex-inquilinos do lugar poderán continuar coa súa secretaría e terán un espazo para as reunións. Unha copia do inventario do Centro Vasco de entón e algunhas cartas de pedidos e agradecementos son elocuentes respecto á precariedade dos seus inicios. Eran épocas duras e semella claro que os que tomaron a iniciativa de conformar o Centro non estaban sós na cidade. Todo o contrario, estaban inmersos nunha arañeira de redes persoais con amigos e familiares que os animou para facelo. Unha carta temperá, entre tantas, vai dirixida aos donos do almacén El Bilbaíno e é significativa non só pola solidariedade dos vascos tandilenses cara á nova institución, senón porque, como veremos ao longo do traballo, moitos dos donos deses almacéns e hoteleiros vascos da zona foron os seus primeiros socios e colaboradores. «Tenemos el agrado de expresarles nuestro más sincero agradecimiento por la gentileza que tuvieron con nosotros, al prestarnos el surtido de copas que oportunamente les solicitamos con motivo de la inauguración de nuestra sede social...».<sup>42</sup>

Aqueles propósitos primeiros de nuclear os vascos e os seus descendentes foron ampliándose na organización de actos culturais, a programación de festas de confraternidade arxentina-vasca, a difusión da historia, idioma, literatura, música e tradicións da terra éuscara, promoción de entidades semellantes nas localidades veciñas, auspicio de organismos de beneficencia, orientación das festas tradicionais da patria afastada e toda acción de ben común para a colectividade. Finalmente, o Centro inaugurou a súa primeira sede social un 8 de setembro de 1951, ocasión en que se presentou á comunidade tandilense a actuación da Agrupación Coral de Cámara de Pamplona para o 22 do mesmo mes. Entre as figuras máis importantes que o Centro Vasco trouxo a Tandil por aquel entón atópanse monseñor Jean Pierre Etyuberro, o bispo de Bayona; o padre Mallea e o coro Lagun Onak, entre outros.

Contrario ao que un puidese pensar, isto é, que o Gure Etxea se afianzaría durante un par de anos localmente antes de expandir as súas influencias pola zona, unha carta de outubro de 1951 dá conta dun convite ao corpo de bailes para ir a Tandil a un evento organizado pola Comisión Pre-formación dun Centro Vasco nesa cidade. Inmediatamente, Gumersindo Berra solicita

42. Carta do 18 de setembro de 1951. ACVGE.

axuda ao presidente do Euzko Etxea de Necochea para que os seus *dantzaris* reforcen a *espatadantza* e o fandango e que os acompañen os músicos. As decenas de cartas cruzadas principalmente entre os centros vascos de Necochea, Mar del Plata, Bos Aires e Tandil son unha mostra clara de que as redes ás que faciamos alusión anteriormente desbordaban o ámbito local e mesmo zonal. Tal é a cantidade de invitacións aceptadas e a disposición das delegacións que levan a situacións que hoxe nos parecen pura fantasía. O 17 de setembro de 1953 é enviada unha carta ao superintendente de Tráfico do FFCC, Roca, solicitándolle un vagón especial e a rebaixa nas pasaxes para ir e volver a unha festa da veciña cidade de Rauch, distante uns 100 quilómetros. Chama tamén a atención, a medida que un percorre as páxinas da correspondencia, a enerxía que se dedicaba á procura de canto útil fose necesario para brindar un bo espectáculo. Solicitude de traxes prestados a outro Centro; dunha tea para fondo dalgunha estampa vasca; de bonecos cabezudos ou o que fose. Produto dese profesionalismo e tamén das amizades que xurdían nesas actuacións, multiplicábanse os entusiasmos dalgúns vascos das localidades visitadas para iniciar o centro vasco propio. En xullo de 1954 comeza a viaxar Josetxu Berrozpe para ensinar a bailar a Rauch. Unha carta datada en Mar del Plata en agosto de 1952 solicita que entre todos se alente aos balcarceños a que funden un centro vasco.<sup>43</sup> Os nenos non permanecían alleos na idea de nuclear a colectividade. Tamén o Centro os agrupaba e traballaba na formación de danzas infantís coa colaboración doutro entusiasta e insubstituíble vasco: o *txistulari* Francisco Olaechea. Como se América fose un espello roto onde se ollara Europa, cada avance de Franco nas súas aspiracións fascistas reflectíase na creación dunha nova institución euscalduna ou un corpo de bailes nalgún sector do novo mundo. Pero, coma un espello roto, coma o ronsel dunha pedra botada á auga, a imaxe aparecía deturpada e o que debía ser unha mobilización claramente política contra os abusos do ditador na Península era, en lugares do interior bonaerense como Tandil, fogos de artificio dunha romaría e Kalejiras que conmovían aos veciños. O verdadeiro espello estaba, en cidades do interior, portas a dentro da institución, en conversas politizadas entre os membros dirixentes, distantes da masa como aquelas asembleas da polis grega, nas que a entrada era libre, pero non todos tiñan dereito a opinar. A diferenza de Tandil, de Mar del Plata ou de Necochea, en cidades como Rosario, Bos Aires ou La Plata moitos membros da institución achegábanse para escoitar as noticias sobre Euskadi e manifestaban

43. Carta do 28 de agosto de 1952. Cartapacio Cartas recibidas dende novembro de 1951.

en actos públicos ou pechados o seu refugo. Se Tandil era Atenas, os outros centros eran Esparta ou Tebas.

A casa dos vascos, boa parte do ano baleira e outras poucas desbordada, reflectía quizais a idea das festas populares pirenaicas, ao aire libre, vagando polas rúas angostas de vilas centenarias, cruzándose nun recuncho da praza, compartindo unha copa na taberna, pero logo bailando e charlando fóra do edificio entre os carballos e faias. Dos 17 socios de 1949, que suman 80 un ano despois e 231 o terceiro ano, éntrase nunha especie de meseta ata 1955. Coincidindo coa caída do peronismo, remiso ás reunións públicas e políticas alleas ao manexo oficial, a cifra ascende a 485 en 1955 e chega ao seu cume de 705 socios sete anos máis tarde. Sempre se dixo que os vascos eran politicamente radicais e deportivamente seguidores de San Lorenzo. Se isto último é bastante doado de confirmar, dado que os vascos seguían a carreira do seu compatriota Lángara, o primeiro é máis difícil e serio como para ensaiar xeneralizacións, aínda que me consta observar certa tendencia nesa dirección. Tamén é observable, a medida que moitos euscaldúns —principalmente ligados ao campo— tiñan logros materiais importantes, cambios de rumbo cara ás filas conservadoras.

Sexa como for, por euforia *gorila*<sup>44</sup> ou casualidade, a mediados da década de 1950 aparecen algúns elementos significativos para a institución que se manterán durante o resto do período. Sen dúbida, o máis relevante é a conformación da Federación de Entidades Vasco Arxentinas (FEVA), resultante case natural da interrelación entre os vascos das distintas zonas e provincias do país. É rechamante o crecente número de comunicacións relativo á constitución da Federación entre 1954 e 1955. Para iso pódense repasar, por exemplo, as actas 1 e 2 de reunións de FEVA en Mar del Plata do 4 de xaneiro de 1954 e todas as cartas anteriores, nas que se invitaba para iso e as conclusións que resultaron de tal encontro. Pero tamén aparecen timidamente algunhas cartas e publicacións que reflecten o activismo nacionalista dalgúns institucións da Capital Federal. Hai, entre outros, programas de actos cursados por Acción Vasca nos centros, invitándoos aos eventos que se realizarán con motivo do 50º aniversario do falecemento de Sabino Arana e un manifesto de EUZKALZALEAK de Bos Aires, do 3 de decembro de 1954, a favor do éuscaro. Respecto das publicacións euscaldunas, invítase a adherirse e adquirir o *Anuario* 1956 de La

44. Na época do derrocamento do peronismo, alcumouse de *gorilas* aos que levaron a cabo o golpe, pero tamén a toda persoa que fixese algunha manifestación de festexo nese sentido. Ese termo segue a empregarse medio século despois.

Baskonia, así como tamén o *Boletín Euskalduna*, publicación mensual que invita a difundir nunha nota asinada o R. P. Iñiqui de Azpiazu.

Unha carta do 21 de decembro de 1956 daba conta tamén a FEVA de que o número de socios baixara de 610 a 550. Posiblemente era un preludio, aínda que poucos o visualizaran, do que acontecería poucos anos máis tarde cando a institución decae notablemente. Porén, dentro daquela conxuntura xeral, estaba a desenvolverse no interior do Centro un fenómeno de dimensións aínda modestas que non tivo un peso menor nos acontecementos. A caída do peronismo no 55 e a aparición reiterativa dos militares na escena política deberon colaborar tamén para que o Gure Etxea non tomase un voo político máis decisivo a partir da correspondencia da capital enunciada máis arriba. En tal caso, se era un avión que comezou a desprazarse coa creación da FEVA, non alcanzou sequera a engalar. Isto non quita que, en resposta aos pedidos da FEVA de fomentar o uso do éuscaro, a Subcomisión de Cultura do Centro (Legarreta, Basilio Usandizaga, Ferreiro, Mugica, Andonegi, Ormaechea, María D. Usandizaga e B. Lachiondo) informase de que xa se estaban dando clases a cargo de Isidro Legarreta con total éxito.<sup>45</sup> Pero como adiantabamos, a presenza militar no Goberno cambiaba as regras do xogo social. Estado de sitio ou non, agora había que solicitar permisos para cada actividade pública. O 28 de agosto de 1956 enviábase unha carta ao Comisionado Municipal de Tandil, que expresa o seguinte: «Como uno de los actos de nuestro programa de fiestas después del recorrido de la tamborrada (viernes 7 de septiembre) figura la quema del “Olentzero”, un muñeco de trapo y relleno de paja que mide unos dos y medio metros de alto por ochenta centímetros de diámetro y en cuyo interior van colocados algunos cohetes y petardos... mucho estimaremos de su amabilidad tenga a bien autorizarnos...».<sup>46</sup>

Outra carta do 26 de xullo dese ano ía dirixida ao Comisario de Policía e solicitábase autorización para que don Pedro de Basaldúa pronunciase unha palestra no Cine Cervantes o domingo 12 de agosto ás 11 horas en homenaxe ao escritor e delegado vasco Dr. Jesús Galíndez, desaparecido nos Estados Unidos. Xunto cos pedidos de autorización previa para calquera evento, o Centro tiña a obriga de enviar os datos de cada persoa das distintas comisións ás autoridades locais. Os exiliados de Franco, aínda que as distancias sexan tan amplas como para que caiba unha comparación, tiñan que manexarse novamente entre bambolinas polos golpes de estado frecuentes do novo lugar.

45. Carta do 13 de xuño de 1955 a FEVA. Cartapacio Correspondencia despachada. Xuño 1955 ao 57.

46. Cartapacio Correspondencia despachada. Xuño 1955 ao 57.



## ETXEKOJUAN, KALEKUAK, HERRIKUAK... OS RÚSTICOS FRONTE AOS DO POBO?

Os vascos son un pobo extremadamente complexo de estudar. Non xa dende o punto de vista que atinxe ás fontes existentes ou á forma desapercibida en que estes aparecen nelas. Referímonos tamén ao perfil caracterolóxico (idealizado ou non) que os identifica. Cando alguén nos fala do vasco, o primeiro que nos vén á mente é unha persoa intentando erguer algo que é case imposible de levantar, remando contra a corrente ou pelexando a pedradas contra os romanos. Esta imaxe debeu xerarse en América cos relatos e lembranzas que os inmigrantes traían con eles, aos que se sumaron algúns episodios que os mesmos euscaldúns realizaron en solo riopratense, cambiando romanos por indíxenas da pampa e mesmo pedras por pesados postes de arame ou tarros leiteiros. Quen non escoitou falar sobre os pozos de ata cen metros de profundidade que realizaban os poceiros vascos no duro solo da Pampa? Ou sobre aqueles que cavaban os foxos dos fortíns ou logo os colocadores do arame que postearon milleiros de hectáreas sen maior descanso? Ou daquel vasco *tambeiro* que amansaba as súas vacas a trompadas? E así poderíamos seguir, lembrando a Luro, que, sen esperar ao exército, ía tras o *malón* para recuperar as súas vacas ou os vascos poceiros de Necochea que mantiveron a raia un número moito maior de indios guindándolles pedras dende a boca do pozo. No entanto, se afondamos un pouco máis dentro desa imaxe idealizada de testán á vez que nobre, existen diferenzas de carácter entre os vascos dos diversos territorios. Píntase aos *bizkaitarrak* ou biscaíños como abertos e altivos; aos *napartarrak* ou navarros como introvertidos ou desconfiados; os *arabeses* son considerados austeros, mentres aos *suletinos* supónselles que son explosivos e impredecibles. Globalmente, os campesiños ven os pescadores como ruidosos e vaidosos; mentres estes ven os do interior como túzaros e reservados. Entre os vascos é común unha distinción entre os habitantes rurais e os urbanos, é coñecido o feito de que os primeiros ven con menosprezo toda tarefa que non sexa manual.

Pero para comprender o título deste apartado cómpre afondar un pouco máis sobre esta última diferenciación mencionada: a que se situaba entre aqueles que vivían no campo e traballaban a terra coas súas mans e os que habitaban na vila empregados por outro (ou non) e utilizando máquinas. Ser *Etxekojuan* ou señor da casa (casarío) era posiblemente o papel de máis prestixio para un home. Contrariamente, os habitantes das cidades eran denominados *kalekuak* (os da rúa) ou *herrikuak* (os da vila), termos que, cunha connotación pexorativa, facían referencia á desesperación, proclividade á

deshonestidade e vida de miseria. A vida rústica era eloxiada nas cancións populares e refráns como unha existencia que garantía a dignidade e independencia persoais.<sup>47</sup>

Unha vez na Arxentina, algúns inmigrantes foron traballar para o campo e outros para a cidade, aínda que tamén sabemos que moitos deles podían cambiar dun sitio para o outro durante a súa vida ou ter un campo e vivir na cidade. Os hoteleiros, nos que tanto facemos fincapé ao longo destas páxinas, son un caso típico. De todos os xeitos, o que é indubidable e natural que acontecese é que algúns inmigrantes vascos e os seus descendentes continuasen no novo lugar cunha mentalidade e formas de vida máis rústicas e parecidas ao descrito máis arriba e que outros abandonasen definitivamente as súas vestimentas típicas e adoptasen (non por iso deixando de seren vascos) un estilo de vida urbano, traballando en comercios, oficinas, etcétera. Outros, que xa viñan de vilas e cidades, seguiron sendo difíciles de identificar (agás que levasen a súa *txapela* [boina] ou dixesen o seu apelido) polas súas vestimentas e xeitos de vida.

Toda esta introdución intenta comprender, se é que se pode, o fenómeno que se estaba a crear entre 1955/56 no interior do Gure Etxea e que foi anunciado anteriormente. Aquela redución de 60 socios da que se informaba a FEVA debeu obedecer tamén a que un grupo de euscaldúns intentou «fundar aquel ano outro centro vasco» (outra Euskal Herria) na cidade de Tandil: o ANAITASUNA. O que vai entre comiñas, que relativiza a frase anterior, obedece á descrición maioritaria que daquel suceso lembran os maiores do Gure Etxea, mesmo algúns dos que formaron parte del. Pódese considerar como novo centro vasco un grupo de mozos que sen moito papelame nin respecto aos pasos que indica a lei para constituír unha institución se reunían nunha casa especialmente para organizar festas? Cremos que non. No entanto, aquela aventura dos que máis se facían notar nas festas vascas debeu ter repercusión local. Aquela escisión, que en realidade durou pouco tempo, foi e é un tema tabú no Gure Etxea. Despois das entrevistas e de escoitar todas as campás, considero que foi unha especie de trasnoitada, aínda que tamén que algúns dos que o intentaron estaban convencidos de que representaban máis cabalmente a unha maioría vasca que o Gure Etxea. Aínda que isto, claro está, nunca poderemos comprobalo, tendo en conta, literalmente, as metáforas do iceberg e mais da acrópole.

Por que marchou aquel grupo de vascos? Quen eran? Que facían? Eran todos navarros? Dando sentido á longa introdución deste apartado, poderíamos adiantar que, en certa forma, se trataba dos «rústicos» do Gure Etxea;

47. Para ampliar, véxase Douglas e Bilbao: *Amerikanuak. Los vascos en el Nuevo Mundo*, UPV, 1986, p. 169.

dos vascos que lembraban nostálxicos e sufrían pola súa patria, pero que, a diferenza do resto, necesitaban exteriorizalo en actos públicos, posiblemente abafados por non poder berrar o seu descontento polos acontecementos peninsulares. Eran vascos que, a pesar de participar do Gure Etxea dende a súa fundación, disentían nalgúns aspectos coas comisións directivas da década de 1950, considerándoas elitistas, e que festexando os seus actos en luxosos salóns se afastaban do que eles consideraban que deberían ser as festas vascas. Falamos de Francisco Cabanas, Luis Caballero, os *hacheros* Eugenio Ariztegui e Elgorriaga coas súas familias, J. Larzabal, Fermín Lasarte, entre outros... Como se ve, persoas que foron protagonistas do Gure Etxea antes e despois da escisión e que, sen ningunha dúbida, se adaptan ben á imaxe do vasco que intentamos reconstruír anteriormente. Entre outras cousas, eran case todos navarros do norte, baztaneses, posiblemente desconfiados tal como os caracterizabamos páxinas atrás. Quen pode dudar, máis alá de que eran os abertos ou «tolos» das festas vascas, das boas intencións que tiveron ao fundar outra casa para os vascos? Algúns entrevistados cren que un dos motivos que os levou á escisión foi precisamente que Patxi Cabanas e José Larzábal foron suspendidos por un par de meses entre os anos 1954 e 1955. Os motivos para aplicar seis meses de suspensión xiraron ao redor das actitudes demasiado divertidas destes mozos nalgunha das actuacións do corpo de bailes en cidades veciñas, máis precisamente en Chillar.

Volvendo ao *Anaitasuna*, atopamos dous folletíns<sup>48</sup> de distintas festas que organizaron dende o novo Centro e que falan de seu dos obxectivos que buscaban. Nun folletín de 1956, cuxa portada representa a dous aldeáns bailando e tocando un acordeón, anunciábase a organización das festas vascas de San Xoán e San Fermín. Para comezar, non facían nada a medias; se foron extremistas para conformar outro Centro en vez de discutir, agora facían dúas festas á vez. Nas súas seis follas, sen contar as tapas, poden verse numerosas adhesións comerciais e un par de pequenos extractos de artigos sobre o pobo vasco. Aqueles escritos, de forte ton romántico e idealista entre os que se atopa un titulado «La Patria», de Arturo Campión, outro sobre deportes vascos e un final de Pierre Loti, son acompañados por outro escrito en vasco cuxo título é «Fernando Amezketarra» e que asina G. Muxica.

A enerxía para a edición do programa, sen moita dedicación para poñelo fermoso, foi maiormente posta en resaltar precisamente todos aqueles aspectos do pobo vasco que pasaron a América e que chamaban a atención e mesmo

48. Agradezo a xentileza da familia Cabanas, que me facilitou estes programas e lembrou anécdotas daquela época.

a admiración do resto das etnias e os nativos: o constante desafío. É impensable que nun programa do Gure Etxea desa época aparecese un parágrafo convidando a un *soka-tira* aos forzudos da concorrencia. Os programas do Centro oficial, ou maioritario, contaban con danzas e charlas e mesmo coa actuación do coro e a romaría, que non podía faltar, pero non con aquelas demostracións deportivas que só se fixeron cando estiveron estes mozos que agora marcharan.

Do programa en cuestión, despréndense dúas ou tres cousas máis. Unha, moi directa, radica en que o *Anaitasuna* non contaba nin cunha sede ampla para realizar máis que unha reunión de amigos nin sequera con cubertos. A segunda xorde a partir da participación de don Francisco Olaetxea, a que nos fai pensar, se acaso, que non houbo xente que concorrese indistintamente aos actos de ambas as dúas agrupacións. A terceira, observando que só poden bailar *espatadantza*, permítenos imaxinar que a escisión foi masculina e sen arrastre das mulleres, que bailaban ata entón no Gure Etxea. Dos actos do ano seguinte pódense inferir varias cuestións. Festexan só San Fermín, o programa é de inferior calidade e máis pequeno, os actos programados non son iguais aos de 1956. Non imos transcribilos, para que non resulte pesado ao lector, pero remarcaremos as principais diferenzas. Os actos lévanse a cabo durante tres días, dende o venres 5 de xullo ata o domingo. Non aparecen os deportes e exhibicións de ningún deporte tradicional vasco. Fracasaron o ano anterior? Ou por cuestións de espazo non son mencionados ou pensa realizarse igual oportunamente? Pero posiblemente o máis novo é que a semana de San Fermín comeza cunha disertación do prestixioso escritor Salceda sobre o tema «Los vascos y la Libertad» no Club Santamarina. Lembremos que xa estaban os militares no poder e Salceda, representante da esquerda política tandilense, era todo un desafío á conxuntura. E aquí, o que ata agora era unha dúbida convértese en certeza. Algúns dos que abandonaron o Gure Etxea situábanse nunha liña política diferente aos seus directivos. Logo de realizar entrevistas a ambas as dúas partes, estou convencido de que varios directivos do Gure Etxea coincidían coa repulsa aos acontecementos de España pero, inmersos nunha arañeira de redes sociais co máis importante da sociedade rural e comercial tandilense, non o facían público, á espera de non espantar socios de renome. Non é casual, aínda que non teñamos espazo para o seu tratamento nesta ocasión, que, cando os fusilamentos dos sacerdotes en España, cara a 1975, a FEVA fai un chamamento a todos os centros vascos para que expresen publicamente a súa repulsa. O Gure Etxea, como afiliado a unha federación maior, cumpre o pedido e acto seguido un grupo de asociados ameaza con abandonar a institución se non se rectifica publicamente. A reacción non se contradecía coa publicación, a todas luces morna e gris, máis ligada aos

dereitos humanos que a un ataque ao Goberno español. Aquel foi un punto de inflexión do Gure Etxea e os directivos amosaron definitivamente as barallas que sempre tiveron nas súas mans. En vez de avanzar na dirección da repulsa —para aquel entón internacional—, envían unha carta en que solicitan aos socios que non se afasten e que cumprían ordes da federación. Todo iso, visto en perspectiva, fainos pensar que a brancura do iceberg sobre as ondas mudaba a varios grises na profundidade da sociedade, distando dun branco homoxéneo e mesmo no teor da súa consistencia. A rebelión dos mozos abertos foi a da xente de Espartaco, que non quería o poder, pero si a liberdade, polo menos de pensar e expresarse. Retomando a idea discutida unha e mil veces por Alejandro Fernández e Fernando Devoto, aquel episodio deixa certo sabor acomodaticio dos directivos, tenuemente insinuado a partir das súas actitudes de manter a masa da sociedade a calquera custo; xa volvendo uns pasos cara a atrás nos seus ditos, xa abrindo as súas portas aos mozos díscolos para que volvan. O lugar social que algúns directivos lograran e apuntalaran dende a institución, pois dalgún xeito era presentado en sociedade coas manifestacións masivas da plebe rebelde, pero tamén con palestras de intelectuais conservadores, era básico para a súa subsistencia.

Sen sospeitar todos estes movementos que podemos enlazar dende a distancia do crebacabezas, moitos dos cales os propios protagonistas non comprendían, os xornais da época, nomeadamente *El Eco de Tandil*, brindaron o seu espazo ás noticias que fornecía a xente do novo e efémero Centro Vasco tandilense. O 5 de xullo de 1956 dedícanlle a cuarta páxina con fotos de encerros de Pamplona e co título LA GENTE DE ANAITASUNA RECORDARÁ EN TANDIL ESTA FIESTA. Dous días máis tarde, baixo unha foto de catro *aizkolaris* do mesmo Centro, aparece o programa polo miúdo. O mesmo mes o Gure Etxea ocupaba as páxinas do mesmo diario anunciando o día 23 San Ignacio e o 24 a segunda mostra pictórica. A diferenza do *Anaitasuna*, o Gure Etxea o mesmo 24 de xullo informaba sobre a realización da última asemblea. Un ano máis tarde, entre o 5 e o 7 de xullo, os de *Anaitasuna* aparecerán por última vez nos xornais tandilenses.

Unha lembranza de Miguel Cabanas, escoitada de boca do seu pai, Francisco, é elocuente de como se pode producir unha escisión por razóns sinxelas e sen ter que procurar en teorías profundas nin metáforas da antigüidade clásica.

Cuando se desarmó el Gure Etxea yo era muy pequeño. Pero con lo que he hablado con mi padre tengo una idea de lo que sucedió. El Centro vasco era manejado en forma autoritaria y elitista. Me contó mi padre que una vez, en oportunidad de una fiesta vasca, él trajo a esa fiesta a unos VASCOS PUROS que

trabajaban en el monte hachando leña; fueron a la fiesta y no los dejaron entrar por no llevar saco y corbata. Entonces ese grupo de vascos fundó otro centro que se llamó Anaitasuna.<sup>49</sup>

A imaxe que plasmou Francisco Cabanas na súa contorna do que para el eran vascos puros e os que non o eran non deixa marxe a ningunha dúbida. Algúns entrevistados non lembran aquel acontecemento en que se viu implicado Cabanas cos seus amigos *hacheros* e dubidan que se negase a entrada a alguén nunha festa. É probable tamén, dado que o tempo deforma as lembranzas cara a onde o estado de ánimo os guíe, que mentres os que se foron quedasen con resentimentos ou desexos de esquecer o episodio, os do Gure Etxea non o mencionen facendo honra ao reingreso posterior daqueles socios no Centro Vasco oficial.

Tamén podemos imaxinar que a «rusticidade» estivese fortemente asociada a persoas que se situaban en sectores medios do pobo e pequenos propietarios ou arrendatarios da zona rural e se distanciaban, ao mesmo tempo, dunha minoría propietaria de grandes comercios e propiedades rurais maiores. Nunha entrevista realizada noutra ocasión co tantas veces mencionado Roberto Lejarreta, comentábame que se podía diferenciar claramente a clientela distinguida dalgúns hotéis de vascos doutra máis modesta noutros establecementos tamén de propietarios vascos. Mesmo era frecuente que cando un grupo familiar viña pasar un par de días á vila para facer trámites e compras estaba acompañado dalgún operario. O dono do campo acostumaba hospedar o operario no Euskalduna, o Maritorea ou Los Pirineos e dirixirse coa súa familia ao Kaiku ou El Francés. Fermín Lasarte, un dos escindidos, estaba intimamente relacionado co Hotel Maritorea.

Como dicíamos na introdución, a razón daquela escisión puido radicar nas distintas actitudes que o apoliticismo do Gure Etxea espertaba nos asociados. Mentres que algúns se achegaron animados polo perfil culturalista que non deixaba ocos para ningún tipo de manifestación nin protesta contra os abusos do franquismo en Euskal Herria, outros sentían a necesidade de expresar os dereitos milenarios arrebatados ao pobo vasco e o atávico sentido da liberdade dos pirenaicos. A charla dunha figura emblemática como Salceda e os escritos de Campión nos programas son mostra diso. Hugo Lavayén, un dos entrevistados que por entón era *dantzari*, lembra vagamente que ese descontento levou a un grupo de persoas a conformaren o *Anaitasuna* e tiña como fondo discusións políticas.

49. Miguel Cabanas, entrevista, marzo de 2001.

A xente que marchou do Gure Etxea para intentar un centro vasco que, ao seu criterio, representase maiormente os vascos da zona —xa porque non contaban con medios para subsistir e medrar institucionalmente, xa porque a sociedade local prefería outra imaxe dos vascos—, regresa axiña á *verdadeira* casa dos euscaldúns en Tandil, onde, conciliando algunhas cuestións, había lugar para todos. Onde podería darse o encontro de ambos os dous grupos de vascos para que o dito ata aquí non quede en nada? Nun hotel. Precisamente, para achegar ambas as dúas partes, organizouse unha comida no Hotel Vitoria do señor Olano, descendente e entusiasta de todo o que tivese que ver con esta colectividade. A comida foi todo un éxito. Varios tomaron a palabra para facer os seus descargos e para a casa.

A escisión, a pesar dun final aparentemente feliz, foi o comezo dun anunciado final da etapa dourada. Os seus actores non o podían sospeitar, pero o crecente militarismo que perseguían activistas nacionalistas nos centros maiores e que controlaba a FEVA, sumado a crises cíclicas da economía arxentina, socavaron a base da sociedade como a auga o fai cos piares dunha ponte feble. Antes de que rematase a década dos 50, os novos da década anterior comezan a casar e o recambio xeracional faise de rogar. A inflación invita a deixar custos aparentemente superfluos como a cota dunha institución que só se frecuenta un par de veces ao ano. A base do iceberg dilúese, como se o mar se requentase a temperaturas que imposibilitaban a súa supervivencia. Haberá que agardar case dez anos para que, noutra conxuntura política nacional favorable ás asociacións e multitudes, o permitan. E como os ditadores son humanos e avellentan, o final do franquismo inxectou una cota de esperanza independentista nos entón fillos e netos daqueles que sufriran o proceso da emigración e as persecucións. Entón avanzaron cara á acrópole, pola cada vez máis esvaída e pequena Euskal Herria, que cambiaba os seus carteis e con iso a paisaxe, como se presaxiasse o final da resistencia cultural euscalduna e o comezo doutra etapa, distinta, con menos rústicos e máis vascos do pobo, sen locais, cunha crecente mirada cara a un Euskadi posible no futuro e a mingua da masa da sociedade con mirada na meseta e cun horizonte en inexorable declive.

## CONCLUSIÓNS

Sería sinxelo interpretar a vida do Gure Etxea, como tamén extraer algunhas consideracións finais se aquela experimentase un desenlace máis ou menos lóxico partindo dende un nada social e institucional ata chegar aos nosos días á posesión dun fermoso edificio e unha masa de sociedade axeitada para mantela. Queda claro que non foi así. En vez diso, atopámonos cun

proceso que experimentou momentos de forte crecemento intercalados por outros de estancamento e mesmo de notable retroceso. Cando miramos en perspectiva o que aconteceu nestes sesenta anos, a historia do Gure Etxea parécese moito á paisaxe que nos brindan as serras de Tandil; unha ou dúas elevacións pronunciadas rodeadas de suaves ondulacións que se unen por pequenos vales e freitas.

Tamén sería doado de interpretar, como dubidalo, se o Centro Vasco fose fundado a finais da década de 1980, cando o Estatuto de autonomía en Euskadi superou os vascos e descendentes americanos. Pero o Centro Vasco de Tandil nace xunto con ese grupo de Euskal Etxeas que agroman na década de 1940 da man de varios exiliados que se apoian nunha comunidade vasca preexistente. Iso fai que necesariamente teñamos que extraer conclusións sobre os momentos conxunturais que debeñen da súa relación cambiante coa patria dos vascos.

Este traballo tamén sería máis doado de escribir, con menos relatividade, posiblemente con máis respostas que preguntas, se o Gure Etxea se atopase nun país (se é que o hai fóra dalgunhas das grandes potencias) que transcorrese por unha canle máis ou menos esperable. Pero non, a institución que aquí analizamos atópase na Arxentina, país política e economicamente castigado dende fóra como dende dentro. Posiblemente, a historia do Gure Etxea coincida coa porción máis inestable de historia dun país que nunca terminou de acomodarse. Dito doutro xeito, que non tivo aínda oportunidade de percorrer eses treitos longos que permiten medrar ás institucións nin tan sequera atravesou esas mesetas aburridas pero que, no fondo, se len como algo parecido á estabilidade.

Como tirar conclusións obxectivas sobre unha institución que para poder interpretar, a pesar de moitas cavilacións fronte aos seus documentos, debemos dividir en seis etapas? Institución que oscilou entre 600 e 148 socios, que flutuou entre reunións no salón da casa dun directivo e na biblioteca dun edificio que, a primeira vista, parece desproporcionado para a cantidade de socios que actualmente ten. Como se iso fose pouco, a súa historia conta cunha débil, curta e esquecida experiencia de escisión dentro dos asociados.

Sexa como for e centrándonos na xénese e primeiros pasos, o grupo de exiliados que chegou a Tandil a finais dos trinta e comezos dos corenta do século xx colaborou con algúns vascos que xa estaban instalados previamente a construír un ámbito de sociabilidade para todos os vascos e descendentes desta zona, na súa maioría pertencentes a familias fortemente arraigadas dende o século anterior. A colectividade vasca, especialmente forte durante as dúas primeiras décadas desa centuria, atopara acubillo emocional ata ese momento nos almacéns, fondas e, sobre todo, hoteis de propietarios vascos onde concorrían a diario para atoparse cos seus paisanos. Pero estes espazos



comezaran a decaer uns anos despois de que o fluxo inmigratorio se cortase alá por 1925. Cara a 1940, aqueles ámbitos de sociabilidade perderan naturalmente a súa etnicidade da man dunha concorrencia cada vez máis cosmopolita, á vez que deixaran de ser funcionalmente indispensables para os vascos cando comezaron a proliferar as casas de remate, agrícolas, os clubs, os restaurantes, os sanatorios e mesmo os coches e camiños que permitían volver do campo á noite sen quedar na vila. Ao mesmo tempo (posiblemente por idénticas razóns), en diversas localidades próximas a Tandil como Mar del Plata e Necochea, acabábanse de fundar centros vascos.

Nesa conxuntura, chegan os exiliados, que non foron máis que un puñado. Aínda quedaban moitos vascos e os descendentes mamaran o sabor daqueles lugares típicos con gritos de mus, *txistus* e ruídos de pelotadas. Que historia relataríamos aquí se Tandil non contase en 1920 cunha ducia de hoteis de vascos e o Gure Etxea fose unha necesidade natural daquela milleiro de euscaldúns? Posiblemente, presentaríase como algo semellante ao Centro Vasco de Bahía Blanca, cun forte perfil mutualista. É certo que non padecerían tanto no económico, dado que eran épocas de abundancia, pero a crise de 1929 e a década infame arxentina —1930 a 1940— non deixarían de afectarlle fortemente. Estamos convencidos, en definitiva, de que non estaríamos a dicir cousas moi distintas ao que logo pasou. Entre outras cousas, porque aquela mesma comunidade que en 1940 se atopaba en pleno proceso de disgregación, vai ser quen moldee os recentemente chegados e non ao revés. O claro perfil apolítico e cultural que caracteriza o Gure Etxea durante toda a súa existencia serían aínda máis nítidos 20 anos antes.

Ese apoliticismo quizais sexa o único eixe lineal que puídemos rastrexar con nitidez no historial do Centro Vasco. O económico é a variable que debuxa as curvas que moldean as etapas que mencionamos máis arriba, ponderadas coa mirada no números de socios. Pero se observásemos a árbore sen ver o bosque, seríamos inxustos nas nosas apreciacións. Cando percorremos os últimos 60 anos da vida institucional e política arxentina, observamos con máis claridade os escasos instantes de normalidade polas que se atravesou. O Centro Vasco nace e transcorre a súa infancia en plena época do primeiro peronismo, que non só deixou moito que desexar en canto ás liberdades de expresión, senón que o seu líder fora remiso a declararlle a guerra ao Eixe na última contenda mundial. Dende ese punto de vista, manifestarse en contra de Franco non debeu ser o máis recomendable por aqueles anos. Pero despois do 55, os gobernos militares só deixaron lugar a un par de curtas e frustradas experiencias democráticas. Visto así, parecería que non foi só a comunidade vasca previamente asentada a que moldeou o perfil cultural, senón unha reali-

dade maior da que a comunidade en cuestión non disentía (nin podía facelo) maiormente. Así se entende tamén que os centros vascos nacidos antes desta sucesión de golpes militares (e en cidades grandes), como Laurak Bat e Zazpirak Bat, tivesen un compromiso político maior cos acontecementos de Euskal Herria. Reforzaría aínda máis esta idea poder observar se existiu un retroceso ou unha viraxe cara a actividades máis culturais durante 1930-1980 nesas institucións. Ou o que é igual, se as discusións e seguimento dos acontecementos da Península pasaron a instalarse no interior do Centro, entre unha minoría.

Pero non debemos esquecer, para extraer conclusións máis ou menos interesantes, como é a vida cotiá dun centro vasco e a súa relación cos documentos que contamos para reconstruíla. Polo xeral, o centro vasco de calquera cidade do interior bonaerense presenta unha vida tranquila e cunha concorrencia mínima durante gran parte do ano; iso vese alterado con presenzas máis ou menos masivas en momentos específicos do calendario que coinciden con festividades patrias. Ter en conta iso é importante porque as pegadas que nos quedan (en actas, memorias e xornais) coinciden case exclusivamente con eses momentos excepcionais. De alí que se convertan no termómetro que marca (xunto coas estatísticas da sociedade) a actividade social da institución. Ambas as dúas cousas, socios e festividades, retroaliméntanse. Vimos así que os períodos de esplendor presentan infinidade de actos, obras, viaxes e comidas (mostrándonos que había enerxía e orzamento para facelo), mentres que os de baixo perfil nos legaron actas e memorias de media folla e diarios nos que os vascos de Tandil brillan pola súa ausencia.

Como xa adiantamos, a historia do Gure Etxea (como supoño a da maioría dos centros vascos) é a historia duns poucos. Máis alá de que non exista unha Euskal Etxea sen socios, estes acoden a ela só esporadicamente: dúas ou tres veces ao ano aos festexos dalgunha data patria. Os que constrúen a imaxe do centro fronte aos centros colegas e á sociedade local son unha parte activa das distintas comisións directivas, o corpo de bailes, o coro e esa ducia de seareiros que concorren a diario á súa taberna. Eles son tamén os encargados de mantela. Como en calquera institución, o socio ocupa un lugar de privilexio e é xeralmente alleo aos vaivéns que sofre a parte visible do iceberg, aínda que dependa en boa parte da súa base. Por iso se explica tamén que, durante certos momentos da historia do Centro Vasco, os directivos seguisen atentos aos acontecementos de Euskal Herria, pero sen trasladar esas tensións cara á periferia. A boa parte deses socios, na súa maioría descendentes de vascos, os acontecementos da Península resultábanlles extremadamente distantes. Cando non estaban naturalmente máis preocupados polos acontecementos nacionais (que non eran poucos), a crecente distancia terminaba de inmunizalos. Iso, sumado

ao coñecemento de que un pequeno sector dos asociados non tiña unha posición moi definida sobre os dereitos de Euskal Herria para ser independentes de Madrid, facían que os directivos non se manifestasen máis que a portas pechadas ou en correspondencia con vascos doutras Euskal Etxeas.

Agora ben, para que as páxinas deste artigo pechen con coherencia as formulacións iniciais, non debemos esquecer a importancia que presupoñiamos que tería a comunidade vasca preexistente. O Gure Etxea é unha institución que representa ao grupo étnico posiblemente máis esquivo aos formalismos entre todos os grupos de inmigrantes. Á tradición de manter os costumes sen escritos de por medio que sempre se adxudicou aos vascos, cómpre agregar que, para vivir, ao vasco «le basta su familia». Iso, metodoloxicamente pouco rigoroso, é ben coñecido e padecido polos directivos de todas as Euskal Etxeas arxentinas, pero poténciase en ambientes ruralizados como o do sueste bonaerense.

A comunidade vasca construíu unha pequena Euskal Herria na parte nordeste da cidade da serra, onde habitaba día a día, nun ambiente étnico aberto pero inconfundible, con límites máis ou menos precisos. O Gure Etxea veu pousarse nela e sobre ela, como unha aguiá, como unha acrópole sobre a zona rural que dominaba. Aqueles estaban convencidos de que, sen o institucional, a imaxe dos vascos facíase difusa, espárexiase en centos de individualidades. Os veciños da pequena Euskal Herria achegáronse a ese centro de decisións que se quixo erixir en faro da comunidade con distintas intermitencias e esporadicamente. Ás veces, en épocas festivas, en forma tan masiva como espárexida, igual que campesiños que acoden á feira para vender os seus produtos; outras, deixando aos dirixentes só no seu esforzo de uniren un rabaño esquivo para conservaren os costumes milenarios. Un rabaño que nalgunha oportunidade deixou a pegada e quixo continuar infrutuosamente noutro sitio, pero sen pastores nin cans que os acurralasen.



## **POBOACIÓN E CULTURAS HALIÉUTICAS. A DIÁSPORA DA MARIÑEIRÍA DE ALTURA GALEGA AO LITORAL NORTEAFRICANO NO SÉCULO XX**

*Esmeralda Broullón Acuña*

### RESUMO

O seguinte traballo mostra os resultados obtidos nun estudo de campo sobre o desprazamento dun colectivo pesqueiro. A través do relato de mariñeiros galegos trasladados a Cádiz, restituímos a memoria dunha poboación estreitamente arraigada a esta milenaria cidade andaluza, trazando a partir destes parte do tecido social gaditano. Igualmente describimos as características dos emigrantes arribados a esta urbe portuaria de mediados do século xx tras realizar un estudo sociolóxico dos padróns municipais que obran no Archivo Histórico Municipal de Cádiz.

*Palabras claves:* Poboación e cultura pesqueira, diáspora, Galicia, Andalucía.

### ABSTRACT

The following work exposes the result of a field study on the emigration of a fishing group. Across the story of Galician sailors immigrated to Cadiz (Spain) we recover the memory of a population established to this ancient Andalusian city, revealing to from these it departs from the social from Cadiz interaction. We describe also the characteristics of the migrants come to this port city in the middle of the 20th century after realizing a sociological study of the municipal census that act in the Historical Municipal File of Cadiz.

*Keywords:* Population and fishing culture, exodus, Galicia, Andalusia.

A condición principal que define a cultura do traballo de mariñeiros e pescadores é a extraterritorialidade.<sup>1</sup> Se ben o espazo en si mesmo non outorga

Recibido: 7-9-2009 Aceptado: 2-2-2010

1. Adoptamos a categoría do traballo incorporando tanto os seus elementos materiais como as representacións sociais que o conforman. Incidindo nos seus aspectos técnicos-organizativos e especialmente nos elementos cognitivos, obtivemos información sobre o imaxinario, os

poder, si o fará a actividade tradicionalmente representada como masculina ou feminina, en función duns sistemas culturais que proporcionan maior ou menor autoridade ao respecto (Rosaldo, 1979: 155). Iso quere dicir que no estudo realizado sobre poboacións mariñeiras partimos dunha escisión espacial materializada pola terra e polo mar. Ambas as dúas realidades modulan a configuración física e simbólica dos axentes sociais, ao mesmo tempo que estas son o punto de partida das súas experiencias. O noso enfoque realiza, polo tanto, unha aproximación á práctica diferencial, xerárquica e excluínte que se atopa na base da organización social das sociedades marítimo-pesqueiras e das súas culturas produtivas, incidindo no dualismo sexual como un imperativo civilizatorio, consolidado por unhas históricas relacións de poder. Cómpre mencionar as condicións desiguais entre os sexos en cada un dos contextos cronolóxicos e xeográficos como son Galicia e a Andalucía Atlántica a mediados do século xx.<sup>2</sup> Iso indúcenos a representar as relacións de xénero como un principio que estrutura as relacións humanas. A través desta perspectiva intentamos superar a clásica separación entre o público/mar/productivo/home e o privado/terra/reprodutivo/muller como forma de opresión. En termos xerais, abordamos as pesqueiras como un sistema cultural, introducíndonos nos procesos cognitivos e simbólicos do colectivo estudado e na articulación

comportamentos, os valores e as actitudes dos axentes ante os procesos socio-laborais nunha determinada cultura do traballo. Unha categoría que dende a nosa óptica non é allea ás representacións xenéricas, pois no ámbito marítimo pesqueiro a división entre traballo e xénero determina a organización social, configurada pola súa vez por outra variable como é a etnicidade, factor principal do cal parte este estudo. Sobre o dito concepto véxase Godelier (1989: 165-166), Palenzuela (1995: 3-28), Narotzki (1995), Comas D'argemir (1995), Moreno (1997: 9-28) e Borderías (2007).

2. O éxodo deste colectivo pesqueiro móstranos un panorama en que as mulleres ocupan, a diferenza doutros litorais peninsulares, os portos pesqueiros posto que estamos nunha área con grande ausencia de homes. Este é un dato que hai que ter en conta á hora de estudar a traxectoria que seguiu a migración feminina, pola perda de espazos propios ou compartidos en termos de «fronteira» coa comunidade. O paradoxal deste espazo fronteirizo, o peirao, é que, se ben a súa participación se recoñeceu como decisiva, adoita ser concibida de maneira complementaria. Sostemos que este é un enfoque nesgado, xa que dende a nosa experiencia de campo atopamos que niso hai un principio de prexuízo ao outorgarlles un carácter subsidiario e en contraditoria posición dentro das dimensións reprodutivas dunha sociedade. A división do traballo en razón ao xénero, a partir da actividade extractiva do home, adoita identificar as tarefas realizadas polas mulleres como unha mera axuda á fráxil economía familiar. Os traballos femininos ligados ao mar e aos seus recursos non poden definirse como subalternos, posto que forman parte da contribución material e cultural ao conxunto da sociedade en que se insiren. Tamén porque houbo períodos en que parte da subsistencia destas poboacións chegou a depender do traballo e das estratexias das mulleres, ben polo enrolamento obrigatorio dos mareantes, ben polos naufraxios debidos á precariedade tecnolóxica dos barcos, así como pola diáspora migratoria masculina desta rexión.

de variables como o sexo e a etnia, en canto marcadores culturais que apuntan a procesos construtores de identidade social.

As investigacións sobre as poboacións que teñen o mar como principal fonte de vida tiveron unha abondosa pero concisa traxectoria no ámbito académico nacional.<sup>3</sup> O seu percorrido desenvolveuse en consonancia cos cambios acontecidos durante as últimas décadas ao fio da presión exercida polo contexto globalizador sobre as comunidades de mariñeiros e pescadores. Diversos puntos de vista epistemolóxicos como a etnometodoloxía, o interaccionismo simbólico, a ecoloxía cultural ou o marxismo conflúen en aspectos que atinxen basicamente cuestións tecnolóxicas e sobre dimensións que xiran arredor da explotación dos recursos pesqueiros. Os traballos realizados dende unha perspectiva antropolóxica ocupáronse, *grosso modo*, das relacións sociais que nelas aparecen e das institucións que as conforman. A antropoloxía, concretamente a antropoloxía marítima,<sup>4</sup> debido ao seu enfoque holístico, investigou, entre outras cuestións, na análise da xestión e o control das pesqueiras, a interrelación entre a explotación dos recursos e as formas de apropiación, así como no proceso de produción e as relacións socioculturais no ámbito marítimo pesqueiro. A principal orientación das investigacións sobre sociedades pesqueiras está realizada cunha visión economicista ou dende a óptica da ecoloxía política,<sup>5</sup> expoñendo a interacción entre a natureza e a cultura e trazando a cartografía das denominadas sociedades haliéuticas en canto á

3. De fonda importancia son as etnografías de B. Malinowski (1922) sobre os trobriandeses e a primeira monografía realizada nos anos corenta por R. Firth (1946) sobre os pescadores malaios e cuxo esquema conceptual estaba inspirado nos traballos de economía campesiña. Sobre os estudos que máis tarde proliferaron sobre as poboacións marítimo-pesqueiras, consúltese as reценsións bibliográficas realizadas por Rubio Ardanaz (2003: 255-257). Mentres que no ámbito nacional foron pioneiras as investigacións realizadas por Marugán Pintos (1988, 1989, 1993, 1995a, 1995b, 1999, 2004), Montero Llerandi (1986a, 1986b, 1988), Pardella Blas (1989, 1990), Rubio Ardanaz (1994, 1996, 1997, 2000, 2003), Galván Tudela (1988, 1989a, 1989b, 1996), Galván Tudela e Pascual Fernández (1996), Cabrera Socorro (1997, 1999, 2003), Juan Luis Alegret (1989, 2003), Calo Lourido (1978, 1996), Sánchez Fernández (1980), García Allut (1996, 1999, 2003), Oliver Narbona (1982), Moreno Virués (1995), Agudo Torrico (1991), Cáceres Fera (2002), Florido del Corral (2002a, 2002b, 2003, 2004) e Menard (2008).

4. Sobre o campo de acción da investigación antropolóxica, consúltese Rubio-Ardanaz (2003: 237-257). Para unha aproximación sobre as bases teóricas na antropoloxía da pesca e/ou etnoloxía marítima e o seu desenvolvemento epistemolóxico, Alegret (1989: 119-137), Rubio-Ardanaz (1994: 19-27; 1997: 7-11), Galván Tudela (1988), Galván Tudela e Pascual Fernández (1996: 128-138) e Pascual Fernández (1997: 15-28).

5. Cómpre destacar a liña de investigación de García Allut a través da creación de *lonxanet*, empresa de comercialización de peixe na que os propios pescadores participan a través dun mercado electrónico, co que se transformou a relación entre axente e espazo marítimo-pesqueiro. Véxase [www.lonxanet.org](http://www.lonxanet.org).

súa diversidade. Estes traballos incorporaron unha visión diacrónica e conforman un valioso *corpus* teórico. No entanto, o espazo marítimo tanto na súa dimensión material como simbólica é herdeiro dunha ciencia etno/androcéntrica, de modo que ao longo da historia a interacción entre homes, mulleres e medio mariño é unha temática que ocupou unha escasa produción bibliográfica. Nalgúns casos, cando se representa a homes e mulleres partícipes dunha sociedade e cultura ao redor do mar adoita facerse dende categorías de análise dicotómicas e apriorísticas (Vid. fig.1).<sup>6</sup>

En canto ao marco xeográfico e cultural da nosa investigación, esta sitúase nun *territorio de fronteira*. Cádiz, entre dous mares e dous continentes, conta cunha privilexiada situación xeográfica que determinou a súa idiosincrasia portuaria e desenvolveu industrias afíns que condicionaron o seu acontecer na historia, onde a actividade pesqueira desempeñou un papel determinante na capital e na súa baía ao longo do pasado século.<sup>7</sup> Constatamos a presenza duns pioneiros de orixe galega expertos na navegación de altura, arribados no primeiro cuarto do século, ao abeiro das augas do Atlántico sur. Os barcos pesqueiros galegos alternaron como base dos seus bastimentos esta área portuaria ao contemplar nela, entre outros aspectos, a existencia dunha plataforma comercial que albergaba diversas infraestruturas referentes á pesca e á súa comercialización —almacéns e lonxa— construídos entre 1918 e 1923. Neste último ano creouse a Cooperativa del Mar (Vid. fig. 2),<sup>8</sup> ao acubillo da ditadura de Primo de Rivera, reconvertida en 1945 en Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Cádiz. Mentres tanto, a partir do Plan de Obras de 1949, ampliouse a funcionalidade estrutural do porto ao configurar unha área comercial, pesqueira e de reparacións que facía cada vez máis próspera a cidade ao fio da actividade pesqueira, converténdose en foco de atracción para os barcos e a mariñeiría galega, que atoparon na alternancia das súas tarefas —do Gran Sol ás costas norteafricanas— unha maior rendibilidade económica e mellor seguridade marítima. A esta burguesía pesqueira, conformada por

6. Placa situada no porto do Berbés (Vigo). Homenaxe a mulleres do ámbito marítimo-pesqueiro e pola súa vez emigrantes en Cádiz, que se nomean acompañadas dos cónxuxes e os seus apelidos respectivos, ao tempo que se reconece ao patriarca do clan familiar.

7. A traxectoria da actividade portuaria de Cádiz en época contemporánea foi estudada por Barragán Muñoz (1988a: 201-227; 1988b: 7-55; 1993:111-116; 1995).

8. Imaxe cedida por un informante durante o traballo de campo, descendente dun dos membros que pertencía á asociación armadora. De esquerda a dereita e de arriba abaixo as imaxes corresponden a: Ignacio Chilia, Manuel Freire, Manuel Sibón, Gaspar Lloret, José Riego, Benito Fernández, Paulino Freire, José Barreras, Vicente Larrañaga, Teodoro Sibón, José Veiga, Juan Rodal, José Sibón, Aurelio Montenegro, José Costas e Miguel Veiga. Igualmente consta no traballo realizado por Veiga (1974).





Fig. 1. Recoñecemento a mulleres do ámbito pesqueiro.



Fig. 2. Armadores en Cádiz.

armadores de diversas procedencias peninsulares, xuntáronse comerciantes e políticos locais. Isto orixinou unha liñaxe oligárquica fortemente consolidada a través dunhas estreitas redes clientelares, cuxa base de operacións se enraizou na urbe de estirpe portuaria, e que promoveu un rendible negocio marítimo-pesqueiro en expansión a partir da segunda metade do século xx.

Non obstante, os procesos migratorios son o resultado de factores globais coordinados entre si. Os galegos, nomeadamente os da Estrada (Pontevedra),

emigraron dende o século xvii a Cádiz para traballaren principalmente como serventes, xornaleiros, dependentes e comerciantes; mentres que o colectivo vinculado ás pesqueiras en Cádiz protagonizou unha localización provisoria que se fixo definitiva como resultado da busca de novos portos, mellores augas e bancos atraentes onde faenar, abandonando por tanto os labores que viñan desenvolvendo no *Gran Sol*, unha contorna hostil e de difícil manexo por uns mariñeiros que navegaban en barcos de madeira cunha exigua tecnoloxía. Estes fixeron fincapé na variable ambiental como causalidade central no renovado despezo das pesqueiras, pero consideramos que temos que conxugala con outras causas paralelas, co fin de evitar un determinismo ecolóxico. Aínda que existiu unha manobra que respondería, en primeira instancia, ao intento de adaptación ás circunstancias cambiantes do ecosistema natural, así como o efecto das presións e oscilacións económicas que soporta a actividade, tamén foi unha decisión impulsada polas condicións sociopolíticas do período en que transcorren os feitos.

O éxodo destes barcos e a mariñeiría apuntan a unha multicausalidade orixinada por diversos elementos como a climatoloxía, os ventos e o estado da mar, a orografía da plataforma mariña, a sobreexplotación, o ciclo das especies capturadas, o seu carácter móbil, a variabilidade do seu tamaño e a diversidade de especies no norte e no sur do Atlántico. Outras dimensións como o réxime de posesión da terra, os sistemas de herdanza na sociedade de orixe, etc., son cuestións categóricas na traxectoria deste colectivo. Se ben só poderemos abordar algúns destes aspectos nas seguintes liñas, estas realidades combinadas eríxense en factores que estimularon un traslado sen retorno. A gradual diáspora da frota galega no Sur atlántico peninsular consolidouse definitivamente nos anos cincuenta do pasado século, a raíz da forte demanda de peixe fresco tras o incremento da poboación nas cidades, consecuencia do éxodo rural, e das melloras das comunicacións, que favoreceron a apertura de novos mercados. Polo tanto, tamén influíu a necesidade do consumo de peixe nun país esgotado polos illamentos e a escaseza de alimentos; estas embarcacións proseguiron a singradura da súa expansión durante o século xx ao fío da revolución tecnolóxica no transporte marítimo e a cuxas esixencias se adaptaron as instalacións portuarias gaditanas baixo o corporativismo dunha elite marítima.<sup>9</sup> Un sector que se viu especialmente favorecido polo Protectorado en Marrocos (1956) e a política exercida sobre o Sáhara occidental ata a súa «descolonización» en 1975 tras a irrupción da «Marcha Verde». A maior rendibi-

9. Sobre as complexas maniobras resolutivas da Asociación de Armadores en Cádiz durante este período, véxase Giráldez Rivero (2002: 91-112).

lidade obtida polos empresarios destes bastimentos, grazas á proximidade do abondoso banco canario-sahariano e ás costas norteafricanas —Marrocos e Mauritania— impulsou, a raíz do crédito estatal, un próspero círculo portuario, naval e comercial en Cádiz ao fio da actividade pesqueira galega no contexto peninsular. Neste sentido, a Ley de protección y renovación de la flota de 1961 coincidiu coa fin da autarquía e co inicio da economía liberalizadora do *desarrollismo*,<sup>10</sup> cunha incidencia directa en amplos sectores e en detrimento da agricultura como actividade produtiva primordial do réxime franquista. Se ben a transformación industrial do sector iniciara a súa expansión a finais do século XIX (Giráldez Rivero, 1996; 1997: 33-46; Nadal e Carreras, 1990; Paz Andrade 1973: 83-94), a ampliación da capacidade e a tecnoloxía dos buques de pesca contribuíron ao desenvolvemento doutros sectores da economía e industrias afíns, iniciando un novo proceso industrial pesqueiro ao tempo que a economía estatal se viu reactivada.

#### **A PRESENZA GALEGA EN CÁDIZ A MEDIADOS DO SÉCULO XX. UNHA APROXIMACIÓN CUALITATIVA A TRAVÉS DOS PADRÓNS MUNICIPAIS**

Ante a práctica inexistencia de fontes documentais que rexistrasen a presenza do colectivo pesqueiro galego na Andalucía atlántica, tivemos que recorrer ás fontes testemuñais. De aí que, en primeira instancia, realizásemos unha investigación sobre historia oral no sector das pesqueiras, no que o dispositivo territorial constitúe un dos elementos máis visibles, en canto que é unha dimensión que expresa a identidade do grupo desprazado en permanente reconfiguración simbólica. A achega do método cualitativo permitiunos elaborar un estudo en que a memoria dos suxeitos, como proceso diacrónico, reconstrúe a identidade dun colectivo formado por emigrantes vinculados á actividade do mar. A elección pola intrahistoria non implica a mera recolección de historias particulares, pois recorreremos a outro tipo de fontes

10. A Ley de protección y renovación de la flota pesquera tivo como principal obxectivo compensar as diferenzas provocadas pola elevada cifra de embarcacións pequenas, así como ampliar os bancos pesqueiros. A través dela pretendeuse reducir o impacto nos bancos tradicionais que daban mostras de sobreexplotación e dos cales dependía, na súa ampla maioría, a tonelaxe capturada das especies comercializadas. Aínda que esa política supuxo unha involución no sector de baixura e artesanal, xa que o Goberno con ese plan favoreceu a expansión industrial, logrou un afianzamento da pesca de altura e grande altura. Nesta conxuntura, desenvóléronse uns programas en expansión favorecedores dun corporativismo dos armadores como forte grupo empresarial, aspecto moi presente nalgunhas das descrições dos informantes durante o traballo de campo e que requiriría outro estudo centrado nas elites e a oligarquía marítimo financeira.

que nos permitiron achegarnos á realidade social das pesqueiras dunha forma global. A metodoloxía cualitativa foi complementada cun traballo de fontes arquivísticas, a partir dunha cata realizada nos padróns municipais da cidade de Cádiz durante o século xx, que ofrecen unha gran riqueza cualitativa e cuantitativa. Analizamos os padróns das décadas dos anos vinte, corenta e primeiro lustro dos cincuenta.<sup>11</sup> A través dunha ficha-modelo obtivemos información sobre isto e creamos unha base de datos sobre a demografía galega en Cádiz. Mais será a partir de 1940 cando constatemos a permanencia dunha poboación de orixe galega estreitamente vinculada ás actividades pesqueiras e en cuxa empresa estaba implicado o núcleo familiar. Neste período, as mulleres que emigraron fixérono en calidade de esposas de homes embarcados e o resto de parentes trasladáronse en condicións socialmente desmelloradas, baixo a protección dos familiares asentados en Cádiz, tal como foron as mulleres viúvas ou solteiras con fillos non recoñecidos. Esta aproximación entre os sexos —respecto aos padróns anteriores—<sup>12</sup> é tamén o resultado da implicación das familias nucleares no éxodo iniciado polo home, acontecido no período máis arduo da posguerra española. Como contraste respecto ás pautas dos anos vinte, a esposa e mais a prole seguiron o camiño trazado polo cabeza de familia, que viaxou, nesta ocasión, máis acompañado que só.

Entre as catro provincias galegas, A Coruña sitúase en primeiro lugar, se ben os traslados se estenderon, respecto ao primeiro cuarto de século, aos lugares costeiros como Santa Uxía de Ribeira, Noia e A Pobra do Caramiñal. Prosegue o asentamento de poboación de Ferrol, lugar de profesionais do estamento militar trasladados a Cádiz capital, mentres que Santiago de Compostela participa en menor medida en comparanza co período anterior. En segundo lugar, segue a provincia de Pontevedra, cunha achega máis numerosa dos municipios e parroquias costeiras que do interior, en concreto da ría de Vigo, que ampliou neses anos a súa expansión pesqueira ao sur peninsular

11. Os censos municipais achegan unha base demográfica cunha relevante información sobre o perfil e as prácticas de cohabitación do colectivo estudado, polo que requiriríamos a ampliación deste proxecto inicial. A nosa aproximación sociolóxica parte dun rexistro de setecentos emigrantes no padrón de 1921, dous mil en 1940 e dous mil cincocentos en 1955. Realizamos unha análise cualitativa constatando as seguintes variables: idade, sexo, lugar de orixe, estado civil, nivel cultural, profesión, tempo de radicación na cidade, redes de veciñanza, redes de parentesco, tipoloxía matrimonial, estrutura familiar, tipos de hábitat, formas de cohabitación á parte das clásicas estruturas familiares e a súa distribución territorial na sociedade de recepción.

12. Nesta investigación tamén se fixeron catas nos censos do século xix que foron realizadas polos doutores María Dolores Pérez Murillo e Alberto Gullón Abao, profesores titulares de Historia de América da Universidade de Cádiz. Por iso barallamos unha información comparativa sobre o perfil migratorio da poboación galega.


cun carácter itinerante. Pola contra, as capitais de provincias como Pontevedra, Lugo e Ourense apenas participaron neste desprazamento. A idiosincrasia marítima dos lugares de procedencia desa poboación, tendo en conta que falamos dun pobo historicamente mariñeiro, prevaleceu especialmente a partir do padrón de 1940. Os bastimentos galegos descritos polos informantes carecían de autonomía para facer fronte á dureza das augas do Atlántico norte, moi inseguro, en termos dos propios protagonistas, no marco da Segunda Guerra Mundial. Unhas circunstancias que facilitaron a diáspora, provisional en principio, cara aos bancos de pesca situados nos territorios coloniais do litoral norteafricano e especialmente aos ricos bancos pesqueiros do Sáhara occidental español.

O oficio de xornaleiro, que dominaba no primeiro cuarto de século, foi desprazado polo de mariñeiro, que se reproducía, na súa práctica totalidade, por tradición familiar tanto nos fillos como no resto dos homes da familia extensa. Isto último foi posible porque chegaron na súa maioría irmáns xunto ao resto da parentela masculina, ao coidado de parentes maiores que recalaran con anterioridade no porto gaditano. Tamén corroboramos o resto de profesións que conforman o nicho laboral marítimo-pesqueiro: mecánicos, maquinistas, motoristas, fogueiros, *chaboleiros*, cociñeiros e, por suposto, os patróns, que viron recompensado o seu prestixio ao mellorar o seu grupo familiar coa empresa migratoria. Ao mesmo tempo, foron asentándose progresivamente algúns armadores e industriais ligados ao sector. O colectivo de mariñeiros chegou a Cádiz polas referencias doutros parentes de primeiro grao e deste modo aglutinou en unidades que progresivamente se viron ampliadas a modo de familia extensa. Por norma xeral, atopamos paisanos casados, residindo xuntos, na mesma casa ou edificio en condicións de estreiteza.

O segundo grupo destacado da colonia galega foron os comerciantes e dependentes. No entanto, cómpre obxectar que apenas se produciu unha substitución deste colectivo respecto da poboación de orixe galega subscrita nos padróns anteriores, pois situámonos nun período de difícil abastecemento para o comercio. Non obstante, estes idearon un dos referentes culturais e identitarios máis significativos da cidade, a partir da invención dos fritidores. Non existía un antecedente desta modalidade comercial e de cultura alimentaria en Cádiz antes de que chegasen os galegos e constatamos que non existen fritidores en Galicia, onde a nosa pescuda etnográfica nos levou a confirmar a preferencia da poboación a preparar o peixe cocido, en caldeirada, e non precisamente frito. En consecuencia, as condicións descritas no marco da emigración favoreceron a orixinalidade dun produto de «identidade gaditana», revelando o carácter dinámico da cultura e a iniciativa desta poboación.

A discriminación dos xéneros reserva ás mulleres o papel de «anxos custodios do fogar». Pois todas as mulleres, sen excepción, quedaron inscritas como amas de casa ou os seus labores. A organización familiar foi un dos maiores compromisos outorgados ás mulleres, baixo un imperativo moral, consolidado nun modelo de cooperación e de confinamento familiar en que se afianza á muller principalmente como coidadora sexa casada, viúva ou solteira. En definitiva, o colectivo masculino arribou protexido pola súa propia rede familiar. Isto posibilitou un novo relevo xeracional tras a incorporación da esposa-nai, a prole e boa parte da familia política, que residían no mesmo hábitat. En consecuencia, predominaron as unidades familiares extensas, aínda que se viron neste novo ciclo ampliadas —entre catro e cinco membros por casa— por parentes de primeiro grao, como son irmáns/as, cuñados e, sobre todo, cuñadas, sobriños, curmáns e nais anciás, así como un número inferior de criadas respecto aos padróns anteriores, incorporadas paulatinamente ao servizo das familias acomodadas e/ou de comerciantes galegos ou santanderinos que continuaban preferindo o servizo mediado pola veciñanza. Polo tanto, as vivendas unipersoais rexistradas no primeiro cuarto de século desaparecieron da colectividade galega.

Táboa 1. Distribución por sexos



Fonte: Padróns municipais. Arquivo Histórico Municipal de Cádiz. Elaboración propia

No padrón de 1940, cotexamos a existencia dunha poboación formada por emigrantes novos cunha media de dous fillos, modelo de familia nuclear, entre os que un ou dous naceran en Galicia mentres que os seguintes nacerían en Cádiz. Non obstante, no novo proxecto migratorio irán incorporán-

dose familias extensas, o que sería fundamental neste modelo de cohabitación e relación social no que o parentesco e a veciñanza estimularon as prácticas endogámicas, que no primeiro cuarto de século non chegaron a verse materializadas. Iso significou que os matrimonios mixtos, que non temos que obviar o motivo polo que se produciron, comezaron a descender respecto ao período anterior, posto que as parellas, en moitos casos de diferentes municipios portuarios, xa estaban constituídas ao chegar esta migración masculina a Cádiz. Mentres tanto, a rede de veciñanza é moito máis tupida durante estes anos, pois ese colectivo concentrouse non só no mesmo barrio ou rúa, senón no mesmo edificio, favorecendo a súa interacción e compartindo unha idéntica cultura profesional. Por conseguinte, veciñanza e mariñeiría foron as particularidades que os agruparon, cunha presenza moi significativa en barrios como El Pópulo, La Merced e La Palma. As condicións de habitabilidade tiveron que exercer a súa influencia no ánimo dunha poboación que non estaba afeita a pechase en «partiditos» de vivendas de casas do dezaeito e decimonónicas do Cádiz de intra muros.<sup>13</sup>

A década dos anos cincuenta estivo caracterizada por unha continuidade das pautas anteriores. Con iso queremos dicir que se orixinou, por un lado, o asentamento dun continxente máis numeroso na cidade e, polo outro, que este colectivo intensificou a súa actividade extractiva en augas do Atlántico sur, nunha continua procura de bancos con recursos pesqueiros abondosos e cada vez máis ao sur das costas norteafricanas en razón ás futuras políticas públicas pesqueiras. Nas peculiaridades das pesqueiras, atopamos a causalidade primixenia dunha migración masculina, aínda que o conxunto do proceso se revela como un traslado preferentemente de familias nucleares. Os homes chegaron na súa maioría acompañados de paisanos mariñeiros, cuxos barcos mantiveron como porto de operacións a cidade de Cádiz, e entre os tres e os seis anos posteriores, a maioría dos homes cabezas de familias reclamaron as súas cónxuxes. Moitas mulleres chegaron soas e outras tantas coa prole, e asentáronse de maneira definitiva para non retornar. Este é o modelo básico de inmigración galega en Cádiz de mediados do século xx, onde a profesión de mariñeiro e o resto dos oficios especializados precisos para pescar dominaron con total centralidade esta etapa.

13. Modalidade de hábitat que resulta de subdividir/partir unha vivenda en varios hábitats, xerando unhas precarias infraestruturas ao tempo que unhas relacións sociais moi estreitas. O «partidito» gaditano garda un paralelismo respecto ao «conventillo» porteño e, salvando as distancias, coa actual construción en «barbacoa» da Habana.

Ao comezar o período do desxeo político e o final do illamento da cidade, foi a actividade ao redor do mar —ademais dos estaleiros e a fábrica de tabacos, que proporcionaba unha abundante man de obra feminina— aquilo que deu un renovado impulso vital ao porto de Cádiz, onde unha poboación extenuada vendeu as súas exiguas forzas de traballo á nova oligarquía marítimo-pesqueira confabulada co réxime político. O novo continxente estaba constituído por homes e mulleres novos que contaban entre vinte e trinta e cinco anos cando chegaron, cun tempo de residencia rexistrado entre cinco e quince anos, mentres que a faixa de idade que prevalece no momento da inscrición de 1955 é de trinta a corenta anos. Esa mocidade aumentou a familia na sociedade de acollida. Aínda que estes viñan incorporándose cunha media de dous fillos, naceron en Cádiz a maioría dos fillos destes galegos. Malia que é a familia nuclear a que adquire protagonismo, foron ampliadas as pautas de cooperación e axuda familiar. A partir dos datos sobre o rexistro de familias extensas aglutinadas nun mesmo domicilio ao inicio, obsérvase que o tecido familiar é fonte de seguridade e arraigamento fóra de todo lugar de orixe. Deste modo, atopamos agrupados cuñados, irmáns, tíos e sobriños, pais ou sogros e case sempre nun mesmo hábitat, precario para grupos constituídos por seis, sete e mesmo oito persoas. No mesmo edificio, constatamos a reiteración de unidades familiares dedicadas ás pesqueiras e emparentadas entre si por vínculos consanguíneos. É significativo que aumentase de maneira considerable o agrupamento de individuos, baixo a rede de veciñanza e mariñeiría que xa observabamos en 1940, de tal xeito que a endogamia se viu favorecida pola proximidade das familias que teñen en común a mesma orixe, procedencia e cultura do traballo. Baixo estas circunstancias, rexistramos numerosos casos de mulleres que, a pesar de estaren radicadas na cidade dende nenas, contraeron matrimonio con homes galegos, acabados de chegar ou con menos tempo de residencia na cidade ca elas. Non obstante, as mulleres non foron protagonistas activas do proceso migratorio, pois no seu traslado mediaba o reclamo do cabeza de familia. Entre elas, atopamos tamén as nais solteiras que ven na emigración unha vía de fuxida, outra suposta oportunidade lonxe do lugar onde fora manchada a súa honra. Pola súa parte, os anciáns incorpóranse ás unidades familiares dos fillos para quedaren finalmente na cidade, contabilizándose un maior número respecto aos padróns anteriores. A diáspora non só atraeu persoas directamente vinculadas coas pesqueiras, tamén arribou unha abondosa migración subsidiaria, entre a que destacamos a mulleres solteiras, parentes ou paisanas das familias vinculadas ás pesqueiras, que desempeñaron oficios como serventas, modistas e lavandeiras.

A dinámica amosada no seo das familias dos propietarios dos barcos indica a permanente participación dos membros do grupo na empresa fami-



liar. É dicir, fillos, sobriños e irmáns coparticiparon dos oficios de patróns, mariñeiros e fogueiros, ao abeiro da protección que supoñía a práctica institucional da súa cultura de procedencia que consistía en «traballar para a casa». Se ben o modelo de institución familiar que se consolida é o nuclear e o matrimonio neste caso é endogámico, os matrimonios mixtos reducíronse respecto ao padrón do primeiro cuarto de século, á vez que as familias monoparentais rexistradas con anterioridade desapareceron, pois estamos ante unha emigración en que predominan os matrimonios e familias novas fronte á tradicional diáspora de homes sós.

Respecto ao lugar de procedencia, prodúcese unha variación, aínda que as provincias da Coruña e Pontevedra continúen sendo as principais dinamizadoras da diáspora. A poboación da Coruña descende respecto aos períodos anteriores, aínda que individuos dos portos pesqueiros de Noia, Ribeira, Muros ou A Pobra do Caramiñal seguen arribando á cidade; mentres que os emigrantes da ría de Vigo foron os que acrecentaron a presenza galega en Cádiz a mediados do século xx e a partir dos que se consolidou esta actividade así como o seu arraigamento cultural na urbe, interferindo no tecido social dela tal como pode observarse na actualidade. En relación coas condicións de habitabilidade, cuxo acusado amoreamento será característico como forma de vida cando chegan, temos que precisar que durante este período continuaban sendo numerosos os casos de familias que ocuparon as azoteas dos edificios, chegábanse a triplicar as vivendas nas partes altas destes. Entre os barrios que acolleron un maior número de emigrantes a partir de 1955, será a área do Pópulo a máis habitada polos galegos. Así mesmo, aos traballadores das pesqueiras séguelles o colectivo do sector servizos, que, xunto coa comunidade santanderina ou «montañeses», se ocupaba da mariñeiría paisana acabada de arribar a terra, copando espazos de sociabilidade masculina. Cómpre mencionar a proliferación de establecementos formados polos bares arredor da praza de San Juan de Dios e a rúa Sopranis, onde camareiros, cociñeiros e «fregantines» galegos foron testemuñas do ocio do colectivo mariñeiro, das viaxes e das lendas marítimas que mediante estes actores fixeron historia na cidade.

## **IDENTIDADES E PRÁCTICAS DISCURSIVAS**

Os relatos biográficos dos emigrantes están estreitamente conectados coa historia da pesca en Galicia. O desprazamento do colectivo de mariñeiros galegos á Andalucía atlántica irrompeu no primeiro cuarto de século xx ante o dinamismo polo que atravesaba un sector en expansión, tras asistir ao progreso tecnolóxico e á transferencia dos seus recursos á industria transformadora

que, pola súa vez, incrementaba esta produción. Ao mesmo tempo, os axentes testemuñaron un período de recesión, sobreexplotación e flutuación dos recursos pesqueiros no territorio marítimo onde tradicionalmente faenaban. Unha oscilación acusada pola idiosincrasia marítima que os levaba a sufragar cos custos da produción e a aturar unha constante presión psicofísica, expondo parte dos motivos que orixinaron a diáspora da tripulación ás augas da plataforma continental europea e ás costas norteafricanas, tal como se expón nos seguintes testemuños:

Mi profesión era la mar, siempre. Cuando andábamos aquí, salíamos de Vigo o de Bouzas a pescar ahí a las Islas Cíes, por ahí afuera unos años al arrastre, mi padre era armador. Eran parejas, yo siempre anduve a la mar en pareja. Primero anduvimos todo por el sur, desde Finisterre hasta la parte de Lisboa, claro eran barquitos pequeños. Salíamos por la mañana a pescar y a las cuatro de la tarde ya estábamos en puerto. Entonces ya los barcos se fueron haciendo mayores, ya mi padre hizo un barco mayor. Dejamos de ir a la parte de aquí del sur y entonces nos fuimos pa la parte del Gran Sol a pescar. Era un sitio que los temporales eran algo... algo fuera de serie, pero había que hacer algo [...]. A Cádiz, eso fue que teníamos los barcos de madera también y entonces claro con los barcos de madera íbamos pa Cádiz, no había como quien dice temporales, trabajábamos muy tranquilos, como decíamos... «de vacaciones», claro allí estabas en cubierta y la cosa era que llegaba el pescado... Nosotros casi era normal, cogimos una ruta: verano aquí, invierno a Cádiz, allí echábamos la temporada en Cádiz, todo Canarias, todo aquello. Sí, allí entonces trabajábamos bien, porque no hacía ese frío ni había nada de esos temporales, el viento de levante...

Hay quien vino en el veintitrés, antes de la guerra ya pero durante la guerra no, no siguieron los barcos por aquí por Agadir, Santa Cruz, Mazagán... Hasta Canarias y Cabo Jubi íbamos a pescar. Mi padre era el dueño, teníamos una pareja [...] y aquí nos quedamos. Yo llegué en el año veinticinco con mi padre y con mi madre porque el hermano de mi padre ya estaba aquí con barcos.

Los terrenos no daban para nada, en ellos sólo se trabajaba de tres a cuatro meses, igual que en la mar allá que duraban las faenas cuatro o cinco meses. No había trabajo en la pesca, también éramos muchos y no había para todos. Así los mismos armadores son los que marcharon para el Sur, porque había más pescado, los barcos no se estropeaban tanto como a donde tradicionalmente íbamos, en las aguas del norte, pues ellos buscaban hacer dinero y nosotros teníamos por consiguiente que salir.

Archivo del Trabajo de Campo: Testemuños de migrantes galegos en Cádiz.

Cádiz contaba en 1950 cunha poboación de 100 000 habitantes, basicamente concentrados no radio de intramuros, polo que a insularidade e a densidade de poboación impactaron neste grupo étnico. A iso habería que engadir

o pesadume polas precarias condicións de habitabilidade nas que residían as clases populares, situadas nos barrios onde a mariñeiría se asentou, predominando uns hábitats que diferían do medio de que estes procedían. A busca e a readaptación á nova vivenda foi unha das principais dificultades coas que tiveron que loitar. Paralelamente, en 1950, o 33% da poboación española vivía sen auga corrente e o 79% sen electricidade. Estas circunstancias orixinaron determinadas destrezas por parte dos mariñeiros primeiro, e das súas familias máis tarde. Desenvolveron unhas estratexias resolutivas amortecedoras basicamente polas relacións de familiaridade, autoaxuda e solidariedade entre eles e coa poboación autóctona. Non obstante, a retórica falanxista sostiña o principio de «ni un hogar sin lumbre, ni un español sin pan» e as fontes xornalísticas optimizaban a proxección social dunha urbe con tendencias luminosas. Por outro lado, a maioría dos/as emigrantes procedían dunha área rural, concretamente dunha parroquia. Unha poboación que contaba con dispositivos para a busca de recursos básicos e na que a interacción entre os seus axentes xeraba unha diferente cosmovisión:

Una pensión de aquella era demasiado cara, alojarte en casa de una familia era más barato pero tenías que tener amigos o que te conocieran bien. La vida del marinero era a bordo del barco, no había más que buscar.

Archivo del Trabajo de Campo: Testemuño de migrante galego en Cádiz.

Cádiz me gustó, la gente también, lo malo es que no podía vivir en una casa sola. La ciudad me pareció un sitio grande y bonito, ya te digo que lo único que no estaba a gusto porque vivía en una habitación muy pequeña con mis dos hijos y en Galicia era muy distinto. Era complicado encontrar vivienda, no había muchas y eran muy caras para poder pagarlas trabajando sólo de marinero. Teníamos en la casa buenas relaciones, la dueña que vivía con sus hijos alquilaba habitaciones y cuando venían los maridos de la mar le dábamos un poco de pescado...

Archivo del Trabajo de Campo: Testemuño de migrante galega en Cádiz.

A sociedade receptora, pola súa particularidade esencialmente urbana e portuaria dentro do marco sociopolítico descrito, presentaba a continxencia de internarse nalgúns dos seus subterfuxios, os cales durante o franquismo constituíron lugares claves para o entretemento do colectivo pesqueiro. Este foi o caso do mítico «Pay Pay», unha sala de festas e prostíbulo desaparecido ao mesmo tempo que se desencadeou a crise marítima na década dos setenta e oitenta, que inmortalizou lendas infaustas na memoria colectiva da cidade. Fundado nos anos corenta por don José Cruz, quen o bautizou co nome dun barco en que estivo embarcado, o «Pay Pay», foi un dos lugares de variedades

máis populares, concorrido por distintas capas da poboación, entre ela estes tripulantes nos seus diferentes estratos sociais:

Andaban las niñas por las calles detrás de un hombre. En esta estación la gente estaba así, llena de chavalas. Casas de niñas, casas que muchos no sabían donde estaban, eran secretas que había de eso... todo era la miseria. A los cabarés venían las artistas, bailando, desnudas y etcétera, etcétera... Abrían a las diez, once de la noche en el 'pay pay'...

Vivir Cádiz de aquella... ¡hoy no valéis un duro los de Cádiz! ¿Tú sabes la alegría que había en este Cádiz? Estaba el 'pay-pay' y el 'san Juan' y había aquí otro que veníamos contra la entrada de San Fernando, daba a la playa... de noche veníamos nos bañábamos con las muchachas. Ahora mira por las tascas, ¡eso era el mundo de Cádiz! pero era el muelle, había dinero por todas partes. El muelle ha muerto y muere Cádiz, el ambiente, todo aquello era terrible. Yo fui muy jueguista, yo soy gallego pero nací andaluz ya. [...] ¡Yo nunca fui el patrón de pesca!

Archivo del Trabajo de Campo: Testemuños de migrantes galegos en Cádiz.

De maneira paralela a estes mecanismos de evasión, unha retórica conservadora trataba de formar as mulleres en terreos máis acordes con aquilo que se esperaba delas, adscritas á súa condición de «anxo do fogar». Á miseria uníase a represión tanto da mendicidade como de calquera outro aspecto da moralidade pública; valorábase a decencia, a aparencia e o sentido do decoro, en contradición co descrito e prevalecendo a hexemonía deste discurso.<sup>14</sup> Durante o primeiro franquismo, creouse o Patronato de la Mujer, cuxas comisións provinciais redactaban informes anuais sobre a vida moral. Polo tanto, naceu para o control da moralidade pública, é dicir, para combater os amancebamentos, aos vagos, malfeitores, homosexuais, etc., instituíndo actitudes e ocupacións idóneas para as mulleres.

En canto ás identidades despregadas mediante o asociacionismo e a conformación da «Casa de Galicia», fronte a outras casas *rexionais* da cidade como é o Centro Cántabro, esta fraguouse baixo un forte corporativismo empresarial, mediada polo factor de clase sobre a etnicidade, perante a estreita conivencia da elite do sector cos poderes fácticos e a oligarquía financeira, que tendían máis ben a emular á burguesía gaditana que a rememorar as súas orixes ou tratar de amortecer a deslocalización deste colectivo desterritorializado pola idiosincrasia da actividade pesqueira. De aí que tras o declive marítimo-pesqueiro desaparecese —e se dispersase o seu legado documental—, mentres que a presenza

14. A picaresca e o perfil dos personaxes que dominaban o territorio urbano durante esta época foi estudado por Moreno Tello (2006: 66-82).

dunha parte dos feitos diferenciais galegos permanece con forte arraigamento na cidade a través da súa cultura gastronómica. Unha supervivencia rexistrada mediante a concentración de establecementos de orixe galega que sobreviven con identidade propia entre as renovadas rúas da urbe.<sup>15</sup>

Mentres que os homes navegaban e reproducían prácticas sociais subsumidas pola extraterritorialidade, as mulleres e a prole lograron integrarse no novo hábitat. O choque cultural ao que asistiron, en primeira instancia, estas mulleres levounas a potenciar as relacións endogámicas e de veciñanza; se ben transcorridos algúns anos de permanencia na cidade, unha vez consolidadas as unidades domésticas e vendo moi distante a posibilidade do retorno, comeza a percibirse unha socialización favorecedora da mestizaxe e a hibridación cultural. No novo espazo identitario que é a cidade receptora, observamos como nos lugares públicos, cando estes estaban dominados polas festas profanas ou sagradas, sempre houbo unha activa presenza da comunidade feminina galega, aínda que os seus esposos estivesen embarcados.<sup>16</sup> Só os rituais oficiais lle permitían á muller, acompañada da súa prole, familiares, paisanas e veciñas, concorrer aos lugares públicos para recibir a supervisión do control social. Deste xeito as festas locais convertéronse no novo espazo de integración e transculturación:

A mí me gustaba la Semana Santa y los carnavales, los niños se disfrazaban. No me perdía ni una Semana Santa y ni un carnaval. Iba con mis hijos a llevarlos, sola con ellos y cuando venía mi marido pues con mi marido. En los carnava-

15. Unha vez situados neles perdemos a noción espacial, pois no seu interior trasladámonos —agás pola híbrides cultural reflectida na maioría— a unha localización galega, sendo relevante esa realidade na paisaxe da cidade. Sirva de referencia o bar Noya, bar La Rambla, os diferentes fritidores e outros tantos desaparecidos, o bar Folgar, o «gallego» da Catedral ou Casa Hidalgo, La Cepa Gallega, ou doutra índole comercial cómpre mencionar a reloxaría e xoiaría Galicia, etc. Así como a incorporación do *pulpo a la gallega* nas cartas dos restaurantes e bares autóctonos da cidade. Esa inserción e efectos transculturadores son obxectos dun estudo pomenorizado para unha futura investigación.

16. Dende un enfoque durkheimniano, o sagrado é aquela dimensión que se corresponde a unha realidade transcendente experimentada polos axentes, onde o social se opón ao individual. Entre as actividades cerimoniais ás que asisten estas mulleres atópanse a Semana Santa ou o Corpus Christi. Neste marco despregábase un ritual —marcado polo sacrificio da penitencia— que no período descrito reafirmaba pola súa vez os valores do nacional-catolicismo. Se o adoutramento nacional-católico contou con múltiples resortes, entre eles destacaba o efervescente ceremonial da Semana Santa andaluza. Un espazo onde estas mulleres de mariñeiros, cuxa realidade cotiá se mantiña sometida ao «tempo de espera» e «tiempo de excepción», pautado pola ausencia/presenza do home, atoparon, polo menos, algunhas fendas para desenvolver tácticas sociabilizadoras e prácticas de resistencia, ampliadas tamén nas cerimonias case-folclóricas e barrocas do entroido durante o primeiro e o segundo franquismo.

les muchas veces, ya más adelante, nos íbamos todas juntas con todos los niños, gallegas y andaluzas.

El ambiente de Cádiz, por ejemplo los carnavales, me gustaban pues me cogió joven y vivía en un barrio muy carnalero. Aquí a la gente siempre le gustó mucho los carnavales. Disfranzaba a los niños, yo encantada, el humor era muy distinto, me agradó y participé. Iba con los niños a ver los carnavales, la cabalgata y con los niños también iba a ver la semana santa, las procesiones, todo eso. La Semana Santa me gustó muchísimo...

Sobre el ambiente de la ciudad, te diré que el bullicio no me gustaba, lo que más me gustó fue el *Corpus* porque mis hijos, de aquella era tradición, estrenaban. Si venía mi marido de la mar en carnaval o semana santa salíamos... yo iba con él. También recuerdo que por carnavales algunas veces participábamos, por ejemplo disfranzando a los niños. Ya te conté la fiesta que hicimos en el patio de la casa y nos vino la policía y cómo los echamos... con la cosa que al fin y al cabo sólo estábamos divirtiéndonos en una fiesta de niños.

Archivo del Trabajo de Campo: Testemuños de migrantes galegas en Cádiz.

Para as mulleres migradas, o espazo de representación nesta urbe portuaria situábase na fronteira entre a familia e o fogar, observándose prácticas que se disociaban respecto ao seu lugar de orixe. Na sociedade receptora, estiveron sometidas ao mandato de reclusión do espazo doméstico no que moitas delas desenvolveron traballos informais como lavandeiras, costureiras, empregadas do fogar, arrendadoras usufrutuarias de inmobles, etc., co que se converteron non só en reproductoras da prole, senón tamén en produtoras de beneficios que recaían na unidade doméstica, aínda que se considerase como salario o achegado polo home, mentres que a contribución económica da muller adquiría o carácter subalterno, de mera axuda familiar. O status socioeconómico dunha familia estaba determinado polo salario e profesionalidade do cabeza de familia, obrigándoas a recluírse no ámbito privado como espazo natural. A través do estudo de campo que sustenta este traballo, observamos as fisuras, tanto físicas como simbólicas, da cultura migrada, debido ás distintas construcións sociais e imaxinarias nas que se sostén. Estas xiran ao redor do mar e da terra, do público e do privado, da reprodución e da produción, da invención da femineidade e da masculinidade. Esas dimensións eríxense nunhas consolidadas dicotomías —xerárquicas e excluíntes— que sosteñen os seus discursos unha vez asentados definitivamente na urbe gaditana, chegando a perder espazos de autoridade respecto á sociedade de orixe.

Mediante as fontes orais constatamos a interacción social deste grupo étnico na sociedade de acollida, como tamén o universo de relacións de dominio entre eles. Algúns destes mecanismos fundamentáronse no patrocínio e nas redes clientelares amortecidos pola condición de compartir a cul-

tura e o territorio, de orixe e de recepción, tras a diáspora que emprenderon os barcos de pesca. Esas relacións contiñan unha serie de obrigas e correspondencias, configuradas nun espazo circundado por valores como a amizade/autoridade e a debida correspondencia desigual dentro dun sistema clientelar, en última instancia lexitimado polos aludidos contactos «de amizade». As redes de veciñanza e padroado constituíron, polo tanto, unha vía aberta para buscar resolucións persoais no lugar receptor, aínda que tamén adoptaron formas de autoexplotación entre algúns membros dunha mesma comunidade cultural:

No, no fui a trabajar a otro sitio, allá trabajaba en la red... bueno si me llamaba la del... para limpiar o cualquier cosa iba. Esto fue al principio de llegar, llevaría cuatro o cinco años aquí. Iba, me daba la merienda y a lo mejor diez duros, limpiaba toda la casa que era enorme. Su marido andaba con el mío a la mar, era patrón de pesca y luego cuando mi marido se salió de ese barco ya no fui más a trabajar [...]. La vivienda en la que vivo me la dieron por recomendación de ella, la mujer del patrón de pesca que te estoy diciendo...

Archivo del Trabajo de Campo: Testemuño de migrante galega en Cádiz.

As redes de parentesco, de veciñanza e outras tramas interculturais configuraron o novo escenario destes axentes. Durante o período investigado, a década dos cincuenta e sesenta do século xx, os emigrantes foron ampliando a súa familia nuclear, que se transformou en extensa ao incorporarse novos membros como avoas, irmás ou cuñadas, reconvertidas en man de obra produtiva para a unidade doméstica, ao mesmo tempo que achegaban os seus coñecementos e saberes. Estas mulleres constituían un «exército de reserva», destinadas para traballar principalmente en función das redes de veciñanza. Pero tamén as redes de veciñanza foron utilizadas como vehículos de explotación, posto que as esposas de armadores e patróns utilizaron as mulleres —esposas, irmáns, cuñadas, sogras, etc.— dos traballadores subalternos do gremio —mariñeiros— empregándoas ao seu servizo —criadas, costureiras, etc.— a cambio de salarios inferiores aos estipulados no mercado informal. A asimetría sexual e a xerarquía que existe nesta paisaxe de emigrantes mostran a permeabilidade das fronteiras existentes no exercicio do poder. O proceso de alteridade, ao que asisten os homes e as mulleres na configuración da súa identidade baixo un sistema estratificado, habilitou espazos de potestade que os/as protagonistas foron revisando ao describir os labores desempregados para a reprodución da unidade doméstica na sociedade de acollida. Así pois, non poden obviarse as achegas materiais, xeradas tanto polo traballo dos homes como polo das mulleres para a subsistencia da unidade produtiva familiar dentro do contexto do desprazamento.

Podemos concluir que o éxodo migratorio do colectivo galego en Cádiz supuxo un notable enriquecemento cultural á cidade e á súa poboación, pois o seu legado sobrevive no imaxinario gaditano e na súa renovada territorialidade. O contacto intercultural conxugou, nos emigrantes e as seguintes xeracións perdidas, seleccións, incorporacións e redescubrimentos que se deron ao longo dun proceso encamiñado a unha renovada produción cultural e simbólica, tal como devén da interacción —transculturación— permanente entre os factores culturais postos en xogo, adquirindo ou perdendo elementos alleos como propios. Este grupo étnico incorporouse na sociedade receptora ampliando novas redes e espazos de socialización. Mediante a recuperación dos testemuños comprobamos como é posible, grazas á migración, o diálogo intercultural en canto elemento transformador e integrador. Igualmente, o presente estudo de campo permitiunos deconstruír o carácter esencializador das mal denominadas actividades complementarias que tradicionalmente son asignadas ás mulleres nas economías pesqueiras, froito dunha ideoloxía patriarcal. No marco das relacións entre homes e mulleres, as comunidades marítimo-pesqueiras asignáronlle historicamente á muller o rol de «esposa en terra». Confinada prioritariamente ao fogar, á crianza e á socialización dos fillos, as mulleres víronse sometidas a unha prolongada soidade, sublimada polo valor da fidelidade e inspirada no mito dunha fiel Penélope que en realidade non fai máis que tecer a súa propia tea de araña. Pero o home ou «esposo no mar» é vítima de atributos propios da masculinidade como a forza, a promiscuidade, a competitividade laboral, a falta de dor e o sentido da honra. Así pois, a escisión que prevalece nesta cultura marítima é moito máis que unha división puramente técnica. É unha estrutura discriminatoria sostida sobre a dicotomía terra e mar. Mentres tanto a relación conxugal é a pedra angular que estrutura esas sociedades e que merecerían maior atención das investigacións académicas, ao igual que os estudos culturais sobre o traballo en alta mar —como plataforma intercultural— no actual contexto globalizador.

## BIBLIOGRAFÍA

AGUDO TORRICO, Juan: *El Bajo Guadalquivir. Artes y técnicas de pesca artesanales*, Sevilla, Junta de Andalucía, 1991.

ALEGRET, Juan Luis: «La antropología marítima como campo de investigación de la antropología social», *Revista Agricultura y Sociedad*, n.º 52 (xullo-setembro 1989), pp. 119-137.

ALEGRET, Juan Luis: «Valoración patrimonial del sector pesquero», *Revista del Patrimonio*, n.º 44 (2003), pp. 34-41.



- AMORÓS, Celia: «Notas para una teoría nominalista del patriarcado», *Asparkia. Investigación feminista*, n.º 1 (1992), pp. 33-50.
- BARRAGÁN MUÑOZ, Juan Manuel: «Puertos y transporte marítimo en Andalucía», en *Geografía de Andalucía*, Sevilla, Tartessos, 1988a, vol. VI, pp. 201-227.
- BARRAGÁN MUÑOZ, Juan Manuel: *La Bahía de Cádiz: Un puerto natural hasta el siglo PP*, Cádiz, Fundación Municipal de Cultura, 1988b, pp. 7-55, (Cuadernos de la Cátedra Municipal Adolfo de Castro, 6).
- BARRAGÁN MUÑOZ, Juan Manuel: «El puerto de la Bahía de Cádiz», *Cuadernos de Geografía*, n.º 14 (1993), pp. 111-116.
- BARRAGÁN MUÑOZ, Juan Manuel: *Puertos, ciudades y espacio litoral en la Bahía de Cádiz*, Cádiz, Autoridad Portuaria, 1995.
- BORDERÍAS, Cristina: *Género y políticas del trabajo en la España contemporánea, 1836-1936*, Barcelona, Universitat de Barcelona, Icaria, 2007, (Història del treball, 2).
- BRETON, Françoise: “El aprendizaje del oficio de pescador: saber y transmisión del saber entre los pescadores de arrastre”, *EJAK. Serie de Antropología*, vol. 2, n.º 1 (1990), pp. 143-159.
- BROULLÓN ACUÑA, Esmeralda: «A inmigración galega no suratlántico peninsular. A construción social da identidade a través de testemuños orais», *A Trabe de Ouro*, Santiago de Compostela, n.º 69 (2006), pp. 87-105.
- BROULLÓN ACUÑA, Esmeralda: *A inmigración galega á Andalucía Atlántica no século PP*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2008.
- BROULLÓN ACUÑA, Esmeralda: *Gallegos en Cádiz. Redes sociales y estrategias familiares de la cultura pesquera gallega en Cádiz en el siglo PP*, Cádiz, Universidad, 2010.
- BUEN, Fernando de: «La pesca marítima en España en 1920. Costa Sudatlántica y Canarias», *Boletín de Pesca*, Madrid, Instituto Español de Oceanografía, n.º 76 (1922), pp. 343-408.
- CABRERA SOCORRO, Gloria: *Los hombres y las mujeres de la mar. Isla de la Graciosa*, Santa Cruz de Tenerife, Centro de la Cultura Popular Canaria, 1997.
- CABRERA SOCORRO, Gloria: «Las invisibles mujeres de la mar. Hacia una crítica a la Antropología de la pesca en el Estado Español», en A. GARCÍA ALLUT e J. PASCUAL FERNÁNDEZ (coord.), *Antropología de la pesca: actas del VIII Congreso de Antropología*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Antropoloxía, 1999.
- CÁCERES FERIA, Rafael: *Mujeres, fábricas y charangas: el trabajo femenino en el sector conservero de Ayamonte (Huelva)*, Sevilla, Consejería de Cultura, 2002.
- CAGIAO, Pilar: *Muller e emigración*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997.

- CALO LOURIDO, Francisco: *La cultura en un pueblo marinero: Porto do Son*, Santiago de Compostela, Universidade, 1978.
- CALO LOURIDO, Francisco: *Xentes do mar. Traballos, tradicións e costumes*, Vigo, A Nosa Terra, 1996.
- CARMONA BADÍA, Xoán: «Galicia. Minifundio persistente e industrialización limitada», en *Historia económica regional de España. Siglos PAP y PP*, Barcelona, Crítica, 2001, pp. 13-45.
- COMAS D'ARGEMIR, Dolors: *Trabajo, género y cultura: la construcción de desigualdades entre hombres y mujeres*, Barcelona, Icaria, 1995.
- DÍAZ DE LA PAZ, Ángel: «Las pesquerías canario-africanas a la luz de los estudios sobre el banco sahariano (1940-1975)», en V. MORALES LEZCANO (coord.), *III Aula Canarias y el Noroeste de África*. 1988, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria, 1993, pp. 431-441.
- FERNÁNDEZ CASANOVA, Carmen: *Historia de la pesca en Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade, 1998.
- FIRHT, Raymond: *Malay Fishermen: Their Peasant Economy*, Connecticut, Archon Books, Hamden, 1946.
- FLORIDO DEL CORRAL, David: «Marineros y pescadores», en S. RODRÍGUEZ BECERRA (COORD.), *Proyecto Andalucía. V: Antropología*, Sevilla, Hércules, 2002a, pp. 246-278.
- FLORIDO DEL CORRAL, David: *Un siglo de política e instituciones pesqueras en Andalucía*, Sevilla, Consejería de Agricultura y Pesca, 2002b.
- FLORIDO DEL CORRAL, David: «Reconocer el patrimonio pesquero», *P. H. Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, n.º 44 (2003).
- FLORIDO DEL CORRAL, David: *La pesca en Andalucía: Factores globales y locales de un proceso en crisis*, Sevilla, Fundación José Manuel Lara, 2004.
- GALVÁN TUDELA, Alberto: «La antropología de la pesca: problemas, teorías y conceptos», *Revista Canaria de Filosofía y Ciencia Social*, n.º 2 (1988), pp. 11-33. También en MUSEO DO POBO GALEGO, *Coloquio de Etnografía Marítima*. Santiago de Compostela, 1984, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, 1988.
- GALVÁN TUDELA, Alberto: «Estrategias económicas en la pesca artesanal canaria», en *Actas de las Jornadas de Economía y Sociología de las Comunidades Pesqueras*. Santiago de Compostela, 1987, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1989a, pp. 495-510.
- GALVÁN TUDELA, Alberto (coord.): *Vivindo do Mar. Antropoloxía da Pesca en Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería da Presidencia e Administracións Públicas, 1989b.
- GALVÁN TUDELA, Alberto: «La antropología de la pesca en Galicia: problemas y campos de investigación», en A. MONTES DEL CASTILLO (ed.), *Antropolo-*

- gía de la pesca: debates en el Mediterráneo, Murcia, Universidad, 1999, pp. 179-228.
- GALVÁN TUDELA, Alberto e JOSÉ PASCUAL FERNÁNDEZ: «Pescadores. Las sociedades de pescadores y la antropología», en J. PRAT e A. MARTÍNEZ (eds.), *Ensayos de antropología cultural. Homenaje a Claudio Esteve Fabregat*, Barcelona, Ariel 1996, pp. 128-138.
- GARCÍA ALLUT, Antonio: «A outra ciencia: saberes artesanais e adaptación en dúas poboacións mariñeiras galegas», *A Trabe de Ouro*, n.º 25 (xaneiro-marzo 1996), pp. 87-101.
- GARCÍA ALLUT, Antonio: «Conocimiento experto y su papel en el diseño de nuevas políticas pesqueras», *Antropología de la Pesca. Actas del VIII Congreso Nacional de Antropología*, vol. 3, Santiago de Compostela, 1999, pp. 175-193.
- GARCÍA ALLUT, Antonio: «La pesca artesanal, el cambio y la patrimonialización del conocimiento», *P.H. Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, n.º 44 (2003), pp. 74-83.
- GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús: *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1996.
- GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús: «Las bases históricas de la actividad pesquera en España», *Papeles de Economía*, n.º 71 (1997), pp. 33-46.
- GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús: «Armadores de Cádiz. Competir y cooperar», *Historia Agraria*, n.º 3 (2002), pp. 91-112.
- GODELIER, Maurice: *Lo ideal y lo material: pensamiento, economías, sociedades*, Madrid, Taurus, 1989.
- LACOMBA, Juan Antonio: «El sector pesquero andaluz en el último cuarto del siglo XIX: una fase de cambios y transferencias. Una aproximación», *Revista de Estudios Regionales*, n.º 75 (2006), pp. 129-150.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Antropología cultural de Galicia*, Madrid, Akal, 1971.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo: «Galicia», en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Xuventude, 1992.
- MALINOWSKI, Bronislaw: *Los argonautas del pacífico occidental*, Península, Barcelona, 1973 [1922].
- MARUGÁN PINTOS, Begoña: «Mujer, familia y trabajo en las comunidades pesqueras», *Mar*, Madrid, Instituto Social de la Marina, n.º 261 (maio-xuño 1988).
- MARUGÁN PINTOS, Begoña: «Guardar la ausencia del marido», *Mar*, Madrid, Instituto Social de la Marina, n.º 265 (xaneiro-febreiro 1989).

- MARUGÁN PINTOS, Begoña: «Pescadores de bajura: entre el cambio y la continuidad», *Mar*, Madrid, Instituto Social de la Marina, n.º 304 (marzo 1993).
- MARUGÁN PINTOS, Begoña: «Las mujeres en el ámbito marítimo pesquero», *El Campo*, monográfico *La mujer rural*, Bilbao, Banco Bilbao Vizcaya, n.º 133 (1995a), pp. 239-265.
- MARUGÁN PINTOS, Begoña: «Mujer y participación social», *Mar*, Madrid, Instituto Social de la Marina, n.º 327 (1995b), pp. 50-53.
- MARUGÁN PINTOS, Begoña: «Las mujeres en la mar. Entre el cambio y la continuidad», en *Mujeres y sociedad rural*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Fondo Social Europeo, 1999, pp. 140-153.
- MÉNARD, Caroline: *La pesca gallega en Terranova, siglos PNA-PNAAA*, Madrid, CSIC, 2008.
- MILLÁN CHIVITE, José Luis: *Del Cádiz hundido al Cádiz que resurge. Cádiz s. PP*, Madrid, Silex, 1993.
- MONTERO LLERANDI, José Manuel: «Mujer y trabajo en las comunidades pesqueras», *Mar*, Madrid, Instituto Social de la Marina, n.º 241 (1986a).
- MONTERO LLERANDI, José Manuel: «Costes humanos del trabajo en la pesca», *Revista de Estudios Agro Sociales*, n.º 34 (1986b), pp. 187-216.
- MONTERO LLERANDI, José Manuel: «Una aproximación sociológica a las gentes del mar», *Información Comercial Española. Revista de Economía*, n.º 653-654 (1988), pp. 87-96.
- MORENO, Isidoro: «Trabajo, ideologías del trabajo y culturas del trabajo», *Trabajo. Revista Andaluza de Relaciones Laborales*, n.º 3 (1997), pp. 9-28.
- MORENO TELLO, Santiago: *La clase obrera gaditana. Una historia social a través de las fuentes populares*, Cadiz, Universidad, 2006.
- MORENO VIUDES, Amparo: *Relaciones económicas y sociales de producción de la pesca artesanal en Torrevieja (Alicante)*, Torrevieja, Instituto Municipal de Cultura, 1995.
- NADAL, J. e A. CARRERAS (eds.): *Pautas regionales de la industrialización española (siglos PAP y PP)*, Barcelona, Ariel, 1990.
- NAROTZKY, Susana: *Trabajar en familia: mujeres, hogares y talleres*, Valencia, Institutió Alfons el Magnánin, 1988.
- NAROTZKY, Susana: *Mujer, mujeres y género. Una aproximación crítica al estudio de las mujeres en Ciencias Sociales*, Madrid, CSIC, 1995.
- NAROTZKY, Susana: «The Project in the Model. Reciprocity, Social Capital, and the Politics of Ethnographic Realism», *Current Anthropology*, vol. 48, n.º 3 (2007), pp. 403-424.
- OLIVER NARBONA, Manuel: *Almadrabas de la costa alicantina*, Alicante, Universidad, 1982.

- OLIVER NARBONA, Manuel: «Mujer y pesca», *EJAK. Serie de Antropología*, vol. 1, n.º 2 (1989), pp. 151-159.
- PALENZUELA CHAMORRO, Pablo: «Las culturas del trabajo. Una aproximación antropológica», *Sociología del Trabajo*, n.º 24 (1995), pp. 3-28.
- PARDELLAS DE BLAS, Xulio: «El trabajo de la mujer en la pesca y el marisqueo en Galicia», en *Jornadas sobre Economía y Sociología de las Comunidades Pesqueras*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1989, pp. 431- 452.
- PARDELLAS DE BLAS, Xulio: «Estrategias familiares de Marisqueo y la Pesca artesanal en Galicia», *EJAK. Serie de Antropología*, vol. 2 (1990), pp. 115-126.
- PASCUAL FERNÁNDEZ, José: *Entre el mar y la tierra. Los pescadores artesanales canarios*, Santa Cruz de Tenerife, Editorial Interinsular Canaria, 1991.
- PASCUAL FERNÁNDEZ, José: «Campesinos y pescadores: un problema de definición», *Zainak. Cuadernos de Antropología-Etnografía. Comunidades pesqueras*, n.º 15 (1997), pp. 15-28.
- PASCUAL FERNÁNDEZ, José: «La pesca artesanal en Canarias desde la perspectiva de la antropología cultural», en A. MONTES DEL CASTILLO (ed.), *Antropología de la pesca: debates en el Mediterráneo*, Murcia, Universidad, 1999, pp. 263-283.
- PAZ ANDRADE, Valentín: «El proceso de expansión de las pesquerías españolas», *Información Comercial Española. Revista de Economía*, n.º 478 (1973), pp. 83-94.
- PÉREZ MURILLO, María Dolores: *Oralidad e Historia de vida de la emigración andaluza hacia América Latina (Brasil y Argentina) en el siglo XX*, Cadiz, Universidad, 2000.
- ROSALDO, Michelle: «Mujer, cultura y sociedad: una visión teórica», en Olivia HARRIS e Kate YOUNG (comps.), *Antropología y feminismo*, Barcelona, Anagrama, 1979, pp. 153-181
- RUBIO ARDANAZ, José Antonio: *La antropología marítima: subdisciplina de la antropología sociocultural. Teorías y temas para una aproximación a la comunidad pesquera de Santurtzi (Bizkaia)*, Bilbao, Universidad de Deusto, 1994, pp. 19-27.
- RUBIO ARDANAZ, José Antonio: «Cambio sociocultural y variación en las estrategias de comunicación en el ámbito pesquero desde la antropología haliéutica», *Letras de Deusto*, Bilbao, Universidad de Deusto, Facultad de Filosofía y Letras, vol. 26, n.º 71 (1996), pp. 237-250.
- RUBIO ARDANAZ, José Antonio: *La vida arrantzale en Santurtzi. Cambios económicos y socio-culturales entre los pescadores de bajura*, Santurtzi, Ayuntamiento, 1997a.

- RUBIO ARDANAZ, José Antonio: «Introducción: La investigación y el sentido práctico y aplicado de la Antropología marítima», *Zainak. Cuadernos de Antropología-Etnografía. Comunidades pesqueras*, n.º 15 (1997b), pp. 7-11.
- RUBIO ARDANAZ, José Antonio: «La pesca: una realidad y una problemática vigentes, objeto de estudio para la Antropología social», *Itsas Memoria. Revista de Estudios Marítimos del País Vasco*, n.º 3 (2000), pp. 383-393.
- RUBIO ARDANAZ, José Antonio: «La antropología de la pesca, campo y oportunidades para la investigación antropológica: perspectivas desde el formalismo, sustantivismo y materialismo», *Zainak. Cuadernos de Antropología-Etnografía. Comunidades pesqueras*, n.º 25 (2003).
- SÁNCHEZ BLANCO, Jerónimo: *El crédito social pesquero*, Madrid, Ministerio de Agricultura y Pesca, 1992.
- SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Juan Oliver: *Ecología y estrategias sociales de los pescadores de Cudillero*, Madrid, Siglo XXI, 1980.
- SINDE CANTORNA, Ana Isabel: *Estrategias de crecimiento y formas de integración en las empresas pesqueras gallegas: 1900-1960*, Madrid, Fundación Empresa Pública, 2000.
- TORRES VILLANUEVA, Eugenio: «Comportamientos empresariales en una economía intervenida: España, 1936-1957», en G. SÁNCHEZ RECIO e J. TASCÓN FERNÁNDEZ (coord), *Los empresarios de Franco. Política y Economía en España, 1936-1957*, Barcelona, Crítica, 2003, pp. 199-224.
- TORRES VILLANUEVA, Eugenio *et al.*: «El proceso de difusión tecnológica en la pesca de altura del norte de España», *Historia Agraria*, n.º 28 (2002), pp. 113-136.
- VEIGA COSTAS, Baltasar: *A.R.C.O.M.A.R. 50 Aniversario (1923-1973)*, Cádiz, Asociación de Armadores de Buques de Pesca, Cooperativa del Mar, 1974.
- VILLARES, Ramón (ed.): *Donos de seu. Estudios de Historia Agraria de Galicia*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1988.
- VILLARES, Ramón (dir.): *Historia de Galicia*, Vigo, Faro de Vigo, 1991.

## O CRISOL A PROBA. A COMUNIDADE FRANCESA DA ARXENTINA PERANTE A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

*Hernán Otero*

### RESUMO

A Primeira Guerra Mundial implicou unha importante redefinición do rol das comunidades migratorias europeas no exterior. A partir da abundante información de arquivos militares e diplomáticos franceses, o texto analiza a contribución da comunidade francesa da Arxentina no esforzo de «mobilización total» da Gran Guerra en catro áreas básicas: a axuda económica, o rol da prensa étnica, a loita polo control das rúas e os lugares de memoria, e a mobilización militar propiamente dita. Caso límite das tensións derivadas da dupla adscripción —legal e identitaria— dos emigrantes e dos seus fillos, a mobilización militar ilumina os procesos de adhesión e de ruptura inducidos polo conflito. Por último, a análise dos efectos positivos e negativos da mobilización sobre a comunidade permite considerar o período como un punto de inflexión na historia da presenza francesa na Arxentina.

*Palabras clave:* Comunidade francesa, Arxentina, dereito do solo, dereito de sangue, mobilización militar, Primeira Guerra Mundial.

### ABSTRACT

World War I entailed an important redefinition of the role of European migrant communities abroad. Working on the wealth of information contained in French military and diplomatic archives, this paper analyses the contribution of the French community in Argentina to the Great War's 'total mobilisation' effort in four fundamental areas: economic support, the role of the ethnic press, the fight over the control of the streets and memorials, and military mobilisation itself. A borderline case of tensions arising from a double identification —in both legal and identity terms— of emigrants and their children, military mobilisation sheds a light on the processes of adherence and rupture brought on by the war. Finally, an analysis of both the positive and the negative effects of mobilisation on the community allows us to regard the period as a turning point in the history of the French in Argentina.

*Keywords:* French community, Argentina, *ius soli*, *ius sanguinis*, military mobilisation, World War I.

Recibido: 12-6-2009 Aceptado: 11-10-2009



## INTRODUCCIÓN

Malia que a historiografía sobre movementos migratorios entre Europa e as Américas ten unha profunda e densa tradición, existen áreas de baleiro significativas como a relativa ao papel das comunidades migratorias durante os conflitos bélicos europeos. A chamada da patria en guerra —caso límite das tensións derivadas da dupla pertenza dos emigrantes— implicou unha redefinición crucial das comunidades francesas de América Latina e das súas relacións co país de orixe e tivo efectos decisivos sobre a integración dos emigrantes nos países de recepción.<sup>1</sup> A elección da Gran Guerra non é dende logo arbitraria; en canto conflito fundamentado na mobilización masiva da poboación, o seu impacto sobre as comunidades francesas no estranxeiro foi moito maior que durante a guerra franco-prusiana de 1870 e que durante a Segunda Guerra Mundial. No primeiro caso, e malia o «entusiasmo da poboación francesa pola nova guerra con Prusia»,<sup>2</sup> a contribución da comunidade foi, sobre todo, económica e, en moitísima menor medida, en combatentes, xa que non existía aínda o servizo militar obrigatorio, creado en 1872. Durante a Segunda Guerra Mundial, en cambio, a rápida caída de París durante a *étrange défaite* restou centralidade á mobilización das comunidades no exterior, se ben esta non foi inexistente como o testemuñan os diversos movementos de apoio ao xeneral De Gaulle. Unha segunda diferenza capital entre ambos os dous conflitos radicou no forte contraste entre a *unión sacrée* de 14-18 e as profundas divisións internas da comunidade francesa entre colaboracionistas e resistentes durante a Segunda Guerra Mundial (fenómenos análogos ocorreron entre fascistas e antifascistas nas comunidades italiana, alemá e española).

Como todos os temas vinculados coa migración, a participación das comunidades no esforzo bélico da nai patria constitúe un terreo proteiforme e difícil de delimitar. En tal sentido, convén precisar que os dous temas centrais do presente texto son as accións realizadas pola comunidade francesa da Arxentina para contribuír ao esforzo da guerra e os efectos que tivo o conflito sobre a comunidade.

1. O baleiro historiográfico sobre a participación das comunidades migratorias latinoamericanas na Gran Guerra é case total. De modo previsible, os italianos recibiron maior atención tanto no caso arxentino como no norteamericano (por exemplo, Franzina, 1995; Douki, 2002; Devoto, 2006). Afortunadamente, nos últimos anos xurdiron tamén traballos sobre os franceses (Otero, 2009) e británicos (Tato, en prensa). A pesar da abundante información dispoñible nos arquivos, o baleiro é igualmente significativo na historiografía francesa, como o reflicte a recente síntese de Enders et al. (2004). Existen, no entanto, estudos para o caso canadense (Gagnon, 1990; Lachiver, 1995; Morton, 2005) —diferente pola súa condición de país belixerante— e mexicano (Vernet, 2000-2001; Pérez Siller, 2005).

2. Correspondance Civil et Commerciale, Bos Aires, 1870-1872, tomo 9, 29 de agosto 1870, p. 170, Archives du Ministère des Affaires Étrangères, París (de aquí en diante AMAE).



## UNHA AFASTADA RETAGARDA DURANTE A MOBILIZACIÓN TOTAL

Entre outras terribles novidades, a gran guerra introduciu o concepto de mobilización total da poboación e da sociedade, mediante unha dinámica que esvaeceu a dicotomía tradicional entre fronte e retagarda e que afectou os franceses no exterior de modo máis dramático que os conflitos precedentes. Os informes dos axentes diplomáticos franceses no Río da Prata, en particular dos agregados militares, permiten un achegamento rigoroso ás accións desenvolvidas pola comunidade no exterior e diferenciar dous tipos de accións: as oficiais dos funcionarios do Estado francés e as levadas a cabo pola comunidade migratoria propiamente dita.<sup>3</sup> As primeiras buscaron ante todo facer presión no Goberno arxentino para que rompese a neutralidade a prol da Tripla Entente e combater a influencia alemá na rexión. As segundas involucraron un amplo conxunto de actores que se mobilizaron tanto espontaneamente como en resposta aos continuos incentivos da acción consular. Este último factor escurece parcialmente calquera distinción neta entre accións oficiais e accións comunitarias, xa que a rede consular francesa concibiu as comunidades no estranxeiro como unha arma suplementaria no esforzo da guerra. Nese marco, a comunidade desenvolveu tres tipos de accións: a obtención de fondos para socorrer o país en guerra, o combate ideolóxico na prensa étnica e a loita polo control efectivo das rúas e polo control simbólico dos lugares de memoria. Tales accións resultan esenciais para pór en contexto a transformación de emigrantes en soldados, sen dúbida o aspecto central da mobilización.

O envío de fondos e doutros bens materiais a Francia foi un dos aspectos máis destacados da acción comunitaria e no que, a diferenza da mobilización militar propiamente dita, non se perciben liñas internas de fractura, sen dúbida porque os intereses e perigos en xogo eran distintos en ambos os dous casos.<sup>4</sup> As accións exercidas en tal sentido, organizadas polas asociacións étnicas preexistentes e polas creadas a raíz do conflito, como o Comité Patriotique Français, foron múltiples e numerosas.

A obtención de fondos seguiu dous mecanismos: as colectas (mediante a realización de festas, bailes, subastas de obras de arte, etc.) e a subscrición

3. O rol dos agregados militares franceses, híbrido de funcións militares, diplomáticas e de espionaxe, especialmente a partir da inmediata posguerra, é analizado por Hilbert (2004) e por Otero (2009) para o caso arxentino.

4. Déixanse de lado as accións realizadas polos sectores aliadófilos da sociedade arxentina como a acción dos médicos, os automóbiles sanitarios e o hospital auxiliar 108 de París. Sobre o tema, véxase Pelosi (1999).

nos empréstitos da defensa nacional. No primeiro caso, as iniciativas foron innúmeras —como o ilustran as páxinas da prensa étnica e os informes dos agregados militares.<sup>5</sup> Aínda que a eficacia dalgúns iniciativas fose máis emocional ou simbólica, os esforzos despregados dan conta do clima de fervor e compromiso que imperou no accionar comunitario. As cidades do interior do país foron tamén moi activas, como o ilustra o emblemático caso da colonia *aveyronesa* de Pigüé (provincia de Bos Aires), onde a Agrupación de Mujeres Patriotas Francesas, creada en 1914, enviou fondos a través da Cruz Vermella, organismo que canalizou múltiples iniciativas análogas en todo o país.

Máis importantes en termos económicos foron os empréstitos nacionais realizados a partir de 1915, que, gardando a debida proporción cos niveis de fortuna, contaron coa participación bastante masiva da comunidade francesa, pero tamén dos simpatizantes da causa aliada, de maioritaria adhesión na sociedade argentina. As subscricións foron canalizadas a través dos bancos Francés del Río de la Plata, Francés e Italiano de la América del Sur e Super-vielle, que contribuíron ao non cobraren as comisións e aboaren a prima do cambio en París. A achega dos bancos e das grandes empresas francesas foi, dende logo, decisiva dada a importancia dos seus capitais e a cantidade de empregados desa nacionalidade que participaban das colectas e da subscrición dos empréstitos.<sup>6</sup>

As asociacións tamén xuntaron fondos para pagar as pasaxes das persoas que viaxaron para incorporarse ao exército e para paliaren as necesidades das familias dos mobilizados, en particular as dos orfos.<sup>7</sup> A contribución económica da comunidade continuou despois da guerra, vinculada ás inmensas necesidades da reconstrución do país, ao socorro das vítimas e ao retorno dos desmobilizados. Unha lista ilustrativa, malia que incompleta das asocia-

5. Nomeadamente, as fontes relativas a *Attachés militaires en Argentine et en Amérique du Sud* (5 N 221; 6 N 122; 7 N 131, 7 N 934) do Service Historique de l'Armée de Terre (de aquí en diante SHAT).

6. A riqueza dos arquivos dos empréstitos reclama un estudo económico polo miúdo, «Emprunt de la défense nationale, 1915», «Troisième emprunt de la défense nationale, 1917-1924», «Cuatrième emprunt de la défense nationale, 1918-1920», Carton 108, Centre des Archives Diplomatiques de Nantes (de aquí en diante CADN). «Emprunt National Français 1916», Série 7 N 1731, SHAT.

7. Soamente na xurisdición do consulado de Bos Aires, o Comité Patriótico Francés axudaba en 1918 a 331 familias, que recibían subsidio diario, 178 fillos de mobilizados e 32 orfos de guerra. Pola súa parte, entre a súa fundación en agosto de 1914 e 1918, o Comité Patriótico de La Plata destinou máis de 100 000 francos a subsidios para as familias dos soldados mobilizados dos 200 000 recollidos nese período. Informe de Gausson, 18 novembro 1918, Carton 105, CADN.

cións francesas socorridas, durante e despois da guerra, permite ter unha idea da importancia desa axuda e da demanda económica permanente á que estivo sometida a comunidade.<sup>8</sup>

En conxunto, a axuda económica foi significativa especialmente cando se analiza dende o país de destino dos emigrantes. Segundo datos da Cruz Vermella, a axuda enviada dende Arxentina ascendeu a 1 230 440 francos (aproximadamente o dobre da de Brasil e catro veces a de Chile, feito coherente, por outra parte, cos tamaños das colectividade francesas en cada país) (Pelosi, 1999: 134). Os empréstitos de 1915 e 1918, por exemplo, alcanzaron a suma de 15 000 000 e 17 300 000 de francos, respectivamente. A modo de exemplo, un informe da situación financeira da *Oeuvre française de protection des orphelins de la guerre*, fundada en París o 17 de abril 1917, sinalaba o 30 de xuño de 1919 que a maior parte (83,2%) dos seus ingresos (831 620 francos) proviña do estranxeiro, contra o 15,7% da propia Francia e só o 1,1% das colonias.<sup>9</sup>

A gravidade do conflito mobilizou igualmente as consciencias e as ideas, o que explica o activo rol da prensa étnica. De modo previsible, as comunidades provenientes de países aliados contaban cunha notable maioría neste punto, tanto pola importancia de *Le Courier de la Plata* (escrito en francés e principal órgano da comunidade francesa) como, sobre todo, dos xornais da numerosa comunidade italiana. A pesar diso, os alemáns contaban con dous xornais importantes (*Deutsche Plata Zeitung* e *Argentinesches Tageblatt*) e, sobre todo, cun xornal en castelán (*La Unión*), financiado pola embaixada de Alemaña e abertamente xermanófilo.<sup>10</sup> A estratexia adoptada polos alemáns, financiamento de xornais na lingua do país, mostra non só o alto grao de adaptación —neste caso lingüística— dos inmigrantes, e sobre todo dos seus fillos, senón tamén que as paixóns creadas polo conflito distaban de atoparse confinadas nos colectivos migratorios.

Outro aspecto crucial do combate comunitario foi a loita polo control da rúa e do espazo público, forma de loita de grande importancia na tradición

8. Entre elas destacan a *Oeuvre de Protection des Orphelins de Guerre à l'Étranger*, o *Comité de Secours National*, o *Comité National d'aide et de prevoyance en faveur des soldats*, a *Oeuvre française de protection des orphelins de la guerre*, a *Oeuvre de l'Hotel Biron à Paris*, a *Association de l'Aisne desvatée*, a *Société La Dette de Mutilés de guerre*, *Les blessés de la face* (Gueules cassées), *Les aveugles de guerre*, *Les plus grands invalides*, *Les Ailes Brisées*, etc., cartons 92 e 93, Légation, Série 1887-1925, CADN.

9. «Rapport sur la situation financière de l'Oeuvre française de protection des orphelins de la guerre, 30 juin 1919», París, Carton 105, CADN.

10. Capitán Salats, 21 de maio 1915, 7 N 1731, SHAT. A prensa alemá é analizada por Manrique Zago (1992).

política arxentina. Se ben a batalla estaba en certo modo gañada de antemán polo peso demográfico dos estranxeiros provenientes dos países en guerra (dos que 9 de cada 10 pertencían ás potencias da Entente), a capacidade de mobilización do partido do Goberno —a Unión Cívica Radical do presidente Hipólito Irigoyen— en defensa da neutralidade non constituía un elemento menor, aínda que foi compensada pola dos partidarios de entrar na guerra a prol de Inglaterra e Francia. A mobilización comunitaria desenvolveuse seguindo a dramática evolución do conflito e, de modo previsible, alcanzou os seus maiores picos en coincidencia cos lugares de memoria do calendario. No primeiro caso, as vitorias do Marne (setembro de 1914), o afundimento dos navíos arxentinos *Orina* e *Toro* polos alemáns en 1917, a chegada a Bos Aires da flota de Estados Unidos, entre outros feitos, deron lugar a manifestacións na rúa importantes.<sup>11</sup> No segundo caso, datas como o 4 de xullo —día da independencia americana— e o 14 de xullo —aniversario da toma da Bastilla— actuaron como catalizadores de eventos multitudinarios. As manifestacións, que buscaban expresar a adhesión á causa aliada pero sobre todo facer presión sobre o Goberno para rachar a neutralidade, foron medrando en importancia, sobre todo tras a entrada en guerra dos Estados Unidos en abril de 1917.<sup>12</sup> Así, de 2000 a 3000 persoas desfilaron en Montevideo, capital do veciño Uruguai, en setembro de 1917, en 1919 fixérono máis de 50 000.<sup>13</sup> A vitoria aliada en novembro de 1918 espertou unha notable euforia en Bos Aires, cuxa metade da poboación era, por ese entón, estranxeira.<sup>14</sup>

Por regra xeral, as manifestacións seguiron unha liturxia que incluía a pasaxe polos lugares simbólicos da comunidade como a legación consular e o Hospital Francés, a presenza das autoridades consulares, en canto encarnación de Francia, e o emprego da simboloxía republicana a través do canto da *Marselleise* e o uso da bandeira tricolor. Se ben este tipo de cerimonia era unha constante das festas do 14 de xullo dende a década de 1880, a conxuntura da patria en guerra dotou as manifestacións dunha importancia e unha intensidade renovada.

Resultado directo da derrota alemá e da presión a prol dos aliados da opinión pública, o Congreso arxentino declarou en 1919 o 4 e o 14 de xullo festivos nacionais por ese ano.<sup>15</sup> O 14 de xullo foi incorporado de maneira oficial

11. Nota do 1º de xullo de 1917, 5 N 221 SHAT.

12. Telegrama de Jullemier do 1º de setembro de 1917, 6 N 122, SHAT.

13. Notas do 14 de setembro de 1917, 5 N 221, e 18 de xullo de 1919, 6 N 122, SHAT.

14. Telegramas de Gaussen do 8 e do 15 de novembro de 1918, 6 N 122, SHAT.

15. Telegramas do 10 de xullo de 1919, 6 N 122, SHAT.

ao calendario de festivos nacionais da maior parte dos países latinoamericanos.<sup>16</sup> Deste xeito, a fin da guerra permitiulles aos franceses da Arxentina contar cun festivo e alcanzar así os privilexios que obtivera a colonia española en 1917 coa declaración do 12 de outubro como o Día da Raza.

As festividades e a loita polo control das rúas facilitaron igualmente o achegamento da comunidade francesa co resto das comunidades aliadas como os belgas, proceso que viña de antes pola similitude idiomática, os británicos, os americanos e os italianos.<sup>17</sup> Igual ocorreu con comunidades menos numerosas, como os drusos musulmáns, e con grupos opostos á dominación turca, como os sirios ortodoxos e os armenios, que puxeron as súas reivindicacións diplomáticas en mans do consulado francés.<sup>18</sup> Analogamente, a guerra favoreceu o distanciamento coa comunidade alemá. As comunidades dos países neutrais actuaron máis por razóns de afinidade ideolóxica que étnicas, como o mostran no caso español —principal grupo migratorio proveniente dun país neutral— os exemplos das clases dirixentes republicanas, abertamente profrancesas, e os grupos carlistas, cuxo catolicismo militante os fixo simpatizantes de Alemaña. Quizais máis importante foi o maior achegamento coa intelectualidade e a elite arxentina, na súa gran maioría francófila dende antes da guerra. Tamén alí houbo unha continuidade co século XIX que unira fortemente as elites da comunidade francesa —composta por moitos exiliados de 1848 e 1852— coa elite política e intelectual arxentina ao redor dunha común sensibilidade liberal republicana.

Dende logo, resulta difícil diferenciar analiticamente canto houbo nas manifestacións na rúa de puramente étnico (adhesión a Francia por parte de membros da comunidade) e canto de político (oposición da poboación non francesa á política de neutralidade do Goberno). Calquera que sexa o caso, o marco asociativo francés desempeñou un rol decisivo nas mobilizacións, cuxo éxito revitalizou, pola súa vez, o tecido asociativo e fortaleceu o lugar da comunidade na escala de prestixio coa que a sociedade arxentina miraba os grupos estranxeiros.

16. Uruguai foi o primeiro en facelo en 1915 e Chile —onde a comunidade alemá era significativa— un dos poucos países importantes que non o fixo.

17. A comunidade idiomática e de destino na guerra facilitaron a emerxencia de asociacións mixtas como o Comité Patriotique Franco-belge de Rosario, Rosario, Carton 372, CADN.

18. Gaussen, 9 de outubro, 5 e 7 de novembro de 1918, 6 N 122, SHAT.

## A MOBILIZACION MILITAR

### *Le jour de gloire est arrivé*

A orde de mobilización xeral foi dada en Francia o 1º de agosto de 1914 e transmitida inmediatamente aos consulados franceses no exterior, os que enviaron as citacións para o recrutamento e iniciaron unha intensa campaña de propaganda nos xornais da comunidade. A convocatoria a filas —enmarcada na controvertida Lei de recrutamento militar do 7 de agosto de 1913— incorporaba a todos os homes de nacionalidade francesa aptos para o servizo das clases 1887 a 1913. Conforme a lexislación de 1889, a nacionalidade francesa —fundamentada no principio de *jus sanguini*— incluía os nados fóra de Francia que tivesen un pai francés. Máis alá desta definición xurídica, a poboación francesa tecnicamente mobilizable reducíase nos feitos a aqueles que estivesen inscritos nos rexistros consulares, obriga que constituía o talón de Aquiles da arquitectura xurídica do Estado francés no exterior (Otero, 2006). Por outra parte, o envío das citacións aos inscritos non estivo exento de problemas técnicos dada a extensión do país, a distancia de moitas zonas rurais, a mobilidade da poboación e a notable desactualización do rexistro consular.

O anuncio da mobilización provocou un entusiasmo importante na colectividade francesa que deu lugar a «varias semanas de actividade febril no consulado». O entusiasmo provocou mesmo a mobilización espontánea de reservistas da infantaría territorial, moitos dos que non foran convocados. Soamente nas primeiras tres semanas de agosto, outorgáronse 3000 permisos de embarque aínda que non todos os que os solicitaron viaxaron efectivamente, en parte tamén debido á dificultade de saída dos buques. O traslado a Europa foi realizado en barcos franceses e ingleses e deu lugar a emotivas cerimonias no porto de Bos Aires, amplamente difundidas polos xornais da época, sobre todo durante os meses de agosto e setembro.<sup>19</sup>

As formas de fuxida á incorporación ao exército en guerra incluíron catro tipos de situacións: 1) non estar inscrito no consulado, caso de individuos máis integrados na sociedade de chegada ou máis remisos na súa identificación co Estado francés (omitidos); 2) estar inscritos pero non acudir á convocatoria (insumisos); 3) acudir á chamada pero buscar evitar a mobilización por razóns médicas ou legais (sexa por prórroga ou por razóns médicas); e 4)

19. Informe do 29 de maio de 1915, 20 p. A saída dos barcos foi particularmente emotiva, tendo en conta o número de soldados e de persoas que foron despedidos. O *Lutetia*, por exemplo, partiu o 20 de agosto con 825 mobilizados; o *Divona* con 402, o 16 de setembro; o *Garona*, o 26 con 222 mobilizados. Carton 104, Guerre, 1914-1918, CADN.

ser mobilizados e escapar do combate (desertores). Co fin de reducir o primeiro grupo —sen dúbida, o máis numeroso— o Goberno francés dispuxo en 1915 que os omitidos que non se presentasen «serían asimilados aos insubmisos en tempos de guerra». En razón diso, o consulado francés de Bos Aires estableceu listas de omitidos a partir da declaración dos interesados ou dos seus pais e de oficio, é dicir, con base nos coñecementos que tiñan os propios axentes consulares.<sup>20</sup> Co fin de reducir a insubmisión, o Estado francés ditou unha amnistía en agosto de 1914 e procurou levar adiante un «tratamento de bondade aos insubmisos residentes no estranxeiro» que modificasen a súa actitude, medidas que —a pesar de ser amplamente propagadas pola prensa da comunidade— non deron os froitos esperados.<sup>21</sup>

De modo previsible, o grao de éxito da mobilización militar constitúe un tema importante de debate, tanto na época como para os historiadores posteriores. A estimación do número de persoas que viaxaron para combater e, sobre todo, daquelas que deberon facelo en función da lexislación vixente, resulta extremadamente difícil e hipotética. As estatísticas arxentinas de saída non son de utilidade, xa que non presentan desagregacións por sexo e idade. O carácter negativo dos saldos do período 1914-1918, mesmo en países non belixerantes como España, contribúe en igual sentido e fai inconmensurable calquera avaliación dos fluxos de emigrantes que retornaron para loitar en canto proporción dos fluxos totais. Resulta ademais imposible separar o efecto directo do conflito das críticas condicións económicas arxentinas orixinadas pola conflagración (en particular o desemprego). Por outra parte, os aumentos dos retornos ao país de orixe comezaron para algúns grupos (por exemplo, británicos, alemáns e franceses) en 1913, antes do inicio da contenda.<sup>22</sup> A posibilidade do conflito e as incertezas sobre a súa duración sen dúbida induciron a moitos inmigrantes a reunirse preventivamente cos seus familiares no país de orixe. Por último, o feito de que os censos arxentinos non distinguan a poboación nativa segundo a nacionalidade dos pais impide avaliar —agás por múltiples suposicións *ad hoc*— o número de arxentinos, fillos de franceses, susceptibles de ser incorporados ao exército.

20. Nota do Consulado de France en Bos Aires, 17 de novembro de 1915, reproducida no xornal *La Acción Francesa*, 7 N 1731, SHAT.

21. Capitán Gouspy, Informe 34 G do 29 de xaneiro de 1918, 7 N 1731, SHAT.

22. A cantidade de franceses que saíron da Arxentina por cada 100 inmigrantes desa nacionalidade que entraron no país entre 1913 e 1918 evolucionou do seguinte modo: 87, 256, 182, 172, 152, 89. Como pode apreciarse, só o primeiro e o último ano da serie tiveron saldo positivo.

A pesar dos problemas mencionados, un informe de setembro de 1919, o máis completo e sistemático de todos os analizados, permite establecer cifras aproximadas tanto para os franceses nados no Hexágono como para a primeira xeración de fillos de franceses nados na Arxentina. No primeiro caso, a estimación máis completa bota unha cifra de 5800 inmigrantes franceses que se embarcaron para Francia, á que deben sumarse outras 2834 persoas exceptuadas de o facer por razóns médicas ou por solicitude de prórroga.<sup>23</sup> A primeira cifra representa o 32,1% da poboación masculina francesa mobilizable existente na Arxentina, dato ben coñecido grazas ao terceiro censo nacional de poboación levado a cabo o 1º de xuño de 1914. Esa proporción incrementase ao 56,9% se o denominador do cálculo é a poboación inscrita nos consulados e non o total de franceses presentes no país.<sup>24</sup>

Segundo o mesmo informe, a cifra de «franco-arxentinos» —termo usado polas autoridades francesas pero non pola poboación local— situouse, en cambio, entre 250 e menos de 500 soldados, proporción «de arredor do 1% da poboación mobilizable desa categoría». Os datos do agregado militar non son, non obstante, coherentes cos 364 arxentinos *morts pour la France*, presentes na base homónima do Ministère de la Defense,<sup>25</sup> xa que se se aplica a esta subpoboación a taxa de mortalidade en combate do período ese número de defuncións correspondería a unha cifra aproximada de 2100/2200 combatentes (é dicir, case cinco veces a máxima dada polo agregado militar).<sup>26</sup> Tres alternativas poden explicar a diferenza entre a cifra de mobilizados calculada baseándose nos datos de defuncións e a do informe de 1919: a) a proporción de baixas dos franco-arxentinos foi moito máis elevada (hipótese non coherente coa enorme dispersión da súa distribución por rexementos que non permite imaxinar unha mortalidade diferente á do resto do exército francés), b)

23. Elaboración a partir de «Résultats de la mobilisation en Argentine», Bos Aires, 1º de setembro de 1919, 5 p., Bos Aires, Legation, 1887-1925, Carton 104, Dossier 1, CADN. A cifra de 5800 franceses mobilizados equivale ao 72% do fluxo de saídas do período agosto 1914-dецembro 1918 e resulta, en principio, coherente con ese rexistro.

24. Estas proporcións son moi superiores ás que se rexistraron durante a Segunda Guerra Mundial, de arredor do 15%. Consulado de Bos Aires e La Plata, 10 de agosto de 1940, Carton 167, CADN. O escaso número de mortos (16 mortos) testemuña elocuentemente o menor impacto da mobilización durante a Segunda Guerra, Anciens Combattans, 1952-1956, Carton 49, CADN.

25. Ministère de la Défense, Secretariat Général pour l'Administration, Mémoire des Hommes, «Morts pour la France 1914-1918». Site: [www.memoiredeshommes.sga.defense.gouv.fr](http://www.memoiredeshommes.sga.defense.gouv.fr). A cifra de 364 mortos non inclúe outros 25 arxentinos que pelexaron como voluntarios. Os mortos da Arxentina corresponden ao 42,2% dos nados nas Américas, proporción que confirma a importancia e representatividade do caso analizado.

26. Francia perdeu, de media, o 17% dos seus mobilizados (Chesnais, 1976: 183).



existencia dun forte subrexistro das cifras consulares, c) unha proporción dos arxentinos *morts pour la France* emigrou antes ou moito antes (por exemplo, en migracións de retorno de grupos familiares) e levaba moito tempo vivindo no Hexágono ao iniciarse a guerra. Lamentablemente, as fontes dispoñibles impiden unha resposta satisfactoria. Calquera que sexa o caso, a participación franco-arxentina non puido ser nunca superior aos 2200 efectivos (é dicir, o 5% do total mobilizable), cifra que non ten máis finalidade que a de fixar un teito teórico máximo.

Visto o problema dende as necesidades da maquinaria de guerra europea e do cumprimento das leis militares, a achega en homes da comunidade francesa da Arxentina deu lugar a «resultados bastante pouco brillantes», mesmo en baluartes emblemáticos da presenza francesa como a colonia *aveyronesa* de Pigüé.<sup>27</sup> As razóns que xustificaban o pesimismo dos agregados militares eran en boa medida válidas, xa que, a pesar de actos de heroísmo e do entusiasmo dunha parte significativa da comunidade, a maioría da poboación mobilizable rexeitou o imposto de sangue, sobre todo na segunda xeración.

Ademais da omisión e da insubmisión, situacións previas á entrada en combate, a deserción dos permisionarios tamén foi significativa. O tema foi unha auténtica obsesión dos agregados militares no Río da Prata, sen dúbida porque os soldados que retornaban con permiso temporal para visitar as súas familias constituían un dos poucos casos en que o control podía ser máis efectivo. O número de homes de permiso non foi elevado, entre outras razóns pola crecente dificultade do transporte marítimo e pola carestía das pasaxes. Entre febreiro de 1917 e marzo de 1918, por exemplo, só 84 dos 138 homes de permiso chegados á Arxentina retornaron para combater en Francia, o que equivale a unha proporción do 39,1% de persoas que non volveron (entre os que se incluían os desertores propiamente ditos e os que intentaban evadir o regreso mediante pedidos de prórroga ou de reforma).<sup>28</sup> A elevada proporción de desertores entre os homes de permiso non é dende logo comparable coa incidencia do fenómeno en Francia, xa que as posibilidades de subtraerse á guerra eran infinitamente maiores para os homes de permiso no exterior pola ausencia de medios coercitivos das autoridades militares. Por tal razón,

27. A cifras do agregado militar sobre a colonia insignia de Pigüé son concluíntes: 247 insubmisos, contra 24 incorporados, 9 xubilados por razóns médicas, 4 con prórroga, ao que debe agregarse un subrexistro de omitidos da orde do 50/75%. Visto dende Francia, o número de mobilizados dende Arxentina era minúsculo comparado con outros colectivos provenientes do exterior, como os 607 000 homes das tropas coloniais analizados por Michel (2004: 341).

28. O tema foi reiteradamente abordado durante o bienio 1917-1918. Véxase, en particular, os Informes do 18 de xullo de 1917, do 29 de xaneiro e, sobre todo, do 19 de abril de 1918, CADN.

os agregados propuxeron como solución ao problema a drástica redución dos permisos ou mesmo a súa supresión; a realización de revisións médicas máis severas ao saír de Francia para evitar posteriores demandas de reforma e a redución do período de permiso.

Vista dende a historia das comunidades francesas no exterior, a avaliación do éxito da mobilización militar resulta, en cambio, máis matizada, tanto por razóns cuantitativas como cualitativas. Entre as primeiras débese destacar o feito de que os cálculos máis coherentes coa correcta medición do fenómeno son aqueles que se refiren ao total de inscritos nos consulados e non ao universo de todos os franceses presentes no país, moitos dos cales non tiñan ningunha relación co consulado dende moito antes da guerra. A iso deben sumarse os problemas técnicos da complexa elaboración das listas militares.<sup>29</sup> Máis importante aínda: as cifras dos agregados militares só se refiren ao período posterior a agosto de 1914 e non teñen, polo tanto, en conta os retornos a Francia que se observan dende moito antes. Entre as razóns cualitativas, dúas merecen particular atención: os complexos problemas derivados da dupla nacionalidade dos franco-arxentinos e o avanzado proceso de integración da comunidade francesa na sociedade arxentina.

### *Os problemas da dupla nacionalidade*

A Lei de nacionalidade de 1889, fundamentada igual que as precedentes no *ius sanguini*, considerou como franceses todos os fillos de pais franceses, independentemente do seu lugar de nacemento.<sup>30</sup> Desta maneira, estendeu para eles as mesmas obrigas que tiñan os nados no Hexágono, entre as que se atopaba o cumprimento do servizo militar obrigatorio, creado en 1872. A colisión destes criterios coa lexislación sobre a nacionalidade arxentina, fundamentada, como en todos os países de inmigración, no *ius solis*, fíxose evidente ao estalar o conflito, polo menos por dúas razóns. Por un lado, o Estado arxentino considerou as accións da rede consular para favorecer a mobilización como unha inxerencia inxustificada nos asuntos nacionais e atentatoria dos dereitos dos arxentinos fillos de franceses;<sup>31</sup> polo outro, a poboación franco-arxentina quedaba sometida a dúas xurisdicións independentes entre si e á

29. Os problemas técnicos da mobilización militar dos emigrantes (mortalidade non rexistrada previa á chamada a filas, duplas contas, etc.) e o seu efecto depresor sobre a proporción de mobilizados son analizados por Philippe Boulanger (1997).

30. Sobre o tema, véxase Patrick Weil (2005) e Green et al. (2006).

31. Carta do Ministerio de Relaciones Exteriores y Culto de la Nación Argentina a Enrique Jullemier, Ministro de France en Arxentina, 29 de decembro de 1915, Carton 104, CADN. Na

obriga de cumprir dúas veces o servizo militar. Esta situación non foi favorable ao éxito da mobilización, xa que os franco-arxentinos debían optar entre facer a guerra en Francia e tamén o servizo militar na Arxentina ou soamente cumprir este último requisito, vía que como vimos foi a maioritaria.

A situación era máis complicada aínda para aqueles que no momento do sorteo se atopaban loitando en Francia e que, desta maneira, eran considerados como infractores polo exército arxentino, co cal debían cumprir o duplo de servizo militar (dous anos en vez de un) ao seu retorno, como lle ocorreu a moitos homes de permiso. As fontes informan sobre unha gran cantidade de casos particulares, algúns deles de notable dramatismo, e sobre os tratados entre ambos os dous Gobernos para solucionar o conflito.<sup>32</sup> En todos os casos, o dobre servizo militar constituíu durante o período da guerra unha pesada esixencia que condicionou obxectivamente o éxito da mobilización.

A resposta favorable á mobilización non resolveu, non obstante, os problemas para os franco-arxentinos, xa que, unha vez en Francia, foron considerados por moitas oficinas de recrutamento como «arxentinos voluntarios por Francia». O lugar de nacemento, a posesión de documentos arxentinos, o idioma e a autodefinición en tal sentido foron os factores decisivos desas caracterizacións.<sup>33</sup> Iso explica igualmente que unha parte dos franco-arxentinos que recibiron a mención *morts pour la France* fosen destinados a unidades de voluntarios como a Infantaría de Marcha da Lexión Estranxeira ou a Infantaría Colonial. Considerados franceses polos axentes consulares no Río da Prata, os franco-arxentinos foron vistos como estranxeiros polos responsables militares no país de orixe —situación que en ocasións podía carrexar os prexuízos do caso.<sup>34</sup> Todo iso tivo efectos importantes no plano da autodefinición identitaria da segunda xeración de franceses.

aplicación das leis territoriais arxentinas, tanto a policía como os médicos protexeron os desertores e infractores ante a lei militar francesa, Nota do 16 de xullo de 1918, Carton 84, AMAE.

32. O tema foi amplamente debatido nos informes do Capitán Gouspy N 157 G, «Question des fils de Français» do 14 de maio de 1918, e no capítulo «Status des fils des français mobilisés en France» do «Rapport sur l'armée argentine» N.º 97 G, 5 de maio de 1919, SHAT. No mesmo sentido, cóntase a publicación de libros como *La terre natale* de Victor Margueritte e a *brochure Français ou Argentins*, e as constantes referencias ao tema dos franceses que visitaron o país, como o ilustra o caso paradigmático de Georges Clemenceau (1911).

33. Segundo Gouspy, «todos os fillos de franceses que partiron para cumprir co seu deber declararon en Francia que eran “voluntarios arxentinos”». Informe N 157 G, 14 de maio de 1918, 7 N 1731, SHAT.

34. «Varios voluntarios regresaron a aquí indignados pola recepción que tiveran nalgunhas oficinas de recrutamento por parte de suboficiais que se burlaran deles preguntándolles se morrían de fame no seu país para vir loitar desde tan lonxe», Capitán de Lagaterie, Santiago de Chile, 3 de agosto de 1918, 6 N 122, SHAT.

Os problemas derivados da dupla nacionalidade, comúns tamén a outros países como Inglaterra e Alemaña, resolvéronse cara ao final da guerra. En decembro de 1918, asinou un acordo cos países aliados segundo o cal a Arxentina incorporaba automaticamente como reservistas (é dicir, sen obriga de facer o servizo militar) os mozos que certificasen que participaran polo menos un ano na Gran Guerra, solución que logo foi estendida tamén a aqueles cuxo sorteo fora posterior ao seu servizo no conflito. Conforme a vontade neutralista do Goberno arxentino, a medida aplicaríase igualmente aos individuos das potencias centrais, cuxa presenza non era menor na Arxentina.<sup>35</sup> A solución non foi en rigor tan sinxela. En 1927, durante a presidencia de Marcelo T. de Alvear (1922-1928), asinou un convenio con Francia polo que ambos os dous Gobernos se comprometían a dar por satisfeitas as obrigas militares do país a aqueles individuos que as cumprisen no outro e sen que tal recoñecemento afectase a nacionalidade das persoas.<sup>36</sup> A pesar diso, a situación militar dos franco-arxentinos seguiu constituíndo un problema de importancia. Así, os británicos, que buscaban un acordo semellante ao obtido por Francia, informaron ao consulado francés en 1935 que o convenio non fora ratificado polo Congreso arxentino e que na súa opinión «non o sería endexamais».<sup>37</sup> A non ratificación do convenio por parte do congreso ou a posibilidade de revogación por parte do poder executivo arxentino —ao parecer, certa cara a 1933— foi un factor de incerteza durante toda a década.<sup>38</sup> Non é de estrañar que as sociedades francesas de Bos Aires reclamasen repetidas veces ao Ministro de Asuntos Exteriores de Francia a resolución da situación militar dos franco-arxentinos, preocupación que, por outra parte, coincidía coa dos congresos de franceses no estranxeiro. A demanda precisaba «que todos os individuos fillos de franceses e nados na Argentina, que están en regra coas leis militares deste país sexan tachados dos controis de insumisión dos consulados de Francia na Arxentina» para que poidan viaxar a Fran-

35. Capitán Gouspy, Informe N 97 G, 5 de maio de 1919, 6 N 122, SHAT.

36. O convenio foi asinado en París o 26 de xaneiro de 1927 polo enviado extraordinario e ministro plenipotenciario da República Arxentina en Francia, Federico Álvarez de Toledo, e polo ministro de Relacións Exteriores de Francia, Aristide Briand.

37. Nota do 2 de agosto de 1935, Carton 167, CADN.

38. A posibilidade de revogación foi evocada por unha nota do consulado de Francia en Bos Aires ao encargado de negocios de Francia na Arxentina, do 22 de xuño de 1933. Todo indica que o «Affaire Pierre Expetxe (1933-34)», cidadán arxentino convocado pola oficina de recrutamento de Pau para facer o servizo militar a pesar dos acordos de 1927, influíu na posibilidade de revogación. Série 1923-1945, Ambassade, Carton 167, CADN.

cia e continuar mantendo os lazos co país dos seus pais.<sup>39</sup> O tema reapareceu novamente durante o Goberno de Vichy.

Outra razón que contribuíu á non mobilización foi que os infractores confiaban na sanción dunha lei de amnistía. Malia que os agregados militares en Latinoamérica solicitaron en repetidas ocasións ao Ministerio de Guerra francés que esa eventualidade non se producise, tres leis de amnistía foron sancionadas entre o inicio do conflito e 1921.<sup>40</sup>

### ***Integración, marco comunitario e intransixencia consular***

Unha das dificultades maiores —senón a maior— do fracaso da mobilización durante a Gran Guerra foi o avanzado proceso de integración da comunidade francesa na Arxentina, trazo que era entón moito máis notorio que noutros grupos étnicos. Se ben os agregados militares percibiron o problema con notable sensibilidade sociolóxica, a súa función de último elo da maquinaria de mobilización militar impediulles ver canto tiña de normal o fenómeno ou canto de atípico a resposta favorable á guerra, sobre todo —pero non exclusivamente— no caso da segunda xeración. Abonda con proceder á inversión da pregunta (por que se mobilizaron?, en vez de por que non o fixeron?) para comprender que, dende esta perspectiva, a mobilización tivo, en cambio, bastante éxito.

Elemento importante, común á retórica de todos os agregados, era que a infracción ás leis militares (dende a omisión á deserción dos homes de permiso) non constituía un feito individual, senón o produto «das nefastas influencias locais», entre as que destacaban dous actores principais: os outros infractores á lei militar e á familia, en particular «as nais ou as compañeiras» dos combatentes. Non vale a pena insistir aquí no que podería caracterizarse como a misoxinia profesional dos agregados militares (unha pechada desconfianza de xénero que os levaba a presupoñer que os pais non tiñan influencia negativa ningunha na insubmisión dos seus fillos) nin nos condicionantes ideolóxicos ligados ás súas funcións.<sup>41</sup> Convén precisar, en cambio, que a xulgar por este tipo de observacións a integración matrimonial exogámica —outro trazo característico do grupo francés— debeu exercer un papel importante no

39. Carta do presidente do Comité de Sociétés Françaises de Bos Aires, 11 de setembro de 1931, Carton 41, CADN.

40. As leis de amnistía foron ditadas o 5 agosto de 1914, o 24 de outubro de 1919 e o 29 de abril de 1921 (Boulanger, 1997: 8).

41. Capitán Gouspy, 19 de abril de 1918, 7 N 1731. As referencias ao medo ao combate constitúen outro «non lugar» discursivo dos agregados militares.

momento da mobilización, sexa nos franceses casados con arxentinas, sexa nos fillos de franceses cuxa nai era arxentina.<sup>42</sup>

Outro punto relevante é que, polo menos en comparación co caso italiano, no que a influencia das ideas nacionalistas a través das escolas étnicas fora moi forte nas clases medias, as institucións francesas análogas eran moito menos influentes, tanto no plano cuantitativo como cualitativo. O punto, certamente non menor, era destacado polo capitán Salats, quen se mostraba indulxente cos franco-arxentinos cuxos pais «falan español mesmo cando ambos son franceses» e que se criaron nun contexto en que «as escolas son escasas e a súa organización defectuosa».<sup>43</sup>

Pero o éxito da integración non se debía exclusivamente aos matrimonios mixtos e á debilidade do tecido étnico no plano educativo, senón tamén á inserción económica da comunidade. Para moitos, a mobilización non implicaba soamente abandonar as súas familias ante unha guerra de incerta duración, senón tamén as empresas que permitían o seu sustento, situación que —en ausencia de redes de parentesco máis extensas— era, polo xeral, máis dramática que no Hexágono. A mobilización coa familia, prevista polas autoridades militares, lonxe de resolver o problema, multiplicaba os inconvenientes e formulaba outra diferenza substantiva coa mobilización —sen dúbida, máis sinxela— dos que vivían en Francia. Este tipo de situacións foi o suficientemente xeneralizado como para inducir a un cambio de actitude en moitos referentes comunitarios, preocupados pola perda da influencia económica francesa na Arxentina e polo consecuente avance doutras comunidades migratorias, en particular a alemá.<sup>44</sup> Non se trataba dende logo dunha tensión entre adhesión ou non á patria en perigo, senón de opinións diferentes acerca de onde resultaba máis útil o emigrante: como promotor da influencia economi-

42. Así o certifica a nacionalidade das nais dos 178 nenos de mobilizados socorridos polo consulado de Bos Aires: o 63% eran fillos de nai francesa, contra só un 37% de nais arxentinas ou doutra nacionalidade, cifras que mostran unha maior proporción de nais francesas que a esperable en función das taxas de endogamia do período, 18 de novembro de 1918, carton 105, CADN. Sobre a presenza francesa na Arxentina e os seus índices de integración (endogamia, segregación espacial, inserción económica, etc.), véxase Otero (2003, 2005) e Otero e Pellegrino (2003).

43. Capitán Salats, nota do 29 de maio de 1915, Carton 104, CADN. No mesmo sentido: «canto máis vexo as cousas de cerca, máis me inclino á indulxencia cara a estes fillos dos nosos compatriotas que non recibiron máis que unha educación exclusivamente arxentina e que non coñecen nada do noso país e a miúdo ignoran o noso idioma...», carta do cónsul de France na Arxentine a Aristide Briand, 1 de febreiro de 1917, Carton 104, CADN.

44. Así o ilustran —entre moitos outros exemplos— os pedidos de prórroga dos «axentes mobilizados da *Compagnie Française de Chemins de Fer de Santa Fe* cuxa presenza na Arxentina sería particularmente útil neste momento», nota do 10 de xaneiro de 1919, Carton 104, CADN.

ca e cultural de Francia no país de destino ou como soldado no país de orixe, tese á que, por razóns evidentes, se adheriron —aínda que con celos diferentes— os sucesivos cónsules e agregados militares.

Como o mostra o exhaustivo estudo de Boulanger (1997), o universo de infractores á lei militar en Francia foi moi heteroxéneo, a pesar da súa escasa incidencia cuantitativa, afirmación que resulta máis válida para os franceses radicados no exterior tendo en conta a súa moita maior proporción. Aos tipos habituais de infractores —asociais e marxinais, negadores por razóns políticas, negligentes, etc.— resulta esencial agregar, na segunda xeración, aqueles que se integraran eficazmente no país de destino e que, a pesar da lei de cidadanía francesa, non se consideraban eles mesmos como franceses.<sup>45</sup>

Outro feito central foi que Francia levou máis lonxe que ningún outro país en conflito as esixencias cara aos seus emigrantes, en detrimento mesmo dos intereses socioeconómicos das comunidades francesas nos países de recepción. A intransixencia en materia de mobilización —que contrasta coas medidas máis realistas e pragmáticas de países como Alemaña e Inglaterra— constituía un reclamo que viña de antigo das comunidades francesas. No seu paso pola Arxentina durante os festexos do Centenario da Revolución de Maio (1910), o propio Georges Clemenceau, futuro artífice da vitoria francesa na Gran Guerra, sinalou en relación aos franco-arxentinos que a «rigorosa aplicación que se lles fixo da lei militar francesa contribúe moi frecuentemente a separalos da nai patria», para engadir —cun optimismo que os feitos desmentirían dramaticamente para unha parte substantiva deles— que a lei empurra «fóra do seo nacional, por un exceso de rigor, a mozos que, en caso necesario, responderían á primeira chamada da patria ameazada» (Clemenceau, 2002: 54 e 56). As dificultades ás que aludía Clemenceau en tempos de paz eran, dende logo, moito maiores en tempos de guerra. A falta de realismo dos funcionarios da área levounos a considerar como mobilizables ao presidente da República, Hipólito Yrigoyen, e ao seu ministro de finanzas, Salaberry, por seren ambos os dous fillos de vascos franceses.<sup>46</sup>

Conscientes da falta de poderes coercitivos, imposibles por outra parte nun país estranxeiro, os funcionarios encargados da mobilización apoiáronse nas institucións comunitarias mediante accións na prensa étnica que incluían a propaganda patriótica e o descrédito dos infractores á lei militar. No primei-

45. Resta por efectuar igualmente un estudo dos discursos dos insubmisos, en particular daqueles ligados a universos ideolóxicos opostos á guerra, como os anarquistas ou os pacifistas. Algunhas análises preliminares en Otero (2009).

46. Informe do 14 de maio de 1918, 7 N 1731, SHAT.

ro caso, aos xornais tradicionais da comunidade como *Le Courier de la Plata* sumáronse xornais nados ao abeiro do fervor patriótico como *La Acción Francesa*, creado a finais de 1915 e redactado en castelán.<sup>47</sup> No segundo caso, a medida máis frecuente foi a sanción moral cara aos infractores e ás súas familias mediante a publicación de listas nos consulados e na prensa étnica.<sup>48</sup> Se ben é imposible coñecer o éxito de tales accións, a confianza dos funcionarios suxire que algunha utilidade tiña, sobre todo no caso dos máis próximos ao tecido asociativo. As delacións de omitidos, insubmisos, desertores ou de persoas que realizaron fraudes na revisión médica —malia que asistemáticas— apuntan na mesma dirección e poñen de manifesto a existencia de conflitos en xestación na comunidade entre persoas con certa proximidade de relación, espacial ou de parentesco.<sup>49</sup>

Eses mecanismos permiten entrever un universo comunitario en forte tensión, con múltiples actores que viron afectada a súa posición relativa en función da súa resposta á mobilización. Esa armazón de relacións e simbólica definiu espazos de adhesión e de resistencia á lei militar que produciron os seus propios discursos e propagandas boca a boca, inaccesibles ao historiador, pero sen dúbida influentes. En tales marcos, a decisión de partir —aínda que en última instancia individual— debeu estar fortemente condicionada polas redes de inserción, persoais e institucionais, nas que se atopaban os emigrantes e os seus fillos.

De xeito previsible, as persoas máis directamente ligadas co universo asociativo francés —en particular as súas *leaderships* comunitarias—, sobre todo nas grandes cidades con comunidades máis fortes e activas, como Bos Aires, Rosario, Córdoba e A Prata, pero tamén en lugares máis pequenos e emblemáticos como Pigüé, foron máis visibles ante a mirada dos seus connacionais, visibilidade que, calquera que fose a resposta ante a mobilización, estaba cargada de consecuencias.

Na mesma dirección deben incluírse as presións do marco asociativo, como as destacadas para o caso italiano, no que moitas institucións (o Hospital Italiano, a Sociedad de Beneficencia, o Circolo Italiano) ameazaron co des-

47. Sobre este diario, véxase Oteiza (2000).

48. Esa era unha práctica tamén común cara a 1915 do xornal *L'Echo Français* de México (Pérez Siller, 2005: 166).

49. Sobre os xubilados por razóns médicas «que cometeron fraude», véxase o Informe do 30 de xuño de 1918 do Capitán de Lagaterie, agregado militar en Santiago de Chile. Segundo unha carta do Consulado de Bos Aires, os infractores eran «sinalados cun celo un pouco sospeitoso e en función das paixóns do momento», cónsul de France en Bos Aires, 31 de maio de 1917, Carton 104, CADN.



pedimento dos empregados ou coa expulsión dos socios desa nacionalidade que non fosen ao combate, práctica que tamén foi frecuente nas empresas británicas e francesas de ferrocarrís (Palermo, 2006).

## OS EFECTOS DA GUERRA SOBRE A COMUNIDADE

A Gran Guerra tivo efectos decisivos para a comunidade francesa da Arxentina que, igual que a afastada nai patria, saíu profundamente modificada da contenda. Por un lado, non cabe dúbida de que a vitoria aliada sobre as potencias centrais mellorou a posición das *leaderships* étnicas francesas ante as autoridades arxentinas e que —independentemente de cales sexan as escalas de prestixio que se consideren— a comunidade saíu fortalecida no plano simbólico. O éxito no control das rúas, aínda que non exclusivamente étnico, e a declaración do 14 de xullo como festivo —e lugar de memoria— nacional así o demostran. Dado que as posicións ocupadas nas escalas de prestixio dependen da sorte dos demais grupos de referencia, os efectos negativos que tivo a derrota para a comunidade alemá da Arxentina deberon favorecer por contraste a situación da colectividade francesa.<sup>50</sup> A guerra intensificou igualmente as relacións entre os líderes da comunidade e os representantes do Estado francés na Arxentina, proceso que distou de ser puramente harmónico e que demostrou os seus efectos máis negativos, anos máis tarde, durante as confrontacións que opuxeron parte da comunidade cos representantes do Goberno de Vichy.

A efervescencia xerada pola mobilización de homes e recursos tivo efectos positivos sobre o tecido asociativo, revitalizando as asociacións existentes e creando outras novas. O caso da sociedade *Patrie*, fundada o 8 de xuño de 1892 por ex-militares, algúns deles combatentes da guerra franco-prusiana, constitúe un exemplo paradigmático xa que foi un dos principais promotores da creación do Comité Patriótico Francés ao estalar a guerra e cobrou un novo impulso durante o seu desenvolvemento.<sup>51</sup> Entre as novas asociacións des-

50. As represalias tomadas durante a guerra contra a poboación de fala alemá, nomeadamente as listas negras feitas polo Foreign Office contra as empresas alemás ou que comerciaban co inimigo, e a propaganda a prol dos aliados de gran parte da prensa arxentina obrigaron os alemáns a adoptar medidas preventivas como a fundación en xullo de 1916 da Unión Popular Alemana na Arxentina (Deutschen Volksbundes in Argentinien). Por consideracións semellantes, establecéronse a Asociación Alemana de Beneficiencia e a Cámara de Comercio Alemana. Un resultado indirecto da derrota alemá e da crise socioeconómica subsecuente foi o aumento da inmigración á Arxentina, que en poucos anos alcanzou a cifra de aproximadamente 20 000 inmigrantes na provincia de Misiones. Para unha síntese da presenza alemá na Arxentina, véxase Newton (1995).

51. *Société Patrie*, 1892-1937, 1 de abril de 1937, Carton 110, CADN.

tacaron, en primeiro lugar, aquelas que naceron como derivados directos da guerra, sobre todo a Union National des Combattants de l'Argentine, constituída en asemblea xeral o 20 de xullo de 1920 como ámbito de sociabilidade e de axuda económica aos combatentes da Primeira Guerra Mundial —aos que se agregarán logo os da segunda e os da guerra de Alxeria—. En 1921, contaba con 607 socios en todo o país e con filiais en Santa Fe e Bahía Blanca.<sup>52</sup> Outras asociacións foron o *Foyer du Poilu*, «sociedade recreativa dos camaradas da Gran Guerra, fundada o 27 de marzo de 1920»,<sup>53</sup> de Bos Aires, moitos de cuxos membros tamén o eran da Union National des Combattants.

A mobilización dos reservistas e dos franco-argentinos, coa súa dose de dramatismo e heroísmo, axudou a revitalizar o discurso patriótico francés, na súa dobre vertente de discurso nacionalista e redentor fronte ao invasor alemán, e de discurso ilustrado de Francia como berce das liberdades individuais e faro da civilización. A pluralidade de connotacións de ambos os dous discursos permitiu incluír amplos sectores da comunidade ao redor dunha referencia político-cultural común. Resultado directo deses discursos e da guerra, a comunidade dotouse de novos lugares de memoria, tanto para a socialización dos seus membros, como para a súa identificación polo país de recepción. Igual que en Francia, os *Monuments aux Morts* e as placas conmemorativas definiron eses espazos simbólicos como o ilustra a placa *hommage de la colonie française de Santa Fe à ses morts glorieux 14-19* e o emblemático *Monumento a los Muertos*, erixido en 1923 xunto á estatua de Alsacia-Lorena, no patio do Hospital Francés de Bos Aires, revitalizado lugar de encontro para as celebracións do 14 de xullo e, a partir de entón, do 11 de novembro, día do armisticio.

No entanto, a guerra tivo tamén efectos negativos para a comunidade francesa, menos evidentes na inmediata posguerra, pero importantes no medio prazo. En primeiro lugar, a división da comunidade entre aqueles que responderon á patria en perigo e os que non o fixeron afectou o tecido de relacións da comunidade tanto no nivel institucional como no familiar ou mesmo persoal. Para o amplo grupo de franceses non inscritos nos consulados e fóra do marco asociativo, a brutalidade da guerra confirmou as razóns do seu afastamento previo e clausurou as posibilidades de inserción ou de retorno a eses marcos. De modo máis evidente aínda, a participación no conflito erixiuse como un criterio de prestixio e de honra que non tardou en ter efectos nos

52. Informe de Maurice Chardonnet, presidente da Asemblea Xeral do 18 de agosto de 1921, Union Nationale des Combattants, 1919-1921, Dossier 1325, CADN.

53. *Le Foyer du Poilu. Société fraternelle des desmobilisés de la grande guerre 1914-1918*, Bos Aires, Imprimerie Batmalle, 1920

dirixentes étnicos, sobre todo naqueles que polo seu carácter máis superestrutural resultaban máis visibles para as autoridades consulares. En todos os casos, a dramática conxuntura da Gran Guerra probou que a identidade tiña un custo que, nas súas manifestacións extremas —a morte ou a deshonra— podía resultar moi elevado.

As fontes do consulado de Bos Aires, o principal distrito do país, amosan un conflito importante entre os cadros de dirixentes que, iniciado a principios do século, sumou como divisoria de augas a resposta á mobilización e, no nivel discursivo, a interpretación (estricta ou laxista) que debía darse á lexislación militar francesa. Dun lado, atopábanse aqueles que participaron na guerra, doutro, os que non o fixeron; o conflito era tamén en boa medida xeracional, xa que o segundo grupo incluía unha maior proporción de dirixentes franco-arxentinos. O primeiro grupo contou co apoio incondicional das autoridades diplomáticas francesas e do xornal *La Acción Francesa*, mentres que o segundo tivo como principal instrumento o emblemático *Le Courrier de la Plata* e agrupamentos de primeira orde como a Cámara de Comercio Francesa e o Club Francés.<sup>54</sup> Ese contexto en que «o rancor contra os dirixentes cuxos fillxos non foron á fronte é moi alto» explica o éxito das presións do xefe da delegación consular para forzar a renuncia a postos en institucións claves —como a Cámara de Comercio Francesa e o Comité Patriótico— de importantes dirixentes, cuxos fillos non responderan á orde de mobilización e o proxecto de creación dun novo xornal —*La France*— para combater *Le Courrier de la Plata*, «órgano dos franco-arxentinos e partisanos do *laissez faire*».<sup>55</sup> Outros medios de prensa da Arxentina —como as revistas *Patrie* e *Unión Sagrada*—, a pesar dos seus títulos, combateron abertamente a lei militar francesa. Aínda que fóra do noso período de observación, os conflitos prolongáronse bastante máis alá da fin da guerra. O retorno dos mobilizados, as *proposicións para a lexión de honor* nunha sociedade que, como as dos dirixentes étnicos tiña moito de cortesía, a distribución de subvencións, as loitas por ocupar espazos, etc. reeditaron os conflitos e os criterios de demarcación iniciados en agosto de 1914.

Outro efecto negativo da guerra tivo que ver coa dimensión económica, xa que as continuas campañas de recadación de fondos debilitaron as posibilidades de colaboración, particularmente en momentos difíciles da vida arxentina como a crise de 1930. Polo menos esa era a opinión de Jean-Pierre Passicot,

54. Segundo a legación de Bos Aires, o Club Français «comprende sobre todo pais de franco-arxentinos que non cumpriron coas súas obrigas militares en Francia, e é alí onde está o verdadeiro núcleo de oposición á aplicación da nosa lei militar», 16 de xullo de 1918, Arxentine (84) AMAE.

55. Cartas do 1 de febreiro e do 10 de xuño de 1917, Carton 104, CADN.

presidente do Comité des Sociétés Françaises de l'Argentine, que lle comunicaba ao embaixador de Francia a imposibilidade de proceder a unha nova subscripción para axudar a Société La Dette de Mutilés de Guerre, con sede en París.<sup>56</sup> A iso sumábase a debilitación económica polas ruínas de empresas familiares de emigrantes que retornaron a loitar, aspecto sobre o que fan falta estudos máis sistemáticos, pero cuxa importancia non deixa lugar a dúbidas.

De impacto máis decisivo e duradeiro para a vida da comunidade foi a redución drástica do fluxo inmigratorio francés cara á Arxentina, que despois da guerra terá valores moi inferiores aos previos ao conflito. As novas condicións socioeconómicas de Francia na posguerra provocaron que moitos franceses que viaxaran para participar do conflito non regresasen a Arxentina.<sup>57</sup> A cantidade de membros das asociacións de ex-combatentes e as listas de postos de traballo para os desmobilizados elaboradas polo Comité Patriótico Francés de Bos Aires apuntan na mesma dirección, xa que —aínda imaxinando que moitos retornados non se asociasen ou non tivesen dificultades para reinserirse laboralmente— representan cifras bastantes modestas en ambos os dous casos.<sup>58</sup> No mesmo sentido, a recuperación de posguerra impulsou a moitos a «aproveitar o tipo de cambio para liquidar a súa situación e regresar ao país natal».<sup>59</sup> Todos estes fenómenos foron selectivos segundo a idade e incluíron, sobre todo, os membros máis novos e dinámicos, e sentaron as bases dun proceso de avellentamento da comunidade francesa da Arxentina cuxos efectos se farían máis evidentes no futuro.

Por último, para aqueles que escolleron a insubmisión, a guerra tivo o efecto de erosionar as posibilidades de inserción dentro do marco comunitario das institucións étnicas. En tal sentido, a aplicación intransixente das leis de cidadanía e de servizo militar levada a cabo polos consulados a instancia dos ministerios de tutela contrastou coa doutros países belixerantes e, paradoxalmente, favoreceu o proceso de integración na sociedade arxentina da segunda xeración.

Os efectos negativos xerados pola guerra nas comunidades francesas axiña resultaron visibles para os axentes diplomáticos, e deron lugar a unha serie importante de informes que culminaron en 1920 co envío da misión de René Viviani, político socialista que exerceu como primeiro ministro de Francia durante o primeiro ano da guerra e como representante francés na Sociedade

56. Carta de Passicot do 17 de agosto de 1931, Carton 41, CADN.

57. Informe de Gausson, 18 de novembro de 1918, Carton 105, CADN.

58. «Placement des mobilisés retournés de la guerre», 19 de xaneiro de 1919, Dossier 1304, Carton 95, CADN.

59. Cartas de Clause do 3 de xaneiro de 1926 e do 5 de decembro de 1921, Argentine (13), Émigration en Argentine, AMAE.

de Nacións en 1920.<sup>60</sup> Todos os informes coinciden en sinalar que a comunidade francesa da Arxentina se encontraba «fortemente dividida» e que a mobilización favorecera, por un lado, a ruína de moitos franceses que volveran combater e, polo outro, a «denacionalización» (sic) dos franco-arxentinos e a súa ruptura co país de orixe, proceso que —de non mediar accións en contrario— podería chegar a ocorrer tamén entre os nados no Hexágono. Ambos os dous feitos potenciaron a perda de influencia socioeconómica da comunidade, situación que foi común á do resto dos países latinoamericanos.

### CONSIDERACIÓNS FINAIS: A DUPLA RUPTURA

Como se afirmou recentemente para o caso latinoamericano, «ausente da memoria, a guerra foi esquecida tamén polos historiadores» latinoamericanos (Enders e Compagnon, 2004: 889), esquecemento que resulta máis inxustificable aínda no relativo á historia das comunidades migratorias. Como o ilustra a comunidade francesa da Arxentina, a máis importante de Latinoamérica, a guerra someteu os emigrantes e o marco comunitario a un esforzo humano, de organización e económico enorme que mobilizou un importante conxunto de recursos e de actores (consulado, asociacións, individuos). Os efectos dese esforzo foron importantes e contraditorios xa que, se ben revitalizaron o marco asociativo da comunidade e o seu lugar na sociedade arxentina, favoreceron, ao mesmo tempo, fortes tensións internas. Esas tensións, xunto con outros factores como a non renovación dos fluxos, coaduxeron ao proceso de perda de importancia da comunidade durante a primeira metade do século.

A pesar dos seus límites, o éxito da mobilización militar pode ser avaliado de maneira menos escéptica que a que propoñen as fontes militares. Dada a incapacidade técnico-administrativa dos consulados, a ausencia total de formas coercitivas para obrigar ao cumprimento da lei militar, as enormes dificultades e custos económicos e familiares para acudir dende un país distante, a mobilización pode ser considerada, en parte, como un éxito, polo menos no caso dos franceses nados no Hexágono. Nese marco, o significativo retorno dos franceses ilustra a perdurabilidade de vínculos co país de orixe e impiden, unha vez máis, pensar as migracións en termos de ruptura definitiva. *Mutatis mutandis*, a moito máis escasa participación dos franco-arxentinos pon de manifesto o avanzado proceso de integración da segunda xeración na socieda-

60. Véxase, sobre todo, o capítulo VI (Les colonies françaises en Amérique Latine) da «Note relative à l'envoi d'une grande mission française en Amérique latine», 11 de maio de 1918, p. 131-158, e o «Rapport de René Viviani», París, 25 de outubro de 1920, 24 p. AMAE.

de arxentina, ao tempo que realza —por oposición— canto tivo de heroico e digno de enxalzar no caso dos involucrados.

Un elemento destacable é que a aplicación rigorosa das leis de cidadanía e do servizo militar —un aspecto clave das políticas implícitas de emigración do Estado francés— no dramático contexto da Gran Guerra contribuíu, ao mesmo tempo e de maneira paradoxal, a favorecer a renacionalización<sup>61</sup> dos emigrantes de primeira xeración na identidade do país de orixe e a dos seus fillos na do país de destino. O anterior non exclúe, dende logo, tendencias opostas, pero máis marxinais, como a ruptura de vínculos co país de orixe dalgúns emigrantes e, en moita menor medida, a socialización nos mitos nacionais dos pais daqueles franco-arxentinos que coñeceron a experiencia das trincheiras. A guerra aparece así como unha dobre ruptura de decisivos efectos sobre a comunidade francesa da Arxentina. Por un lado, fortaleceu nos combatentes a adhesión aos valores nacionais franceses grazas á súa participación nunha institución que —como o exército— actuou como unha «máquina de nacionalización». Igual que no caso italiano, a experiencia bélica puxo en contacto emigrantes de diversas orixes rexionais e mesmo dialectais con valores nacionais unificados polo mesmo idioma.<sup>62</sup> Por outro lado, acelerou a integración —xa de por si moi avanzada— dos franco-arxentinos. A guerra puxo de manifesto as enormes dificultades derivadas da pertenza a dúas lóxicas republicanas demandantes e os custos extremos que podía asumir a filiación identitaria co país de orixe. Aínda que esta non desapareceu coa guerra, cambiou, sen dúbida, de contido e intensidade. O anterior permite crear a hipótese de que, no seu esforzo da guerra, o Estado francés contribuíu a debilitar elementos obxectivos da súa presenza en Latinoamérica, como o revelan os repetidos informes, diagnósticos e misións diplomáticas que durante a primeira metade do século xx buscarán reactivar a influencia francesa na rexión.

Cómpre concluír, por último, que a participación das comunidades migratorias na Primeira Guerra Mundial foi moito máis importante que o que se sostivo ata agora, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo, o que permite matizar algunhas das certezas do *Melting Pot* ou *crisol de*

61. Como o ilustra a seguinte pasaxe escrita polo soldado Sérapiñ Degenève a un amigo na Arxentina «... escapa entre os mortos, pero non é nada, son cada vez máis patriota, e que viva Francia, e abaixo o Imperio Alemán!» (Fréjus, Var, 3 de febreiro de 1917). Datos comunicados xentilmente por Mathilde Guinard. A voz dos soldados e das súas familias, inexistente no rexistro discursivo dos arquivos diplomáticos, pero presente en cartas, relatos e memorias, constitúe outra fascinante área aínda inexplorada, como o ilustran os traballos de Meigs (1997) e Gueno e Laplume (1998). Unha excepción para o caso latinoamericano en Compagnon (2007).

62. Esa é, por exemplo, a tese de Douki (1996: 564-574).

razas arxentino, mesmo en comunidades que —como a francesa— tiñan significativos valores nos indicadores obxectivos de integración (alta exogamia, baixa segregación espacial).<sup>63</sup> O tema reclama, polo tanto, novos estudos que permitan avanzar cara a unha análise comparada dos efectos das conxunturas militares europeas nos colectivos migratorios. En tal sentido, a comparación dos franceses da Arxentina coa doutros países, con outras comunidades —en particular coa alemá— e con outras conxunturas (como a guerra franco-prusiana e a Segunda Guerra Mundial) permitirá apreciar a forma e a intensidade coas que eses conflitos moldearon a relación das comunidades cos países de orixe e de recepción. Polas razóns expostas, a Gran Guerra representou o cénit desas evolucións.

## BIBLIOGRAFÍA

- BOULANGER, P.: «Le refus de l'impôt de sang. Géographie de l'insoumission en France de 1914 à 1922», *Guerres mondiales et conflits contemporains*, n.º 188 (decembro 1997), pp. 3-26.
- CHESNAIS, J. C.: *Les morts violents en France depuis 1826. Comparaisons internationales*, París, INED, 1976.
- CLEMENCEAU, G.: *La Argentina del Centenario*, Universidad Nacional de Quilmes, 2002 [primeira edición francesa 1911].
- COMPAGNON, O.: «Du Rio de la Plata aux tranchées de Verdun: Diario de un argentino soldado de la guerra actual», en *Colloque International: Mémoires des Amériques. Journaux intimes, correspondances, récits de vie (XVII-XX<sup>e</sup> siècles)*, Université de Versailles-Saint-Quentin-en-Yvelines, 21-22 xuño 2007.
- DEVOTO, F.: *Historia de la inmigración italiana en la Argentina*, Bos Aires, Cámara de Comercio Italiana de la República Argentina, 2006.
- DOUKI, C.: «Les emigrés face à la mobilisation militaire de l'Italie», *14-18 Aujourd'hui*, n.º 5 (2002), pp. 159-180.
- DOUKI, C.: *Les mutations d'un espace regional au miroir de l'émigration: l'Apennin toscan (1850-1915)*, Thèse de Doctorat d'Histoire, París, IEP, 1996.
- ENDERS, A. e O. COMPAGNON: «L'Amérique latine et la guerre», en S. AUDOIN-ROUZEAU e J. J. BECKER (dirs.), *Encyclopédie de la Grande Guerre, 1914-1918. Histoire et Culture*, París, Bayard, 2004, pp. 889-901.

63. A afirmación cotiá sostiña que uns 20/30 000 europeos da Arxentina regresaran para loitar pola súa patria. Véxase, por exemplo, Wright e Nekhom (1990: 324-325). Esa imaxe debe ser reavaliada cara a arriba, xa que un só grupo migratorio —o italiano— mobilizou uns 32 000 combatentes (Devoto, 2006: 320).

- FRANZINA, E.: *Gli italiani al nuovo mondo. L'emigrazione italiana in America, 1492-1942*, Milán, Arnaldo Mondadori Editor, 1995.
- GAGNON, J. P.: «Les soldats francophones du premier contingent expéditionnaire du Canada en Europe», *Guerres mondiales et conflits contemporains*, n.º 157 (xaneiro 1990), pp. 83-102.
- GREEN, N. L. e F. WEIL (baixo a dirección de): *Citoyenneté et émigration. Les politiques du départ*, París, École des Hautes Études en Sciences Sociales, 2006.
- GUÉNO, J. P. e Y. LAPLUME: *Paroles de Poilus. Lettres et carnets du front, 1914-1918*, París, Librio, 1998.
- HILBERT, L.: «Les attachés militaires français: leur statut pendant l'entre deux-guerres», *Guerres mondiales et conflits contemporains*, n.º 215 (xullo-outubro 2004), pp. 25-34.
- LACHIVER, A.: «Le soutien humanitaire canadien-français à la France en 1914-1918», *Guerres mondiales et conflits contemporains*, n.º 179 (xullo 1995), pp. 147-173.
- MANRIQUE ZAGO (dir.): *Presencia alemana en la Argentina. Deutsche Präsenz in Argentinien*, Bos Aires, Manrique Zago Ediciones, 1992.
- MEIGS, M.: *Optimism at Armageddon: Voices of American Participants in the First World War*, Washington Square, New York University Press, 1997.
- MICHEL, M.: «Les troupes coloniales dans la guerre», en AUDOIN-ROUZEAU e BECKER (dir.), *Encyclopédie*, cit.
- MORTON, D.: *Billet pour le front. Histoire sociale des volontaires canadiens (1914-1919)*, Québec, Athéna, 2005.
- NEWTON, R.: *El cuarto lado del triángulo. La «amenaza nazi» en la Argentina (1931-1947)*, Bos Aires, Editorial Sudamericana, 1995.
- OTEIZA, V.: *Le Courrier de la Plata. Diario de la colectividad francesa rioplatense*, tese de mestría, Instituto de Altos Estudios Sociales, Universidad Nacional de San Martín, 2000.
- OTERO, H.: «Endogamia e integración de inmigrantes na Arxentina Moderna. Balances e perspectivas desde un enfoque rexional», *Estudios Migratorios*, n.ºs 15-16 (xuño-décembro 2003), pp. 49-86.
- OTERO, H.: «L'immigration française en Argentine: une histoire ouverte», en A. BLÁZQUEZ (coord.), *L'émigration basco-béarnaise aux Amériques au XIX<sup>ème</sup> siècle. Regards interdisciplinaires*, Orthez, Editorial Gascogne, 2005, pp. 117-148.
- OTERO, H.: «Las políticas de emigración en Francia, siglos XIX-XX», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, vol. 61 (2006), pp. 489-516.
- OTERO, H.: «Yrigoyen y la Argentina durante la Gran Guerra según los agregados militares franceses», *Estudios Sociales*, n.º 36 (primeiro semestre de 2009), pp. 69-90.



- OTERO, H.: *La guerra en la sangre. Los franco-argentinos ante la Primera Guerra Mundial*, Bos Aires, Editorial Sudamericana, 2009.
- OTERO, H. e A. PELLEGRINO: «Sharing the City: Residence Patterns and Immigrant Integration in Bos Aires and Montevideo», en S. BAILY e E. MÍGUEZ (ed.), *Mass Migration to Modern Latin America*, Jaguar Books on Latin America, Wilmington, Delaware, 2003, pp. 81-112.
- PALERMO, S.: «Protesta laboral, nacionalismo e internacionalismo: La huelga ferroviaria de 1917 en tiempos de la Gran Guerra», en *PPA Jornadas de Historia Económica*, Universidad Nacional de Tres de Febrero, Bos Aires, 23-26 de setembro de 2006.
- PELOSI, H.: *Argentinos en Francia. Franceses en Argentina. Una biografía colectiva*, Bos Aires, Ciudad Argentina, 1999.
- PÉREZ SILLER, J.: «L'empreinte d'une nouvelle époque», en *Album d'honneur de tous les Français résidant au Mexique partis pour la France, 1914-1919*, México, Asociación Franco Mexicana, 2005.
- TATO, M. I.: «El llamado de la patria. Británicos e italianos residentes en la Argentina frente a la Primera Guerra Mundial», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, no prelo.
- VERNET, J.: *La colonie française du Mexique, de 1914 à 1919, à travers «L'Echo Français de Mexico»*, Maitrise en Histoire, Université de Paris-X, Nanterre, 2000-2001.
- WEIL, P.: *Qu'est-ce qu'un Français? Histoire de la nationalité française depuis la Révolution*. París, Gallimard, 2005.
- WRIGHT, I. e L. NEKHOM: *Diccionario histórico argentino*, Bos Aires, Emecé, 1990.



## BOS AIRES EN 1956: A CAPITAL DUN PAÍS VITAL E DIVIDIDO<sup>1</sup>

*Luis Alberto Romero*

### RESUMO

Examínase a situación da Arxentina, e en particular de Bos Aires, en 1956, ao realizarse o I Congreso da Emigración Galega. Na primeira parte, considérase a evolución da sociedade, a economía e a cultura na primeira metade do século xx, destacando o crecemento e a integración. Na segunda, analízase a profunda división ideolóxica e política entre 1930 e 1955, con especial énfase no período peronista. Finalmente, móstrase como esas contradicións se reformulan en 1956, apenas producida a caída do peronismo.

*Palabras clave:* Arxentina, sociedade, cultura, política, peronismo, colectividade galega.

### ABSTRACT

An examination is made of the situation of Argentina —and Buenos Aires in particular— in 1956, when the 1st Conference on Galician Migration was held. The first part of the paper approaches the evolution of society, economy and culture over the first half of the 20th century, with a focus on growth and integration. The second part analyses the deep ideological and political chasm through the period 1930-1955, with a focus on the Peronist period. The final part addresses the reformulation of these contradictions in 1956, immediately after the fall of Peronism.

*Keywords:* Argentina, society, culture, politics, Peronism, Galician community.

Neste texto presentarase un panorama da Arxentina e de Bos Aires en particular, no ano 1956, cando se realizou nela o Congreso da Emigración Galega. Dous aspectos merecen destacarse neste panorama. Por unha parte, o carácter

Recibido: 2-10-2008 Aceptado: 7-5-2009

1. Unha versión preliminar deste texto foi presentada no Congreso Internacional: Galicia: Éxodos e Retornos. Santiago de Compostela, 10/14 de xullo de 2006.

dinámico e móbil da sociedade de Bos Aires e do país moderno en xeral; a súa capacidade para incluír novos continxentes migratorios e recrear a clásica historia da mobilidade social. Por outra, a profunda cesura, ideolóxica, cultural e política que dividía esa sociedade, e que, cara a 1956, estaba ingresando na última e máis violenta fase do seu desenvolvemento. E escollín facelo apoiándome na vida e a mirada dun inmigrante galego, Luís Varela Villar, chegado por entón, que nos deixou unhas suxestivas lembranzas da súa experiencia.<sup>2</sup>

Luís Varela Villar era oriúndo de Vigo dos Toxos, Malpica de Bergantiños (A Coruña). Luís naceu en 1928; era o oitavo de catorce irmáns, fillo dun labrador acomodado, propietario dunha parcela, un muíño doméstico e unha casa que Luís chama *Pazo*. A súa infancia transcorreu durante os duros anos da Guerra Civil e da posguerra, que nese recanto de Galicia significaron soamente fame. Catro das súas irmáns fixéronse monxas. A terra era escasa e os homes, agás un, debían buscar outro destino. Cumpridos os vinte e catro anos, Luís decidiu casar e emigrar a América. Os esposos recibiron como dote dúas pasaxes e dúas maletas cheas de roupa. En xullo de 1952, Luís partiu xunto co seu irmán Manuel; a súa esposa agardaría quince meses, ata que el puidese chamala.

O destino era a Arxentina, onde vivía un tío coa súa familia. A Arxentina era a terra de promisión, un país onde os alimentos sobaban, e a onde, dende había máis de cen anos emigraban os galegos. Entón, tamén era o país de Perón, un dos poucos gobernantes solidarios coa famenta España.

## A CAPITAL DUN PAÍS PRÓSPERO

### *Unha ollada á cidade*

Luís e o seu irmán chegaron a Bos Aires e instaláronse na casa do tío, dono dun café fronte á cancha de Boca Juniors, quen lles deu aloxamento, traballo e calor de fogar. Boa parte da vida de Luís transcorreu en La Boca, o máis antigo e tradicional barrio popular de Bos Aires, onde aínda moitos obreiros traballaban no porto e vivían en *pezas de conventillo*, de lata e madeira.

Ao pouco de chegar, un amigo lévao a coñecer a confeitaría do Molino, situada en fronte do Congreso da Nación. Alí Luís toma contacto coa gran cidade que Bos Aires era por entón, a gran capital de América do Sur, unha das máis populosas de América, cos seus tres millóns de habitantes, e a única que podía compararse con París ou Londres. O corazón da cidade colonial fora demolido en 1880 para abrir paso á avenida de Mayo, cos seus pazos, ofi-

2. Luis Varela: *De Galicia a Buenos Aires. Así es el cuento*, Bos Aires, Volpe Editores, 1996.

cinas, hoteis, cafés e negocios; a avenida era por entón o fogar entrañable da comunidade española, que se reunía nos seus cafés, como o Tortoni, concorria ao cine Gloria ou vía zarzuelas no Teatro Avenida.

Entre finais do século XIX e principios do XX construíronse o Porto, corazón económico da cidade, as obras de salubridade, os ferrocarrís suburbanos, os tranvías eléctricos, e en 1913, por debaixo da avenida de Mayo, o primeiro metro de Iberoamérica. Neses anos, construíronse magníficos pazos para o Congreso, a Municipalidade, o Correo, os Tribunais, os hospitais, as escolas, os bancos, as grandes tendas, como Harrod's e Gath y Chaves, e moitísimos *petit hotels* residenciais ou edificios de aluguer. O centro aloxaba os negocios e tamén o entretemento: a elegante rúa Florida, ou a rúa Corrientes, cos seus cafés de tango, os seus teatros e cabarés, e un pouco máis lonxe, os prostíbulos.<sup>3</sup>

Nos anos trinta, en Bos Aires, estalou a modernidade. Os automóviles comezaron a ser frecuentes. Algunhas rúas, como Corrientes, convertéronse en avenidas. Abríronse as diagonais e comezou a construírse a avenida Nueve de Julio. Na súa intersección con Corrientes levantouse o Obelisco, o monumento máis característico da cidade moderna. Os edificios de departamentos, cubos brancos, transformaron completamente o perfil do centro.<sup>4</sup>

Máis alá do centro, estaban os barrios. O seu crecemento comezara a principios do século XX. Por obra dos tranvías eléctricos e as vendas de terreos en cotas, a cidade foise poboando de casiñas familiares, agrupadas en barrios. Cada barrio tivo a súa escola, o seu café, a súa sociedade de fomento e o seu club social e deportivo, onde os rapaces e os mozos xogaban ao fútbol ou ao baloncesto e os maiores bailaban a fin de semana. Tamén tivo o seu teatro e, logo, o seu cine. Neses barrios asentouse a chamada «clase media». Logo de 1945, o Goberno inxectou neses barrios novos continxentes populares, construíronse barrios para traballadores e grandes monobloques. Nas zonas marxinais, e momentaneamente lonxe da vista, comezaron a medrar as «villas miseria» ou barrios de emerxencia.<sup>5</sup>

3. José Luis Romero e Luis Alberto Romero (dir.): *Buenos Aires, historia de cuatro siglos*, 2ª ed., Bos Aires, Altamira, 2000. Francis Korn: *Buenos Aires: los huéspedes del 20*, Bos Aires, Sudamericana, 1974. James Scobie: *Buenos Aires. Del centro a los barrios, 1870-1910*, Bos Aires, Solar, 1977.

4. Adrián Gorelik: *La grilla y el parque. Espacio público y cultura urbana en Buenos Aires, 1887-1936*, Bernal, Universidad Nacional de Quilmes, 1998.

5. Leandro H. Gutiérrez e Luis Alberto Romero: *Sectores populares, cultura y política. Buenos Aires en la entreguerra*, Bos Aires, Sudamericana, 1996. Francis Korn e Luis Alberto Romero (comps.): *Buenos Aires / Entreguerras. La callada transformación, 1914-1945*, Bos Aires, Alianza Editorial, 2006. Anahí Ballent *Las huellas de la política. Vivienda. Ciudad y peronismo en Buenos Aires, 1943-1955*, Bernal, Universidad Nacional de Quilmes-Prometeo, 2005.

Estes barrios de emerxencia —as vilas— proliferaban no Gran Bos Aires: a zona que rodeaba a cidade e que medrou espectacularmente dende 1930 ou 1940, por obra do crecemento industrial e das migracións internas, dende as provincias. O Gran Bos Aires era un universo socialmente heteroxéneo. Xunto con antigos sectores residenciais, xurdiron novos barrios dormitorio de clase media e moitos barrios obreiros, como o que habitou Luís por un curto tempo, nunha casa no sur de Bos Aires. Foi un mundo que medrou de maneira espontánea, desorganizada e anárquica, que contrastaba coa regularidade da rede urbana. Visto dende a cidade normal, é dicir, aquela en que se desenvolveu a existencia argentina de Luís, o Gran Bos Aires era un mundo caótico e incontrolable.<sup>6</sup>

### *Unha economía próspera*

Ese desordenado crecemento industrial dos suburbios é o episodio máis recente dun crecemento secular, iniciado cara ao 1880.<sup>7</sup> Por entón, consistiu nunha combinación de oportunidades favorables no contexto mundial e de políticas axeitadas para aproveitalas. A Arxentina tiña vastas pradarias, fértiles e desocupadas, que podían ser postas en valor cunha axeitada inxección de man de obra e de capitais. Capitais e man de obra abundaban nos países centrais, e o Estado fixo o necesario para atraelos. En canto ás terras, o Estado abandonou os proxectos iniciais de colonización e púxoas en venda en grandes extensións a aqueles que podían iniciar de inmediato a súa explotación.

O resultado foi prodixioso. En 1914, a Arxentina tiña case oito millóns de habitantes, unha cifra que multiplicaba por catro a poboación de 1869. Era o primeiro exportador mundial de millo e de liño e un dos primeiros de trigo, las e carnes. Situado entre os dez primeiros países nas clasificacións mundiais, era xustamente chamado «el granero del mundo».

O derramo desa riqueza definiu o perfil social da Arxentina. Na chaira litoral, o campo encheuse de *chacareros*, prósperos e asentados, e de vilas e cidades, cos servizos necesarios. Os grandes propietarios gastaban nas cidades, que remodelaron coa imaxe de París na mente: Bos Aires, Rosario, Córdoba, Mendoza ou Tucumán. Alí multiplicáronse os edificios públicos, as grandes residencias e as casas dos sectores medios e populares, dedicados ao

6. José Luis Romero: *Latinoamérica, las ciudades y las ideas*, Bos Aires, Siglo XXI Editores, 1976.

7. Pablo Gerchunoff e Lucas Llach: *El ciclo de la ilusión y el desencanto. Un siglo de políticas económicas argentinas*, Bos Aires, Ariel, 1998. Roberto Cortés Conde: *La economía argentina en el largo plazo*, Bos Aires, Sudamericana / Universidad de San Andrés, 1994. Sobre este e outros temas xerais, Luis Alberto Romero: *Breve historia contemporánea de la Argentina*, 2ª ed., Bos Aires, Fondo de Cultura Económica, 2001.

comercio, os servizos ou o traballo nas industrias, que abasteceron unha boa parte do consumo interno. O interior máis tradicional participou dos beneficios, aínda que máis moderadamente. Pero o banquete foi o suficientemente grande como para que todos recibisen algún anaco.

A economía arxentina, que aproveitou tan axeitadamente os estímulos da economía mundial, foi sensible ás súas flutuacións. Cada crise metropolitana significaba unha redución de novos investimentos e unha retracción no fluxo de novos inmigrantes. A Primeira Guerra Mundial orixinou unha crise semellante, pero o fluxo normal pareceu restablecerse cara a 1922, cando volveron os anos dourados.

Resultou efémero. A crise de 1929 e a longa depresión que a seguiu volveron sacudir a economía arxentina. Hoxe é claro que a crise constituíu un marco: a fin da etapa do crecemento fácil, fundamentado no comercio exterior, e o comezo dunha laboriosa idade do ferro. Pero, no inmediato, o país reaccionou rápido e ben. Os gobernantes demostraron inventiva e flexibilidade para desenvolver novos instrumentos, para regular dende o Estado as flutuacións. As dificultades no comercio exterior e a escaseza das divisas estimularon a substitución das importacións por produtos fabricados localmente. A Segunda Guerra Mundial acentuou as condicións favorables e posibilitou o establecemento de moitas empresas industriais novas, medianas ou pequenas, de baixa eficiencia pero beneficiadas por un mercado altamente protexido.

Dende 1946 —e achegámonos á nosa data—, o Goberno peronista decidiu aumentar a protección ás empresas industriais —altos aranceis e créditos fáciles— ao tempo que melloraba os ingresos dos traballadores e estimulaba a expansión do mercado consumidor. Esta fórmula feliz, que atenuou considerablemente os antagonismos entre a capital e o traballo, foi posible polos saldos acumulados no comercio exterior durante os anos da Guerra. Foi a chamada festa peronista.<sup>8</sup> Luís Villa tivo ocasión de ver, dende o café de La Boca, eses traballadores ben pagos, fieis seguidores de Perón e, segundo o seu código de inmigrante aforrador, excesivamente dilapidadores e folgazáns.

Pero 1952, cando Luís chegou a Bos Aires, foi o ano da morte de Evita. Á tristura popular sumouse a alta inflación e o pan negro, feito con centeo ou millo, pois o trigo escaseaba. Tamén foi un ano de folgas duras e reprimidas con dureza. Tan dura foi a crise que o Goberno peronista introduciu algúns cambios importantes na súa política económica. Entre eles, mellorar a produtividade e tratar de reducir prebendas e beneficios dos sindicatos, como recla-

8. Félix Luna: *Perón y su tiempo*, Bos Aires, Sudamericana, 1984. Juan Carlos Torre (dir.): *Los años peronistas (1943-1955)*, Bos Aires, Sudamericana, 2002.

maban os patróns. Velaquí o xerme dun novo tipo de conflitividade social, que opoñería a traballadores e empresarios, e que se desenvolvería plenamente logo da caída de Perón, en 1955. Cando se reuniu o Congreso da Emigración Galega, en 1956, unha profunda crise económica e social instalábase sobre o país.

### *Unha sociedade aberta e inclusiva*

A Luís Varela foille bastante ben. Tiña dous empregos, e nun ano puido traer a súa esposa de España e alugar unha casa nun suburbio de Bos Aires. Dous anos despois, puido comprarlle o bar ao seu tío. Contraeu unha débeda importante, que, grazas á inflación, en menos dun ano estaba saldada. En 1961 converteu o bar nun restaurante. En 1964 chegou a quenda da casa propia e en 1967, do coche. En 1970, dezaioito anos despois, a viaxe a Galicia, de visita.

En fin, unha historia, como tantas, daquela Arxentina da longa expansión.<sup>9</sup> Ano a ano repetiuse este proceso de incorporación de novas camadas de inmigrantes, para traballar duro; e logo, o ascenso a unha situación desexable, que chamamos de clase media, pero que seguía esixindo traballar duro. Non todo foron rosas. Visto en grandes números, os que volveron foron probablemente tantos como os que quedaron, e a súa historia arxentina foi a do fracaso. Pero para os que quedaron, o presente foi sempre un pouco mellor que o pasado, e os fillos estiveron sempre un pouco mellor que os seu pais.<sup>10</sup>

Para moitos, a aventura do ascenso estivo ligada á terra. Moitos outros, como Luís, atoparon o seu destino nas actividades urbanas, no comercio, na gastronomía, na artesanía, en calquera cousa en que se puidese saltar de xornaleiro a pequeno patrón. Era o primeiro e decisivo paso do ascenso. O segundo gran chanzo era a casa propia. Xeralmente (aínda que non foi o caso de Luís), mudándose a algún dos barrios dos que falamos, que entón se abrían en Bos Aires, por obra de *loteos* e tranvías.

Non foi unha aventura individual. Para Luís foi familiar, xunto coa súa esposa, irmáns e cuñados. Luís non foi home de colectividade, pero, para as emerxencias, estaba o Centro Galego, unha das moitísimas asociacións mutuais que cumpriron un papel fundamental na instalación e integración dos inmigrantes, pero tamén no mantemento de trazos identitarios, aqueles que lles permitirían a moitos pensar, en 1956, nunha reconstrución da galegitude

9. Fernando Devoto: *Historia de la inmigración en la Argentina*, Bos Aires, Sudamericana, 2003.

10. Luis Alberto Romero: *Sociedad democrática y política democrática*, Bernal, Universidad Nacional de Quilmes, 2004. Luis Alberto Romero: *La crisis argentina. Una mirada al siglo PP*, Bos Aires, Siglo XXI Editores, 2003.



en ultramar. As mutuais foron só unha parte do amplo traballo asociativo de entón. Alí están as sociedades de fomento, os clubs sociais, os deportivos, os sindicatos e tantas outras formas de asociación.<sup>11</sup>

Tamén o Estado cumpriu un papel moi activo na conformación e integración desta sociedade móbil e inclusiva. O seu gran proxecto foi a educación pública, gratuíta, común, laica e obrigatoria no nivel primario. En Galicia, Luís puidera completar a súa escola primaria. En Bos Aires, os seus fillos accederon ao título universitario.

Esa historia repetiuse nas décadas de 1940 e 1950 cos emigrantes internos, que chegaron pobres e atoparon, dun modo ou outro, o camiño da inclusión. Axudou moito a demanda sempre crecente de traballo: entón na Arxentina había emprego. Pero tamén axudou a intervención do Estado, que, en tempos de Perón, aplicou as medidas propias dos estados de benestar da época: convenios salariais, vacacións, aguinaldo, licenza por enfermidade e outros. O Estado garantiu os dereitos do traballador, convertido en cidadán pleno. Os traballadores puideron acceder a un benestar que se democratizou: a saída de fin de semana, o cine ou o teatro, as vacacións, o turismo, ou simplemente gozar dunha boa cea ou un asado, con moito viño ou cervexa, en La Boca, no bar de Luís.<sup>12</sup>

En suma, un amplo movemento ascendente fixo a aquela sociedade democrática, no sentido que no século XIX se lle daba á expresión. Por canto tempo? Luís Varela lembra cando os tempos comezaron a cambiar, nos últimos anos de Perón. Moitos dos que, como o fillo de Luís, chegaron ao título universitario, descubriron que non era suficiente para asegurar unha posición e, nos anos sesenta, foron vistos conducindo un taxi. Algúns anos despois, esas tensións expresariáanse en conflitos violentos.

### ***O caldeiro cultural***

A principios de século, Bos Aires aparecía como unha Babel de linguas e costumes. Espello do país moderno, Bos Aires foi un verdadeiro caldeiro cultural, aínda que o cocemento non chegou a disolver totalmente os sabores e texturas das partes compoñentes.

11. Roberto Di Stefano; Hilda Sabato; Luis Alberto Romero e José Luis Moreno: *De las cofradías a las organizaciones de la sociedad civil. Historia de la iniciativa asociativa en la Argentina, 1776-1990*, Bos Aires, Gadis, 2002. José C. Moya: *Primos y extranjeros. La inmigración española en Buenos Aires, 1850-1930*, Bos Aires, Emecé, 2004.

12. Elisa Pastoriza e Juan Carlos Torre: «La democratización del bienestar», en Juan Carlos Torre (dir.): *Los años peronistas (1943-1955)*, op. cit., pp. 257-312.

A mestura foi espontánea nos barrios populares, onde se elaborou unha cultura popular en que os distintos elementos se combinaron e, ata certo punto, se fundiron. O tango combinou a milonga crioula co fado portugués e a habaneira, executado nun bandoneón alemán. A lingua crioula enriqueceuse con vocábulos das máis diversas orixes e, durante un tempo polo menos, pareceu constituírse unha sorte de «itañol»: o *cocoliche*. Cada unha das tradicións culinarias mantivo a súa especificidade —Luís prosperou grazas ao talento da súa esposa na cociña galega— pero, á vez, mesturáronse en menús híbridos ou pratos que combinaban tradicións.

A espontaneidade foi algo menor entre os sectores populares e medios establecidos, que procuraban afastarse tanto das formas populares inmigratorias dos seus avós como das novas formas populares crioulas. O papel normativo da escola foi moi forte, especialmente á hora de conxugar os verbos, co «tú» e o «vosotros». Pero tamén foi forte, entre os de orixe migratoria, o influxo das colectividadeas, preocupadas por manter e recrear as tradicións das patrias de orixe.

O máis característico destes sectores en ascenso foi a súa vontade de incorporación e a forza que tiveron entre eles os modelos das clases tradicionais. Nese sentido, foi unha cultura fortemente convencional. Tamén foi característico destes amplos sectores medios a valoración da cultura culta ou erudita, cuxa adquisición, malia que fose fragmentaria, era a culminación da integración. Foi a época de ouro das editoriais —moitos editores españois viñeron a Bos Aires nos anos da Guerra Civil—, das bibliotecas populares e das conferencias. A tendencia das elites tradicionais foise pechar e marcar a diferenza cos acabados de chegar, apelando ao bo manexo da lingua nativa, enriquecida con galicismos, ou ao culto dos apelidos e parentescos. Nos anos vinte e trinta, esa elite tivo algo de *Ancien Régime*, sobre todo á luz do que foi a onda democratizadora do peronismo, que arrasou coa lexitimidade do privilexio.<sup>13</sup>

As clases altas e as clases medias establecidas constituíron un público receptor ávido para as novidades culturais de Europa. Bos Aires recibiu sucesivamente o impresionismo, o wagnerismo, o cubismo, o ultraísmo, o dodecafonismo, o existencialismo. Ao principio, a influencia máis forte veu de Francia. Pero, dende principios do século xx, houbo un contacto crecente con España e unha hispanización das elites. Bos Aires acolleu con entusiasmo a Ortega y Gasset, en 1916 e 1928, e tamén a Ramiro e María de Maeztu, a finais dos anos

13. Leandro H. Gutiérrez e Luis Alberto Romero: *Sectores populares, cultura y política. Buenos Aires en la entreguerra*, Bos Aires, Sudamericana, 1995. Lilia Ana Bertoni e Luis Alberto Romero: «Elites argentinas entre dos siglos: formas de sociabilidad, actitudes e ideas», en *Homenaje a Ana María Barrenechea*, Bos Aires, Facultad de Filosofía y Letras de la UBA, 2007, pp. 525-535.

vinte. España subministrou, na primeira metade do século xx, variados puntos de referencia: a España liberal de principios de século, a España radicalizada, dos emigrados durante a Guerra Civil, ou a España telúrica e esencial, coa que se construíu o hispanismo católico e nacionalista.

Xunto co hispanismo católico veu o nacionalismo e os movementos autoritarios de dereita, que agromaron nun país traumatizado pola experiencia democrática do radicalismo yrigoyenista. Na segunda posguerra, ese nacionalismo cultural e político, que empalmou co populismo peronista, reforzou as tendencias ao peche e á autorreferencia da cultura arxentina de mediados do século xx.<sup>14</sup>

## A ARXENTINA DIVIDIDA

Apenas chegado ao país, Luís Varela leu un gran cartel: «El que no sea peronista no tiene derecho de ser argentino»; lembrando a súa experiencia española pensou: «salimos de Guatemala y caímos en Guatepeor». Se no profundo a Arxentina ofrecía por entón unha convivencia cordial e amable, nun plano máis evidente estaba dividida por unha profunda cesura, que era política, ideolóxica e cultural, expresada como peronismo e antiperonismo.

### *A polarización ideolóxica*

A polarización ideolóxica levaba varias décadas de xestación, quizais dende comezos mesmos do século xx, e creceu a medida que se debilitaba o consenso das elites dirixentes ao redor dos principios liberais. Varias cuestións confluíron.

Unha foi a «cuestión social», que activou as ideoloxías contestatarias, como o anarquismo, o socialismo, o comunismo. Como resposta, tamén se activaron as ideoloxías reaccionarias, sobre todo coa gran crise social de 1917/1921. Outra foi a «cuestión nacional», particularmente sensible nun país de inmigración como a Arxentina, pero nutrida polos debates ideolóxicos máis xerais. O nacionalismo recolleu moito na dereita, entre os que reaccionaban contra os avances do socialismo, pero tamén foi tema da esquerda, asociado co antiimperialismo.<sup>15</sup>

14. Lilia Ana Bertoni: *Patriotas, cosmopolitas y nacionalistas. La construcción de la nacionalidad argentina a fines del siglo PAP*, Bos Aires, Fondo de Cultura Económica, 2001. Fernando Devoto: *Nacionalismo, tradicionalismo y fascismo en la Argentina moderna*, Bos Aires, Siglo Veintiuno, 2001.

15. Eduardo Zimmermann: *Los liberales reformistas. La cuestión social en la Argentina, 1890-1916*, Bos Aires, Sudamericana / Universidad de San Andrés, 1994. Juan Suriano: *La cuestión social en la Argentina, 1870-1943*, Bos Aires, La Colmena, 2000.

Unha terceira cuestión veu da democratización política e o triunfo do radicalismo, unha forza política nova que competía coa esquerda polas bandeiras progresistas no político e social, pero sensible á apelación unanimita do discurso nacionalista. Yrigoyen dividiu a opinión, ata ser derrocado en 1930. Entre os seus inimigos había liberais conservadores, inimigos da democracia «demagógica», e un grupo máis reducido de nacionalistas, atraídos polo fascismo. A eles sumouse o catolicismo integral, cun innovador potencial para a mobilización e crecente influencia no Exército. O catolicismo pretendeu modificar os fundamentos liberais do Estado, e converteuse no núcleo dun campo antiliberal unificado e puxante.<sup>16</sup>

Algo semellante aconteceu no eido oposto, onde liberais, socialistas, comunistas, universitarios, intelectuais, sindicalistas e outras forzas se uniron, máis alá das súas diferenzas, para enfrontar o fascismo. Os sucesos europeos foron decisivos para definir esta cesura ideolóxica. O máis notable foi a Guerra Civil española. Dende 1936, a opinión pública dividiuse en partidarios da República ou do Movimiento Nacional. Uns e outros chocaban nas rúas, fronte aos encerados dos diarios que traían as noticias do combate. A mobilización para reunir axuda para a República foi espectacular e involucrou a ampla rede de asociacións vinculadas ao campo progresista. Menos rechamante, pero igualmente eficaz, foi a que motorizaron a Igrexa, os grupos nacionalistas e outro sector do asociacionismo para reunir fondos destinados a «la España que sangra» e, especialmente, á reconstrución das igrexas incendiadas polos «rojos». A colectividade española politizouse e dividiuse profundamente. A medida que a sorte se volvía adversa á República, moitos dos seus defensores emigraron á Arxentina e robusteceron coa súa acción militante o bando republicano. Entre eles, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e moitos outros que máis tarde animarían o Congreso da Emigración Galega.<sup>17</sup>

Logo, a Segunda Guerra Mundial dividiu a opinión entre partidarios dos aliados e simpatizantes do Eixe, poucos e vergonzosos. Non era fácil trasladar eses aliñamentos ao campo político local. A situación clarificouse subitamente en xuño de 1943, na antevéspera do peronismo, cando un golpe militar estableceu unha ditadura que se definiu como neutralista e non ocultou a súa simpatía pola Alemaña nazi. Toda a fronte nacionalista, incluíndo a Igrexa e

16. Tulio Halperin Donghi: *Vida y muerte de la República verdadera (1910-1930)*, Bos Aires, Ariel, 2000. Loris Zanatta: *Del estado liberal a la nación católica. Iglesia y Ejército en los orígenes del peronismo, 1930-1943*, Bernal, Universidad Nacional de Quilmes, 1996.

17. Monica Quijada: *Aires de República, aires de Cruzada. La guerra civil española en Argentina*, Barcelona, Sendai, 1991. Silvina Montenegro: *La guerra civil española y la política argentina*. Tese de Doutoramento da Universidad Complutense de Madrid, 2002.

a maioría dos católicos, solidarizouse co Goberno, que perseguiu os comunistas, implantou o ensino relixioso e declarou a súa intención de moralizar a sociedade segundo os aliñamentos da Igrexa. Os bandos definíronse con claridade e saíron á rúa, convocaron mobilizacións masivas, pintaron paredes, deostaron os seus adversarios. A medida que a guerra se inclinaba en prol dos aliados, o bando democrático ía medrando.<sup>18</sup>

Pero, ao longo de 1945, a polarización ideolóxica cambiou de sentido e organizouse arredor da figura do coronel Perón, home importante do Goberno que comezou a articular alianzas políticas, particularmente cos dirixentes sindicais. Contra el estaba a Unión Democrática, que reunía os partidos tradicionais. A favor de Perón estaban algúns desprendementos daquelas forzas, a maioría dos nacionalistas e católicos e, sobre todo, o movemento sindical, de tradición socialista. A mobilización nas rúas seguiu, coa mesma intensidade, pero ordenada ao redor dun eixe diferente. Nas eleccións presidenciais de febreiro de 1946 impúxose Perón por unha marxe clara aínda que non esmagadora.

### ***A irrupción social***

Todo cambiará o 17 de outubro de 1945. Unha multitude reuniuse ese día na praza de Mayo para apoiar a Perón, que falou dende os balcóns. A ritual repetición desa cerimonia, ano a ano, fixouna no recordo como o momento simbólico de constitución do peronismo, nun acto que tiña tanto de concorrencia disciplinada ao lugar de exercicio do poder, para ratificar ao dirixente, como de irrupción plebea en espazos ata entón vedados.<sup>19</sup>

Ambas as dúas dimensións —irrupción popular e control dende o Estado— estiveron presentes no peronismo dende o inicio. Durante dez anos, o peronismo mantivo a práctica da mobilización, entre espontánea e organizada, combinando o festexo coa expresión política. Así o rexistraba Luís Varela, quen vía os domingos a multitude futeboleira mesturar o «Viva Boca» co «Viva Perón».

Á axitación sumáronse as decisións políticas que consagraron os dereitos sociais e beneficiaron aos traballadores. Os seus obxectivos eran razoables: salarios, condicións de traballo, vacacións e, máis en xeral, dignidade. Pero, no lugar de traballo, a xerarquía social era cuestionada: «En las fábricas y en los comercios, e incluso en las comisarías, no mandaban los jefes; los jefes eran

18. Tulio Halperin Donghi: *La Argentina y la tormenta del mundo. Ideas e ideoloxías entre 1930 y 1945*, Bos Aires, Siglo Veintiuno Editores, 2003.

19. Juan Carlos Torre (comp.): *El 17 de octubre de 1945*, Bos Aires, Ariel, 1996. Mariano Plotkin: *Mañana es San Perón*, Bos Aires, Ariel Historia Argentina, 1994.

“los muchachos” (peronistas)», lembra Luís. Igual acontecía nos fogares con servizo doméstico, nos que a «sirvienta» pasou a ser a «empleada», con soldo fixo, vacacións e opinións políticas propias.

Onde máis se percibiu a irrupción social, plebea e democratizadora, foi nos espazos públicos, outrora naturalmente reservados aos sectores sociais establecidos. A irrupción na praza de Mayo en 1945 foi o anuncio doutras irrupcións: nas prazas e parques, na rúa Florida, no teatro Colón, nos lugares de veraneo. Velaquí as liñas dun conflito novo, cuxa dimensión estritamente social —obreiros contra patróns— foi atenuada pola coidadosa tarefa de ordenación e contención por parte do Estado.<sup>20</sup>

En cambio, o conflito desenvolveuse plenamente no plano simbólico, onde priman os valores e as cualificacións. Por un lado, a exaltación do *popular*, convertido nun valor, e a repulsa simétrica do *oligárquico*, tan claramente expresada nos discursos de Eva Perón. Por outro: o rexeitamento do *popular*, descualificado como groseiro e intruso, impropio da cidade civilizada. Luís Varela estaba entre os que vían as cousas dese modo, e aínda que gañaba a vida atendendo a traballadores peronistas, non podía deixar de velos como transgresores e potenciais delincentes.

### *O conflito político*

Sobre a antiga cesura ideolóxica e a nova polarización social e cultural, a política terminou de definir dous campos inconciliables: o peronismo e o antiperonismo. En boa medida, foi obra do *réxime peronista* gobernante, que a afondou e cristalizou.

O *réxime peronista* construíuse ao redor da autoridade do líder e sacrificando na súa homenaxe os límites institucionais do poder propios da tradición republicana. Segundo a concibía, a autoridade do líder non emanaba tanto das institucións como das masas, fontes directas da súa lexitimidade. As masas debían ser conducidas e adoutrinadas e convocadas a grandes actos rituais, na praza de Mayo, para renovar o pacto fundador.

As multitudes reunidas o 1 de maio e o 17 de outubro eran a expresión do *pobo* e da *nación*. No seu discurso —nos discursos de Perón e Eva Perón—, o peronismo retomou ese gran tópic, xa cultivado polo yrigoyenismo, da encarnación da vontade, homoxénea e unánime da nación nun movemento

20. Elisa Pastoriza e Juan Carlos Torre: «La democratización del bienestar», en Juan Carlos Torre (dir.): *Los años peronistas (1943-1955)*, op. cit. Silvia Sigal: *La Plaza de Mayo*, Bos Aires, Siglo Veintiuno Editores, 2006.

político que representa o todo e non unha parte. Para os que se opoñían ao peronismo, só había unha posición: a dos inimigos do pobo ou, simplemente, a *antipatria*. Esta estratexia discursiva converteuse en feitos. O Estado foi pechando progresivamente os espazos onde voces opositoras ou alternativas puidesen expresarse: a rúa, a prensa, os partidos.

Esta concentración do poder comezara polas forzas propias, ordenadas e disciplinadas, apenas Perón chegou ao poder. Houbo unha confederación sindical unánime, da que foron excluídos os sindicalistas con pretensións de autonomía, e un Partido Peronista, cuxos estatutos establecían que a autoridade do *Líder* era suprema e indiscutible; o *fuhrerprinzip*. A medida que pasaban os anos, o réxime avanzou na idea de «peronizar» a sociedade. Cada sector profesional debía encadrarse nunha organización que oficiase de representación corporativa e de encadramento político: aos traballadores, xa encadrados, debíanse agregar os empresarios, segundo o seu tipo, os profesionais, os universitarios, os docentes, os mozos. A pertenza ao Partido Peronista transformouse en requisito para os empregados do Estado. Mesmo as Forzas Armadas foron sometidas a ese proceso de peronización, que debía culminar na conformación da *Comunidad Organizada*.<sup>21</sup>

No entanto, un terzo do país era contrario á peronización e votaba por un candidato opositor. Un dos bastións do antiperonismo foi o mundo dos intelectuais e da cultura. A intelectualidade liberal e progresista animou diversos foros e espazos da sociedade. Un deles, o Colegio Libre de Estudios Superiores, foi unha especie de universidade alternativa. A revista *Sur*, que dirixía Victoria Ocampo, cultivou un esteticismo elitista que confrontaba coa cultura de masas propulsada polo Estado. As editoriais, como Losada, Sudamericana, fundadas por dous españois, Gonzalo Losada e Antonio López Llausás, ou tantas outras, deron traballo e espazos de discusión aos intelectuais separados da Universidade e a moitos xornalistas, artistas e escritores da emigración republicana. Asociacións, como Ver y Estimar, Amigos de la Música, e revistas, como *Imago Mundi* ou *Contorno*, mantiveron os valores da cultura universal e cosmopolita, pouco apreciados polo réxime. Foi un mundo de vida moi intensa e aberto ás correntes do pensamento mundial, en contraste coa cultura oficial, enclaustrada e retrógrada.<sup>22</sup>

21. Alberto Ciria: *Política y cultura popular: la Argentina peronista, 1946-1955*, Bos Aires, Ediciones de la Flor, 1983. Ricardo Del Barco: *El régimen peronista, 1946-1955*, Bos Aires, Editorial de Belgrano, 1983.

22. Silvia Sigal: «Intelectuales y peronismo», en Torre, Juan Carlos (dir.): *Los años peronistas*, pp. 481-520. Alejandro Blanco: *Razón y modernidad. Gino Germani y la sociología en la Argentina*, Bos Aires, Siglo Veintiuno editores, 2006.

Nos partidos políticos opositores houbo dúas posturas. Uns querían conformar unha oposición clásica e construtiva e outros replicaban a descualificación que lles inflixía o réxime. Por esa vía, estes opositores buscaron apoios entre os militares para derribar un gobernante imbatible nas urnas. Houbo un intento en 1951 e outro en 1952, aos que seguiron reaccións violentas do réxime, que incluíron o incendio de locais emblemáticos do mundo opositor, como o Jockey Club ou a Casa del Pueblo, socialista.

Nese clima de violencia apaixonada transcorreron os primeiros anos de Luís Varela na Arxentina. Nese clima, tamén, comezou a prepararse o primeiro Congreso da Emigración Galega, animado por moitos intelectuais e exiliados cunha experiencia republicana ás costas, que dalgunha maneira trasladaban a súa mirada da Arxentina.

O groso da oposición a Perón atopábase no mundo dos liberais, progresistas e socialistas. Pero o factor que cambiou o equilibrio de forzas veu do campo católico, a raíz do estraño enfrontamento de Perón coa Igrexa. Moitos católicos peronistas pasaron ao bando da oposición e, entre eles, moitos militares, católicos e nacionalistas.<sup>23</sup> En 1955, a paixón política volveu gañar as rúas, como en 1936 ou 1946, e houbo varios episodios de mobilización e violencia, ata que un golpe militar empuxou a Perón á renuncia, en setembro de 1955.

## 1956

Chegamos así a 1956. Perón caeu, pero a cesura política afondouse. O Goberno militar, a Revolución Libertadora, proscribiu o peronismo, encarcerou os seus dirixentes e prohibiu calquera tipo de propaganda e ata a mención do nome de Perón, a quen se lle chamaba, por exemplo, «el tirano prófugo». Comezou unha longa proscripción, que duraría ata 1972, que marcou toda a vida política e condenou ao fracaso os intentos de reconstitución das institucións democráticas.

O peronismo recuperou forzas e nucleouse ao redor dos dirixentes sindicais: unha nova camada, vigorosa e combativa, substituíu os apoltronados burócratas. A pesar da severa represión, houbo folgas e sabotaxes. En xuño de 1956, houbo un levantamento militar, e o Goberno dispuxo o fusilamento dos seus xefes e dun grupo de civís. A práctica política barbarizábase e desprazábase cara á violencia e á morte. Peronistas e antiperonistas quedaron aínda máis enfrontados do que o estaban ata 1955.

23. Susana Bianchi: *Catolicismo y peronismo. Religión y política en la Argentina, 1943-1955*, Tandil, IEHS, 2001. Lila M Caimari: *Perón y la Iglesia Católica. Religión, Estado y sociedad en la Argentina (1943-1955)*, Bos Aires, Ariel, 1994.



Cada un dos partidos dividiuse entre os que querían manter a proscripción sen concesións e os que buscaban algún tipo de apertura, tentados pola posibilidade de atraer o apoio do peronismo. Violentos odios facciosos dividiron o antigo bloque antiperonista.<sup>24</sup>

Unha fisura similar manifestouse no campo dos intelectuais. O Goberno revolucionario colocou a notables opositores a Perón nos postos destacados: Jorge Luis Borges á fronte da Biblioteca Nacional, Juan José Castro na Sinfónica Nacional, Jorge Romero Brest no Museo Nacional de Belas Artes ou José Luis Romero na Universidade de Bos Aires, onde se realizou unha das reunións do Congreso da Emigración Galega de 1956. Borges era cuñado de Guillermo de Torre, o eminente crítico literario e profesor. Castro era o discípulo e amigo de Manuel de Falla, que pasou os seus últimos anos nas serras de Córdoba. Jorge Romero Brest e José Luis Romero éranos de Luís Seoane, o notable pintor galego. Todos cultivaran unha intensa sociabilidade e amizade cos intelectuais españois republicanos, moitos dos cales animaban a organización do Congreso da Emigración Galega.

Baixo a dirección deste grupo de intelectuais, ou simplemente coa súa benevolencia, comezou un importante proceso de modernización cultural. Pero, simultaneamente, o bloque comezaba a dividirse en relación co xuízo sobre o peronismo, entre os que mantiñan o seu antiperonismo ata as últimas consecuencias, como Borges, e os que buscaban comprender o fenómeno e superar a cesura. Mentres tanto, xa afloraban os que expresarían unha versión cultural alternativa —José María Rosa, Rodolfo Puigross— que combinaría motivos nacionalistas, antiimperialistas, marxistas e tamén peronistas.<sup>25</sup>

De modo que, cara a 1956, Bos Aires —e en certa medida a Arxentina toda— era á vez unha cidade vital e dividida. Por un lado, unha sociedade móbil e inclusiva, cunha economía viable, aínda que golpeada por fortes sacudidas, un Estado forte, con capacidade de condución e un mundo cultural aberto á renovación e á modernización. Todos estes trazos manteríanse aínda durante dúas décadas. Polo outro, na sociedade, a política e a cultura recreábanse e afondaban os conflitos, que comezaban a resolverse de maneira violenta. A traxedia de 1976 estaba *in nuce presente* en 1956.

24. María Estela Spinelli: *Los vencedores vencidos. El antiperonismo y la «revolución libertadora»*, Bos Aires, Biblos, 2005. Daniel James: *Resistencia e integración. El peronismo y la clase trabajadora argentina, 1946-1976*, Bos Aires, Sudamericana, 1990. Samuel Amaral e Mariano Ben Plotkin: *Perón, del exilio al poder*, Bos Aires, Cántaro, 1993.

25. Oscar Terán: *Nuestros años sesentas. La formación de la nueva izquierda intelectual en la Argentina, 1956-1966*, Bos Aires, Puntosur, 1991.

Pero non convén esaxerar, non obstante, o lugar que estas circunstancias, importantes na análise histórica, ocupaban na conciencia cotiá da xente. Os diarios infórmanos doutras preocupacións, e quizais doutras novidades. River Plate volvía gañar o campionato de fútbol, como o viña facendo case ininterrompidamente dende 1952. Juan Gálvez e Juan Manuel Fangio volvían impoñerse nas carreiras de automobilismo e Pascual Pérez, o primeiro campión mundial de boxeo, defendía con éxito a súa coroa. Aníbal Troilo e Edmundo Rivero, dúas figuras maiores do tango, daban forma a un clásico, *La última curda*, mentres o tango novo asomaba con Ástor Piazzolla. O pequeno aparello de radio a transistores —a Spika— revolucionaba a vida dos arxentinos, que empezaron a estar conectados co que acontecía no mundo en calquera hora e lugar. Outra historia.

# TEXTOS E DOCUMENTOS



## MULLERES ARXENTINAS NA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

### Historias perdidas ou esquecidas sobre as nosas compatriotas e o seu labor na solidariedade dende Arxentina e na súa participación como voluntarias na España Republicana

*Jerónimo E. Boragina\**

A historia das mulleres foi negada en moitos xornais históricos. Hai exemplos claros da súa exclusión na historia social, do movemento obreiro ou a historia política. Elas non existen, non estiveron presentes nin participaron. Como sabemos, despois dunha guerra ou importantes cambios políticos, moitas das historias escribenas os vencedores. E non só iso, senón que se tende a xeneralizar as historias, os seus protagonistas sen recoñecer diferenzas de xénero. Para o caso da Guerra Civil española, a masculinización da historia cumpriuse con bastante peso. Os grandes estudosos foron todos homes<sup>1</sup>, e nas súas obras clásicas sobre o tema deixaron de lado, ignorado ou minimizado, a participación feminina na contenda, sexa na fronte ou na retagarda. A pouca atención recibida sobre o tema das mulleres na Guerra Civil púidose

Recibido: 7-6-2008 Aceptado: 2-2-2009

\* Licenciado en Historia na Universidad Nacional de Mar del Plata. Investiga sobre España Contemporánea, en particular sobre a Guerra Civil española e a participación dos voluntarios arxentinos. É investigador do Centro Suárez Picallo da cidade de Bos Aires (Federación de Sociedades Gallegas), do Centro Cultural de la Cooperación, do Centro Cultural de España en Buenos Aires (CCEBA), entre outros.

1. Refírome ás obras de Hugh Thomas: *La Guerra Civil Española*, Barcelona, Grijalbo Mondadori, 1995. E. Termini e P. Broue: *La Revolución y la Guerra de España*, Argentina, Biblioteca Actual, 1989. Stanley Payne: *La Revolución Española*, Barcelona, Argos, 1977. Gabriel Jackson: *La República y la Guerra Civil Española*, Madrid, Crítica, 1999.

reverter grazas aos numerosos estudos que se realizaron principalmente a partir dos anos 80 e 90. Case todos eles, ou polo menos os máis importantes ou coñecidos, están realizados por mulleres, historiadoras ou intelectuais,<sup>2</sup> que se somerxeron e descubriron un novo suxeito, que en verdade existiu sempre, pero que constantemente era agochado. Sen afondar na cuestión de xénero<sup>3</sup> en España e Arxentina, esbozarei unha introdución sobre a participación feminina no conflito e en particular sobre as nosas compatriotas que participaron na península a favor da República española.

Tengo a todos en mi contra. A los hombres, porque pido la emancipación de la mujer, a los propietarios, porque reclamo la de los asalariados.

Flora Tristan<sup>4</sup>

## A MULLER ESPAÑOLA

A situación e as particularidades españolas con respecto ao resto de Europa sobresaen en boa medida sobre outros contextos sociais e económicos. En primeiro lugar, a longa tradición histórica e política marcara aínda máis o malestar das mulleres na sociedade española, que, se ben se repite noutras partes do mundo, acentuou as diferenzas e así tamén o camiño que teñen que seguir as primeiras organizacións obreiras e políticas. En efecto, a conxunción durante séculos de monarquías, estatutos eclesiásticos e militarismo español levaría a un plano excluínente a muller común así como tamén a súa vida mesma e a súa existencia. Neste contexto, a muller española debía superar diversas ataduras que a amarraban durante séculos no social, cultural e económico. O patriarcado e a pobreza en que estaban sumidas as clases baixas e campesiñas exacerbaban a situación feminina, pero cun agregado —frecuentemente suavizado no resto dos países europeos—, a influencia conservadora da Igrexa. A muller tería que ser nai e esposa, e levar a harmonía familiar por intermedio da fe. A súa exclusión ao ámbito privado era o cotiá, sen dúbida, este era máis leve para as mulleres de clase alta.

2. Algúns textos son: Martha Ackelsberg: *Mujeres Libres. El Anarquismo y la Lucha por la Emancipación de las Mujeres*, Barcelona, Virus, 1999. Mary Nash: *Prólogo, selección y notas - Mujeres Libres. España 1936-1939*, Barcelona, Tusquets, 1975. Shirley Mangini: *Recuerdos de la Resistencia. La voz de las mujeres de la Guerra Civil Española*, Barcelona, Península, 1997.

3. Para o caso arxentino, poden lerse os textos citados na bibliografía de Débora D'Antonio, Arnaiz e Chomnalez, Guzzo, Lobato e Giordano.

4. Defensora dos dereitos da muller e precursora da Asociación Internacional de los Trabajadores en Francia a mediados do século XIX.

Xustamente, a muller ingresa tarde no mundo laboral non só polas cuestións culturais mencionadas, como os altos índices de analfabetismo, senón polo atraso económico que posuía España aínda no século XIX e principios do XX. Por un lado, era un país predominantemente agrario, con grandes focos industriais no norte e en Cataluña, pero cunha economía atrasada e con base na agricultura. Nin sequera os grandes negocios realizados durante a Primeira Guerra Mundial, debido en gran parte á neutralidade, foron aproveitados para modificar a vella estrutura agraria e subdesenvolvida que rexía en boa parte do territorio español. Por outro lado, a explotación coa que eran tratadas era aínda maior que a dos homes debido á mala alimentación, aos baixos salarios, á falta de axudas por maternidade e ás enfermidades, que imposibilitarían a calquera muller española concretar unha vida digna.

Dende a I República de 1873, rapidamente afogada pola aristocracia e os militares, uniríanse algúns esforzos persoais na creación de centros ou institutos de ensino para mozos e señoritas, como o Ateneo Artístico e Literario de Señoritas e a Escuela de Institutoras, creados en Madrid.<sup>5</sup> Outras institucións, como a Residencia de Señoritas e o Lyceum Club Femenino, pretendían crear un espazo de reflexión, mediante conferencias e debates sobre a cuestión da muller. Como comentaba a escritora María Teresa León: «las mujeres encontraron un centro de unión en el Lyceum [...]». La caprichosa monarquía de entóns sostenía a su dictador (Primo de Rivera) jacarandoso para cerrar el paso a algo que se avecinaba. El Lyceum Club no era una reunión de mujeres de abanico y baile. Se había propuesto adelantar el reloj de España».

Aquí comeza a desenvolverse unha verdadeira campaña educativa e profesional para o recoñecemento de reformas sociais mediante a edición de libros e revistas que defendían a súa promoción. A gran maioría pertencentes a movementos políticos ou sindicais das respectivas seccións femininas do PSOE (Partido Socialista Obrero Español) e a FAI (Federación Anarquista Ibérica), que polos anos 30 formarían a respectiva UMA (Unión de Mujeres Antifascistas), composta por socialistas e comunistas, e Mujeres Libres, de tendencia anarquista.

A partir dos anos 20, as reivindicacións sociais das mulleres pasaron a ter un claro contido político. A crecente sindicalización das mulleres permitíalles a inclusión nun ámbito público descoñecido para elas durante décadas. Mobilizábanas para reclamaren os seus dereitos e dáballes a posibilidade de acompañaren igualitariamente os reclamos dos seus compañeiros de traballo, obreiros e

5. Foron creados en 1868 e 1869 por Fernando de Castro, director administrativo da Universidad de Madrid. O obxectivo de ambos os dous era a preparación da muller para a vida pública.

campesiños, na loita por un traballo digno. A maior parte das mulleres traballaban no campo por estes anos, aínda que hai importantes movementos migratorios cara ás cidades para buscar melloras no estilo de vida e lograr unha relativa independencia económica. Nas cidades, as mozas pasaron maiormente a ser criadas e ser traballadoras principalmente da industria téxtil.

A muller deixaba de ter unha actitude pasiva para pasar á loita directa polos seus dereitos laborais e, se ben nun comezo os sindicatos católicos tiñan grande adherencia coas inxustizas cometidas e a representatividade dos sindicatos de clase, inclináranse cara aos gremios politizados que desempeñaban unha acción clara e concreta para as súas melloras. É así como a UGT (Unión General de Trabajadores), de orientación socialista, pasa de 18 000 en 1930 a 100 000 afiliadas a comezos de 1936. Isto tamén ocorre coa CNT anarquista, que chegou a ter ao redor de 140 000 traballadoras afiliadas en 1936.<sup>6</sup>

A cuestión política fundamentada no movemento sufraxista feminino comezou a levantar voo. En 1902, xa se creara a primeira Agrupación Femenina Socialista, que formulaba a participación das mulleres en actos públicos, difusión da prensa obreira e propaganda das ideas socialistas. Anos despois, en 1918, a formación da ANME (Asociación Nacional de Mujeres Españolas), integrada por mulleres de clase media e intelectuais, avogou directamente pola demanda do voto feminino. As súas dirixentes, María Espinosa, Benita Asas Manterola, Clara Campoamor e Victoria Kent,<sup>7</sup> encargáranse de conseguir este obxectivo anos despois.

Esta situación de loita foi tamén a que marcou os primeiros acontecementos políticos de relevancia para o progreso da poboación, e a que permitiu formular novos e definitivos avances para as mulleres. Estes avances concentráronse durante a II República, o 14 de abril de 1931.

## CANDO NACE A FLOR

O Goberno republicano entraba nunha fase democrática e popular como nunca se vira en décadas España. Intentábase combater a miseria, a desocupación, a situación dos campesiños sen terra, o analfabetismo e a falta de edu-

6. Juana Cobo: «España: la mujer trabajadora en la II República», *En Defensa del Marxismo Hoy*, n.º 3 (maio 1997).

7. Victoria Kent foi a primeira avogada española en exercer a súa profesión a partir de 1924. En Arxentina, Celia Tapia foi a primeira avogada e, segundo os rexistros da Facultad de Ciencias Jurídicas y Sociales da Universidad Nacional de la Plata, María Angélica Barreda, que obtivo o título de avogada en 1910, foi a primeira que exerceu esa profesión.



cación que arrastrara o país ao atraso e ao caos social. Esta nova administración estaba dando legalidade ás necesidades de mulleres e homes abandonados durante anos polas sucesivas monarquías e ditaduras. Entre 1931 e 1936, a muller viuse inmersa nun cambio directo coa sanción de diversas leis como a xornada laboral de 8 horas e exclusión para traballos perigosos ou que puidesen alterar a súa saúde ou futura maternidade. Sancionouse a Lei de maternidade, que regulaba a licenza e o período de lactancia. Aprobouse a Lei de matrimonio civil e de divorcio, xunto co importante logro do dereito a voto.

Por último, en 1936, despenalizase e legalízase o aborto na Generalitat de Cataluña, propugnado pola anarquista Federica Montseny, primeira muller que ocupou o cargo de ministra.

Estes avances significaban a concreción da igualdade longamente batallada durante anos, pero tamén aparecía claramente unha ameaza política no contexto internacional: o fascismo, cuxos maiores expoñentes se atopaban en Italia con B. Mussolini e en Alemaña con A. Hitler.

As mulleres politizadas comprenderon que o triunfo do fascismo da man do conservadorismo de dereita e a Falange Española traería non só a volta atrás de todos os logros conquistados durante a República, senón tamén a dominación tradicionalista e reaccionaria que tiveron que padecer durante décadas. Desta maneira, as mulleres, vendo o contexto político sobre Europa e España, únense masivamente e forman unha fronte de batalla común cos homes, onde as reivindicacións xa non pasaban só polas das mulleres, senón por ideas comúns de liberdade e igualdade.

Por iso, o apoio concreto das mulleres á Fronte Popular, que gaña as eleccións en febreiro de 1936, e por iso a súa participación tan activa durante a Guerra Civil, iniciada por un golpe militar o 18 de xullo do mesmo ano. Os xenerais Franco e Mola intentaban afogar en sangue o Goberno elixido democraticamente, e as barricadas con mulleres e homes enfrontaríanse aos golpistas. Este conflito foi un dos procesos de maior relevancia histórica do século xx e unha das loitas máis lembradas, que quedou gravada na memoria histórica dos pobos, aínda que pouco se sabe das nosas compatriotas que colaboraron dende a solidariedade e como voluntarias co pobo español.

## **NA ARXENTINA DOS ANOS 30**

Con respecto á muller, a situación en Arxentina non difería demasiado do exposto para o caso español. Tamén se asociaba a muller ao fogar, ao labor cotián doméstico e á función de nai e esposa; pero a situación económica e a exclusión social afectounas fondamente. A diferenza do caso español, o cato-

licismo, se ben era importante entre as mulleres arxentinas, non era un elemento de dominación como o era en España, onde controlaba a educación e, en moitos casos, a saúde.

As reivindicacións polas condicións de traballo foron unha das principais bandeiras de loita por parte das mulleres. En 1906, despois de formar o Centro Socialista Femenino, Alicia Moreau de Justo fundou o Centro Feminista. Un ano máis tarde, Juana Rouco Buela, Virginia Bolten, Teresa Caporalletto e María Collazo forman o Centro Femenino Anarquista. As bases xa estaban sentadas para esixir os dereitos laborais indispensables para obter e continuar cun traballo digno na industria téxtil, que aglutinaba á maioría de obreiras tanto en 1915 como en 1935, aínda que seguida de preto polo ramo alimenticio. A situación política non era nada sinxela a pesar da nacente democracia lograda polos sucesivos gobernos radicais de Yrigoyen e Alvear entre 1916 e 1930. Nestas primeiras décadas, os reclamos pasaron, sen dúbida, pola cuestión laboral, pero tamén por outros aspectos como o matrimonio civil, o divorcio e o dereito a voto.<sup>8</sup> En 1930, corrían anos demasiado perigosos e reaccionarios como para reclamar o dereito de voto feminino, cando aínda nin sequera os homes o conquistaran plenamente. Isto debíase a que o golpe de estado de 1930, ao mando do xeneral José F. Uriburu, xunto cos efectos da crise do 30 abrían unha nova época, chamada «Década Infame» polo historiador José L. Torres. Os efectos da crise deixarían milleiros de desocupados en Arxentina, miseria poucas veces vista, con máis de 200 000 persoas buscando emprego. Aquí xace tamén unha aclaración porque, independentemente do labor de organizacións feministas ou seccións políticas de diversos partidos, o ingreso da muller era unha conveniencia neta para a patronal debido aos baixos salarios que se lle pagaba. Este ingreso na vida pública, como vemos, débese tamén ao negocio que a estrutura económica vía na explotación das mulleres, fundamentado principalmente na rebaixa do salario nalgúns casos ata a metade, con respecto ao xornal dun home.<sup>9</sup>

Pero a «Década Infame» en Arxentina deixa unha secuela de violencia, entre fusilamentos, tortura e persecución, que obrigaría as compañeiras a actuaren rapidamente. A muller, militante e esposa, non só axudaría ao marido cos traballos partidarios e políticos, senón que participaría en comisións femi-

8. Julieta Lanteri, sexta médica graduada no país, fundou en 1919 o Partido Feminista Nacional, cando aínda non existía o dereito ao sufraxio feminino, e presentouse como candidata a deputada en eleccións nacionais. En 1921, outorgouse o dereito a voto das mulleres a nivel municipal na provincia de Santa Fe. En 1927, en San Juan, outorgóuselles o dereito a voto a nivel municipal e provincial. Só en 1947 se lles concedeu o pleno dereito a voto mediante a Lei 1010 ou máis coñecida como Lei Evita.

9. De media, en 1930, os homes cobraban por hora de traballo 6,65\$ e as mulleres 4,05\$.

ninas propias, principalmente de axuda aos presos políticos, e desa maneira obtiña a liberdade necesaria para participar na vida pública. Aquí tamén se viu o temor ao totalitarismo e á crecente onda fascista, que xa viña avanzando con diferentes grupos civís como a Legión Cívica e a Liga Patriótica, que atacaban locais sindicais e mataban obreiros. En verdade, en Arxentina xa se vivía unha ditadura que, a diferenza de España, non brindaba nin seguridade xurídica nin igualdade social ás mulleres. Polo contrario, de maneira reaccionaria, intentábase dende o rol estatal continuar o estereotipo familiar, da nai caseira. Non obstante, moitas mulleres utilizaron a militancia para se despegaren automaticamente desa concepción e comezaron a militar en organizacións políticas, sexan anarquistas, socialistas ou comunistas. A acción comezaba por reivindicar as melloras laborais, que nesta década serán moitas e que se desenvolverán en forma de folga. Dentro do gremio téxtil, no que había maioría de traballadoras entre 1933 e 1937, houbo decenas de folgas de diferentes casas téxtiles, como a da Gerino en xullo de 1935, a da casa Gatry, iniciada en abril de 1936, ou a das traballadoras da fábrica de botóns Maggiorini en maio do mesmo ano.<sup>10</sup> O Estado resolveu a cuestión social mediante a represión e control policial, pero iso non impediu que moitas mulleres terminasen presas, e mesmo expulsadas do país mediante a Lei de residencia,<sup>11</sup> como Juana Buela, militante anarquista desterrada a España, e Cecilia Kamenetsky, militante libertaria e secretaria da Federación Obrera del Vestido, en 1936.

A loita política cobrou forza debido ao contexto internacional e ao inicio da Guerra Civil española. Mozas militantes comezaron as súas primeiras experiencias políticas en campañas de xustiza, como as que fixeron os libertarios durante anos polos presos de Bragado.<sup>12</sup>

Tamén a Alianza Femenina Antiguerrera, integrada por militantes comunistas, desenvolvera unha campaña pola paz importante ante o conflito bélico xurdido entre Bolivia e Paraguai, chamado a Guerra del Chaco.<sup>13</sup> Tamén

10. Varios pintores deixaron retratada a situación laboral da muller, como Lino Spilimbergo, en 1936, con *La planchadora* e Antonio Berni, en 1937, con *Primeros pasos*.

11. Esa Lei 4144, sancionada en 1902, permitíalle ao Estado expulsar do país aqueles residentes nados noutros países e que «entorpecían el normal desenvolvimiento de la vida pública». Foi utilizada na maioría dos casos para expulsar dirixentes obreiros, mesmo moitos deles xa arxentinizados por viviren durante décadas en Arxentina.

12. En 1934 comezou a campaña para «los presos de Bragado», xurdida pola falsa acusación dun atentado a un grupo de anarquistas, que foron falsamente culpados e torturados. Eran Pascual Vuotto, ferroviario, Reclús de Diago e Santiago Mainini, obreiros ladrilleiros.

13. Este conflito bélico (1932-1935) entre Bolivia e Paraguai pola posesión do Gran Chaco orixinouse pola presunta titularidade da zona por ambos os dous países e pola suposta existencia de petróleo, o que tamén motivou o interese de certas compañías petroleiras como a Standard Oil Company.

durante os anos 30, o traballo nos cárceres repletos de militantes sindicais, anarquistas ou comunistas na súa maioría, era a principal tarefa para estas mozas idealistas convencidas dos ideais do seu partido ou movemento e dispostas a levalos adiante, aínda asistindo ao cárcere para desenvolver diferentes tarefas e facerse cargo dos Comité Pro Presos. Se ben era certo que eran encadradas maiormente no traballo humanitario cos encarcerados, tamén eran adoutrinadas ideoloxicamente, e comezaban a ter tarefas de responsabilidade e enlace dentro da organización.

Moitas foron recrutadas por estas campañas e forxaron o seu destino dentro de diferentes organizacións, pero en 1936 coa aparición da Guerra Civil española hai un crecemento extraordinario. Mozas e señoras interesáronse pola política e ideoloxía e pola loita heroica do pobo español, onde vían as mulleres, con fusil en man, nas portadas dos diarios.<sup>14</sup> Aquí comeza a notarse a presenza das mulleres na rúa, en cantidade, en bloque, con responsabilidades e nunha fronte común; axudar a República democrática ante o avance fascista. O movemento de solidariedade será lembrado polos arxentinos durante décadas, non así o magnífico traballo que fixeron milleiros de mulleres en Arxentina dirixindo e organizando a axuda a España.

### AS MULLERES E A SOLIDARIEDADE CARA Á REPÚBLICA ESPAÑOLA

Unha longa loita tras os seus ombros tiña o sector feminino de Arxentina, pero con novas formulacións ante a situación internacional. En moitos casos, o traballo solidario estaba relacionado con temas ou cuestións tradicionais, como a organización da roupa e da comida, pero o avance que terían as mulleres na participación política partidaria e organizativa coa causa española sentaría un precedente definitivo.

Nun mitin sindical da CGT, Ángel Borlenghi solicitou, a petición dunha compañeira, un minuto de silencio en homenaxe ao «sufrimiento de las madres proletarias españolas que han perdido a sus hijos devorados por el monstruo fascista». A CGT, a poucos meses de iniciada a Guerra Civil, xa creara a Comisión Femenina de Ayuda a los Trabajadores de España, na que organizaba un taller de costura, e solicitaba a colaboración da prensa para a causa española.<sup>15</sup> Ás merendas realizadas na illa Los Pinos, sobre o río Carapachay,

14. Por exemplo, o diario *El Progreso de Mar del Plata* ten varias fotos de milicianas. Diario *El Progreso*, 2/11/1936, Mar del Plata.

15. Débora D'Antonio, en Paula Halperín e Acha Omar (comps.), *Cuerpos, géneros e identidades...*, Bos Aires, Ed. del Signo, 2000, p. 242.

asistían centos de traballadores que colaboraban para soste o xornal *Nueva España*, que chegou a ter unha tirada de 60 000 exemplares e informaba sobre a guerra de España e a solidariedade efectuada dende Arxentina.

Berta Bravslavsky lembra o seu inicio na solidariedade con España a raíz da súa militancia no Partido Comunista, tomando a cuestión española como central e con grande entusiasmo.<sup>16</sup> Participaba na FOARE: «...recuerdo que en el interior se plegaba una gran tarea a cargo de organizaciones populares, varias de origen español que expresaban los sentimientos de los aquí radicados y sus descendientes. En esos años éramos perseguidos, cambiábamos de domicilio con frecuencia [...], viví en la semiclandestinidad buena parte de mi vida...». Raquel Levenson, con só 21 anos, dedicouse a organizar a solidariedade en Córdoba, dende a Federación Juvenil Comunista. Excelente oradora, participou en mítins e actos públicos e foi todo un exemplo para aquelas mozas que vían na causa española un faro para o movemento feminista. O seu irmán, Gregorio Levenson, tamén militante da Federación Juvenil Comunista Gregorio Levenson, cóntanos a súa experiencia no distrito obreiro de Avellaneda, onde organizaran un comité antifascista (antes do estalido da guerra):

...Nuestra actividad era de agitación y desafiando el terror de Justo, organizábamos mítines callejeros, en los que mi hermana Raquel era la oradora infaltable, subida a un cajón, custodiada por una «guardia de autodefensa» integrada por rusos y polacos. Improvisábamos nuestros actos a la salida de las fábricas o en las esquinas concurridas. Antes que llegara la policía ya habíamos desaparecido. Aunque siempre fue así, más de una vez nos sorprendía en mitad del acto y la «guardia», con una fidelidad a toda prueba, contenía a los esbirros mientras nosotros huíamos como podíamos...

Outras compañeiras, como Fanny Edelman, actuarían dende o Socorro Rojo Internacional e a Alianza Femenina Antiguerrera con Sara Gelman, Marta Pastoriza, Elvira González Castro e Esther Menase. O local do Comité Pro Huérfanos España da rúa Piedras 80 e de Bartolomé Mitre 745 era o seu segundo fogar e organizaban numerosas campañas a prol da España leal. Existían varias comisións femininas dedicadas a temas específicos e destacáronse pola súa gran participación na elaboración e compostura de roupa de abrigo para a poboación civil e o exército republicano. Houbo centos de improvisados obradoiros onde elaboraron uniformes, mantas, roupa de abrigo, etc. Moitos funcionaban logo da xornada laboral; as mulleres, esgotadas e coas súas

16. O seu esposo, Lázaro Bravslavsky, foi o secretario xeral da FOARE (Federación de Organismos de Ayuda a la República Española). Esa organización tiña unha liña Fronte Populista, pero con gran presenza de militantes comunistas.

últimas enerxías, poñían toda a súa habilidade para elaborar e reparar prendas mentres comentaban o desenvolvemento da guerra.<sup>17</sup> Na provincia de Mendoza formouse unha Asociación Femenina Antiguerrera, que realizaba actividades a prol da república e que tiña 2000 asociadas a principios de 1937.<sup>18</sup> Na cidade de Bahía Blanca, todos os comités de barrio tiñan un grupo feminino. As mozas máis novas percorrían as rúas vestidas de milicianas recollendo víveres, colocando bonos ou anunciando actividades, e as mulleres máis vellas dedicábanse á costura. Atopábanse, tamén, en varios actos e actividades como organizadoras e oradoras. É o caso da anarquista Iris Pavón, que xa se viña encargando da campaña dos presos de Bragado e non podía quedar fóra da causa española, xunto a outra libertaria como Anita Piacenza. Dende Córdoba, Iris desenvolvería unha actividade incesante de solidariedade co pobo español, traballando logo cos exiliados antifascistas chegados a Arxentina. Ata a mesma lendaria anarquista Juana Rouco Buela reconecería que «...después de años de inactividad, en 1936, la Revolución Española me despertó del letargo en que yo me encontraba sumida...». Un número importante de mulleres participaban en diversas comisións directivas dos organismos ou campañas específicas de solidariedade, cousa que non era frecuente noutro ámbito, por exemplo sindicatos ou organizacións da colectividade española. A Agrupación Femenina Antifascista de San Fernando,<sup>19</sup> integrada por un grupo de mulleres proletarias, decidira botar raíces ante os esforzos dispersos e a favor de xerar conciencia antifascista en diferentes localidades do país. O Comité Argentino de Mujeres Pro Huérfanos<sup>20</sup> Españoles realizou actividades importantes como a campaña dos enxovais para bebés, doando 20 000 en celeste e branco —en clara alusión á bandeira arxentina. Como un exemplo dende abaixo, a Comisión Femenina de Socorro pro Huérfanos Españoles,<sup>21</sup> dependente do Centro Republicano de Mar del Plata, tiña unha comisión directiva de 20 mulleres e outras 30 traballando en tarefas diversas como confección roupa, organización de bailes, que formaban parte do Centro e doutras organizacións políticas da

17. Véxase o cap. 1, «Desde el Lejano Sur», en L. González et al., *Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española*, Bos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.

18. *Diario España Republicana*, 27/12/37.

19. María del Carmen Arnaiz e Patricia Chomnalez: *Mujeres que trabajan. 1930-40*, Bos Aires, Centro Editor de América Latina, 1992, p. 61.

20. Esta agrupación mantiña estreitos vínculos coa FOARE e mantivo en España tres fogares para nenos damnificados pola guerra. Algo que tamén fixeron outros organismos de axuda, como a Comisión Argentina Pro Niño Español, de tendencia anarquista, que fundou en Lyon un fogar que atendeu centos de nenos evacuados da zona ocupada.

21. Fórmase o 17 de abril de 1938 en Mar del Prata e a súa presidenta será a Sra. Lucy G. de Goggi.

cidade. Había ao redor de 300 comités femininos en todo o país integrados en seccións anarquistas, comunistas, republicanas e socialistas,<sup>22</sup> que levarían adiante as campañas solidarias. Pero cantas mulleres participaron de forma directa? Só o exemplo da cidade de Mar do Prata dá 50 participantes femininas nun comité e, se se multiplica por 300, xa temos unha cifra directa. Evidentemente, este cálculo debe ser incompleto ante a magnitude da solidariedade de Arxentina e ante o verdadeiro protagonismo feminino de milleiros e milleiros de mulleres. Segundo a militante e voluntaria arxentina Fanny Edelman, trátouse de «la primera organización femenina de masas que irrumpió en el escenario político del país».<sup>23</sup> Sen dúbida, iso foi así...

### VOLUNTARIAS ARXENTINAS NA FRONTE

Coñécese a acción e a participación de numerosos militantes arxentinos, dirixentes e soldados das Brigadas Internacionais, pero pouco ou nada se sabe das nosas compatriotas que deron a súa vida á causa republicana. Esta mirada oculta non puido ser recuperada dende as escasas obras memorialísticas ou autobiografías existentes, que non superan os 4 ou 5 textos.<sup>24</sup> Estes traballos descartan a mirada feminista das reivindicacións porque a maioría de participantes son militantes políticas con experiencia, cunha ideoloxía clara e cun compromiso a proba de todo. A cuestión non pasaba xa por equiparar as diferenzas salariais ou melloras laborais, senón por deter o fascismo e o totalitarismo que avanzaba en toda Europa oprimindo os dereitos e liberdades de toda a poboación, sen facer diferenza de xénero. Dolores Ibarruri —Pasionaria— aclaraba: «en general no soy feminista. A mí me gusta que las mujeres participen en la lucha en las mismas condiciones y con los mismos derechos que los hombres. Hacer un movimiento feminista al margen de la lucha de clases me parece un poco absurdo porque dentro de la lucha por la democracia entran las reivindicaciones de las mujeres».

En efecto, as voluntarias arxentinas non viaxarían a España para defender as súas compañeiras ou para propoñer postulados feministas, senón que os ideais que levarían consigo representarían a vontade sinxela de axudar ao pobo, xerar conciencia antifascista e combater se fose necesario coas armas na

22. Soamente o Comité de Mujeres Pro Huérfanos de España tiña 150 comités en todo o país. Outra poderosa organización feminina era a Agrupación Femenina Pro Infancia Española.

23. Fanny Edelman: *Banderas, pasiones, camaradas*, Bos Aires, Dirple, 1996. p. 46.

24. Refírome aos textos de Paulina e Adelina Abramson, Fanny Edelman, Raquel Levenson, Berta Baumkoler e Mika Etchebehere.

man contra o fascismo. Contamos xa co único estudo sobre os voluntarios de Arxentina na Guerra Civil española,<sup>25</sup> no que relatamos polo miúdo o papel que tiveron algunhas voluntarias arxentinas e no que podemos observar que foron ao redor de trinta<sup>26</sup> as que participaron na guerra en diferentes tarefas, o que equivale a un 5% do total de voluntarios de Arxentina. Cifra considerable se temos en conta o contexto anterior e que, de seguro, poderemos aumentar con novas investigacións.

Algunhas xa estaban vivindo en España por lazos familiares, volveran durante a súa mocidade e víranse obrigadas a regresar á Península coas súas familias, pero non por iso non sentirán o seu compromiso antifascista. Rematada a guerra, lograron exiliarse xunto cos compatriotas arxentinos que combateron nas Brigadas Internacionais e foron internadas nos campos de concentración franceses. É o caso de María e Minerva Claramunt, Francisca Cochet de Foubert, Rosario Vellida, María Rabassa Castellet. Todas elas son repatriadas dende Francia por xestións do embaixador arxentino, Dr. Carcano, xunto cos outros voluntarios que formaran parte das Brigadas Internacionais e do exército republicano. Outro grupo de arxentinas residentes había algúns anos non poderá escapar das poutas franquistas, e a súa militancia e compromiso pagarano caro sen diferenzas nin contemplacións polo feito de seren mulleres. Así ocorreu, por exemplo, cando cae a fronte norte de España a mediados de 1937. Na cidade de Xixón, logo da entrada das tropas franquistas e a súa respectiva instalación, comezan os consellos de guerra e xuízos sumarísimos de urxencia impostos por un tribunal militar. É así como son condenadas as arxentinas María Pinin García e Ana María Palacios a 12 anos de prisión, María Luisa Garuelo<sup>27</sup> a 6 anos e María Filomena Valdés foi sobresaída provisionalmente.<sup>28</sup>

Como vemos, penas bastante considerables que deberon ser esaxeradas ou inventadas polo tribunal pero que, sen dúbida, reflectían algún tipo de compromiso ideolóxico ou militante pola causa republicana das compatriotas arxentinas, que, por outra parte, roldaban entre os 18 e os 25 anos de idade.

Outro grupo de voluntarias viaxaron dende Arxentina para combater o fascismo no seu propio terreo e non é casual que elas viaxasen acompañadas polas súas parellas. Moitas xa abrazaran as ideas comunistas ou anarquistas e tiñan

25. L. González et al., *Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española*, Bos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.

26. Base de datos de «Voluntarios argentinos en la Guerra Civil española». Arquivo privado.

27. O pai de María Luisa chámase Petronila, tamén arxentino e anarquista, combatera na 38 Brigada Mixta sendo sarxento.

28. Base de datos de «Voluntarios argentinos en la Guerra Civil española». Arquivo privado.



anos de militancia e compromiso ideolóxico. É así como viaxarían a España. Non serían as acompañantes dos seus esposos, senón as compañeiras comprometidas decididas a daren todo o posible para a causa antifascista. O feito de ir acompañada por un home era, sen dúbida, a posibilidade de viaxar e participar na xesta, debido a que a Internacional Comunista non prevía, en ningún país, o envío de grupos de mulleres.<sup>29</sup> As necesidades eran militares e os voluntarios ían para combater, pero sabíase tamén que había que cubrir postos de responsabilidade na retagarda e necesitábanse militantes con experiencia. Iso permitíalles ter oportunidades de saír xunto cos seus compañeiros, sumado á necesidade de camuflar as saídas do país con algunhas mulleres e non só grupos de homes, que obviamente chamarían a atención das autoridades portuarias.

Pero que motivaba a estas mozas argentinas para viaxaren a España?

En primeiro lugar, a xente nova predominaba entre as voluntarias; agás Mika Etchebehere e Anita Piacenza, que superaban os 30 anos, o resto tiña de media entre 18 e 25. As ansias e o entusiasmo de participar na xesta española eran irresistibles para calquera militante comprometido daqueles anos sexa home ou muller; así o demostran os centos de interesados e anotados en listaxes para seren seleccionados e viaxaren a España.

## DÚAS OLLADAS, DÚAS MULLERES: MIKA E RAQUEL

No caso dalgunhas mulleres, o desexo de non deixaren os seus esposos ou compañeiros era unha causa máis que suficiente para embarcarse a España. Acompañalo, pero non por iso ter un papel secundario na guerra, que, como veremos, non o tiveron.

Mika Etchebehere e mais o seu compañeiro Hipólito chegan a España algúns días antes do golpe de estado do 18 de xullo de 1936. Ían coa intención de escribir un libro sobre a Comuna Asturiana de outubro de 1934, cando os sorprendeu a Guerra Civil e ambos os dous enroláronse nas milicias do POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista), de tendencia trotskista. Aínda non pasara un mes de guerra cando, o 16 de agosto, nas proximidades de Atienza, o seu compañeiro cae morto pola metralla. Pero ela continúa non só integrando a columna militar, senón tomando o posto do seu compañeiro morto en acción. Lembraba que, nuns días de descanso no cuartel de Sigüenza, o sarxento informábaa de que os homes se negaban a limpar e recoller as súas

29. Agás algúns grupos de enfermeiras e tradutoras, que algúns países enviaban como Estados Unidos, Canadá ou a URSS.

camas. Mika, ante a resposta dun deles, acláralles aos milicianos: «¿Así que tú crees que yo debo lavarte los calcetines? Las muchachas que están con nosotros son milicianas, no criadas. Estamos luchando por la revolución todos juntos, hombres y mujeres, de igual a igual, nadie debe olvidarlo. Y ahora, rápido, dos voluntarios para la limpieza».<sup>30</sup> Logo deste breve descanso, conferiuselle o grao de capitán dunha compañía que estaba na Moncloa, a poucos pasos do Hospital Clínico e da fábrica de xabóns Gal, nos arredores de Madrid. Logrou montar unha escola, preocupouse sempre pola saúde dos seus milicianos, mantivo a moral dos combatentes sempre en alza e recibiu parabéns de diversos comandantes, asombrados ante a súa disciplina e resistencia física.<sup>31</sup>

A experiencia miliciana na fronte non duraría moito tempo. Principalmente na zona catalá rexístranse a maior cantidade de mulleres enroladas, ao redor de 5000 ou 6000 en total e nos primeiros meses da Guerra Civil, aínda que Mika continuou varios meses máis no novo exército republicano. A importancia de centralizar as unidades de mando e intendencia, a formación militar e a organización dun exército profesional deixan fóra a muller no combate directo, pero prepáranas para una tarefa de igual ou maior importancia na retagarda.

Pero nas fronteas tamén estivo outra arxentina, Raquel Levenson.<sup>32</sup> Esta moza, que viña pisando firme polos barrios cordobeses dende 1929, xa tiña postos de responsabilidade con só 18 anos. Encárgaselle organizar a solidariedade en Córdoba, pero uns meses despois atopábase viaxando co seu compañeiro, Juan José Real,<sup>33</sup> a España. É enviada polo Comité Central de la Federación Juvenil Comunista e chega en abril de 1937, encomendóuselle desenvolver tarefas de propaganda e organización na Dirección Nacional de las Juventudes Socialistas Unificada. O seu traballo será percorrer as unidades na fronte e na retagarda para explicar a política da Fronte Popular e motivar os combatentes e brigadistas para continuar a loita antifascista.

30. Mika Etchebehere: *Mi guerra de España*, Barcelona, Plaza y Janés, 1976, p. 25.

31. Podemos mencionar algúns antecedentes nas barricadas proletarias da Comuna de París de 1871, as valentes mulleres que participaron na Revolución Rusa en 1917, empuñando as armas xunto cos bolxeviques. Na actualidade, España é o primeiro país da Unión Europea que máis mulleres posúe no exército regular.

32. Foi a única dirixente arxentina, entre 7 mulleres latinoamericanas, que estudou na Escola Internacional Leninista de Moscova logo da súa saída de España.

33. Juan J. Real foi un importante dirixente do PCA durante os anos 40, ata a súa expulsión en 1952.

## NA RETAGARDA

Outro grupo de voluntarias son as que participaron na retagarda en diferentes tarefas de dirixencia ou de solidariedade. A substitución polos homes que estaban combatendo debeuse facer á prisa non só nas fábricas, senón nunha infinidade de organizacións e tarefas de responsabilidade para poder continuar a organización estatal e desenvolver a economía de guerra. Pero a retagarda non era tan tranquila como se podía agardar e os perigos estaban á orde do día. Tanto Raquel Levenson, Berta Baumkoler como Fanny Edelman describen os horrores dos bombardeos. Berta xa estaba afiliada ao Partido Comunista Argentino en 1928 e chegara había uns anos para atoparse co seu esposo e compañeiro, Dalmacio, que fora deportado de Arxentina pola Lei de residencia 41444.<sup>34</sup> Lembra o cotián que era continuar traballando entre as sirenas e os ataques aéreos:

... El Vº Regimiento había ocupado una escuela de la Armada, [...] un día los alumnos salieron a hacer maniobras y sólo quedamos en el edificio la bibliotecaria, un ingeniero y yo. Mientras estaba escribiendo a máquina, me parece ver que un resplandor incendiaba la pared del patio. ¡Era una bomba! Finalmente no estalló y de inmediato el ingeniero se dispuso a desactivarla. Cuando le quitó la espoleta, encontró dentro un mensaje escrito que decía: «En solidaridad con el pueblo español, nosotros, obreros italianos, decimos que esta bomba no estallará».

Noutra oportunidade, Berta comenta: «Asistí a una recepción con delegados de Francia y otros países europeos. Estaba allí también el doctor argentino Gregorio Bermann, que hizo un gran trabajo en un hospital de Madrid y atendió a la Organización de Mujeres Antifascistas, donde yo tenía participación. Esa tarde, sobre el edificio cae una bomba, y esta sí estalla. Muere una dirigente francesa, el comandante Carlos pierde un brazo y hay muchos heridos...».<sup>35</sup> Berta realizaba tarefas no Partido Comunista Español, na Unión de Mujeres Antifascistas axudando na enfermaría e colaborando na protección de obras de arte que se atoparan no Palacio dos Borbóns, onde funcionaba esta organización. O seu traballo foi incesante e lembrou a varios compatriotas:

34. A Lei tivo vixencia dende 1902 ata entrados os anos 50 e foi aplicada discrecionalmente polo poder executivo como método represivo para expulsar dirixentes e obreiros (a gran maioría xa arxentinizados) ao seu país de orixe.

35. Véxase o cap. 2, «Sangre que fue cimientos», en L. González et al., *Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española*, Bos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.

...compañeros como Raúl G. Tuñón, uno de los hermanos Liszt, de Rosario. También a Mocșofsky, a los hermanos Manzanelli, a Volodia Zolotniky que habíamos tratado en Cosquín. Mientras Dalmacio trabajaba cotidianamente con Codovilla y con José Díaz [...] yo, por mi parte, lo hacía con La Pasionaria. La imagen nítida de una mujer fuerte, bondadosa y templada es la de Dolores Ibarruri, ella me ayudaba a encauzar mi espíritu inquieto y me daba consejos prácticos para la costura mientras que alternaba con preguntas sobre mi vida en Argentina...

Fanny Edelman viaxara a mediados de 1937 e, como tiña experiencia no Socorro Rojo en Arxentina, continuará esta tarefa en España xunto coa súa amiga María (Tina Modotti), compañeira de aloxamento na rúa Márquez de Montornez, organizando a axuda para o esforzo bélico e, en particular, a campaña de inverno de 1937: «[...] toda España respondió a la voz del poeta [Antonio Machado] y la tradujo en un admirable torrente solidario. Lo visitamos mi compañero y yo en el pueblecito de Roquefort, cerca de Valencia. Una casita blanca, de una modestia franciscana rodeada de naranjos y limoneros. Fue un encuentro muy hermoso ante ese hombre sencillo, modesto [...] era impresionante comprobar la profunda identidad del poeta con su pueblo, su rechazo visceral al fascismo y su fidelidad a la causa republicana». Moitos dos traballos do Socorro Rojo realizábaos a poucos centos de metros da fronte de batalla, en tarefas de intendencia e de abastecemento da tropa, entrando en contacto con numerosos líderes militares, dos que menciona a Modesto, Lister e tamén a súa compatriota Raquel Levenson. Neste ambiente, lembra os comentarios internos que escoitaba sobre *A Pasionaria* pola aparente relación que mantiña cun mozo oficial español bastante menor ca ela.<sup>36</sup> O traballo de Fanny en España verase interrompido en 1938 debido ao regreso que emprenderá co seu compañeiro, Bernardo Edelman, pero que continuará dende o noso país na solidariedade cara á República.

En Cataluña o movemento libertario tiña preeminencia no ámbito sindical e tamén foi un enclave de militantes e mulleres novas que se iniciaban na política. Anita Piacenza, militante anarquista de Arxentina, viaxou a España xunto coa súa parella, José Grunfeld. Titulárase como avogada na Universidad del Litoral e a militancia ocupara boa parte do seu tempo, o que a converteu nunha referencia para as súas propias compañeiras. Ela anhelaba participar nos acontecementos españois e é así como parte xunto co seu compañeiro rumbo a Barcelona, levan 40 000 inxeccións de antiptióxeno contra as infeccións, elaboradas por uns amigos da Facultade de Química. En canto chega é asignada ao grupo C da FAI (Federación Anarquista Ibérica) e logo intégrase na organización anarquista Mujeres Libres.

36. Entrevista a Fanny Edelman, decembro 2005.

Unha mestra de escola de Moisesville (provincia de Santa Fe), chamada Sara Segal, tamén participaría da xesta española. Xa casada con Samuel Joukovsky, estaba decidida a viaxar a España, aínda que fose falseando o pasaporte co nome de Balbina Cruz Balado, en marzo de 1937. Nun principio integrouse na Dirección de Escuelas pero, como boa militante esquerdista, o seu traballo no terreo da prensa e propaganda das JSU (Juventudes Socialistas Unificadas) foi máis proveitoso. A sede quedaba a pouca distancia, no Hotel Colón, fronte á praza Cataluña. Participou na prensa escrita asinando artigos como Laura Gales e interveu en programas de radio desa organización.

En Barcelona, Sofía Poliak casou co seu noivo, Guillermo Delgado, quen viaxou como delegado da Federación Universitaria Argentina e combateu na fronte. Ela dedicouse á atención sanitaria nun policlínico en Barcelona, xa que era odontóloga de profesión.

Moitas tarefas imprescindibles había que cubrir e máis aínda cando a contenda española comezaba a ser internacionalizada e as delegacións estranxeiras de militares ou diplomáticos chegaban á Península. Un grupo importante de tradutoras argentinas cumprirían labores ben como delegadas de comisións soviéticas, ben no exército español como tradutoras de pilotos de avión rusos, que lles ensinaban aos seus pares españois o manexo das novas máquinas. Adelina e Paulina Abramson, Sonia Bermertnaia, Lilia Bondareva e Clara Rosen desempeñaron tarefas de tradutoras durante a Guerra Civil, xa sexa como parte de comisións diplomáticas, xa como intérpretes de militares no exército ou nas Brigadas Internacionais.<sup>37</sup> En total, once tradutores argentinos participaron na Guerra Civil, tiñan o español como lingua materna ou aprenderano de pequenos.<sup>38</sup>

Algunhas, como Dora Sukarte, traballaron como enfermeiras ante a crítica situación sanitaria que se vivía acotío, xa que tradicionalmente o traballo de enfermaría se centrou nas novicias e monxas católicas. Outras participaron dende as letras en defensa da República como Amparo Mon, compañeira de Raúl G. Tuñón, e María Luisa Carnelli, militante antifascista e escritora. A partir de 1933 e ata 1939, ano en que finaliza a Guerra Civil española, esta xornalista cobre todo o conflito como correspondente da revista *Ahora* en España e escribe sobre o importante Congreso de Escritores Antifascistas que tivo lugar en Valencia en 1937.

37. Dos tradutores argentinos en España, cinco eran mulleres.

38. Aquí xace o debate sobre a cidadanía ou arxentinización de milleiros de inmigrantes que viviron durante décadas en Arxentina e son considerados como argentinos. Véxase «Introducción», en *Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española*, op. cit.

A gran maioría de mulleres que participaron no conflito non tiñan fillos, nin cargas de familia.<sup>39</sup> José Grunfeld e Anita Piacenza, Sofía Poliak e Guillermo Delgado, Bernardo e Fanny Edelman, Samuel Joukovsky e Sara Segal, Berta e Dalmacio Baumkoler, Juan J. Real e Raquel Levenson non tiñan descendentes cando partiron, aínda que as dúas últimas parellas os tiveron en plena Guerra Civil, o que complicou aínda máis a súa saída de España cando rematou a guerra.

Raquel cóntao deste xeito:

... Anduvimos durante diez días hasta llegar al puerto de Barcelona [refírese a Valencia]. El último barco se disponía a partir. Se habían levantado las planchadas. Yo estaba en un estado avanzado de embarazo y el capitán del barco —un inglés del que nunca supimos el nombre—, pese a la cercanía de los aviones fascistas, tuvo el enaltecido y valiente gesto de hacer bajar nuevamente la planchada y hacernos subir. La nave fue bombardeada apenas inicio su marcha. [...] Luego llegaría la solidaridad de la URSS. Es decir, que el azar en la figura de un noble capitán inglés y la fraternal mano tendida por los soviéticos me ayudaron a salvar la vida...

Para Berta Baumkoler foi moito máis custosa a saída da España franquista. O 28 de decembro de 1938 Berta ten o seu fillo no hospital de Madrid no medio dos estrondos dos bombardeos. En marzo rematou a guerra e Berta co seu fillo foi trasladada ao cárcere de Ventas, onde se acumulaban milleiros de mulleres. Berta temía polo seu fillo xa que morrían entre 7 e 8 bebés por día pola disentería e pola intoxicación alimentaria. Despois de catro meses de calvario e vexacións liberárona aínda que debía presentarse tres veces por semana á Garda Civil, ata que por fin conseguiu, coa axuda dos seus pais, facer os trámites para regresar ao noso país: «... un camarada me conseguiu un pasaporte no español. Me presenté en la embajada argentina. El diplomático que me atendió, gran reaccionario, adivinó de inmediato que yo estaba en la vereda opuesta ideológicamente y se permitió una venganza de clase. Me concedió una visa donde en el rubro ocupación decía prostituta. Experimenté primero indignación: ¡de haber sido prostituta no hubiera padecido hambre y ya tendría mi documento desde hace un año atrás!».

Como vimos, a presenza de voluntarias arxentinas quedou plasmada nos feitos, e como moitas outras mulleres non foron alleas á loita do pobo español e á necesidade de defender os seus dereitos loitando contra o fascismo en España.

39. Agás Maria Luisa Carnelli, que xa tiña un fillo antes de viaxar a España.

Finalizada a Guerra Civil, preto de 30 000 mulleres foron encarceradas e máis de 1000 fusiladas polo réxime franquista.<sup>40</sup> Así mesmo, retrocederon máis de medio século nas súas condicións de vida, prohibíronse todas as súas conquistas: divorcio e matrimonios civís, e ademais reducíronselles as posibilidades de traballar por medio do *Fuero del Trabajo*, co que quedaron de novo confinadas ás catro paredes do fogar.

### AQUELAS LEMBRANZAS...

Sen dúbida chama a atención a pouca ou nula importancia ao rexistro da participación das mulleres na historia do movemento obreiro e ás loitas sociais na Arxentina. Importancia que esquece a creación de procesos históricos con conquistas e dereitos nos que obteñen vitorias non só para o seu xénero, senón avances para toda a sociedade.

O caso español dános un marco exemplar na iniciativa de milleiros de mulleres que ata entón non estaban nin sequera politizadas, que ven á vez que este é o momento de defender e mellorar a súa propia situación. Por iso tampouco debemos descartar a gran mobilización de mulleres que houbo en Arxentina para poder incluílas na análise dos movementos sociais e culturais dende principios de século e en particular na década dos 30.

Décadas despois asistiríamos á aparición doutra onda feminista. Por aqueles anos 70 de Revolución Cultural, as masas desenvolveron a súa enerxía combativa e as mulleres volveron ser protagonistas de xestas heroicas na Primavera de Praga, o Maio Francés, o Cordobazo e outros. Moitas argentinas seguiron militando polos dereitos da muller, como Fanny Edelman na FEDIM (Federación Democrática Internacional de Mujeres)<sup>41</sup> pero nun plano máis amplo, pedindo xustiza social non só para elas, senón para o pobo no seu conxunto.

En 1977 *La Pasionaria* volveu ser reelixida deputada por Asturias e seguiu a súa actividade de compromiso e solidariedade. Nunha das súas últimas viaxes ao exterior, Dolores decide pasar uns poucos días en Arxentina logo da caída da ditadura militar en 1983. O motivo era poder cumprir uns dos seus anhelos solidarios: marchar e abrazar as *Madres de Plaza de Mayo*.

40. Cantábanse estrofas no exilio que contaban esta situación das mulleres presas: «En Madrid no hay alegría, / en Madrid no hay ilusión, / que sus mejores mujeres / las tienen en la prisión». Marisa Bravo: «Memorias inéditas», en Shirley Mangini, *Recuerdos de la resistencia...*, op. cit.

41. Outras militantes antifascistas actuaron nesa organización, como Marie Claude Vaillant, deputada comunista en Francia da posguerra, Hertta Kussinen, presidenta da FEDIM.

Lembrando as mulleres arxentinas, podemos apreciar tamén unha das páxinas solidarias máis importantes de Arxentina, recuperando as súas voces e memorias para, en definitiva, construír tamén a nosa propia historia.<sup>42</sup>

## BIBLIOGRAFÍA

- ABRAMSON, Paulina e Adelina ABRAMSON: *Mosaico roto*, Madrid, Compañía Literaria, 1994.
- ACKELSBERG, Martha A.: *Mujeres libres. El anarquismo y la lucha por la emancipación de las mujeres*, Barcelona, Virus, 1999. Tradución do inglés de Antonia Ruiz.
- ANTONIO, Débora d': «La clase obrera invisible. Imágenes y participación sindical de las obreras a mediados de la década de 1930 en Argentina», en Paula HALPERÍN e Acha OMAR (comps.), *Cuerpos, géneros e identidades: estudios de historia de género en Argentina*, Bos Aires, Ed. del Signo, 2000.
- ARNAIZ, María del Carmen e Patricia CHOMNALEZ: *Mujeres que trabajan 1930-40*, Bos Aires, Centro Editor de América Latina, 1992.
- ATRI, Andrea d' (ed.): *Luchadoras. Historias de mujeres que hicieron historia*, Bos Aires, Ediciones del Instituto de Pensamiento Socialista (IPS), 2006. (Coa colaboración de Bárbara Funes, Ana López, Jimena Mendoza, Celeste Murillo, Virginia Andrea Peña, Adela Reck, Malena Vidal, Gabriela Vino, Verónica Zaldívar. Prólogo de Celia Martínez).
- BAUMKOLER, Berta: *La lucha es vida*, Bos Aires, Cuadernos Marxistas, 2000.
- CARO HOLLANDER, Nancy: *Amor en los tiempos del odio. Psicología de la liberación en América Latina*, Rosario, Homo Sapiens, 2000.
- COBO, Juana: «España: la mujer trabajadora en la II República», *En Defensa del Marxismo Hoy*, n.º 3 (maio 1997).
- EDELMAN, Fanny: *Banderas, pasiones, camaradas*, Bos Aires, Dirple, 1996.
- FAGOAGA, C.: *La voz y el voto de las mujeres. El sufragismo en España 1877-1931*, Barcelona, Icaria, 1985.
- GIORDANO, Verónica: «Manso sacrificio, santo sacramento, exclusión flagrante», en *Calidoscopio Latinoamericano*, Bos Aires, Ariel, 2004.

42. A última homenaxe, na que se ofreceu a conferencia sobre «La mujer en la Guerra Civil Española», foi organizada polo Grupo de Historia desde Abajo e tivo lugar en Mar del Plata en marzo de 2006, na sede cultural do Banco Credicoop, a ela asistiron un cento de persoas. Na cidade de Bos Aires, o 24 de novembro de 2010, realizouse unha homenaxe a Fanny Edelman, próxima a facer 100 anos e como voluntaria na Guerra Civil e actual presidenta do Partido Comunista Argentino.



- GRUNFELD, José: *Memorias de un anarquista*, Bos Aires, Grupo Editor Latinoamericano, 2000.
- GUZZO, Cristina: *Las anarquistas rioplatenses 1890-1990*, Arizona, USA, Orbis Press, 2003.
- JIMÉNEZ, Norma A.: *Testimonios republicanos de la Guerra Civil Española*, Bos Aires, La Rosa Blindada, 2001.
- JOUKOVSKY, Samuel: *Uno de tantos. Un argentino en la Guerra Civil Española*, Bos Aires, 1998.
- GONZÁLEZ, L. et al.: *Voluntarios de Argentina en la Guerra Civil Española*, Bos Aires, Centro Cultural de la Cooperación, 2008.
- LEVENSON, Raquel: *Comisión de redacción de PCA, ejemplo de mujer revolucionaria*, Bos Aires, Frente Unido.
- LOBATO, Mirta: *Historia de las trabajadoras en la Argentina 1869-1960*, Bos Aires, Edhasa, 2007.
- MANGINI, Shirley: *Recuerdos de la resistencia. La voz de las mujeres de la Guerra Civil Española*, Barcelona, Península, 1997.
- NASH, Mary e Susana TAVERA: *Experiencias desiguales: conflictos sociales y respuestas colectivas (Siglo PAF)*, Madrid, Síntesis, 1994.
- NASH, Mary: *Prólogo, selección y notas - Mujeres libres. España 1936-1939*, Barcelona, Tusquets, 1975.
- PORTELA, Luis: *Mika Etchebehere, Historia y vida*, número 119 (febreiro de 1978).



## CREACIÓN ESCRITA DA EMIGRACIÓN GALEGA EN PARÍS<sup>1</sup>

*Xaime Varela Sieiro\**

Para Josefa e Gonzalo<sup>2</sup>

### 1. INTRODUCCIÓN

Durante a posguerra, podemos diferenciar dous momentos de emigración galega a Francia: a do exilio e a chamada «migración económica», máis importante cuantitativamente. É un feito incuestionable que, dende finais dos anos 50 ata comezos dos 70, París se converteu nunha das capitais europeas que recibiu maior número de emigrantes procedentes de Galicia.

Nos datos do Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA) de 1999, o número de nados en Galicia residentes en París ascendía a 10 396, cifra

Recibido: 7-10-2008 Aceptado: 2-2-2009

1. Este relatorio foi presentado no Encontro sobre a Emigración e o Exilio Galego en Francia, organizado polo lectorado de galego da Universidade París III en 2004 en París. Agora presentamos unha versión con algunhas actualizacións.

\* Doutor en Filoloxía Clásica, programa de Estudos Medievais, pola USC (2000) e licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa. Profesor de ensino secundario no IES Chano Piñeiro de Forcarei e dende setembro de 2010 imparte aulas de lingua e literatura galega no IE Cañada Blanch de Londres.

2. A miña gratitude tamén a Tucho Álvarez, Agustín Barbazán, Celso Carnero e Saturnino González.

que hai que tomar con cautela, pois temos constancia de que neste censo non están todos os que son.

Sen entrar en detalles, poderíamos describir o continxente galego de París coas seguintes impresións:

a) A procedencia é basicamente rural; segundo os datos do CERA de 1999, a maioría serían da provincia de Ourense (un 38%) fronte a só un 15% de Lugo.

b) A maior parte deste grupo presentaría estudos elementais ou primarios e, de xeito xeral, non continuou a súa formación académica en Francia; como moito, algúns asistiron a cursos de francés.

c) Conservación xeneralizada do galego como lingua de uso familiar, malia que xa se observan novos modelos de comunicación en e coas novas xeracións. Estes apuntan a un retroceso do galego como lingua de uso cotián fronte ao francés e mesmo fronte ao castelán. Velaquí algunhas apreciacións observadas entre galegos da segunda xeración: usan o galego na relación cos pais, o francés na relación cos irmáns ou con amigos galegos e para escribir prefiren o castelán ao galego, como se deduce, por exemplo, da redacción das Actas da Casa de Galicia cando actúa como secretario un mozo. Sen dúbida, a preferencia do castelán como lingua escrita obedecería a que unha boa parte deles foron escolarizados en seccións españolas de institutos ou ben na *École* e no *Lycée* españois, onde aínda, e malia contar cun bo número de descendentes de galegos, estes non dispoñen da oportunidade de estudaren esta lingua a diferenza, por exemplo, do que ocorre noutros centros similares, como pode ser o de Londres. Así mesmo, os oficios relixiosos en castelán que se desenvolven na igrexa de La Pompe e na de St. Germain-des-Près, e aos que acoden numerosos galegos, son un factor propiciatorio do uso do castelán.

d) En canto á competencia lingüística en francés da primeira xeración de emigrantes, é moi desigual e depende en boa medida das necesidades laborais e dos ámbitos relacionais. Non obstante, atrevémonos a conxectar que é mellor a das mulleres, desenvolta quizais dun xeito máis axeitado debido á ocupación que desempeñaron unha boa parte delas.

e) Dende o punto de vista laboral, os homes desempeñaron todo tipo de oficios (carpinteiros, albaneis, electricistas, mecánicos,...) ou formaron parte de empresas de limpeza ou hostalería. Pola contra, as mulleres centraron a súa actividade tamén na hostalería, no téxtil e, sobre todo, nas portarías, locais que pola súa vez lles serven de vivendas.

f) O nivel de integración na vida francesa da primeira xeración non adoita ser moi alto e os seus círculos acostuman reducirse a outros integrantes da comunidade galega e, no mellor dos casos, española ou portuguesa. Ao

meu modo de ver, isto explicaríase non só como consecuencia das dificultades iniciais para acceder a outra lingua e a outra cultura, senón tamén como un fenómeno derivado do ritmo de vida dunha gran capital e tamén froito da conciencia de temporalidade coa que chegaron. Así se explicaría en boa medida parte das causas polas que o asociacionismo galego en París, a pesar de iniciarse a finais dos 50, non gozou de estabilidade.

g) Galicia como meta de futuro, como horizonte que se quere acadar. Por iso, a vida laboral de moitos galegos en París enténdese só como un chanzo, como un tránsito para preparar o retorno ansiado ao país onde invisten as ganancias.

Despois destes apuntamentos, presentaremos o esencial e fundamental da produción escrita —que chegamos a coñecer—, creada pola colonia galega en París durante a segunda metade do século xx. Para coñecer as relacións entre Galicia e Francia en épocas anteriores, son de grande utilidade e interese os artigos que de forma periódica asina H. Harguindey<sup>3</sup> para o suplemento cultural do *Faro de Vigo*.

Atendendo a criterios de conveniencia metodolóxica, cremos útil diferenciar os distintos ámbitos ou contextos de produción. O exilio político e o asociacionismo galego revélanse como os máis importantes. Ademais incluiremos unha nómina de autores que, aínda que participaron esporadicamente dalgún destes ámbitos, ao final acabaron desmarcándose.

## 2. O ÁMBITO DO EXILIO

### 2.1. Autores

Como de todos é coñecido, unha das consecuencias máis importantes da ditadura para a cultura galega foi o exilio que sufriron moitos intelectuais. Non nos compete falar agora da segunda estada de Castelao en París —cando en agosto de 1946 chega ao «vello París», ao Hôtel Modern Lafayette, para incorporarse como ministro do goberno de José Giral— ou doutros intelectuais que se establecen na capital francesa como César Alvajar ou o médico do Deza José María Fernández Colmeiro, senón de tres autores<sup>4</sup> que, polos anos 60, coincidiron en París: Santiago Álvarez, Enrique Líster e Alejandro del

3. A quen lle agradezo de xeito particular toda a información que puxo ao meu dispor.

4. Desta volta, non incluímos a Mercedes Núñez, filla dun bergondés afincado en Cataluña e dunha catalá. A súa novela *Cárcel de Ventas*, escrita no seu exilio de París, revela a súa dramática estada no penal madrileño.

Valle, no que nos centraremos por ser menos coñecido. En liñas xerais, podemos afirmar que esta emigración, cuantitativamente menos importante que a chamada «económica», estaba moito máis concienciada e organizada socialmente; feito que, como sinala Harguindey, «impulsou o movemento asociativo na emigración europea».

**2.1.1. Santiago Álvarez Gómez** (San Miguel do Outeiro, Vilamartín de Valdeorras, 1913–Madrid, 2002). Participante activo dos movementos sindicalistas da súa comarca na preguerra, sofre en 1934 a súa primeira detención. A partir de 1939 vivirá exiliado en Francia, Cuba e na República Dominicana. En diversas viaxes a España, sofre outras detencións e chega a ser condenado a morte. En 1960 accede ao Comité Executivo do PCE. Establécese en París en 1964 e dende 1975 comeza xa a pasar longas estadias en España. En 1968 funda na capital do Sena o PCG, do que ocupou a súa secretaría xeral ata 1978. A súa produción é importante tanto en artigos como en libros ou obras colectivas, sempre abordando temas políticos e históricos. Da súa etapa en París debemos mencionar un dos seus poucos libros escritos en galego, aparecido en 1976, *Unha alternativa democrática pra Galicia* (París, Editorial Nova Galicia). Esta editorial recibe o mesmo nome que unha das revistas que desde o ano 1966 estaba sacando o Partido Comunista e tiña o mesmo domicilio social ca este, isto é, 77 rue des Archives, 75003.

En lingua castelá publica con anterioridade, en 1968, *Sobre Galicia* (París, Éditions de la Librairie du Globe).

**2.1.2. Veremundo González Rodríguez** (San Paio, Petín 1909-Sainte-Gemmes-sur-Loire, Angers, 1986), pseudónimo «Alejandro del Valle»

#### a) Algúns datos biográficos

Para comezar,<sup>5</sup> Alejandro del Valle é «o nome literario» de Veremundo González Rodríguez. Como reconece nunha carta a Mercedes del Valle (15-05-1979), adopta este pseudónimo como forma de homenaxear o mestre e poeta ourensán Manuel Gómez del Valle,<sup>6</sup> fusilado en agosto do 36. Escri-

5. O meu sincero agradecemento para os meus informantes: Saturnino Rodríguez, Pepe Melón, Pepe Abades, Manuel López Otero, Celso Carnero, José González Lloret, Antonio González Fontán, Amador Martínez «Ramón» (†), Alberto Debbs Cardellá, Carlos Blas, Xaime R. Mondo-lo, Antonio Cortés, Agustín Barbazán, Antonio González. Así mesmo a V. Santidrián e J. Prada polas súas valiosas achegas. E a Miguel Bautista Carballo, alcalde de Petín.

6. Para máis información, cf. X. Alonso Montero: «Manuel Gómez del Valle, poeta, comunista e mártir (1906-1936)», *Madrygal*, 2 (1999), 21-29.

be: «Manuel era nuestro dirigente, y al reventar los huevos de mi poesía en la dura vida emigrante, juré inmortalizarlo enarbolando su nombre de familia... en su modestia nunca me ha dicho de sus trabajos literarios en Galicia, ni de lo que para mi sorpresa, de que escribía poesía y comprometida como la mía».

Naceu o 2 de setembro de 1909 no lugar de San Paio (Outeiro), concello de Petín (Ourense) e era o quinto fillo<sup>7</sup> de Divina Rodríguez de Outeiro (Petín) e de Manuel González, natural do Seixo (O Bolo), traballador do ferrocarril e alcumado «Montalavaca», sobrenome que parece herdar.<sup>8</sup> Da súa infancia fálanos F. García Yáñez:<sup>9</sup> «Ao comezo da segunda década establecéronse no novo barrio da estación da Rúa. Foron unha parella máis das que intentaron aproveitar a chegada do ferrocarril á comarca. Na corredoira que achegaba a aldea de Fontei ás casas do lugar da nova estación da Rúa, abriron unha pequena salchicharía. [...] Sería un neno máis dos que recibiron a típica formación dos fillos de labrego na Galicia rural: pouca escola e moito traballo infantil. Mentres o pai se dedicaba a sacar adiante unha pequena corte de porcos e traballar esporadicamente nas viñas, a nai atendía o comercio e facía os embutidos para a venda».

En 1924, emigra coa familia a Cuba e traballa como dependente de comercio.<sup>10</sup> Xa en 1927, atopámolo en Niquero (Manzanillo) participando activamente do movemento obreiro. Empeza a militar no PC de Cuba e en 1929 fundaría a sección do Partido Comunista en Niquero,<sup>11</sup> do que sería o seu primeiro secretario e delegado ao Comité Central de Santiago de Cuba; e, pola súa vez, foi o secretario agrario deste comité. Con todo, e segundo un impreso que cobre para a Conferencia de la Juventud del Norte (Xixón 1937), o seu ingreso nas Juventudes Comunistas (JC) de Cuba non foi ata 1932.<sup>12</sup> Das súas actividades na illa pouco sabemos a non ser da súa activa participación nos sindicatos azucreiros á hora de reclamar a xornada de oito horas —o que

7. Temos noticias de catro irmáns máis: Manuel, José, Carmen e Manuela —agradecemos a información ao seu sobriño J. González Lloret. Destas dúas irmás fállalle ao seu primo Antonio Rodríguez Corzo nunha carta do 18 de xullo de 1975: «Mi hermana Carmen tiene dos hijos mayores; la chica le ha muerto ha mucho tiempo, mi hermana casada igualmente que Carmen está en la región valenciana». Tamén un informante nos fala dun tal Claudio, irmán por parte de pai, dato que non puidemos confirmar.

8. En A. G. Fontán: «Pra Alejandro del Valle, in memoriam», en *A Lareira. Voceiro da Casa de Galicia Asociación Cultural*, 8 (1986), p. 8.

9. F. García Yáñez e F. Cobo Rodríguez: *Alejandro del Valle (Veremundo González)*. *Antoloxía. Gaveleiros de memoria*, Ateneo Republicano de Valdeorras, 2008.

10. CDMH (Salamanca), PS Barcelona C.573, Exp. 10, fol. 449.

11. Cf. <http://www.crisol.cult.cu/municipios/niqro/historia.htm>. Agradecemos tamén a información que nos achegou Alberto Debbs Cardellá, historiador da vila cubana.

12. CDMH, DNSD PS Antecedentes, Exp. 56429.

quizais o levase ao cárcere varias veces e onde, dicía, coincidira con Juan Marinello—, a súa participación en congresos das JC de Oriente (Cuba), a colaboración no xornal *Voz Proletaria* de Manzanillo ou a súa afección polo boxeo. Co endurecemento do réxime de Machado saíra da illa, probablemente grazas ás xestións de Socorro Rojo Internacional (SRI) —cónstanos que en 1937 pertencía a Socorro Rojo Internacional de Villaciosa—<sup>13</sup> e axudado por Ramón Nicolau. No mesmo barco viñan Víctor Solís e Enrique Veira. Segundo F. García Yáñez, sería sobre 1932.<sup>14</sup> Segundo un documento do Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca), esa data sería 1935.<sup>15</sup>

Despois desta experiencia alén mar, a familia regresa arruinada a Petín. Esta situación fai que mesmo o seu irmán Manuel —logo morto na guerra—<sup>16</sup> traballe nun circo ou a súa nai exerce de menciñeira. Estamos, daquela, entre 1932-1935. Veremundo continúa a súa actividade política, sindical, de axitación e propaganda das ideas comunistas, pero agora na comarca de Valdeorras. Ao respecto, A. G. Fontán na revista *A Lareira*<sup>17</sup> na súa nota necrolóxica sinala «emigrou a Cuba de novo, onde coñeceu o comunismo. De volta a Galicia incorporouse como secretario comarcal ao Partido Comunista que dirixía Santiago Álvarez».<sup>18</sup> A estadía na illa caribeña e a militancia no PC son tamén confirmadas por Santiago Álvarez: «Con la llegada de Cuba de un camarada llamado Veremundo González, natural de San Payo, recibimos un refuerzo. Veremundo había militado ya varios años en el PC cubano y por ello poseía cierta experiencia... Veremundo llegaba, pues, impregnado de un espíritu espartano y de sacrificio hasta lo indecible. Nunca cejaba en la labor política. Pero su forma de ser y su desaliño en el vestir impresionaba mal a la gente. Se lo criticamos y realizó serios esfuerzos para corregirse».<sup>19</sup> Pero a

13. CDMH, PS Gijón K, C. 14, Exp. 1, fol. 12.

14. Cf. F. García Yáñez e F. Cobo Rodríguez: *op. cit.*, pp. 8-9. Ademais, segundo este autor, sería xa o impulsor dos movementos sindicais e das folgas de 1934 e tamén lle atribúe a colaboración coa revolución asturiana de outubro de 1934 «nas sabotaxes aos convois ferroviarios que pola vía da Coruña a Palencia levaban compañías militares ao norte de León e Asturias para combater os homes das concas mineiras». Tamén na p. 11 nos di que asistiu en 1933 á voda do seu amigo Manuel Gómez del Valle.

15. CDMH, PS Barcelona C.573, Exp. 10, fol. 449.

16. S. Álvarez: *op. cit.*, p. 189.

17. A. G. Fontán: *ib.* Nesta mesma nota dábase como primeiro apelido Rodríguez, o que nos levou a nós mesmos noutras ocasións a ofrecer o dato erróneo.

18. En CDMH, PS Barcelona C.573, Exp. 10, fol. 449, confirmase, por unha banda, que foi secretario de organización comarcal en Valdeorras e, pola outra, que fora o propio fundador do PC en Valdeorras, algo improbable, pero que tamén puidemos escoitalle a algún informante.

19. S. Álvarez: *Memorias I. Recuerdos de infancia y de juventud (1920-1936)*, Sada, Edición do Castro, 1985, p. 110.



súa amizade non foi inquebrantable. Acabaron moi distanciados. Con todo, as palabras de S. Álvarez vense confirmadas por un informe da Comisaría General Político-Social de 1951 «pertenecendo al partido comunista del que era dirigente y gran propagandista, confeccionando él mismo las circulares e instrucciones destinadas a sus correligionarios. Aprovechaba cualquier fiesta, feria... para dirigirles la palabra, exaltando los principios comunistas y tratando de inculcar sus ideas a los que le escuchaban, siendo sin duda alguna el elemento más significado del partido en la comarca».<sup>20</sup>

12 de marzo de 1936. Constitúese a nova xestora do Concello de Petín con P. Alonso Fernández como alcalde. 15 de marzo de 1936. Constitúese outra nova xestora con T. Rodríguez Méndez como alcalde e agora Veremundo González é nomeado concelleiro interino, cargo do que toma posesión definitivamente na sesión do 21 de marzo de 1936.<sup>21</sup> Ese día os concelleiros presentan unha proposición á alcaldía que comeza cun prólogo definitorio: «Bajo el supuesto de que todos los actuales gestores municipales son y constituyen el bloque popular de genuinas izquierdas republicanas...». E acórdase a publicación dun bando facéndolles saber aos patróns e obreiros a obriga da xornada de 8 h. Mais a medida non debeu ser posta en práctica, pois en abril de 1936 as aldeas de Mones e San Paio (Petín), lideradas por Veremundo González, mobilizan os traballadores das vides para reivindicaren ante os propietarios agrarios as 8 horas efectivas de traballo e a suba de 4,5 a 5 pesetas.<sup>22</sup> Quizais isto teña que ver co feito de que a última sesión no Concello á que asiste é o 3 de maio de 1936.

E chega a guerra. E semella que o sorprende en Ourense, a onde fora a unha reunión política.<sup>23</sup> Mais parece que é detido en Petín<sup>24</sup>, tras dirixir como tenente alcalde a requisa de armas nas aldeas,<sup>25</sup> e que un falanxista, Leonardo de Castrifoia, actuou ao seu favor para que o liberasen. A súa nai é rapada e el mais o seu irmán Manuel foxen cara aos montes de León e de aí a Asturias. No informe da Comisaría General Político-Social de 1951 nállase o seguinte: «Al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional, tomó parte en la agresión contra las fuerzas nacionales en Villamartín de Valdeorras, huyendo después a zona roja,

20. CDMH, TERMC Comunismo, Exp. 35781.

21. Cf. Actas Concello de Petín.

22. F. García Yáñez: *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*, Vigo, A Nosa Terra, 2005, p. 450.

23. CDMH, PS Barcelona C.573, Exp. 10, fol. 449.

24. Non obstante, non constan antecedentes penais malia que na ficha para a Conferencia de la Juventud del Norte di que estivo detido dúas veces por falar en público e por publicación clandestina.

25. Cf. García Yáñez e Cobo Rodríguez: *op. cit.*, p. 10.

internándose en la parte de Asturias, desde donde pasó a Francia, sin que se conozca su paradero actual si bien no se le supone aun en la nación vecina».<sup>26</sup> Pola súa banda, cando Veremundo González cobre o impreso para delegado na Conferencia de la Juventud del Norte,<sup>27</sup> indica que ingresa no exército popular xa en xullo, e á pregunta sobre feitos de armas durante a campaña responde «voluntario en las primeras guerrillas frente a 70 hombres hasta recaer de la enfermedad que padezco»; e ante a pregunta sobre a unidade militar que organiza na actualidade, a resposta é «inútil total». En efecto, semella que, tras pasar polos montes de León, chegou a Asturias e estivo hospitalizado en Avilés. Logo trasladouse a Villaviciosa e o 20 de abril de 1937 ingresa nas Juventudes Socialistas Unificadas (JSU) desta localidade e acaba sendo o secretario xeral. Tamén pertence ao Socorro Rojo Internacional de Villaviciosa e polas mesmas datas afíliase á UGT de Xixón (sindicato de Comercio).<sup>28</sup> Tamén coñecemos a súa pertenza, non as datas, á organización Amigos de la URSS. No entanto, non cesa no seu labor de axitación e propaganda ofrecendo mitins nos concellos de Villaviciosa e Ponga. Por outra banda, o 6 de febreiro de 1937 anúnciase no xornal *La Región* a incautación dos seus bens.

Quizais recuperado da enfermidade, en 1938, atopámolo vivindo en Manresa. Nunha ficha de filiación militar indica que pasou en total 15 meses na fronte de Asturias e Levante e que posúe a graduación de capitán de milicias e de profesión xornalista.<sup>29</sup> E en *Frente Rojo* n.º 366 (27-03-1938, p. 3) aparece un pequeno artigo seu que asina como Veremundo González, 58 brigada. Coa fin da guerra, pasa a Francia e figura nunha lista de galegos refuxiados no campo de Vernet que ofrece a revista *Galicia. Publicación semanal editada por la Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires* (05-08-1939, p. 5). Nun informe do ano 1950 do comandante da Garda Civil de Ourense dirixido ao xuíz para a masonaría e comunismo, notificase que «se internó en Asturias y que más tarde evacuó para Francia desde cuya nación escribió a sus familiares, sin que se haya sabido más del mismo. Dicho sujeto se hallaba afectado de tuberculosis pulmonar. El informado, a juicio del jefe que suscribe, merece el concepto de activo dirigente y colaborador de la tarea comunista».<sup>30</sup> Entón dáse orde de busca e captura, que resulta infrutuosa.

A partir de aquí e ata mediados dos anos 60 esváese moito a información e xorden datos biográficos moi dispares e difíciles de comprobar. Di Fontán «Asegún as novas que teño de amigos de enteira confianza, *Montalavaca* foi ins-

26. CDMH, TERMC Comunismo, Exp. 35781.

27. CDMH, DNSD PS Antecedentes, Exp. 56429.

28. CDMH, PS Gijón J, C. 29, Exp. 13, fol. 188.

29. CDMH, PS Serie militar, C. 3945, doc. 359.

30. CDMH TERMC Comunismo, Exp. 35781.

structor do PC no XII Corpo do Exército dos Pirineos, e cando tivo que exiliarse en Francia, loitou na resistencia francesa contra os alemáns». <sup>31</sup> Tamén algún informante nos conta do seu traballo nas serras dos Pireneos, que a finais dos 40 andou polos montes de Asturias e León co Asturiano como xefe de guerrilla, que participa na retirada de Cataluña co exército de Líster ou que entrou en 1944 no Val de Arán. <sup>32</sup> F. García Yáñez indica que «Consigue o status de refuxiado político que lle permite traballar nunha granxa na rexión de Toulouse. Participa cos grupos do *maquis* francés contra os nazis que liberan a cidade de Foix, e finalmente, a través das organizacións creadas polo Goberno da República no exilio para axudar aos compatriotas en Europa, logra chegar a Cuba». <sup>33</sup> Nós non puidemos aínda confirmar ningún destes datos. O que si parece máis probable é que neste período se afiliase á CGT, que lle forneceria un carné profesional, e que estivese pola zona de Toulouse pois data alí un poema en 1958.

Daquela e ata mediados dos anos 60, que reaparece en París e se presenta na editorial Ebro coas credenciais de poeta e dicindo que chegaba de Latinoamérica, descoñecemos practicamente a súa andaina. Mais a súa lingua escrita, sexa galego ou castelán, fortemente impregnada de galicismos, e o emprego dun francés bastante correcto nos seus libros de poemas levan a pensar que debeu pasar bastante tempo en Francia aínda que non necesariamente en París. Así o poema «N'a sega», incluído en *Poética Galicia* (1ª ed.), aparece datado en Tolosa en 1958 e «Os meus irmáns campesinos» en París en 1965.

En París leva unha vida austera e sen un emprego estable. Infórmannos de que traballou de operario, de colocador de azulexos, escaiolista e tipógrafo, pero sempre de xeito esporádico. As súas relacións persoais xiran ao redor da órbita do PC. Por unha banda, vincúlase ao asociacionismo galego dende 1973, data de creación da Asociación Cultural Galega «O Toxo» —de clara filiación comunista—, da que segundo Fontán (1986: 8) «foi un dos primeiros socios... participaba con moito entusiasmo». Pola outra, foi un abnegado activista do PC —tamén do francés, pertencería á célula do distrito 19— <sup>34</sup> e

31. A. G. Fontán: *ib.*

32. Tamén se ten dito, confundíndoo quizais con Alejandro del Valle Martí, que participou na revolución castrista: «E chega a Praia Girón: 19 de abril 1961. Mentres os obuses caían na zona turística, a Alejandro del Valle, xefe do batallón de paracaidistas, o elixiran para dar as ordes da nave na saída de Bahía Cochinos...», en C. Bilbao et alii (coord.), *Trasterrados. Diccionario do exilio galego*, Galicia Hoxe, 2005, p. 142. Ben é verdade que un informante nos comenta que el dicía que estivera na illa apoiando a revolución castrista, cousa que non podemos verificar.

33. García Yáñez e Cobo Rodríguez: *op. cit.*, p. 10.

34. Reproducimos as palabras que Franco Bianciardi nos envía por correo electrónico ao respecto: «j'affirmerai assez qu'il était membre du PCF. Je sais qu'il connaissait des gens au Comité central. C'est à lui que j'ai remis, en 1968, ma propre adhésion à ce parti».

colaborou, sobre todo, en tarefas organizativas e propagandísticas en eventos destacados da capital francesa, como nas manifestacións de maio do 68 ou no famoso mitin de Montreuil. Reparte e publicita dende *Mundo Obrero* ou *A Voz do Pobo* ata *Nova Galicia*.

En calquera caso, as penurias económicas e os problemas de saúde<sup>35</sup> foron unha constante na súa vida, o que motivou que a comunidade galega o axudase en non poucas ocasións. Os escasos recursos cos que contaba investíaos en viaxes —temos constancia da súa estadía en Kiev, Romanía ou China— e, sobre todo, na autoedición dos seus libros, libelos e pasquíns. Case toda a súa obra que coñecemos foi autoeditada na súa propia vivenda cunha multicopista Gestetner. A vivenda era un cuarto moi pequeno nun «hotel meublé» e cheo de libros situado no n.º 5 da Avenue Secrétan no distrito 19 de París, distrito vinculado historicamente ao Partido Comunista. Alí, en pouco máis de 10 m<sup>2</sup>, amais de editar os seus propios libros, libelos, pasquíns ou follas voantes editaríanse —segundo nos informan— algúns números de *A Voz do Pobo* ou *Nova Galicia*, a revista do PC. No n.º 18-19, correspondente a finais de 1970 e comezos de 1971, publica alí un poema titulado «Las capacidades de un incapaz». E, en efecto, por esas datas, debeu participar mesmo na elaboración desta revista, pois o número seguinte contén un sumario tipograficamente atípico, que coincide co tipo de letra que usou en libros seus como *Poética Galicia*. E tamén publicaba obras doutros como *L'état anormal* (1968) de Franco Bianciardi.

Amais de autoeditarse, el mesmo encargábase da distribución dos libros por algunhas das librerías da rexión de París, a saber: na Librairie du Globe, na Librairie Espagnole, na Librería Hispano-americana, na Librairie du Metallurgiste, en La joie de vivre e en Ebro Éditions en París; na Librairie Valvain, en Montreuil; na Librairie Guy Moquet, na Courneuve; e, finalmente, na Librairie Paul Elouard, en Seine-Saint Denis. E incluso depositou persoalmente os seus libros na Biblioteca Nacional Francesa e no Centro Pompidou, polo que, que nós saibamos, son os únicos lugares onde se pode consultar a súa obra amais de en coleccións particulares, como os fondos Thorez-Vermeersch.

Sobre o seu *modus vivendi* na capital francesa, son relevantes as palabras que nos envía por correo electrónico Franco Bianciardi,<sup>36</sup> amigo e veciño de andar, co que acabará escribindo un libro:

35. Xa en 1972, enfermo, agarda ir a un centro de repouso facer unha cura termal (cf. Dedicatoria a J. Vermeersch en [http://www.fonds-thorez.ivry94.fr/thorez\\_cin/r\\_detail\\_b.php?cle=8217](http://www.fonds-thorez.ivry94.fr/thorez_cin/r_detail_b.php?cle=8217)).

36. Xornalista, militante do Partido Comunista Francés de Montreuil, autor de *La journée*, 1974.

Je suis moins informé sur là ou les professions qu'il a pu exercer durant cette période. Peut-être s'agissait-il, comme on dirait aujourd'hui, de «petits boulots». Il était très démuné et consacrait la plus grande partie de son temps à la rédaction de ses livres qu'il tirait sur Gestetner et à la composition de poèmes qu'il envoyait aux radios (sans doute clandestines...) espagnoles ou vietnamiennes comme des brûlots contre le franquisme ou l'envahisseur américain. Le connaissant, je ne l'imagine pas exercer un métier sans adhérer à un syndicat, en l'occurrence, en effet, la CGT qui avait toute sa sympathie.

En 1978 volve por primeira vez a Galicia tras o exilio. E con el a súa Gestetner. Estivo arredor dun ano en Galicia vivindo mesmo no propio local do PC na Rúa, nese momento nas mans de Pedro Vellet. Con esta multicopista editaríase algún número do *Eco de Valdeorras*. Durante esta estada, tamén entrou en contacto coa familia de Manuel Gómez del Valle.

Despois de certas desavinzas co PC da Rúa regresa, un tanto decepcionado, a Francia. A súa saúde é delicada. En maio de 1979 atopámolo repoñéndose nun hospital militar de Amelie-les-Bains nos Pireneos orientais. En agosto de 1979, e tras problemas na súa antiga vivenda, cambia de domicilio ao n.º 82-84 do Bd. de Belleville en París 20 grazas á axuda dos servizos sociais. Nunha carta que lle envía a Pepe Abades en agosto dende o seu novo domicilio no Bd. de Belleville, coméntalle: «Yo por el momento me empiezo a reponer con el doble tratamiento que me dio la neumatóloga. La habitación la desinfecté, el olor exagerado a alquitrán que me había mandado varias veces a urgencias ha desaparecido». Nesta carta, fálalle ademais da súa felicidade porque «Radio Moscú me comunica que las once primeras páginas de mi trabajo, cuya copia te di, lo lanzaron integral acompañado de fondo musical, en los días finales victoriosos de los heroicos combates de Nicaragua. Tú te das cuenta con tantos poetas que hay en nuestra habla, y que los finales victoriosos de esta gesta remarcable de nuestro siglo, que una emisora del peso de Radio Moscú —que para animar y celebrar estos gloriosos combates— mis humildes versos los haya escogido para lanzarlos cual himno entre estandartes liberadores? [...] Mi confortecimiento moral es mayor que si recibiese un premio literario».

O 24 de xaneiro de 1980 volvemos atopalo noutra casa de repouso e convalecencia da CGT en Vouzeron (Cher). Dende entón non sabemos máis nada ata outro ingreso noutro centro hospitalario en Sainte-Gemmes-sur-Loire (Angers), onde certifica a súa morte o 15 de marzo de 1986 o Dr. Guinard, xefe da sección de psiquiatría. E, como di Fontán (1986: 8), «os seus compañeiros de París, xenerosos e doridos, costearon unha lápida que testimonia o moito que sentiron o seu pasamento». Amais un grupo de amigos acompañou o féretro para darlle sepultura no cemiterio de Santa María de Petín.

## b) A obra

A produción que coñecemos de Alejandro del Valle está constituída por seis libros —con varias edicións—, publicados entre 1967 e 1973 na capital francesa e nos que utiliza fundamentalmente o verso como forma de expresión. Como indica nun índice da súa obra que inclúe na segunda edición de *Poética Galicia* (1973), son libros editados polas súas propias mans e por conta súa cunha multicopista que tiña na súa casa, no n.º 5 da Av. Secrétan.

En 1967 deu ao prelo o seu primeiro libro. É unha especie de antoloxía poética titulada *La poesía revolucionaria española*. Edita 1000 exemplares (500 en papel branco, 250 en verde, 250 en laranxa e 15 en papel especial, non venais, como o que lle dedica a R. Alberti ou a Jeanette Vermeersch, muller do secretario do PCF, Maurice Thorez).<sup>37</sup> En 1976 tirará unha segunda edición nun volume e promete outro do que un *Especial de: La poesía revolucionaria española* sería un anticipo e así o anuncia.<sup>38</sup> As dúas achegan máis poemas de C. Vallejo, N. Guillén, R. Alberti ou Neruda amais dalgún seu.

Dous anos máis tarde, en 1969, edita a primeira das súas obras de produción propia: *Háblame de amor*. O amor e a muller constitúen os eixes temáticos deste libro de poemas, onde non faltan elementos misóxicos e onde exhibe certa pobreza poética.

O ano seguinte, ou sexa, en 1970, publica en castelán *Águila intercontinental* e a correspondente tradución para o francés titulada *Aigle intercontinental*. A calidade poética segue a ser de pouco relevo, pero agora preséntase como poeta político, social; o ideario da resistencia, o antibelicismo ou o antiimperialismo son algunhas das constantes temáticas desta obra.

Tamén en 1970 publica en versión bilingüe francés-español *La cité de la nuit*. Cun pouco máis de nivel poético, pode resultar interesante unha especie de crónica que presenta de maio do 68.

Escrito coa colaboración do seu amigo e camarada Franco Bianciardi publica en 1972 e, con ocasión da festa de *L'Humanité*, en francés e español, *Poèmes pour le Vietnam*.<sup>39</sup> Sobre o proceso de creación desta obra, Bianciardi

37. Cf. [http://www.fonds-thorez.ivry94.fr/thorez\\_cin/r\\_detail\\_b.php?cle=8774](http://www.fonds-thorez.ivry94.fr/thorez_cin/r_detail_b.php?cle=8774).

38. «El estudio ilustrado de estos grandes autores, con otros trabajos contemporáneos aún no editados figurarán en el segundo volumen del mismo libro», en *Especial: La poesía revolucionaria española*, 1976, p. 3. Franco Bianciardi, pola súa banda, dá nos noticias doutra edición deste especial, *La poesía revolucionaria española. —Especial— (Todos los poemas de la guerra de: Machado - N. Guillen - Vallejo - Neruda y parte de Alberti)*, 1976 (3ª edición).

39. Cf. as dedicatorias á súa amiga e camarada Jeannette Vermeersch, que se poden observar nos fondos Thorez-Vermeersch, Archives communales de Ivry-sur-Seine, [http://www.fondstho-rez.ivry94.fr/thorez\\_cin/r\\_detail\\_b.php?cle=8217](http://www.fondstho-rez.ivry94.fr/thorez_cin/r_detail_b.php?cle=8217).

afirma: «Pour la rédaction de Poèmes pour le Vietnam, je lui avais confiés mes poèmes et il les avait traduits. Il m'avait montré les traductions, mais je lui ai fait confiance, car mon espagnol, comme je vous l'ai dit, est malheureusement quasi nul». Esta obra é a manifestación do seu ideario político; como dicía Fontán (1986: 8): «foi un loitador pola liberdade e a xusticia social... A él que somentes loitou contra a inxusticia, aldraxou ós distadores, que endexamais deixou o seu pobo, a él Deus, ou quen sexa llo teña en conta».

Ademais, Alejandro del Valle empregou o galego nun libro que viu a luz en 1971: *Poética Galicia*. Contou con dúas edicións: a primeira de 1971 e a segunda de 1973. É nesta precisamente onde aparece unha xustificación da primeira edición ao afirmar o seguinte: «La primera edición de este libro, ha sido en ayuda de VOZ DO POBO y de NOVO GALICIA» (p. 101); é dicir, serviu para financiar dalgún xeito a publicación de dúas revistas do Partido Comunista.

*Poética Galicia* é un libro bilingüe, galego-español. Na súa primeira edición contén unha especie de escolma da poesía galega e mais un grupo de poemas de creación propia. A segunda edición incorpora, con respecto á primeira, un apéndice bastante considerable no que se mesturan textos en prosa e en verso, exclusivamente en español pola imposibilidade material de facelo tamén en galego, segundo el mesmo escribe.

*Poética Galicia* ábrese cun poema a título de prólogo dedicado á propia Rosalía que comeza así:

Valles e mares de lágrimas  
hirmá Rosalía chorache;  
mares formados en sangre  
n'as espiñas que te clavache

Deseguido continúa cunha selección de poesía galega e, homenaxeando unha vez máis a Rosalía, reproduce o poema de *Follas Novas*, «¡Padrón, Padrón!», coa correspondente tradución para o español, que evidencia tamén as súas carencias neste eido que, por veces, afectan non só á comprensión, senón tamén á expresión, o que denota a ausencia de rigor e revisión:

mais oxe, o pensar en ti  
núbrasem' o corazón

mas, veo al pensar en ti  
nuves en mi corazón

Tras a inclusión deste poema rosaliano, encontramos a famosa «Cántiga» de Curros Enríquez —así se chamaba a célula principal do PCG en París—, da que ofrece dúas versións para o primeiro verso: en galego, a orixinal do autor, e en castelán, a que se fixo máis popular. E unha vez máis as súas competencias como tradutor quedan manifestas nestes versos:

N'o xardín unha noite sentada  
ó refrexo d'o branco luar

Una noche en la era del trigo  
a los reflejos de un blanco lugar

Unha cuestión que xorde é a de coñecer a fonte da que tirou os poemas galegos que reproduce, pois deste modo chegaríamos a saber cal podería ser a biblioteca galega que manexou. A pista para descubri-lo fornecéronno-la os outros dous poemas que escolle para esta pequena antoloxía: «Mariñeiro da Lanzada» do poeta decimonónico Luis Rodríguez Seoane e «Así» de Manuel Seiras (*sic*) Pulpeiro. Ambos os dous aparecen no volume *La literatura gallega en el s. PAP* de E. Carré Aldao publicado na Coruña en 1903. En verdade, foi o poema de Leiras Pulpeiro o que nos conduciu ata esta publicación, pois del existen dúas versións.<sup>40</sup> Alejandro del Valle reproduce unha que non ten título, desbotada xeralmente polos editores da obra de Leiras,<sup>41</sup> e que coincide de xeito fundamental coa que ofrece Carré ou coa de alguén que seguiu a de Carré. Velaquí algunhas diferenzas entre a versión que segue A. del Valle e que Carré data de 1901 e a que dan por definitiva os editores máis importantes:<sup>42</sup>

Carré /Alejandro del Valle	Editores recentes
(Sen título)	«ASÍ»
v. 1 <i>Tiña(n) so(i)lo o pobre amparo</i>	<i>Tiñan nada máis o amparo</i>
v. 3 <i>Y-andaba él dado ô demo</i>	<i>E-andaba el dado a Xuncras</i>
v. 5 <i>Pro sentiron os salayos</i>	<i>Pro sentiron os saloucos</i>
v. 6-7 <i>D'a patria â que tantas penas / fan pasar catro xudíos (en A. del V. pasar catro...)</i>	<i>Da Patria, â que tantas penas / fan pasar catro xudíos</i>
v. 11 <i>E, cand'ô irse Fuco â porta (en A. del Valle, E, cand'ô irse o seu Fuco)</i>	<i>E, cando ao seu Fuco â porta</i>
v. 13, <i>Dixolle o pai, saloucando</i>	<i>Dixolle o pai sotelando</i>

Despois desta selección poética galega sitúa a súa produción, tentando quizais manter unha certa orde cronolóxica relativa á data de composición.

40. Cf. R. Reimunde: *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1984.

41. Cf. X. L. Franco Grande: *Manuel Leiras Pulpeiro. Obra Completa*, Vigo, Galaxia, 1970 ou X. Alonso Montero: *Manuel Leiras Pulpeiro: o cidadán e o poeta*, Santiago de Compostela, Sálvora, 1983.

42. Con respecto a «Mariñeiro da Lanzada», a versión de Alejandro del Valle aparece con leves modificacións que semellan máis ser obra do propio autor que outra versión; por exemplo, en Carré lemos no v. 14 *arringoume com'un lobo* ou no v. 27 *vinche berrar con furor*, que o noso autor modifica respectivamente como *arrincoume com'un lobo* e *vinte verrar con furor*. Tamén transloce de novo certos problemas de comprensión, pois un verso que di *da desleirada areeira* acaba en del Valle como *da desleirada arceira* e en castelán *de la desembargada arcilla*.



O primeiro poema da súa autoría titúlase «Os meus irmaos campesinos» e está datado en París o 19 de agosto de 1965. Nel denuncia a grave situación que atravesaban os campesiños, vítimas dun sistema político e económico anti-cuado e opresor que afogaba todas as esperanzas dun porvir mellor. A unión do campesiñado co proletariado é a única solución ao problema. Á parte do seu interese socio-histórico, cómpre recoñecer o seu valor lingüístico en tanto que se enxerga con claridade unha variante diatópica do galego, así como a penetración do francés neste rexistro, por exemplo nos seguintes versos: «Cuando inundacios hay / cuando as pestes te arcelan / mendigando van por ti / explotando o sentimento / popular do teu dolor / e miseria en que quedache». Na mesma liña temática habería que situar a seguinte composición, unha canción titulada «Na sega», onde volve facer fincapé na esperanza dun futuro mellor.

Sen dúbida, o interese documental e histórico é maior no seguinte poema —escrito en París o catro de xullo de 1971—, pois o seu referente particularízase na comarca de Valdeorras. O título xa é de abondo significativo: «Na caba e na escaba. Imaxen do Valle de Valdeorras». É un documento histórico de primeira man para coñecer a actividade sindical agraria, liderada por el, durante a preguerra, xusto despois do triunfo da Fronte Popular nesa comarca ourensá, no que o eixe central das reivindicacións o constituía a xornada de oito horas e o xornal de 4,5 e 5 pesetas, que acabaron conseguindo segundo se desprende destes versos. E tamén relaciona estas reclamacións sindicais do Valdeorras con outro conflito obreiro próximo á data en que escribe, o da Peninsular Madeirera de Ferrol, que en 1970 mobilizou a poboación durante 37 días de folga.

A partir de aquí as composicións adquiren un ton altamente político, de denuncia social, sexa cal for o seu ámbito, que permiten perfilar o sistema ideolóxico do noso autor. Así, despois dun poema elexíaco aos irmáns das Brigadas Internacionais, acomete a tradución para o galego e para o castelán —dende o francés— de «Estrelas de Andalucía», longo poema do escritor búlgaro Kristju Belevs,<sup>43</sup> que combatera nas «trincheiras da nosa patria contra a agresión fascista» (p. 53). Catro composicións máis completan a primeira edición de *Poética Galicia*: unha especie de epitafio titulado «Os do accidente de Marsella»; «Os negros e os seus negreiros», poema de denuncia do racismo e do abuso de poder que, a modo de colofón, leva uns versos de Curros: «Castigo pr'os verdugos, / pr'os mártires coroas...»; «Aqueles tempos e estes», en que glosa o coñe-

43. Escritor búlgaro que participou no *II Congreso Internacional de Escritores para la Defensa de la Cultura* (Valencia, Madrid, Barcelona, París, xullo 1937). Este poema, orixinalmente en búlgaro, foi traducido para o letón por Eleonora Tjarve en *Literatūra un Māksla*, 49 (1970). Do letón para o francés traduciuno Andrejs Bankavs e do francés para o galego e español A. del Valle.

cido «Castellanos de Castilla» para denunciar, neste caso, o tratamento que sofren os galegos e os españois emigrantes en Europa; e pecha esta primeira edición o poema máis longo do libro malia o título de «Breve recital d'un acto», todo un esbozo da represión franquista vista por un exiliado en París, polo que transitan personaxes como Ariza, Camacho, Ibarrola, Tina, Grimau, Pillado ou Carlos Barros. Tamén se fai eco de diversos sucesos como o asasinato en París dun mozo emigrante traballador da Renault, da política exterior do Goberno franquista, comenta as relacións co Partido Comunista Francés e, sobre todo, convértese nunha especie de cronista do famoso mitin de Montreuil (1971), que describe así: «Cincuenta mil no Parque de Montreuil / na alcaldía de Montreuil de París, / se rompeo o xelo do silencio complice / do terror en España... Unha concentración / da España e dos seus pobos, / presente na luta...». E este poema de trazas épicas pecha con estes tres versos: «O porvenir é noso / Por encima da terra e dos ceos / ¡Venceremos!». En París o 20 de xuño de 1971.<sup>44</sup>

Aquí remata a primeira edición de *Poética Galicia*. A segunda edición, de 1973, incorpora un amplo apéndice escrito en castelán, como dixemos, aínda que recolle algúns poemas de autores galegos. Ábrese coa xustificación e, unha vez máis, cuns versos de Curros. Dende o punto de vista formal é máis heteroxénea, pois alterna prosa con verso; en canto ao seu contido, céntrase nos sucesos ocorridos nos últimos anos do franquismo en Galicia, principalmente en Vigo e en Ferrol. Así tanto no texto titulado «Marcha incontenible» como nos poemas «Para los del Ferrol», «Lo clásico de la dictadura», «Marineros del Cervera» e «A los mártires del Ferrol» refire con exacerbada paixón os acontecementos que tiveron lugar nesta cidade en marzo do ano 72 ante as portas de Bazán. Por outra banda, «Tras el Ferrol, Vigo» alude tamén ás folgas dese mesmo ano na Cidade Olívica. Dedicado a José María Fuentes, estudante de Medicina que foi asasinado en Compostela no Nadal de 1972, é o poema «Esto para el». O seu ideario político aparece exposto no seguinte texto, «Mar de fondo», no que sentencia: «España es un mar en constante movimiento soplado por la tempestad, más la tempestad lo azote más y más el mar se agitará». E remata a segunda edición de *Poética Galicia*, case como comezara, cunha breve recensión lírica, pero agora sobre a poesía revolucionaria galega de posguerra e con algunhas reflexións sobre a poética galega. Entre os autores que cita, con exemplos dos seus poemas, figuran Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Manuel Lueiro Rey, Uxío Novoneyra e Antonio Beiras García. E con estas palabras conclúe este texto e tamén *Poética Galicia*:

44. Esta é a data na versión castelá; na galega figura 1973, sen dúbida é un erro pois a primeira edición do libro é de 1971.

Galicia inspirada en sus tradiciones y peculiaridades hispanistas en «hueso y alma», mal pagada, ha venido aportando y aporta, en medio de ese alubión de sandeces caídas sobre su cabeza, la valiosa genial contribución a través de sus sensatos dignos salientes hijos, en el orden de la ciencia y de las letras españolas. ¿Quién puede olvidar a nuestros presentes y pasados geniales médicos, abogados, profesores, filólogos...? ¿Quién a Don Ramón del Valle Inclán; quien a Ramón Cabanellas Enriquez; quien a Concepción Arenal; quien al mismo verso aquilatado, en castellano, del perseguido y muerto en la emigración, Manuel Curros Enriquez; y hasta la misma Rosalía de Castro en los últimos días de su vida creando en lengua castellana...? ¿Y de quien descende el legendario héroe cubano Fidel Castro y su igual hermano Raul Castro si no de gallegos...? Y no es por nada que el castellano en su formación fisonómica se haya nutrido en un 25% del jugoso rico idioma de nuestra dulce lengua gallega...

Cierro este trabajo, con una verdad más, la de que: antes y bastante antes de que el Canto de «ROLAND» y del «MIO CIDE» vieran luz, en Galicia, se hablaba ya en poesía (pp. 143-144).

E, segundo F. García Yáñez (2008: 11), habría ainda outra 3ª edición de *Poética Galicia* impresa durante o seu retorno a Galicia a finais dos 70 e que repartiría entre amigos e coñecidos.

Ademais destes seis libros e as súas diferentes edicións, Alejandro del Valle deixou máis escritos —poemas soltos, pasquíns, etc.—, froito do seu incesante labor. Velaquí unha breve relación e descrición dos que logramos recuperar:

a) *Candidatos dos pobos de España (recordo os camaradas i amigos do Partido Comunista de Galicia)*. É unha especie de dossier de prensa das eleccións de 1977 cunha pequena antoloxía de poesía galega cara ao final.

b) *Diversidades*: libelo de 5 páxinas grampadas que conteñen dous longos poemas en castelán.

c) *Con los del Ferrol para los del Ferrol*: libelo de 12 páxinas grampadas con poemas en castelán menos o último que está en galego e castelán. Poemas sobre os mortos na folga de Bazán de 1972 e nos que amosa unha vez máis a súa aversión ao Opus, á monarquía ou á ditadura.

d) *Recital en la fiesta. Poemas en gallego y «español»*: opúsculo grampado de 14 páxinas con moitos poemas tirados doutras obras súas.

e) Folio solto con tres poemas en castelán: «Merienda de negros» (1970), «Souvenir de Paris» (1971) e «Es la ley» (1970).

f) Folio solto, en prosa, titulado «En este primero de mayo, 77. A los trabajadores gallegos de la región parisina», no que os invita a ingresar no PCG e a ler *A Voz do Povo*.

g) *España en el alba. Trayendo el nuevo día*: opúsculo grampado de 21 páxinas en prosa con algúns poemas de temática política.

h) *Luz e esperanza na sombra*: 12 páxinas grampadas con poemas en galego —agás un— compostos en París en 1970. Non sabemos se chegou a cir-

cular pois a versión que chegou a nós —presente de Ramón Martínez— está chea de correccións feitas a bolígrafo e rotulador polo propio autor.

i) Folio solto cun poema «Poeta del pueblo, vendo el órgano obrero». Comeza así: «Yo soy un hijo del pueblo; // yo soy un poeta maldito // porque la verdad substento // pero [...] // dentro y fuera de mi Partido. // Y por eso... vendo el órgano del obrero. // Así en las calles grito // —por ejemplo— // ¡Mundo obrero, A VOZ DO POVO! // ¡A VOZ DO POVO... Mundo Obrero!».

Por último, nunha carta a Pepe Abades en 1979, dille que ten impresos 400 exemplares de *La poesía revolucionaria española* e que fará 100 da primitiva edición, tamén anuncia novas reimpresións e novos libros, entre eles un titulado *Como editarse* e outro que recompile canto mandou ás radios e lanzou nas rúas. Supoñemos que a saúde non llo permitiu. Na mesma carta, advertía: «conjugar mi salud con la edición es toda mi vida, camarada».

### 2.1.3. Enrique Lister (Ameneiro-Calo-Teo, 1907–Madrid, 1994)

Xesús Liste Forján emigra con 12 anos á Habana, regresa en 1925 e volve marchar en 1927, momento en que ingresa no Partido Comunista de Cuba aínda que ao pouco tempo ten que irse da illa. Regresa de novo a Galicia, onde pasa unha vez máis polo cárcere debido ás súas actividades sindicais. En 1932, resulta elixido delegado para o IV Congreso do PCE. Nese mesmo ano volve saír de Galicia e pasa unha curta estancia en París para instalarse definitivamente en Moscova, onde traballa no metro e estuda na Escola Leninista. Volve a España en 1935 e o PCE encárgalle a instrución das milicias obreiras e campesiñas. Comeza a Guerra Civil, incorpórase como soldado ás Milicias Populares e participa en numerosas batallas como a de Teruel ou a do Ebro. Entón adopta o nome de Enrique Lister. Tras a derrota republicana en 1939, exíliase de novo na URSS e durante a Segunda Guerra Mundial loita contra os alemáns. En 1945 establécese en París e responsabilízase dos emigrantes do PC. Abandona esta cidade en 1951 perseguido polas autoridades francesas e establécese en Praga. En 1956 regresa á capital francesa, onde permanece ata 1977, ano en que volta a España. Publicou moitos artigos e traballos sobre a Guerra Civil, o movemento guerrilleiro ou a crise do PCE. Da súa produción libresca publicada en París salientamos: *Nuestra guerra: aportaciones para una historia nacional revolucionaria del pueblo español 1936-1939* (París, Éditions de la Librairie du Globe, 1966).

## 2.2. Revistas

*Nova Galicia. Revista de Cultura y Política*

Esta revista comeza a publicarse en París en outubro de 1966, editada polo Partido Comunista e, en principio, con carácter trimestral. A partir de

1973 editárase en Edegem (Bélxica) ata 1975. Aínda que non estaría realizada só por galegos, estes participaron dunha forma activa con artigos tanto en galego como en castelán. Na páxina 3 do primeiro número sinálase que «*Nova Galicia* acogerá toda colaboración tanto en lingua gallega como en castellana, que inspirada en un criterio progresivo, aporte algo útil a la lucha del pueblo gallego, concebida como parte de la lucha general de todos los pueblos de España». Trátase, polo tanto, dunha publicación bilingüe na que predomina o castelán, coa excepción dalgún número. O galego está presente sobre todo, pero non unicamente, en artigos de tipo cultural. Entre os colaboradores figuran Xesús Alonso Montero, Manuel María, Celso Emilio, Santiago Álvarez, Ramón Chao, Carlos Casares, etc.

### 2.3. Outras publicacións

#### *Galicia hoy*

De todos é coñecido que os mentores deste libro, a pesar dos pseudónimos, son Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. O seu obxectivo era ser «un breve compendio de noticias y comentarios que reflejen la actual realidad gallega silenciada por la prensa española y la propaganda oficial». O seu contido conforman artigos sobre lingua, política e economía —en castelán—, así como unha especie de antoloxía poética galega e moitas ilustracións e debuxos de pintores galegos como Castelao, Seoane, Laxeiro ou o propio Díaz Pardo, ademais doutras informacións moi diversas. Este volume foi publicado pola editorial Ruedo Ibérico, fundada por Antonio Pérez, con sede nunha pequena rúa do Barrio Latino, en 1966. Foi impreso en Bos Aires, como figura na cuberta, mais tecnicamente o libro foi editado en París.

Un ano antes da publicación de *Galicia hoy*, o coruñés Alberto Míguez saca na mesma editorial unha antoloxía de textos de *Sempre en Galiza* de Castelao, cunha pequena introdución, en edición bilingüe galego-castelán titulada *El pensamiento político de Castelao* (1965).

## 3. O ÁMBITO DO ASOCIACIONISMO

Ao redor do inestable movemento asociativo de galegos en París, do que apenas quedan datos por escrito, xurdiron algunhas publicacións pois nun primeiro momento amosáronse bastante activos. Non obstante, a súa propia historia, chea de acordos e desacordos, propiciou a perda de moita da súa produción. En 1958 creouse a Casa de Galicia (rue Palikao), estreitamente ligada ao PC. A comezos do 70 xorde o Centro Galego de París e no ano 1973, tamén

con moitos militantes e simpatizantes do PCG, a Asociación Cultural Galega «O Toxo», con domicilio social no n.º 23 da rue des Blancs Manteaux ata o 1978. Logo pasou ao n.º 50 da rue du Fg. du Temple. En 1981 produciuse a fusión entre esas dúas asociacións, da que resultou unha nova que se denominou Asociación Cultural Galega «A Lareira». Mantivo o domicilio social no n.º 50 da rue du Fg. du Temple. Finalmente, en 1984, esta asociación fusionouse tamén coa antiga Casa de Galicia, que, daquela, estaba situada na rue de Las Cases n.º 5. De aquí xorde a Asociación Cultural e Deportiva «Casa de Galicia», que, mentres durou, tivo dúas sedes: no n.º 50 da rue du Fg. du Temple (1984-1992) e no 111 de Bd. Richard Lenoir (1992-1997). Problemas de índole diversa acaban por facer pechar este centro. De xeito inmediato xorde a asociación A Nosa Casa de Galicia, Asociación Cultural e Deportiva, que se instala (1997-1999) nun pequeno local no n.º 22 da rue Titon. Na actualidade posúe un local de seu no n.º 91, rue du Ruisseau. Pois ben, todo este movemento asociativo deixounos publicacións de certo interese que citamos deseguido.

### 3.1. Autores

*Antonio Domínguez Rey* (Rianxo, 1945)

Realizou estudos superiores de Filosofía e Lingüística Hispánica en Madrid. Na actualidade é profesor de Literatura Española na UNED. Colaborador habitual na prensa estatal e en revistas especializadas, publicou varios poemarios en galego como *Fendas* (Espiral Maior, 1991) ou *Eidos da mirada* (Espiral Maior, 1994). Nos anos 80, durante a súa estada en París como profesor de Filosofía, Lingua e Literatura Española no INBAD, entra en contacto co asociacionismo galego en París e o Centro Cultural «A Lareira» publicalle en 1984 un poemario, *Lúa loura*, que cremos que se trata do primeiro libro de poemas orixinais e totalmente en galego editado en París.

### 3.2. Revistas

Sen dúbida son as publicacións máis difíciles de rescatar debido en boa medida á inestabilidade dos centros galegos e ás veces ao propio carácter da publicación. Aínda así e grazas á colaboración de particulares, chegamos a recuperar as seguintes:

a) *Boletín Casa de Galicia*

Revista da asociación Casa de Galicia da que posuímos dous números, do ano 1977 e 1978. É bilingüe aínda que maioritariamente en castelán. No pri-

meiro abórdase o problema de Galicia e a cuestión nacional. En canto a Galicia, considérase que «reconocer la personalidad nacional de Galicia, su derecho a gobernar sus propios intereses, es la mejor manera de trabajar para soldar con lazos indestructibles la unidad de los distintos pueblos de España» (1977: 2). Tamén toma partido con respecto á situación lingüística de Galicia proponendo que «o noso entender, a verdadeira solución hoxe en día, sería a adouición do bilinguismo, ou sexa a cooficialidade do castelán e do galego en Galicia» (1977: 9). No entanto, na propia revista esta postura non tivo fortuna: en cada número non encontramos máis de tres páxinas en galego, entre elas un poema de M. Lueiro Rey («Poema da Espranza») e outro de Castelao. O número de 1978 aborda o tema da emigración, do retorno e ademais piden o voto a favor da Constitución: «Votémola e que non se fale máis do asunto» (1978: 4).

b) *SEMPRE. Boletín do Centro Cultural Galego O Toxo*

Tan só rescatamos o número 3, supoñemos que é de 1978, por diferentes datos que se achegan nos textos. Consta de dúas follas, escritas en recto e verso en galego. O seu contido é basicamente informativo, con noticias relativas a Galicia e ao Estado español e con outras internas, da propia asociación. Como tarefa, velaquí a que proponen no editorial: «un servicio ao home e a Galicia, unha pescuda constante da verdade. Pra elo é preciso unha cultura inconformista que non se deixa asulagar».

c) *A voz da Lareira* (variantes da cabeceira: *A voz da Lareira. Voceiro da Casa de Galicia // A Lareira. Voceiro da Casa de Galicia. Asociación Cultural // Voceiro da Casa de Galicia. Asociación Cultural // A Lareira. Voceiro da Casa de Galicia de París-A.C.G.*)

En 1981 xorde a Asociación Cultural Galega «A Lareira», froito do resultado da fusión doutras dúas asociacións galegas de París (Centro Galego e O Toxo). En 1984 edita dous exemplares de *A Voz da Lareira*. Ese mesmo ano fúndese coa antiga Casa de Galicia e xorde entón a Asociación Cultural e Deportiva «Casa de Galicia». A partir de aquí o baile de títulos para a mesma revista é manifesto, aínda que o máis habitual (do n.º 4 ao 10) é o de *A Lareira. Voceiro da Casa de Galicia. Asociación Cultural*. En total saíron 15 números, editados entre 1984-1992.

O seu contido é variado e abrangue desde temas políticos, sociais, problemas da emigración ata literarios e culturais. Estes abundan máis nos oito primeiros números, nos que, ademais, a lingua galega é a predominante. Así atopamos colaboracións de A. Domínguez Rey, Ánxeles Penas, Manuel Lueiro Rey ou José Ángel Valente. Pensamos que o enfoque literario e cultural des-

tes primeiros números puido deberse a unha participación activa do propio A. Domínguez Rey. En cambio, a partir deste número gañan terreo as noticias de tema social, político ou deportivo e quedan marxinas as culturais. Pola súa vez o uso do galego é cada vez máis restrinxido, ata tal punto que o último número (15, 1992), no que se inclúe unha entrevista a Manuel Fraga, está redactado integramente en castelán.

### **3.3. Outras publicacións**

#### *Galicia. Un pobo, unha nación*

Con este título recuperamos un pequeno libro de 43 páxinas, escrito totalmente en galego e editado en setembro de 1975 pola Agrupación Cultural «O Toxo», sen que se mencione expresamente o seu autor. Segundo os nosos coñecementos, sería o primeiro libro escrito orixinal e integramente en galego e editado en París. Leva o número I, pois formaba parte dun proxecto máis amplo consistente na elaboración dunha historia de Galicia realizada desde a emigración. «O Toxo pensa sacar varios folletos, este e o primeiro que resume a historia de Galicia dende a prehistoria até a invasión dos moros», dise na conclusión. A perspectiva ideolóxica desde a que se escribe este fascículo translócese xa desde o título ou na xustificación deste: «Os galegos fan parte do que se deu en chamar, como dixo o autor italián, das nacións privadas; aquelas á que a historia non deixou desenrolarse como elas tiñan dereito. Este pobo de perto de tres millóns de habitantes está sometido ao poder centralizador máis potente de Europa. Sometido a unha ditadura fascista, que o mundo dito libre deixou vivir despois de esnaquizar aos nazis».

Por último, neste apartado tamén debemos aludir a outros textos de moi diferente calibre creados polo asociacionismo galego en París. Referímonos a folletos, pasquíns, carteis de festas, dípticos propagandísticos e, sobre todo, os libros de actas das distintas asociacións. O primeiro material citado está basicamente escrito en galego aínda que tamén hai unha pequena parte en castelán. Polo que se refire ao único libro de actas que podemos consultar, a redacción está na súa maior parte en castelán, malia que o empeño particular dalgún secretario nos agasallou algunhas tamén en galego.

## **4. INDIVIDUALIDADES AFASTADAS DOS ÁMBITOS ANTERIORES**

Neste apartado agrupamos unha serie de escritores que practicamente non tiveron que ver con ningún dos ámbitos anteriores. Sen dúbida, un dos aspectos que nos parece que merece maior atención é o da relación que manteñen entre as linguas que coñecen e a creación textual.



#### 4.1. Ramón Chao (Vilalba, 1935)

Chega a París en 1955 cunha bolsa concedida polo entón ministro Manuel Fraga para estudar piano. Neste primeiro momento vive no Colegio de España, onde entra en contacto con gran parte da intelectualidade española do momento, como Saura ou Chillida. En 1960 entra a traballar en realización de Radio France e en 1964 faise cargo de *Ondas para Galicia*, emisión en galego de Radio France que continúa o *Aló Galicia* que dende 1954 conducía José Nieto Pena. Dende entón segue vinculado a Radio France. No seu traballo tamén mantivo unha ollada constante cara a Galicia, ben colaborando coas asociacións galegas desta cidade, ben escribindo na prensa do exilio como *Nova Galicia* e tamén na prensa francesa como *Le Monde*, onde publicou recensións de Cunqueiro, Torrente ou Rivas.

En canto á súa obra, a heteroxeneidade é a nota dominante tanto na tipoloxía como na lingua empregada. No tocante a este aspecto, utilizou fundamentalmente o castelán nos seus escritos pero tamén o francés e o galego, como en *O camiño de Prisciliano* (1999) ou *A paixón de Carolina Otero* (2002). Outras obras:

- (1973) (1980<sup>2</sup>) (1987<sup>3</sup>) *Georges Brassens*, Madrid, Júcar.
- (1975), (1977<sup>2</sup>) *Guía secreta de París*, Madrid, Al-Borak. Ademais en Madrid, Sedmay, 1979.
- (1975) *Après Franco, l'Espagne*, París, Stock. [(1976) *Después de Franco, España*, Madrid, Felmar]. Este libro, prologado por Tierno Galván, constitúe a súa primeira incursión no mercado francés. Prohibido en España, non puido saír ata 1976, aínda que a versión en castelán é a primeira e a orixinal.
- (1983) *El lago de Como*, Barcelona, Argos Vergara [(1986) *Le lac de Côme*, París, Balland; (2004) *O lago de Como*, Vigo, Xerais.
- (1984) *Palabras en el tiempo de Alejo Carpentier*, Barcelona, Argos Vergara. E tamén A Habana, Arte y Literatura, 1987. Posteriormente, (1998) *Conversaciones con Alejo Carpentier*, Madrid, Alianza Editorial.
- (1989) *La maison des lauriers-roses*, París, C. Bourgois. Inédito en español.
- (1990) *Juan Carlos Onetti*, París, Plon. [(1994) *Un posible Onetti*, Barcelona, Ronsel]. A pesar de que saíu despois, o orixinal está en español.
- (1994) *Un train de glace et de feu: La Mano Negra en Colombie*, París, Éd. de la Différance; un ano máis tarde, (1995) Arles, Actes du Sud. [(1994) *Un tren de hielo y fuego*, Madrid, El Europeo & La tripulación].
- (1999) *O camiño de Prisciliano*, A Coruña, Espiral Maior.
- (1999) *Prisciliano de Compostela*, Madrid, Seix Barral.
- (2000) Tradución para o francés desde o galego de *O lapis do carpinteiro* de M. Rivas, París, Gallimard.

#### 4.2. Ignacio Ramonet Míguez (Redondela, 1943)

Ignacio Ramonet, director de redacción de *Le Monde Diplomatique*<sup>45</sup> desde 1991, naceu en Redondela en 1943. En 1945 a súa familia exíliase en Tánxer. Recibe unha educación en francés porque para seus pais «era la escuela de la República» malia que xa en 1969 traballa como profesor de español. En 1972 chega a París, onde en 1974 xa figura asinando críticas de cine para *Le Monde Diplomatique*. En 1986 é redactor adxunto desta publicación mensual e desde 1991 figura como director de redacción despois de que Claude Julien o escollese como sucesor. Comparte este labor co de profesor universitario.

Ignacio Ramonet é, sen dubida, unha das personalidades máis relevantes e influentes dentro do panorama actual da comunicación. Defensor dunha liña ideolóxica «à gauche de la gauche», pacifista e antiglobalización, os seus editoriais en *Le Monde Diplomatique* suscitan sempre interese e non menos polémica: lémbrese un de 1995, no que lanza o concepto de «pensamento único», ou outro de 1997, a partir do cal xorde a asociación Attac para a instauración da Lei Tobin sobre as transaccións financeiras.

A súa bibliografía é extensísima e a lingua de creación é fundamentalmente o francés e, en menor medida, o castelán. Velaquí algúns títulos:

- (1977) et al.: *Escenarios de la globalización*, Murcia, Cajamurcia.
- (1980) *Le Chewing-gum des yeux*, París, A. Moreau. [(1983) *La golosina visual: imágenes sobre el consumo*, México, Gustavo Gili e (2000) *La golosina visual*, Madrid, Debate].
- (1981) *Cuba: cinéma et société (1897-1971)*.
- (1995) et N. Chomsky: *Cómo nos venden la moto*, Barcelona, Icaria.
- (1996) *Nouveaux pouvoirs, nouveaux maîtres du monde: un monde sans cap*, Montréal, Fide. [(1997) *Un mundo sin rumbo: crisis de fin de siglo*, Madrid, Debate; e (1998) Barcelona, Círculo de Lectores].
- (1997) *Géopolitique du chaos*, París, Galilée. Outra edición na mesma editorial en 1999 e en Gallimard no ano 1999 e 2000.
- (1998) et Mariano Aguirre: *Rebeldes, dioses y excluidos: comprender el fin de milenio*, Barcelona, Icaria.
- (1998) *Internet, el mundo que nos llega: los nuevos caminos de la comunicación* (trad. de *Internet, l'extase et l'effroi* de J. M. López de Sa). Madrid, Alianza Editorial.

45. De tirada mensual, vende uns 200 000 exemplares en Francia. Está traducido para oito linguas e conta con catorce edicións internacionais.

- (1998) *La tiranía de la comunicación*, Madrid, Debate. [*La tyrannie de la communication*, París, Galilée, 1999].
- (2000) *Propagandes silencieuses: masses, télévision, cinéma*, París, Galilée.

#### 4.3. **Gérard Gómez** (Vigo, 1939?)

Son poucos os datos que puidemos conseguir deste autor natural de Vigo. En 1999 aparece o seu primeiro libro, que recolle as súas lembranzas nunha pequena evocación autobiográfica, *Mon enfance était finie*, en Éditions La Bruyère. A súa infancia está marcada polos estudos de violín en Madrid. En 1955, con 16 anos, consegue o Premio Sarasate, o que lle serve para obter unha bolsa de perfeccionamento en Siena. Ramón Chao, con quen coincide en París no Colexio de España —chega á capital francesa para a preparación da Licence de Concerts na École Normale de Musique—, prologa este primeiro libro de Gerardo Gómez, autor galego de expresión francesa. En 2002, na mesma editorial, publica *Les tâtonnements de la liberté*.

#### 4.4. **Cristina Rodríguez** (París, 1972)

Cristina Rodríguez pertence xa á segunda xeración de galegos en París, ou sexa, é un caso de «fillos de galegos» mergullados na cultura francesa. Naceu en París, pero pasou parte da súa infancia en Galicia, en San Miguel de Reinante (Lugo). Desta etapa lembra, sobre todo, as historias fabulosas e fantásticas que con dilixencia lles escoitaba ás señoras maiores. De volta a París, realiza aquí os seus estudos ata conseguir o título de Técnico Superior na École Nationale de Commerce en 1992. Rematados os estudos, desenvolve a súa actividade en varios bancos ata que, cansada de ver diariamente dramas persoais e prácticas abusivas nas oficinas bancarias, decide deixar esta profesión. Como chegou a declarar: «Il fallait sacrifier les clients pour la gloire de Saint Bénéfice». As súas experiencias neste traballo aparecen reflectidas no polémico *Mon père, je m'accuse d'être banquière; ou ce que votre banquière ne vous dira jamais* (éditions Disjoncteur, 1998). Na biografía de Cristina Rodríguez sorprende sobre todo a súa intensa actividade artística e o seu carácter polifacético. Ela mesma se define como unha «touche à tout» no dominio artístico. Abofé, pois amais de escritora é pintora, escultora, deseñadora, etc. En 1997 crea Fan Fiz, unha asociación cultural para axudar os autores máis novos e tamén os lectores cun espazo de seu na Internet, onde poidan publicar as súas obras, ler gratuitamente artigos e textos diversos, pedir consello, etc. Outra das súas actividades é a de guionista de banda deseñada. Véxase unha

especie de manga titulada *L'Elfe blanc* (Argaud Éditions, 1999) ou *Paradi'z* (Argaud Éditions, 1999). Froito do éxito, no ano 2000 crea cuns amigos Éditions Asgard, editorial de banda deseñada na que os profesionais non cobran e si os autores debutantes.

Así e todo, confesa que o que máis lle atrae é a escritura e, sobre todo, a novela histórica ambientada en Roma, na Idade Media ou na India mitolóxica. De inspiración clásica, é autora das seguintes novelas: *Les mémoires de Caligula* (Quebec, Éditions JCL, 2000), obra escrita en primeira persoa como memorias do emperador Caio César, para a que se documentou minuciosamente co fin de demostrar que Calígula estaba lonxe de ser un tolo e un depravado, como se viu retratado, por exemplo, en testemuños da época ou máis recentemente no cine. Na mesma liña de inspiración clásica escribiu *Moi, Sporus, prêtre et putain* (éditions Calmann-Lévy, 2001), agora sobre a época de Nerón, e *Le César aux pieds nus* (éditions Flammarion, 2002), escrita en colaboración co historiador italiano Domenico Carro, na que volve retomar o personaxe de Calígula. Na mesma editorial publicou con posterioridade *Thya de Sparte*, na que despraza o lugar da súa historia ata a Esparta clásica para contar a historia de Thya, moza espartana que, seguindo un soldado, participará na guerra das Termópilas.

Por outra parte, dous títulos teñen a India como pano de fondo: *Rakshasa*, escrito en colaboración con Ariane Lauriot, novela que narra as aventuras dun enxeñeiro francés que traballa para un príncipe hindú, e *La Renaissance de l'Indra* (éditions Fanfic, 1998), adaptación dos textos míticos hindús, dos Vedas. Tamén a Idade Media e a época dos templarios lle serviu de inspiración para a novela *Le moine et l'idiot*.

Amais destas obras de tema histórico, C. Rodríguez publicou en 1999, co pseudónimo de Claude Neix, en Éditions Gaies et lesbiennes, *Un ange est tombé*. Como indica H. Harguindey, é unha «novela rosa na que un home mesturado en negocios mafiosos descobre de súpeto o seu namoramento dun mozo homosexual». É a primeira novela en que C. Rodríguez sitúa a acción en Galicia e na que mesmo os personaxes teñen nomes galegos —Xulio e Xoán—, tamén aparecen algunhas expresións galegas. Por último, e relacionado coa pirataría informática, publicou baixo o pseudónimo de Tina Kent: *Access denied* (éditions Flammarion, 2002).

#### 4.5. *Cesáreo González Carballido* (Lugo, 1971)

Para rematar con este percorrido pola produción da colonia emigrante en París, cremos que temos que empezar a contemplar os novos emigrantes que

chegan a París nunhas condicións e cunhas perspectivas totalmente diferentes. Este podería ser o caso de Cesáreo G. Carballido (Lugo, 1971), que escribiu os seus libros de poesía —*Sede auga* (Xerais, 2000) e *Pequeno sol satélite* (Noitarenga, 2001)— desde unha pequena vila das aforas da capital, onde está instalado, malia que publica en editoriais de Galicia.



# RECENSIONES





## CATRO HISTORIAS DE EMIGRANTES

*Manuel Losa*

*Vigo, Editorial Galaxia, 2009, 210 páxinas*

A emigración galega a América é unha historia colectiva, unha suma de pequenas historias. Algunhas desas memorias de vida son coñecidas, ben polo éxito económico, ben polo importante labor cultural. Emporiso, a maioría desas experiencias individuais permanecen inéditas. No libro que imos comentar, *Catro historias de emigrantes*, xúntanse a un tempo a memoria dos emigrantes descoñecidos e a lembranza daqueles outros que tiveron unha repercusión pública. En calquera caso, o traballo de Manuel Losa descóbrenos, unha vez máis, a importancia da emigración na Galicia contemporánea. Para ben ou para mal, velaquí unha historia que tivo un protagonismo colectivo: os milleiros de galegos e galegas ciscados por América adiante.

O libro iníciase cunha introdución que ofrece un contexto xeral da emigración galega no Uruguai, ben coñecida polo autor ao ser el mesmo emigrante neste país. Manuel Losa Rocha (Santiago de Compostela, 1940) é autor dunha bibliografía centrada, basicamente, na súa experiencia como emigrante no Uruguai. Así podemos destacar os títulos *O vendedor de libros* e *Relato dun emigrante*, ambos os dous publicados en Montevideo en 2007. Losa é autor tamén dunha biografía de Xesús Canabal Fuentes, unha das principais figuras da colonia galega no Uruguai, editada co gallo do seu nomeamento como fillo predilecto do concello do Pino. Aínda que na súa introdución o autor pasa revista aos principais fitos da emigración galega na República Oriental, cómpre ter en conta que a perspectiva que se emprega é a do actor implicado, non

Recibido: 2-10-2009 Aceptado: 4-3-2010

a do investigador no tema. Afirmamos isto porque, ás veces, no texto nótase unha visión idealizadora do emigrante galego, así como demasiadas xeneralizacións. Ora ben, o afirmado non lle resta mérito á obra, pois o devalar destas vidas achega moita información susceptible de ser aproveitada polos investigadores da emigración galega no Uruguai.

As catro biografías que se nos presentan no volume poderíamos, pola súa vez, dividilas en dous bloques. Por un lado, consonte o que afirmabamos no primeiro parágrafo, as dúas primeiras responderían ás memorias de vida de dous emigrantes anónimos. Por outro lado, nas dúas restantes atoparíamos dous emigrantes cunha maior proxección social. Uns e outros tiveron unha relación persoal co autor do libro, feito que se demostra nos acasos e nas anécdotas que se nos relatan nestas biografías. Estamos, xa que logo, diante de memorias de vida elaboradas, máis que coa entrevista e a conversa cos protagonistas, coa referencia bibliográfica, feito que, sen dúbida, deixa notarse na frescura do relato.

As dúas primeiras biografías corresponden a Isidoro Manuel García García (Monfero, 1933) e a Eduardo Martínez Filgueira, *O Cañotas* (Noia, 1926). Ambos os dous personaxes poden situarse no pulo migratorio dos anos cincuenta. Tamén nos dous casos hai unhas situacións traumáticas que os motivaron a emigrar. No caso de Isidoro M. García foi o asasinato do pai, militante socialista e tamén antigo emigrante no Uruguai. As penurias da posguerra foron determinantes para que *O Cañotas* decidise seguir o camiño da emigración. A emigración de Isidoro M. García desenvolveuse por medio de vieiros legais, pois foi reclamado por un irmán que emigrara previamente. Eduardo Martínez, pola contra, entrou no Uruguai de xeito ilegal, tras pasar dous anos en Río de Xaneiro. A descrición das súas vidas na emigración segue un modelo prototípico, equiparable a moitos casos: traballo duro dende o máis baixo, asentamento e reclamo da familia que quedara en Galicia, integración na sociedade de acollida e participación en actos da colectividade galega. Porén, no caso do *Cañotas* hai un engadido: estamos diante do emigrante que toma consciencia de Galicia na emigración. En efecto, tal e como nos lembra Manuel Losa na súa introdución: «Moitos emigrantes galegos, do medio rural principalmente, comezaron a coñecer a súa terra a partir da chegada a América e a concorrencia ás bibliotecas, aos faladoiros e aos actos culturais das institucións» (p. 30). No caso de Eduardo Martínez, o compromiso coa terra natal concreouse na elaboración de imaxes en madeira —era carpinteiro de profesión— de Rosalía de Castro e Castelao, que repartiu entre as entidades galegas do Uruguai.

Os outros dous emigrantes con biografía no volume tiveron unha maior dimensión pública. Atopamos, en primeiro lugar, a Xosé Lage Sierra (Ortigueira, 1916), *Pepe Montoya* de alcume artístico. Non estivo exento este emigrante duns comezos traumáticos, motivados pola súa condición de fillo natural e a tormentosa relación cunha tía. Ora ben, a diferenza dos dous anteriores, *Pepe Montoya* só tivo no Uruguai traballos relacionados co eido da cultura. Así, foi durante moitos anos profesor de danza no Centro Galego e director do Ballet España desta institución. O seu traballo viuse recompensado co recoñecemento de varias entidades galegas de Montevideo.

Antón Crestar Faraldo (Miño, 1896 - Montevideo, 1983) é, sen dúbida, o máis coñecido dos emigrantes presentes neste libro. A súa historia como emigrante repártese entre o Uruguai, a onde emigrou entre 1910 e 1915, e os Estados Unidos, onde residiu entre 1916 e 1922. A partir deste último ano, Crestar, xa coa súa familia instalada en Montevideo, abandonou Norteamérica para se asentar definitivamente no Uruguai. A actividade social deste emigrante foi moi intensa, sobre todo nas dúas principais institucións galegas de Montevideo: o Centro Gallego e a Casa de Galicia, entidades das que foi membro das súas xuntas directivas. O labor cultural de Antón Crestar estendeuse tamén ao Banco de Galicia, onde colaborou estreitamente con Xesús Canabal. Mais Crestar desempeñou tamén un papel moi importante no movemento galeguista en Montevideo. Así, en 1934, participou na fundación da Irmandade Galeguista da capital uruguaia. Nesta mesma liña, debemos destacar tamén que tivo un importante protagonismo no apoio aos refuxiados republicanos tras a derrota na Guerra Civil. No desenvolvemento destas tarefas, Crestar relacionouse cos principais líderes do exilio galego, tales como Castelao ou Ramón Suárez Picallo. Como no caso de *Pepe Montoya*, o seu labor a prol de Galicia viuse recoñecido non só polas entidades galegas no Uruguai senón tamén polo seu concello natal.

Os emigrantes recollidos neste volume poden representar un paradigma bastante acaído do que foi a emigración galega, pois a carón daqueles emigrantes que viviron soamente para o seu traballo, temos aqueloutros que tiveron un destacado compromiso coa terra que os viu nacer. Uns e outros merecen ser lembrados e recoñecidos pois son protagonistas sobranceiros da Historia contemporánea de Galicia. A Historia de Galicia que se construíu lonxe da propia Galicia, aínda que para os emigrantes as distancias sempre foron relativas.

PRUDENCIO VIVEIRO MOGO



## **MIGRACIÓN DE RETORNO DESDE EUROPA: SU INCIDENCIA EN LA MODERNIZACIÓN DE LA REGIÓN DE MURCIA (1975-2005)**

*Juan B. Vilar, Josefa Gómez Fayrén, Pedro M.<sup>a</sup> Egea Bruno e M.<sup>a</sup> José Vilar  
Murcia, Ediciones de la Universidad de Murcia, 2008, 196 páxinas*

Dende os anos oitenta do século xx España converteuse nun país de inmigración, registrou un aumento considerable da entrada de persoas procedentes do estranxeiro, mentres que as saídas, que foran moito máis importantes tradicionalmente, caeron a valores baixos, facendo que o saldo migratorio sexa amplamente de signo positivo.

Este cambio de signo na mobilidade espacial da poboación (de país de emigración a país de inmigración), que caracteriza a España dos últimos vinte anos, deu orixe a unha ampla produción bibliográfica que estuda a nova situación. Pero, dentro destas investigacións centradas na inmigración procedente do exterior, atopamos un forte contraste entre as dedicadas á análise da poboación estranxeira, moito máis numerosas, e as centradas no estudo dos españois que retornan dos países aos que emigraran, xa sexa do continente americano ou do europeo, claramente minoritarias, o que está en consonancia coa evolución dos inmigrantes segundo a súa nacionalidade: en 1985 os estranxeiros só representaban o 30% do total de chegados do exterior, mentres que en 2008 constituían o 95%.

As últimas investigacións, as que analizan o regreso de emigrantes españois, corresponden ao libro que agora comentamos, *Migración de retorno desde Europa: su incidencia en la modernización de la región de Murcia*, que é resultado

Recibido: 7-10-2009 Aceptado: 4-3-2010

dun proxecto de investigación centrado no retorno de emigrantes europeos a España e a súa repercusión na comunidade autónoma de Murcia. A súa coordinación foi levada a cabo polo catedrático de Historia Contemporánea da Universidade murciana Juan B. Vilar e nel participaron outros tres profesores pertencentes ás áreas de coñecemento de Xeografía Humana (Josefa Gómez Fayrén) e Historia Contemporánea (Pedro M.<sup>a</sup> Egea Bruno e M.<sup>a</sup> José Vilar).

A obra, editada polo Servizo de Publicacións da Universidade de Murcia, está estruturada en seis capítulos, dos cales os dous primeiros teñen un carácter xeral ao centrarse en España, os tres seguintes refírense á rexión de Murcia e o último proporciona un repertorio bibliográfico sobre o retorno a España dende Europa.

Juan B. Vilar, co seu traballo «Retorno e retornados nas migracións españolas a Europa no século xx: o seu impacto sobre a modernización do país. Unha aproximación», leva a cabo unha interesante e necesaria precisión conceptual sobre o retorno, a súa dobre dimensión demográfica e económica e o tratamento destas cuestións na bibliografía existente.

Pola súa parte, Josefa Gómez Fayrén, catedrática de Xeografía Humana, presenta dous capítulos simétricos sobre as migracións de retorno a España e á comunidade autónoma de Murcia, deténdose nos problemas formulados polas fontes de información (diversas e con datos non sempre coincidentes), a evolución temporal do fluxo de retorno dende os anos oitenta, os lugares de orixe e destino e, por último, a caracterización sociodemográfica dos retornados.

Pedro M.<sup>a</sup> Egea Bruno, profesor titular de Historia Contemporánea, tamén achega dous capítulos, centrados, neste caso, na análise dalgunhas repercusións de tipo económico do retorno dos emigrantes murcianos a Europa. No primeiro deles estuda o impacto económico en xeral para o que, ante a escaseza de fontes dispoñibles para medilo, toma como referencia o volume do aforro xerado polos emigrantes, recorrendo á extrapolación dos valores nacionais e analizando a súa incidencia a través da renda familiar dispoñible per cápita. Na segunda das súas achegas, «Aproximación aos niveis de vida dos migrantes murcianos (1970-1975)», inténase nos cambios operados nos niveis de vida dos emigrantes retornados, comparándoos cos dos que non emigraron en temas como as condicións da vivenda, a adquisición de bens domésticos e de consumo, a cultura e o ocio.

Por último, M.<sup>a</sup> José Vilar, tamén profesora de Historia Contemporánea, achega un cumprido repertorio bibliográfico sobre o retorno español dende Europa no século xx, que resulta de suma utilidade para quen estiver interesado en estudar o retorno de emigrantes tanto a nivel xeral de España como das súas diferentes rexións.

En suma, trátase dunha obra de grande utilidade sobre un tema que, como dicíamos máis arriba, tivo menos atención nas investigacións científicas dedicadas ao estudo dos desprazamentos espaciais da poboación española, a pesar de que o retorno é unha parte do ciclo migratorio. Aínda que estea centrada basicamente na rexión de Murcia, moitas das súas repercusións demográficas, sociais ou económicas poden servir de marco comparativo na análise do retorno noutras comunidades autónomas en que a emigración a Europa no terceiro cuarto do século xx tamén foi importante.

JULIO HERNÁNDEZ BORGE





## Relación de autores deste volume

### ESMERALDA BROULLÓN ACUÑA

Antropológa e investigadora contratada do Centro de Ciencias Humanas y Sociales do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Madrid). A súa liña de investigación está centrada en estudos culturais sobre identidades e narrativas de fronteiras. Realizou diversas estadias en universidades estranxeiras e publicou monografías de temática migratoria, así como colaboracións colectivas sobre cultura visual, representación e narrativas migratorias hispanoamericanas en época contemporánea.

### MARCELINO IRIANNI

Doutor en Historia, docente da Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires (UNICEN) (Tandil). Investigador do Instituto de Estudios Histórico-Sociales (IEHS) e do Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas (CONICET). Nos últimos vinte anos presentou os seus avances na investigación en congresos nacionais e internacionais. Ditou numerosas conferencias e seminarios, ademais de publicar seis libros e unha trintena de artigos sobre inmigración vasca e temas de fronteira en revistas especializadas de España, Italia, México, EE UU e Arxentina.

### HERNÁN OTERO

Historiador, doutor en Demografía (École des Hautes Études en Sciences Sociales, –EHESS–, París) e investigador do CONICET no Instituto de Estudios Históricos y Sociales da UNICEN. Na actualidade traballa como director do *Anuario* do IEHS e como profesor asociado do Centre d'Études Nord-américaines da EHESS. Ensinou en universidades nacionais e estranxeiras e foi presidente da Asociación de Estudios de Población de la Argentina. É autor de numerosos artigos en revistas especializadas do país e do estranxeiro; entre os seus libros máis recentes están *Estadística y nación. Una historia conceptual del*

*pensamiento censal de la Argentina moderna, 1869-1914* (Buenos Aires, Prometeo, 2006) e *La guerra en la sangre. Los franco-argentinos ante la primera guerra mundial* (Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 2009).

LUIS ALBERTO ROMERO

Investigador principal do CONICET. Dirixe o Centro de Estudios de Historia Política na Escuela de Política y Gobierno da Universidad Nacional de San Martín. Foi profesor titular da Universidad de Buenos Aires entre 1984 e 2010. É autor dos libros *Breve historia contemporánea de la Argentina* (traducido para o inglés e para o portugués), *La crisis argentina. Una mirada al siglo PP*, *Sociedad democrática y política democrática en la Argentina* e *La Argentina en la escuela*.

## PROCESO DE ESCOLMA E AVALIACIÓN DE ORIXINAIS

*Estudos Migratorios* é unha revista destinada a ampliar e difundir o coñecemento científico no eido do estudo das migracións en perspectiva histórica, económica, sociolóxica, antropolóxica ou politolóxica, cunha especial atención ao ámbito galego. Tematicamente, abrangue todos os eidos das ciencias sociais e das humanidades, e vai dirixida a investigadores, historiadores profesionais, estudantes e todas aquelas persoas interesadas no coñecemento científico do fenómeno migratorio.

Os traballos presentados a *Estudos Migratorios* haberán ser orixinais e serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos alleos ao equipo editorial, seguindo criterios internacionais. Caso de os avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial —unha vez informado o autor— o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores.

*Estudos Migratorios* comprométese a dar conta aos autores da decisión de publicar ou non o seu traballo nun prazo máximo de catro meses.

En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

## NORMAS TÉCNICAS PARA PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

1. De cada traballo presentárase un documento informático en formato Word, RTF ou semellante. Este último recoméndase enviálo por correo electrónico aos enderezos:  
**aemigracion@consellodacultura.org**, coa mención expresa «artigo para EE. MM.». Tamén se pode enviar en CD, rotulando o nome do autor ou autores e o título completo do traballo.
2. Os traballos levarán o encabezamento como segue:  
— *título do artigo*: aliñación esquerda, maiúscula, negra.  
— *nome e apelidos do/a autor/a*: debaixo do título, aliñación esquerda, minúscula, cursiva.
3. Os traballos poderanse redixir e enviar en galego, portugués, español ou, de xeito excepcional, calquera outra lingua académica de uso internacional.
4. As citas textuais —citas dentro do texto principal— que non sobarden as tres liñas deberán ir entre comiñas dobres, co mesmo tipo de letra e sen cursiva. Incluirán o apelido do autor, o ano e o número da páxina; a referencia completa reservarase para a bibliografía.  
Exemplos: a) (Ferreira 1989: 47); b) (Ferreira, 1989, p. 47).  
Canto ás citas máis longas, poñeranse en parágrafo á parte con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. Unha cita dentro doutra cita marcarase con comiñas simples.
5. As notas do texto principal estarán numeradas de xeito correlativo. Non se incluírán aquí as notas ou aclaracións de táboas, cadros ou ilustracións.  
De seguir signo de puntuación ao número de chamada a nota, o signo de puntuación irá antes do número da chamada e nunca despois. Ex.: Compostela.<sup>1</sup> e non Compostela<sup>1</sup>.

6. As referencias bibliográficas faranse seguindo un destes modelos (segundo se trate de *libros*, *capítulos de libro* ou *artigos de revista*). Exemplos:

DEVOTO, F.: *Historia de la inmigración en la Argentina*, Bos Aires, Sudamericana, 1948.

WALASZEK, A.: «Mass Migrations: Their Economic, Political and Cultural Implications», *Przegląd Polonijny*, XXXI:1 (2005), pp. 7-16.

MOYA, J. C.: «Los gallegos en Buenos Aires durante el siglo XIX: Inmigración, adaptación ocupacional e imaginario sexual», en X. M. NÚÑEZ SEIXAS (ed.), *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*, Bos Aires, Biblos, 2001, pp. 69-85.

7. Táboas / cadros

De ser posible, realizaranse utilizando o comando específico de «edición de táboas». Tamén se poderán realizar inserindo unha soa tabulación entre as columnas (tecla tab), recoméndase non separar as columnas coa barra espazadora.

As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numeradas correlativamente (Táboa 1, Táboa 2, etc.); 2) levarán un encabezamento conciso, e 3) ao pé poderán ir notas aclaratorias, que nunca se combinarán coas notas do texto principal; tamén se poden incluír as fontes de elaboración.

Farase referencia das táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).

8. Gráficos

Presentaranse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Tamén se poden presentar nun arquivo informático de calquera folla de cálculo (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase presentar na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2, etc.).

9. Fotografías, ilustracións, mapas, planos:

Poderán presentarse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos recoméndase cumprir os seguintes parámetros:

— O formato da revista ten as seguintes medidas: 170x240 mm. Calquera arquivo informático de material gráfico terá en conta estas dimensións, é dicir, o tamaño do arquivo terá unha altura mínima de 240 mm ou ancho de 150 mm. A resolución, que se mide en puntos por polgada (ppp) –en inglés ppi–, variará en función do tipo de material:

- *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en «modo liña» ou «mapa de bits» (non se recomenda o modo «escala de grises»); a resolución será de 1200 ppp.
- *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.

— *Formato de arquivo*. Recoméndanse os seguintes, por orde: **.TIFF, .EPS, .JPG**.

— Irán numeradas de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2, etc.) con números arábigos.

10. Os autores corruxirán as primeiras probas. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten a maqueta da publicación.